



FACULTADE DE FILOLOXÍA

TESE DOUTORAL

**IDEAS SOBRE O GALEGO E AS
ORIXES DO PORTUGUÉS NA LINGÜÍSTICA
LUSA DO SÉCULO XIX. XÉNESE E IMPACTO
EN GALICIA DA HIPÓTESE CELTISTA**

BEATRIZ GARCÍA TURNES

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

Ideas sobre o galego e as orixes do portugués na lingüística lusa do século XIX

Xénese e impacto en Galicia da hipótese celtista

TESE DE DOUTORAMENTO PRESENTADA POR

Beatriz García Turnes

Director: profesor doutor Xosé Henrique Monteagudo Romero

Visto e prace:

Santiago de Compostela, 2008

Índice

Agradecementos.....	9
Introdución.....	13
Historiografía lingüística, sociolingüística, ideolingüística.....	18
A lingua como construto ideolóxico.....	26
Capítulo 1. O celtismo lingüístico en Portugal.....	33
1.1. Primeiras noticias do celtismo lingüístico portugués.....	38
1.2. António Ribeiro dos Santos.....	50
1.2.1. Lingua primeira e xeral.....	51
1.2.2. Lingua resistente.....	56
1.2.3. Lingua base.....	63
1.3. A celtomanía a debate.....	67
1.3.1. Ideas compartidas.....	69
1.3.2. A resposta latinista.....	77
1.3.2.1. O inimigo na casa: a resposta anticeltista dende o mesmo paradigma precomparatista.....	77
1.3.2.2. Novos aires.....	94
1.4. A persistencia do celtismo.....	104
1.5. A influencia do celtismo portugués en Galicia.....	111
1.5.1. Os historiadores: J. Vereá e Aguiar e Manuel Murguía.....	111
1.5.2. A aparencia científica: A. G. Besada, M. Curros e E. Vázquez Senra....	127
Capítulo 2. Referencias directas ao galego.....	147
2.1. O galego na reflexión lingüística precientífica do século XIX en Portugal ...	147
2.1.1. De novo António Ribeiro dos Santos.....	147
2.1.1.1. Orixes comúns.....	147
2.1.1.2. O portuguez galliziano.....	149
2.1.1.3. Prenacionalismo lingüístico.....	152
2.1.2. As primeiras edicións dos cancioneros da Ajuda e da Vaticana.....	155
2.1.3. Francisco Adolfo Varnhagen.....	159
2.1.3.1. De Asturias a Brasil.....	160
2.1.3.2. A galegitude das Cantigas de Santa María.....	168
2.1.4. Alexandre Herculano.....	176

2.2. O galego na reflexión lingüística portuguesa tras a introdución do novo paradigma.....	181
2.2.1. Friedrich Diez e o dominio lingüístico portugués.....	182
2.2.1.1. Seis linguas románicas atraen a nosa atención	182
2.2.1.2. Criterios de adscrición	186
2.2.1.3. A redacción	192
2.2.2. Consideracións xerais sobre o novo paradigma na lingüística portuguesa	199
2.2.2.1. Lingua, lingüística, nación.....	200
2.2.2.2. O positivismo	205
2.2.2.3. O Curso Superior de Letras.....	210
2.2.3. Adolfo Coelho.....	214
2.2.4. José Leite de Vasconcellos	222
2.2.4.1. O interese polo galego	222
2.2.4.2. O co-dialecto galego	231
2.2.5. Carolina Michaëlis de Vasconcellos.....	252
2.2.5.1. O galego-português.....	254
2.2.5.2. Ortografía polémica	263
2.2.6. Teófilo Braga	268
2.2.6.1. Reintegracionismo iberista.....	268
2.2.6.2. Unidade e separación do portugués e do galego.....	278
2.2.7. Oliveira Martins	288
2.2.7.1. Historia de Portugal e da civilización ibérica	291
2.2.7.2. Cartas cruzadas	299
Conclusións.....	305
Bibliografía	321
Fontes primarias.....	321
Fontes secundarias	333
Referencias web	341

Agradecementos

Esta tese percorreu un longo camiño dende os días en que eu combinaba o estrés da precariedade laboral coa satisfacción de dedicarme a tempo completo á investigación no Departamento de Filoloxía Galega, onde fun bolseira; os días de compartir o meu esforzo con compañeiros que desmentiron sempre o tópico da insolidariedade reinante entre os candidatos a entrar no competitivo mundo da universidade. Así pois, é a eses compañeiros –María Álvarez de la Granja, Elisa Fernández Rei, Noemí Pazó, Xabier Campos...- a quen primeiro teño que citar entre os que me acompañaron na elaboración do traballo que se presenta aquí. Algúns deles, por sorte para a Universidade de Santiago de Compostela, acabaron conseguindo un posto de profesores na Facultade de Filoloxía; os demais emprendemos outro camiño e volvémonos encontrar no microcosmos do ensino medio.

Dende eses días ata hoxe, foron moitas as persoas que me apoiaron dun ou doutro xeito. Algunhas nin se lembrarán de min, mais eu sei canto lles debo a todas e cada unha. Entre elas, non podo deixar de mencionar as seguintes: os profesores Ivo Castro, Carmen Mejía e, dunha maneira especial, Ana Acuña guiáronme e facilitaron enormemente as miñas estadias de investigación en Lisboa e en Madrid. Á bibliotecaria da Nacional de Portugal, dona Manuela Vasconcelos, ás profesoras Isabel Leiría, Carme Bescansa e, de novo, Ana Acuña, débolles o envío e reprodución de libros e manuscritos que se encontraban en Portugal, Alemaña e Madrid, evitándome desprazamentos ou axudándome a localizar textos que non atopaba. A Matilde Cobas agradézolle as súas traducións do alemán, que nunca quixo cobrar. A José Antonio Martínez Lista, a súa axuda coa informática. Aos profesores H. J. Niederehe e E. Torres, así coma ao xa finado Raimundo García Domínguez (Borobó), a súa amable atención, que me permitiu resolver dúbidas e obter datos de interese.

Seguramente todos cantos rematamos unha tese doutoral temos unha longa lista de xente a quen lle agradecer a súa colaboración; pero, se cadra, esa axuda é máis decisiva cando un ten que compaxinar unha familia e mais unha ocupación laboral allea ao mundo da reflexión lingüística cun labor investigador que se converte no *hobby* do tempo libre que os dous primeiros apenas lle deixan. Por iso eu lle debo un

recoñecemento especial ao meu director de tese, Henrique Monteagudo, que sempre confiou nas miñas posibilidades para levar a bo porto un traballo tantas veces interrompido, que me animou sen agoniarme e, sobre todo, que no seu momento soubo aconsellarme que antepuxese a miña estabilidade e futuro laboral aos meus proxectos académicos, algo que no ofuscamento posterior a tres anos de dedicación exclusiva á tese doutoral non era tan doado de decidir como parece a posteriori. Por suposto, agradezo tamén os coñecementos e as discusións que compartiu comigo, sempre sen prása e demostrando o meirande interese. Os méritos que esta tese doutoral poida ter deben moito ás súas ideas e suxestións.

Ao meu home, Xosé, e ás miñas fillas, Ana e Beatriz, a quen o traballo que vén a continuación lles roubou durante anos parte do meu tempo, preséntollela coa feble esperanza de poder compensalos así dalgún xeito. Pero eles hanme desculpar e comprender se todo o que nestas páxinas poida haber de bo llo regalo a outras dúas persoas. É de xustiza recoñecer que nunca daría rematado esta tese sen o apoio decidido e o sacrificio persoal de meus pais, que, finalizada a súa xornada laboral, renunciaban ao descanso para dedicarse ás miñas nenas e permitirme a min, durante tantas tardes, sentar diante do ordenador coa tranquilidade de ter a familia ben atendida na miña ausencia. Semellante dedicación, semellante empeño, obrigáronme a acabar un traballo que probablemente lles custou a eles tantos esforzos coma a min mesma.

Introdución

O traballo de investigación que aquí comeza parte da memoria de licenciatura *O idioma galego entre 1875 e 1916. Situación social e consciencia idiomática* que defendín en setembro de 1998 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (García Turnes, 2004). Aquela memoria tiña tres partes: as dúas primeiras conformaban o que no título se denominaba “situación social”, xa que unha se dedicada aos usos orais do galego e outra estaba centrada nos usos escritos (cultivo e elaboración); a terceira ocupábase da consciencia idiomática. O tribunal que xulgaba o traballo percibiu claramente que esta última era a que se encontraba menos desenvolta, polo que decidín dedicar a miña tese a ampliála.

Xa que logo, o obxectivo inicial desta investigación era o de estudar a ideoloxía lingüística en Galicia durante o período da Restauración (1875-1916). Para iso, e seguindo a Monteagudo (1997:22), propoñíame abordar tres niveis de análise ou, mellor dito, tres estratos “ideolingüísticos” ou “niveis sociolóxicos” que responden a tres formas de coñecemento lingüístico.

O primeiro deles, moi difícil de penetrar nos estudos históricos como consecuencia da escaseza de testemuños escritos que o reflectan directamente, é o nivel do saber popular ou epilingüístico: “o complexo de opinións, crenzas, preconceptos, estereotipos tradicional e popularmente admitidos, de ‘senso común’, sobre a lingua ou as linguas en si mesmas e en relación coas identidades sociais, e as actitudes relacionadas con esta *percepción* da lingua” (Monteagudo, 1997: 22).

O segundo é o nivel da opinión pública, do “(re)coñecemento social” e do “(re)coñecemento oficial” dun idioma (Monteagudo, 1997: 22). Dado que na miña memoria de licenciatura xa me ocupara do recoñecemento oficial, pensaba centrarme no recoñecemento social, aínda que analizase as relacións entre o un e o outro. En todo caso, o máis interesante deste nivel é o conxunto de opinións, valoracións e actitudes cara á lingua demostradas polas clases máis cultas da sociedade.

O derradeiro dos niveis é o do estudo científico ou metalingüístico; é dicir, o das “doutrinas elaboradas nos ámbitos académicos, eruditos e especializados, e as actitudes relacionadas coa *validación* «científica»” (Monteagudo, 1997: 23). Foi este último o nivel polo que comecei a traballar, aínda que sempre coa consciencia de que as interferencias duns ámbitos noutros son frecuentes, tal e como recoñece o propio autor da clasificación, polo que non pode falarse de compartimentos estancos con fronteiras nidas entre os uns e os outros. Nas páxinas que seguen teremos ocasión de comprobar que isto é, efectivamente, así.

Dado o pobre estado dos estudos lingüísticos na Galicia da Restauración (cfr. Boullón Agrelo e Tato Plaza, 1991 e Monteagudo, 1995), en que todas as aproximacións ao idioma foron realizadas por afeccionados sen formación universitaria en materia de linguas e sen dedicación profesional a elas, parecía evidente que a influencia do nivel científico tiña que proceder de fóra, fundamentalmente de investigadores dos ámbitos castelán e portugués.

O coñecemento, cando menos superficial, que tiñan os galegos da Restauración do que se publicaba en Portugal en relación co seu idioma parecía evidente dende o momento en que foran chamados a formar parte da primeira Academia Galega, creada en 1906, tres ilustres persoeiros da lingua e da literatura do país veciño: Teófilo Braga, José Leite de Vasconcellos e Carolina Michaëlis. Por tanto, parecía importante investigar que pensaban os lingüistas do outro lado do Miño do idioma de Rosalía e da súa relación co portugués. Por parte, esta tarefa semellaba sinxela de abordar: unha primeira ollada, superficial, aos títulos publicados en Portugal no último terzo do século XIX revelaba unha escasa atención dos lingüistas do veciño país polo galego, xa que non había un só libro dedicado a esta lingua, aínda que si algúns artigos de J. Leite de Vasconcellos. Parecían confirmar esta afirmación os investigadores portugueses que recentemente se aproximaran ao tratamento que fixeran da lingua de Rosalía os seus compatriotas un século antes (cfr. Maia, 2002). Evidentemente, eu supoñía xa antes de empezar que atoparía referencias ao galego en textos relativos á orixe e á dialectoloxía do portugués, pero non sospeitaba, inicialmente, o interese que revelaron ter.

Por outra banda, entre os textos consultados para facer a miña memoria de licenciatura dera cun de M. Curros Enríquez en que se atribuían a dous autores portugueses para min ata daquela descoñecidos e que se ocuparan dun xeito máis ben marxinal da orixe da súa lingua, Nobre França e João Bonança, as ideas alí expresadas verbo das raíces celtas do galego. Iso levárame á convicción de que debía explorar o celtismo lingüístico en Portugal e estar, en todo caso, atenta a reflexións sobre o propio portugués, aínda en cuestións e en polémicas desenvoltas independentemente do idioma de Rosalía, xa que, ao establecérense as estreitas relacións xenéticas que unían ambas as variedades románicas, moitas das ideas atribuídas ao segundo eran doadamente transferibles ao primeiro.

Ademais, a influencia de Nobre França e de João Bonança, dous afeccionados á lingüística, nas ideas de M. Curros Enríquez revelaba claramente que, para algúns aspectos, eu tería que fixarme, non só no nivel do coñecemento científico, senón tamén no da opinión pública portuguesa. Isto ampliaba o meu campo de traballo, pois inicialmente pensara en acudir a Portugal unicamente para coñecer a perspectiva dos seus lingüistas.

Outro problema con que inicialmente non contaba foi o da carencia de estudos acerca da reflexión lingüística portuguesa inmediatamente anterior ao período que eu quería abordar, en parte, imaxino, como consecuencia de ser esta unha etapa que non adoita considerarse especialmente brillante na historia da lingüística lusa. Enténdese habitualmente que é o momento en que en Centroeuropa se implanta o paradigma histórico-comparatista, que supón a conversión da reflexión sobre a lingua en ciencia, mentres que Portugal segue apegado ás vellas formas da lingüística da idade moderna, o que non deixa de verse como mostra da decadencia política e do atraso cultural que vive neses momentos o país (a pesar de que o resto da Rumania, Francia incluída, se atopa na mesma situación). Mais para min este período era importante e a el tiña que acudir para explicar certos fenómenos ou ideas posteriores a 1875. Iso obrigoume a localizar e analizar directamente textos de autores portugueses dende os comezos do século XIX.

En definitiva, reunido todo o material que me cumpría para abordar a tarefa da influencia portuguesa no ideario lingüístico da Galicia da Restauración e revisadas as notas que fora tomando mentres o recollía, comprendín que estaba ante a materia prima, non dun breve capítulo da miña tese, senón da tese toda, e que debía cambiar o título e reformular os obxectivos do meu traballo de investigación.

Así pois, a tese que agora presento ten a finalidade de analizar a reflexión lingüística portuguesa do século XIX para descubrir as ideas verbo dos idiomas en xeral e verbo do galego e do portugués en particular que emanaron dende o ámbito científico e académico e que influíron na atmosfera de opinión ou intelectosfera (Koerner, 1989) que rodeou os galeguistas da Restauración, pero sempre tendo en conta o seguinte:

1. Non pode existir unha separación nidia entre o ámbito da reflexión académica e o da opinión pública mentres a lingüística non se establece como unha disciplina científica independente, dotada dun método específico e desenvolta por persoal especializado, institucionalizada mediante a reforma dos estudos universitarios e a creación de cátedras específicas, a publicación de revistas, etc. Ata ese momento, son eruditos que se ocupan da lingua de maneira máis ou menos ocasional os que presentan as súas opinións a outros persoeiros que integran a sociedade culta de Portugal.

2. Aínda no momento en que se establece a lingüística como disciplina diferenciada, o prestixio do ámbito científico facilita a adopción máis ou menos fiel e sempre simplificada das teorías nel producidas por parte de sectores máis amplos da poboación; en concreto, por parte dun sector socialmente tan relevante coma o das clases alfabetizadas e cultas, a burguesía intelectual que, a través de xornais, libros, conferencias, debates..., configura o que coñecemos como opinión pública (Casção/Vaquinhas, 1993: 445). Ao mesmo tempo, a opinión pública e mais o senso común sobre as linguas interfíren no discurso científico máis do que a maioría dos lingüistas do momento estaría seguramente disposto a recoñecer, pois os investigadores forman parte desa mesma burguesía culta e comparten en moitos aspectos a súa ideoloxía.

Concretando un pouco máis o contido deste traballo, vouno dividir en dúas grandes partes que coído que me permitirán abranguer con amplitude abonda a presenza do galego na lingüística portuguesa do século XIX. Centrarei o primeiro dos seguintes capítulos no celtismo lingüístico luso e a súa posible repercusión en Galicia. O segundo estará dedicado ás referencias directas ao galego que se poden atopar na reflexión feita arredor do portugués ao longo do século XIX.

En definitiva, esta vai ser unha tese de historiografía lingüística portuguesa, pero con dúas salvidades:

A primeira ten que ver co adxectivo *portuguesa*. Certamente, este traballo vaise ocupar das ideas sobre a lingua expresadas por eruditos e lingüistas portugueses ao fío das súas reflexións sobre o seu propio idioma, mais vai estar centrada unicamente naqueles puntos do seu pensamento que lle afectan á imaxe do galego. Isto xustifica a elección, tanto dos autores obxecto de análise, como das obras ou dos aspectos destas en que me vou centrar.

A segunda salvidade ten que ver co sintagma *historiografía lingüística*. Que esta pasase a ser unha tese de historiografía lingüística non significa que deixase de ser unha tese de sociolingüística. Esta segunda matización lévanos á concepción da historiografía lingüística de que se parte na presente investigación e que se inscribe nun esquema de análise para a sociolingüística histórica que foi sendo definido por Henrique Monteagudo en diversos traballos como os que se irán citando nas páxinas que restan desta introdución. Trátase, en todo caso, dunha cuestión con relevancia abonda como para dedicarlle una alínea á parte.

Historiografía lingüística, sociolingüística, ideolingüística

A sociolingüística é unha disciplina recente con antecedentes nas ramas da lingüística que estudan a variación da lingua (dialectoloxía e análise do cambio lingüístico en lingüística histórica). É precisamente este punto o que inicialmente busca explicar: os idiomas mudan constantemente, son sistemas complexos caracterizados pola variación interna, porque son obxectos históricos con base social. As comunidades humanas cambian e, se as linguas non o fixesen a canda elas, resultarían inservibles.


Esta primeira orientación da sociolingüística continuaba centrando a atención do investigador na forma da lingua, que era o aspecto desta en que se fixaban os estudos estruturalistas (Monteagudo, 1999a). Estes permitiran comprender que unha lingua non é unicamente un agregado de recursos verbais ao dispor dos falantes, senón que tal repertorio está dotado de regularidade interna: constitúe un sistema que se organiza conforme unha determinada estrutura. A cambio, tenderan a conceptualizar as linguas como entidades estáticas, por canto a sistematicidade preconizada só podía atoparse se se consideraba obxecto de análise o que Coseriu (1981) denominou *lingua funcional*: unha abstracción elaborada por razóns metodolóxicas e constituída por unha única variedade sincrónica, sintópica, sinstrática e sinfásica. O máis habitual foi que a lingua funcional estudada coincidise co estándar vixente no momento de realización da investigación (Baggioni, 1997). En todo caso, podían ser obxecto da atención do lingüista outras linguas funcionais, outras variedades, pero non tanto a variación en si, nin tampouco a lingua como diasistema (ou sistema de sistemas). E o que non é contemplado como obxecto de análise, aínda que se saiba que existe, perde importancia e, xa que logo, peso e presenza real. Retomarase este asunto na seguinte alínea desta introdución.

Como quedou dito, a sociolingüística e as disciplinas centradas no cambio lingüístico favoreceron unha consideración diferente das linguas, como entidades mutantes e de límites difusos. Unha segunda achega da sociolingüística con respecto á forma da lingua é poñer de relevo que esta pode ser obxecto dun traballo sociocultural que recibiu o nome de *elaboración* (Kloss, 1967). A *elaboración das linguas* consiste nun proceso de codificación ortográfica, de diversificación estilística e de modernización

terminolóxica que implica un progresivo arrequeamento e sofisticación dos seus recursos e constitúe un terreo privilexiado da intervención deliberada das sociedades sobre elas. A elaboración, que non é un aspecto central nunha investigación como a que aquí comeza, interesa neste traballo na medida en que condiciona a visión que as comunidades e os individuos teñen dunha lingua, ao tempo que, ao ir progresando, pode e adoita contribuír a modificala (Monteagudo, 1995).

Se a sociolingüística xustificara a variación interna da lingua no feito de non existir esta no baleiro, no de realizarse ao ser empregada en comunidades determinadas con necesidades concretas, tiña que rematar atendendo aos usos, ás funcións comunicativas que se lle pide que cumpra nunha formación social dada. Monteagudo (1999a) expón que, dun xeito análogo ás formas, os usos tamén constitúen un sistema estruturado en ámbitos ou *dominios* insitucionais (familia, escola, lugar de traballo, medios de comunicación de masas, etc.) e *xéneros comunicativos/tipos de texto* (literatura popular, literatura ‘cultura’, prosa non literaria, etc.). O rango das funcións e modalidades de uso dunha lingua está determinado fundamentalmente por factores de tipo social.

Máis recentemente, a sociolingüística empezou a explorar o terreo polo que transitará esta tese de doutoramento, o da consciencia (metalingüística); isto é, o significado social das linguas. Deste xeito, podemos representar así o seu radio de intereses e de acción:



Tal e como se dixo máis arriba, a historiografía lingüística consiste na análise dun dos tres estratos da consciencia metalingüística; é dicir, do significado socialmente atribuído ás linguas. Cando falamos de significado socialmente atribuído estamos facendo referencia, non a unha *lingua funcional*, senón ao que Coseriu (1981: 302) chamaría unha *lingua histórica* ou “lengua que se ha constituído historicamente como unidade ideal e identificada como tal por sus propios hablantes y por los hablantes de otras lenguas comunmente mediante un adjetivo «propio»; lengua *española*, lengua *italiana*, lengua *inglesa*, lengua *francesa*, etc.”. Isto ten que ver co feito de que os idiomas son percibidos, conceptualizados e avaliados pola comunidade que os emprega e por outras, aínda que as valoracións resultantes non sempre se expliquen por algún aspecto intrínseco a eles mesmos. Así vistas, as linguas son institucións sociais e, xa que logo, construtos ideolóxicos (Monteagudo, 1997).

Isto sucede porque as linguas non teñen como función única a comunicación referencial; non son só vehículos de transmisión de informacións, de significados externos a elas mesmas. Teñen unha función expresiva e unha función fática que as converte en “elementos fundamentais para a conformación de *identidades* persoais e colectivas (a distintos niveis) e para a construción de *comunidades* humanas” (Monteagudo, 1999a: 25). En consecuencia, o que acontece en realidade é que os procesos de percepción/conceptualización/valoración das linguas están inextricablemente unidos ás comunidades lingüísticas, ou mesmo á derradeira se refiren a estas aínda que aparentemente se ocupen daquelas.

Xa que logo, facer historiografía lingüística é entrar no terreo da elaboración social do coñecemento e, en consecuencia, da ideoloxía. Este é un termo tan debatido e complexo que non estará de máis deterse brevemente nel. Como mostra desa complexidade podemos indicar que Terry Eagleton (1994: 28-30) chega a identificar seis concepcións do termo *ideoloxía* que van dende o máis xeral (o proceso de produción de ideas, crenzas e valores na vida social) ata o máis concreto (crenzas falsas resultantes, non dos intereses dunha clase dominante, senón da estrutura material da sociedade no seu conxunto). O autor non considera esas seis nocións incompatibles entre si, senón parcialmente adecuadas dependendo do ámbito a que se refiran e o alcance que se lles dea. Delas, en especial daquelas que se sitúan no medio do continuum descrito por T. Eagleton, extraerei aquilo que semella máis relevante

para comprender a liña de traballo desta investigación, en que o concepto de *ideoloxía* interesa polas seguintes razóns:

- 1) Subliña as orixes sociais do pensamento e da consciencia, situando os procesos de produción de ideas, crenzas e valores na dimensión de posición social; isto é, como arraizados na experiencia ou nos intereses dunha posición social particular. Isto non significa que as nocións ideolóxicas sexan necesariamente falsas, pero si lles nega prioridade temporal ou independencia explicativa, poñéndoas en relación con outros aspectos da vida humana.

- 2) Permite salientar a relación existente entre os procesos de produción de significados e o poder social, contemplando aqueles na perspectiva da lexitimación ou promoción dos intereses confrontados de grupos rivais. O concepto de ideoloxía apunta cara á función que a actividade intelectual e a cultura xogan no mantemento, preservación ou posta en cuestión da dominación, isto é, nas loitas arredor do poder. En palabras de T. Eagleton (1994: 29), dende este punto de vista a ideoloxía constitúe “a discursive field in which self-promoting social powers conflict and collide over questions central to the reproduction of social power as a whole”. Esta dimensión da noción de ideoloxía conecta co concepto de *hexemonía*, coa idea de que o poder non consiste na pura imposición da autoridade dende o alto (coerción), senón que para manterse debe gañar tamén a complicidade de grupos e clases subordinados (consentimento ou consenso). Isto último non quere dicir que neste traballo se vaia entender que na ideoloxía só caben os intereses dos grupos dominantes. Tal e como xa se apuntou, estes poden ser desafiados polas ideoloxías emerxentes de grupos opostos ou resistentes. Facendo miñas unhas palabras de Ana Iglesias (2003: 17):

Nós falaremos tanto de ideoloxías dominantes como de resistencia ou contraideoloxías. Ademais, esta distinción permítenos dar conta do proceso mediante o cal unha ideoloxía que nace na oposición pode acabar converténdose nun sistema hexemónico, e viceversa, poñendo de relevo que esta característica das ideoloxías –que sirvan ben para sustentar un estado de cousas, ben para rebatelo-, non é inherente ás mesmas, senón cambiante ó longo do tempo.

Así pois, *ideoloxía* ten que ver, non tanto co proceso de coñecemento en por si e con sistemas puramente nocionais que resultarían deste, coma con procesos mixtos, cognitivos e avaliativos, e cos sistemas complexos de ideas, crenzas e valores que resultan destes. Cando aquí se fale de ideoloxía non será para referirse a un tipo de coñecemento contemplativo, especulativo e desinteresado; nin tampouco a unha serie de construcións intelectuais pechadas e coidadosamente estruturadas. Hase relacionar máis ben con formas de cognición afectivamente polarizada, mediatizada por intereses e mais por desexos ‘a-rationais’, da que poden resultar articulacións semióticas máis ou menos heteroxéneas, fragmentarias e internamente contraditorias.

A pesar do seu fragmentarismo e das contradicións internas intrínsecas a elas, as ideoloxías teñen unha función unificadora, canto procuran dotar de cohesión e de identidade os grupos sociais e, asemade, proxectar, impor esa cohesión, ao conxunto da sociedade. Así pois, o discurso ideolóxico é un discurso orientado cara á acción, persuasivo ou retórico máis ca descritivo e verídico, destinado á produción de certos efectos (principalmente asegurar, ou desafiar, a lexitimidade do poder establecido). Igualmente sucede coas ideoloxías lingüísticas, que forman un subsistema reducido e específico situado no interior do campo máis xenérico e comprensivo da *ideoloxía*: son complexos de coñecementos/valores/disposicións para a acción socialmente compartidos relativos ás linguas, dependentes dunha determinada posición social na súa xénese e/ou na súa formulación, relevantes para o mantemento ou o cambio das relacións de poder social e expresados e conformados por medio de discursos.

Daquela, cando falamos de *consciencia metalingüística* non nos estamos referindo exclusivamente a formas de coñecemento consciente (isto é, necesariamente concepcións explícitas e máis ou menos deliberadas) dos fenómenos lingüísticos, senón tamén a posicionamentos afectivos e valoracións verbo deles, e mesmo a disposicións para a actuación a través deles e sobre eles, que en realidade moitas veces son pre- ou in-conscientes. Nesa medida, hai que recoñecer que o termo consciencia resulta pouco satisfactorio. Esta é a razón pola que Henrique Monteagudo (1997) propuxo como alternativa *ideolingüística* para referirse ao estudo do que ata aquí se veu denominando *consciencia (meta)lingüística*. Tal e como se veu defendendo nesta introdución, o seu autor (Monteagudo, 1999a) considera que a ideolingüística pode entenderse como un terreo de estudos integrado na

sociolingüística ou, se se quere, fronteirizo entre esta e o estudo da ideoloxía (e/ou, empregando un termo máis amplo, a historia da cultura ou das ideas).

Os reparos que se lle acaban de poñer ao termo *consciencia* aplicado ás ideas lingüísticas son moi evidentes no nivel da percepción común, pero non resultan menos válidos para os da opinión pública e do estudo científico. En relación con isto, cómpre subliñar que non hai elaboración do coñecemento neutra, senón que esta sempre se acha mediatizada por diferentes actores sociais, nos que inflúen intereses materiais, e tamén non materiais (afeccións, gustos, puntos de vista...). Facer historiografía lingüística dende esta perspectiva supón, sen renunciar ao que viña sendo o seu centro de atención, ocuparse de algo máis ca das fontes e influencias nas ideas de tal ou cal autor: é tamén descubrir eses intereses, analizar que hai detrás da verdade sobre as linguas instituída dende os ámbitos e por persoas socialmente lexitimados para establecela (lingüistas, profesores, académicos...).

Nesta mesma liña coído que se encontran os intentos de K. Koerner (1989) por establecer unhas bases metodolóxicas para a historiografía lingüística. Este autor entende que facer a historia da disciplina require atender a aspectos intralingüísticos, pero tamén extralingüísticos, que podemos clasificar en dous grandes grupos:

- As achegas e os avances doutras ciencias, así como a súa vulgarización e contribución ao que chama *climate of opinion* e que antes se traduciu, seguindo a Monteagudo (1997), por *intelectosfera*; é dicir, á ideoloxía xeral (por contraposición a *especificamente lingüística*) imperante nun determinado momento histórico.
- Factores políticos e socioeconómicos e, en relación con eles, factores relativos á institucionalización da lingüística tales como a reforma dos estudos universitarios, o establecemento de cátedras e a posibilidade de dedicación profesional e exclusiva ás linguas, aspectos que, por exemplo, en Alemaña abriron o camiño á extensión dun paradigma, o histórico-comparatista, que de ningún modo se podería desenvolver sen estes apoios e que, de feito, tardou en estenderse a aqueles países que non contaban coa infraestrutura necesaria para

soportalo (cfr. Hültenschmidt, 2000). A institucionalización dunha disciplina consiste, xa que logo, no seu vencello cunha serie de institucións específicas, oficiais ou simplemente de carácter público e formal, que lle dan prestixio e lle proporcionan condicións de estabilidade e de desenvolvemento axeitadas.

Por dicir todo isto coas palabras do propio K. Koerner (1989: 55):

Disciplines do not operate in a vacuum but are dependent on a society that supports them and ideas (and, at times, ideologies) to sustain them. It goes without saying that the serious historian of linguistics would have to try to trace and to analyze these extra-linguistic factors.

Os dous aspectos sinalados por K. Koerner, que podemos englobar no contexto histórico, non son menos importantes á hora de analizar as ideas lingüísticas có marco textual en que se insire o discurso a través do que as coñecemos, e tamén a través do que se construíron. O dito marco inclúe, segundo Monteagudo (1999a), tanto o texto completo en que se localiza o fragmento discursivo que nos interesa (o que nos prevén contra o vicio de sacar as citas do contexto inmediato en que foron producidas), coma a secuencia de textos de autores diferentes en que se insire (*contexto discursivo* ou *diatexto*), moi particularmente cando este é polémico (*contexto argumentativo*). Frecuentemente, as ideas sobre a lingua xorden nun contorno amplo de crítica e de discusión e o significado dunha posición ante unha cuestión depende da controversia social no seo da cal se toma. Isto, unido ás contradicións internas intrínsecas á ideoloxía mesma, explica en moitos casos que un autor pareza defender unha idea e mais a contraria acerca dun asunto sen que haxa unha liña clara de evolución no seu pensamento. Hai que ter en conta tamén que os individuos non presentan unha única ideoloxía, senón varias, como consecuencia da súa pertenza a diversos grupos sociais (en función de parámetros diferentes como sexo, relixión, clase...). Como consecuencia, “os actores sociais manteñen lealdades ideolóxicas diferentes, que aparecerán mesturadas ou ben se activarán segundo o contexto, e que nalgún caso poden entrar en conflito” (Iglesias, 2003 19).

Se os individuos non presentan unha única ideoloxía, tampouco non sucede isto coas sociedades. Estas frecuentemente están atravesadas de tensións ideolingüísticas, de xeito que na realidade o que aparecen son diversos paradigmas científicos (ou

posicións diferentes dentro do mesmo paradigma), correntes de opinión e percepcións comúns interrelacionadas de xeito distinto (solapadas, parcial ou totalmente concorrentes, rivais) que responderán a distintos posicionamentos sociais, político-ideolóxicos e/ou culturais. Ben é certo que en cada momento e lugar adoita haber unha corrente dominante “que impregna de xeito decisivo o ‘senso común’, a ‘opinión culta’ e a ‘doutrina científica’ sobre a cuestión “ (Monteagudo, 1997: 23).

Momentos de especial tensión son aqueles en que unha corrente ideolingüística nova emerxe e combate por modificar radicalmente a configuración socio- e ideolingüística imperante. Por suposto, a loita por facerse presente e gañar terreo será máis esgrevia na medida en que as novidades que propón choquen máis frontalmente con asuncións previamente admitidas como ‘evidencia’ (e, por tanto, sen discusión imaxinable) polo conxunto da sociedade nos tres niveis que antes distinguimos. A chegada do paradigma histórico-comparatista á lingüística portuguesa e a corrente ideolingüística rexionalista-galeguista de finais do século XIX son, con todas as diferenzas existentes entre elas, dous exemplos deste mesmo fenómeno.

A lingua como construto ideolóxico

Nas páxinas precedentes falouse de distintas maneiras de entender o que é unha lingua (lingua=sistema, lingua=diasistema, lingua=construto histórico-ideolóxico), o que nos revela que este non é un concepto unívoco e apromático. De feito, as nocións de lingua (e doutros termos asociados a ela, como *dialecto*) non son comúns a todas as civilizacións nin se manteñen ao longo da historia da nosa propia cultura; é dicir, que “non son universais, senón culturalmente dependentes” (Monteagudo, 1999a: 29).

Daquela, semella necesario facer explícito que se entende por lingua antes de iniciar un traballo de investigación que teña relación con ela. E dado que este traballo se vai ocupar de ideas sobre unha, ou dúas, linguas, cómpre deterse un pouco neste asunto fundamental e clarificar o punto de vista de que se parte, marcado polas achegas da sociolingüística. Para iso, seguirei fundamentalmente a exposición de Monteagudo (1997), quen insiste en distinguir o plano científico-lingüístico do saber común á hora de definir o que é unha lingua. Empecemos polo primeiro:

O nacemento da lingüística, tal e como hoxe a entendemos, nos albores do século XIX condicionou a maneira de conceptuar, non só a disciplina en si, senón tamén o seu obxecto de estudo. Entre outras moitas cousas, houbo un esforzo de lexitimación daquela como ciencia independente e equiparable ás ciencias fortes do momento (fundamentalmente, á bioloxía) que obrigou, por unha banda, a cortar os fíos que a uniran no pasado a moitas outras disciplinas (históricas, filosóficas, pedagóxicas...) das que non se distinguía claramente; por outra, a adoptar un método empírico-indutivo característico das ciencias naturais. Para iso, non podía contemplarse a lingua máis ca dende unha perspectiva interna e illada do contexto socio-histórico en que se producía e se empregaba. Como consecuencia, as linguas non tardaron en presentarse ante os lingüistas como organismos que evolucionaban (nacían, reproducíanse, morrían, en paralelo ao que lles sucedía aos organismos vivos) cunha grande, cando non total, independencia do seu contorno. A partir da comparación entre elas, entre as súas características formais, podíanse reconstruír os distintos estadios da súa vida e o parentesco existente entre unhas e outras, que se representou mediante árbores xenealóxicas onde aparecen linguas fillas, linguas nais, etc. claramente

individualizadas, como entidades manifestamente distintas. Nas árbores da lingüística histórico-comparatista non había sitio para posibles fenómenos de converxencia ou de interinfluencia entre as entidades lingüísticas consideradas.

Non vou entrar agora noutras implicacións que ten esta maneira de conceptuar as linguas, implicacións que haberá ocasión de comentar nos capítulos centrais desta tese, dado que varios dos autores estudados representan a lingüística histórico-comparativa no Portugal do século XIX. Unicamente me interesa sinalar que o estruturalismo, herdeiro en boa medida da lingüística decimonónica, reforzou a idea de que as linguas, como estruturas sistemáticas que son, constitúen unidades discretas (con fronteiras claras entre elas) e internamente homoxéneas.

No cerne do concepto de lingua da lingüística estrutural atópase o presuposto, ás veces explícito e ás veces implícito, de que por debaixo do aparente multimorfismo en que *prima facie* se presentan, as linguas posúen un ‘núcleo’ común, unha entidade oculta de organismos que están estruturados de acordo con cadanseu sistema que á súa vez se conforma segundo un tipo específico.

(Monteagudo, 1997: 10)

Ben é certo, e vimos mostras diso unhas páxinas máis atrás, que os lingüistas estruturalistas máis lúcidos (Weinrich, 1954; Coseriu, 1981...) percibiron claramente que, en realidade, unha lingua non pode reducirse a un único sistema e que, en consecuencia, non cabe aspirar a facer unha descrición estrutural completa, unha descrición de toda ela, senón unicamente dunha *lingua funcional*. Desta liña de pensamento xorden conceptos sumamente interesantes como o propio *lingua funcional*, e tamén *continuum dialectal*, *variedade lingüística*, *diasistema* ou *lingua histórica*.

Unha *lingua histórica*, tal e como se definiu máis arriba, é un diasistema ou conxunto de sistemas lingüísticos, ás veces considerablemente diferentes, agrupados en base a criterios diversos entre os que a ascendencia común ou a semellanza estrutural non sempre son os (únicos) definatorios. Ben ao contrario, a miúdo entran a delimitala outros de natureza sociolingüística: así, na adscrición de determinados sistemas a unha mesma lingua histórica pesará decisivamente o teren unha variedade de referencia común, o falárense nos límites da mesma entidade político-territorial, o non contaren con tradicións literarias diferentes...

Daquela, unha lingua histórica non pode describirse estrutural e funcionalmente como sistema unitario, porque non o é. Isto significa, segundo Coseriu, que non debe ser obxecto de atención da chamada lingüística científica. No entanto, as linguas históricas existen, dado que este é o concepto máis correntemente utilizado e o que manexan habitualmente os non-especialistas, que adoitan distinguir uns idiomas doutros con envexable seguridade (aínda cando os seus veciños, tamén con moita seguridade, difiran nas súas distincións). O profesor Monteagudo (1997: 14) conclúe de todo isto que “as ‘linguas’ das que falan os/as filólogos/as comparatistas e/ou as/os lingüistas estruturalistas son algo distinto das ‘linguas’ tal e como son correntemente concibidas, e por esta vía, teremos que chegar á conclusión de que estas últimas son máis ben institucións sociais, e polo tanto, constructos ideolóxicos, ou se se prefire culturais (...) ¿Que outra cousa poderían ser unhas entidades que posúen unha unidade, como di Coseriu (...), meramente ‘ideal’ e que só se poden definir a través do ‘sentimento’ dos locutores?”.

Visto así, e dado que esta é unha tese de historiografía lingüística, que se ocupa do que pensan das linguas os especialistas, aquí non debería interesarnos o concepto de *lingua histórica*. Endebén, máis atrás díxose que este ía ser, precisamente, o obxecto da atención deste traballo, que nos iamos ocupar de ideas acerca dunha lingua histórica. Por unha banda, xa se adiantou que ata o asentamento da lingüística histórico-comparativa en Portugal, xa no último terzo do século XIX, non existen propiamente eses especialistas que manexan un concepto “científico” de lingua. Por outra, teremos ocasión de comprobar como a conclusión de Monteagudo é, como el ben soubo matizar, só parcialmente certa porque, na práctica, a lingua histórica está detrás de moitas afirmación e mesmo procedementos científicos (ex. segmentación do *continuum* dialectal románico para efectos de análise) dos lingüistas decimonónicos. Ademais, as conclusións do ámbito científico en canto á distinción de familias lingüísticas, dialectos, etc. inflúen na construción das linguas históricas porque acaban entrando a formar parte dos coñecementos e valoracións que manexa a opinión pública.

Achegarse á construción dunha lingua, contribuír a explicar por que nun determinado *continuum* se constituíron unha serie de idiomas considerados diferentes polas comunidades que os falan e polas veciñas, supón atender a aspectos que, non xa o

estruturalismo ou a lingüística histórico-comparada, senón a sociolingüística se resistiu moitas veces a explorar, tal e como denuncia Daniel Baggioni (1997: 9):

On peut regretter une autre tendance [da sociolingüística], qui néglige par trop les déterminations socio-historiques et l'histoire tout court, du fait peut-être de la rupture, déjà ancienne, avec la linguistique historico-comparative qui a dominé la linguistique européenne au XIX^e siècle et au début du XX^e, du fait aussi des censures idéologiques qu'elle s'impose, souvent à son issu. Liée au *language planning* (...) la sociolinguistique, qui s'intéresse à l'émergence des langues *standard*, court aussi le danger d'une approche technocratique des problèmes de politique linguistique ni des problèmes politiques tout court.

Máis en concreto, D. Baggioni lamenta que a sociolingüística evite considerar os procesos de emerxencia ou individualización das linguas nas súas relacións cos procesos históricos de construción do Estado-nación, a pesar de que ambos van en paralelo. Como mostra, refírese a dúas revolucións eco-lingüísticas, que fixeron emerxer linguas diferenciadas, producidas en Europa no último milenio:

A primeira, que ten o seu punto álxido no século XVI, afecta a linguas como o español, o portugués ou o inglés, que se liberan do xugo do latín para percorreren un camiño de cultivo e, sobre todo, fixación, de promoción cultural e institucional e mais de elaboración que as constitúe en linguas históricas diferenciadas dende moi cedo. Esta primeira revolución vai en paralelo co xurdimento de Estados modernos como o español e o portugués. Estes, a diferenza dos Estados feudais, son organizacións cunha estrutura centralizada, diferenciada e autónoma dende a que se exerce un poder que xa non se comparte con outras estruturas, teoricamente subordinadas e, na práctica, rivais.

A segunda revolución eco-lingüística de Europa, que leva á individualización de linguas sen previo cultivo ou cunha tradición interrompida (e á extensión e lexitimación dentro do Estado das que se individualizaran nas centurias precedentes), prodúcese no século XIX, cando “les États-nations, mobilisant plus activement les populations territorialisées (par la scolarisation en masse, la politisation, l'encadrement administratif), cherchent à homogénéiser linguistiquement l'espace national au moyen d'une langue commune, devenue de ce fait *langue nationale*” (Baggioni, 1997: 53). Neste proceso non terá un pequeno papel a lingüística como

ciencia lexitimadora da existencia real (e non unicamente conceptual) dunha lingua histórica e da necesidade da súa universalización dentro do territorio do Estado. Polo tanto, e sen descoidar a atención a outros factores do contexto histórico e cultural que rodea os lingüistas do século XIX en Portugal, será necesario ter en conta a interinfluencia entre a construción e a consolidación dun Estado nacional e a reflexión lingüística para levar a bo porto este traballo de investigación.

Capítulo 1. O celtismo lingüístico en Portugal

Un dos aspectos máis curiosos do pensamento galego no século XIX é, visto dende a perspectiva actual, o empeño dun importante sector do rexionalismo en defender as orixes celtas dos habitantes e mais do idioma do país. Foi Manuel Murguía, na súa *Historia de Galicia* (1901²) [primeira edición: 1865], quen máis páxinas dedicou a argumentar verbo deste aspecto, polo que non estrañará que o estudo da celtomanía se centrase na súa figura, que fose abordado fundamentalmente por historiadores, nin que se fixase sobre todo nas fontes historiográficas de tal mito. De feito, en opinión de H. Monteagudo (2004a), o triunfo do celtismo lingüístico en Galicia débese, máis ca ao atraso na difusión da nova filoloxía histórico-comparada (aínda que este era indubidable e tivo tamén a súa influencia) ao maior peso e adianto a que chegaran no país os estudos históricos.

Así, Ramón Máiz (1984) indicaba que M. Murguía, para a conformación da súa teoría sobre as orixes étnicas de Galicia, seguira os pasos, por unha banda, de historiadores románticos galegos como J. Vereá y Aguiar e, por outra, a de estranxeiros como Thierry. Este último, igual ca outros autores franceses de principios do século XIX, propuxérase contar a historia da raza celta do seu país tras identificala co terceiro estado e contrapoñela á raza dos francos, equiparada á súa vez coa nobreza. Nada máis atractivo, certamente, para un liberal convencido como M. Murguía, que cita directamente o autor francés como un dos modelos principais para a elaboración da súa propia obra (Murguía, 1901²) [1865].

Na liña dos traballos existentes ata o momento sobre o celtismo lingüístico decimonónico, na miña memoria de licenciatura (García Turnes, 2004) aceptaba eu que este derivaba do celtismo antropolóxico e histórico que os galegos tomaran fundamentalmente de autores franceses, os cales o empregaran como elemento de fundamentación nacional e, sobre todo a partir de mediados da centuria, levárano a confluír co mito racial ario (pois a raza celta era considerada unha rama da aria). É dicir, que os nosos intelectuais defendían que os primeiros poboadores de Galicia foran celtas e os galegos do seu tempo, como descendentes directos deles, tamén, porque todos os outros pobos que ao longo da historia se asentaran na nosa terra

foran, por así dicilo, visitantes accidentais que non deixaran pegadas significativas na configuración da nación. En consecuencia, os autores galegos víranse obrigados a manter que tampouco o idioma nacional se vira fondamente afectado, nin moito menos substituído, polas falas de estranxeiros (gregos, romanos, árabes, casteláns...) que, aínda que nos dominasen en aparencia, nunca puideran someter o espírito e a esencia do pobo orixinario.

Seguindo un interesante traballo de Poliakov (1971), na miña memoria de licenciatura eu propuxera tamén colocar na lingüística as orixes da teoría que os galegos tomaran dos historiadores franceses. Trataríase, xa que logo, dunha viaxe circular dende e cara á lingua: o celtismo tería a súa orixe no estudo das linguas, sería adaptado para explicar a historia patria e, de aí, readaptado para soste a especificidade lingüística da nación. Como? Moi resumidamente, podería expresarse así: todo comezou co descubrimento da familia lingüística indoeuropea e co xurdimento da glotoloxía¹, que se converteu axiña en ciencia humanística forte capaz de impoñer as súas conclusións a outras disciplinas menos asentadas, como a nacente antropoloxía. Por obra desta “tyrannie des linguistes” (Poliakov, 1971: 263), o que en realidade só era unha familia de linguas converteuse axiña en raza indoeuropea ou aria. A continuación os antropólogos subdividiron as razas fisiolóxicas distinguidas ata o momento -branca, negra...- no que Poliakov (1971: 230) chama razas históricas: os antigos pobos europeos (celtas, saxóns...), que pasaron a ser entendidos como subdivisións da raza aria baseadas na fisioloxía.

O camiño de volta dende a raza á lingua non é difícil de facer, sobre todo coa axuda da ideoloxía positivista e da asimilación do darwinismo que esta trae consigo (cfr. alínea 2.2.2.2.): as diferenzas biolóxicas entre os humanos xeran razas como a celta, a xermana... que crean cadansúa cultura (folclore, relixión, literatura, lingua...) de acordo coas potencialidades que cada unha leva inscritas no sangue. Así pois, lingua e raza vólvense presentar como inseparables. Aínda que a M. Murguía seguramente non lle resultaría difícil dar este paso por si mesmo e fusionar unha e outra tal e como se

¹ A palabra *glotoloxía*, acuñada por G. I. Ascoli para referirse á historia comparada das linguas clásicas, emprégase neste traballo tal e como a usaron algún lingüistas portugueses do século XIX (cfr. Coelho, s.d. [1881] e Vasconcellos, s.d. [1893]); é dicir, para referirse en xeral ao estudo das linguas dende o paradigma histórico-comparatista, considerado polos mesmos autores o único científico, e en oposición á reflexión lingüística previa.

estaba facendo no resto de Europa, o certo é que adoita sinalarse como fonte para o traspaso do celtismo ao ámbito lingüístico na obra deste historiador outro francés a quen o galego cita e eloxia directamente: B. A. Granier de Cassagnac (cfr. Máiz, 1984).

Aínda que coído que a teoría exposta na miña memoria de licenciatura segue sendo aceptable, por canto os factores sinalados efectivamente contribuíron á formación dos mitos racial e lingüístico celtas, faltaban nela algúns elementos que deben ser tomados en consideración. Para empezar, as xenealoxías celtas e xermanas para os distintos pobos europeos teñen unha longa tradición que se remonta á idade media (Juaristi, 2000). Por outra banda, o libro de B. A. Granier de Cassagnac *Antiquité des patois, antériorité de la langue française sur le latin* [1859], sen deixar de formar parte das correntes de pensamento sinaladas por Poliakov e de estar impregnado da ideoloxía da época, atopa os seus antecedentes máis directos en obras publicadas fundamentalmente durante os séculos XVII e XVIII –antes, por tanto, do descubrimento da familia lingüística indoeuropea– e, tal e como sinalou Henrique Monteagudo (2000a: 199), inscríbese nunha tradición de reflexión lingüística que viña percorrendo o Vello Continente dende os comezos da idade moderna.

A teoría tradicional, segundo a cal os romances procedían do latín, viña sendo posta en cuestión desde os mediados do século XVI, cando, impulsados por unha nacente consciencia protonacional, distintos eruditos en varios países comezaran a postular candansúa orixe particular, non latina, para aqueles (o etrusco para o italiano, o grego ou o celta para o francés, etc.).

Nesta liña, Ramón Sarmiento. (1992) refírese a xeracións de eruditos que, a partir do renacemento, buscaron o recoñecemento internacional do castelán con innumerables obras que defendían algunha das seguintes teses (aquí interésannos as dúas últimas):

1. A lingua vulgar provén dunha corrupción do latín e, en consecuencia, mantén a nobreza desa lingua.
2. O castelán é moi antigo, tanto que se falaba xa en Babel (ou mesmo no Paraíso).
3. O castelán non deriva do latín, senón que é este último o que deriva do castelán.

De feito, na España do século XVII xurdiu unha polémica sobre a orixe do castelán, da que dá conta H. Monteagudo (1999a) na súa *Historia social da lingua galega*, en que atopamos moitos dos argumentos e incluso dos presupostos que formarían parte da discusión decimonónica arredor das orixes do portugués. A controversia ten os seus antecedentes no século XVI, cando eruditos de orixe vasca sosteñen que o éuscaro foi a lingua primitiva e única da Hispania, anterior á chegada do latín. Será o licenciado Gregorio López Madera, letrado de alta categoría ao servizo do rei, quen a comezos do século seguinte lle dea un xiro á cuestión ao sosteñer que ese idioma primitivo e común fora o castelán, o que implicaba tamén que o latín pasara sen deixar a súa impronta na Península. Madera admite que a lingua dos césares se usou como idioma oficial e, xa que logo, que durante o dominio romano reduciu os ámbitos de uso do castelán, mais sen chegar nunca a desprazalo como lingua de comunicación habitual.

Á postura de Gregorio López Madera opúxose en 1606 Bernardo de Aldrete coa súa obra *Del origen y principio de la lengua castellana ò romance que oy se usa en España*. Mais, a pesar da erudición e lóxica desta refutación, a teoría de Madera atopou eco nos protonacionalistas ambientes letrados da España do momento. Entre os seus moitos seguidores, H. Monteagudo (1999a) sinala a Gonzalo Correas e a Felipe de la Gándara, cronista do rei para León e Galicia, quen explicou na súa obra de 1678 titulada *El cisne occidental* que a lingua española antiga era distinta do latín, aínda que moi semellante a el, e que estaba caracterizada por unha división dialectal que, acentuada coas mesturas doutros idiomas achegados por conquistadores diversos, daría orixe a linguas diferentes. Así, o castelán caracterizaríase (fronte ao galego, ao portugués e ao asturiano, por exemplo), por ser continuación dese idioma primitivo sen mesturarse con ningún outro.

Recapitulando, pode haber outros camiños diferentes da historiografía para a entrada das ideas celtistas en Galicia. O mesmo H. Monteagudo distingue entre tres tipos de influencias –historiográfica, literaria e lingüística– que tiveron vías de chegada diferentes. O celtismo historiográfico viría directa e preferentemente vía Francia, o celtismo literario vía Illas Británicas e o celtismo lingüístico ao que agora me refiro, tamén de orixe francesa, seguramente vería favorecida a súa chegada pola boa acollida que tivera en autores portugueses que defendían as orixes non latinas dun idioma que, como pouco, as compartía co galego.

De feito, M. Murguía cita na súa *Historia de Galicia* (1901²), a carón de Granier de Cassagnac, o portugués Francisco de S. Luiz, aínda que só autores como V. Risco (1976) e, máis recentemente, o citado H. Monteagudo (2000a), chamaron a atención sobre este punto. E iso que nin sequera é el o único galeguista do século XIX que recorre a Portugal para buscar as súas fontes. Xa na introdución desta tese de doutoramento sinalei que M. Curros Enríquez, no seu libro *Eduardo Chao. Estudo biográfico-político* (1914²) [primeira edición, 1893], afirmara basear a súa teoría acerca das orixes celtas do galego (que explicarei máis adiante) nas de Nobre França, quen, á súa vez, as tomara da obra de João Bonança *A Philologia perante a Historia*. M. Murguía tamén fixo referencia nas súas obras a autores portugueses como J. Leite de Vasconcellos (sempre citando os seus estudos etnográficos, non os lingüísticos), T. Braga e mesmo A. Coelho, que recoñecera a orixe celta de diversos topónimos lusos. Tamén cómpre sinalar a A. Herculano que, como veremos, participou activamente nas polémicas arredor da cuestión das orixes da lingua nacional que se desenvolveron en Portugal durante o século XIX. Teñamos en conta que M. Murguía o sitúa a carón de Thierry como modelo fundamental da súa *Historia*, aínda que xa se pode adiantar que o insigne historiador luso non admitía a celticidade do seu idioma.

Foi, xa que logo, Portugal, a vía de introdución do celtismo lingüístico en Galicia? Para responder esta pregunta cómpre, antes de nada, facer un percorrido polo celtismo lingüístico portugués e pola polémica que enfrontou os seus defensores cos seus detractores, entre os que se encontran os paladíns do paradigma científico histórico-comparatista introducido en Portugal por Adolfo Coelho.

1.1. Primeiras noticias do celtismo lingüístico portugués

Adolfo Coelho (1868) atribúelle a A. Ribeiro dos Santos² a responsabilidade de introducir no seu país a hipótese da orixe celta do portugués, ata daquela considerado corrupción do latín. Segundo o mesmo autor, A. Ribeiro dos Santos non estaría sendo innovador, senón que seguiría a liña de eruditos europeos da idade moderna –A. Coelho, sen individualizar, denomínoas “eschola céltica”; J. Leite (Vasconcellos, 1929a) cita autores como G. Girard e N. Beauzée- que consideraron o idioma dos bardos como antecesor de todas ou case todas as linguas, incluídas as romances. Vasconcellos (1929a: 872-873) acerta ao indicar que esta teoría se relaciona con outra “mais geral, segundo a qual cada povo quería que a sua língua fôsse uma representante directa, já da língua de Noé, já até, como se a primeira hipótese não bastasse, da de Adão!”. Décadas antes, Francisco de San Luiz citara como únicos autores celtistas de toda a tradición portuguesa a A. Ribeiro dos Santos e ao seu discípulo (vid. máis abaixo) João Pedro Ribeiro.

En efecto, as fontes de A. Ribeiro dos Santos son moitas, pero non hai entre elas obras portuguesas. Portugal, a diferenza doutros países como Francia, mantivérase ata ese momento fiel á hipótese renacentista que vía no legado de Roma as orixes do seu idioma patrio (Droixhe, 1978).

² Natural de Massarelos, Porto, onde naceu en 1745, António Ribeiro dos Santos foi educado polos xesuítas no Brasil e, posteriormente, estudou dereito canónico na Universidade de Coimbra. Permanecería moito tempo ligado a esta institución, da que foi profesor e, dende 1777 ata 1796, bibliotecario. Neste último ano foi nomeado para dirixir a Real Biblioteca Pública da Corte, actual Biblioteca Nacional de Portugal, acabada de crear. Foi, xa que logo, o seu primeiro *bibliotecário-mor*. Igual que fixera en Coimbra, na Biblioteca Nacional puxo especial empeño en establecer os medios para o enriquecemento e actualización permanente dos seus fondos.

Foi tamén cronista da casa de Bragança, censor rexio e, dende 1779, membro da Academia Real das Ciências de Lisboa, para a que escribiu memorias sobre literatura hebraica, orixes da tipografía en Portugal, historia das matemáticas, lingua e poesía portuguesa...

Home de ampla cultura, mostrouse aberto á modernidade no contexto da Europa das Luces. En canto ao seu pensamento político, relevante por canto participou na Junta de Revisão e Censura do novo Código de Dereito Público de Portugal, declarouse partidario, fronte aos absolutistas, do establecemento de leis fundamentais que limitasen o poder rexio e mais da convocatoria de cortes (s.a., s.d.b).

En obras de consulta xeral non adoita destacarse o seu papel na historia da literatura como redescubridor e difundidor do Cancioneiro da Ajuda (ao que se atenderá no segundo capítulo desta tese), nin na elaboración da hipótese sobre as orixes celtas do portugués. Porén, son estas facetas as que máis interesan neste traballo.

Podemos dividir esas fontes de A. Ribeiro dos Santos en dous grandes grupos: a dos autores de dicionarios, glosarios e gramáticas de linguas celtas vivas como o bretón ou o gaélico (ex. *Diccionario da lingua bretona* de Pelletier) e a dos eruditos que reflexionaron sobre a orixe e historia das linguas, entre os que destacan autores como G. W. Leibniz, M. Z. Boxhorn, S. Bochart, P. Y. Pezron, J. B. Bullet, ou A. Court de Gebelin, ademais dos citados G. Girard e N. Beauzée.

Concretando un pouco máis, A. Coelho dirixe as nosas olladas cara á obra concreta de A. Ribeiro dos Santos que considera punto de partida do celtismo portugués: “Das orixens e progressos da poesía portugueza”, que se recolleu nas *Memorias de Litteratura Portugueza publicadas pela Academia Real das Sciencias de Lisboa*.

Debo aclarar que, nas *Memorias* dadas ao prelo pola Academia (Santos, s.d.) [1814], só hai referencias marxinais ao tema do celtismo, o que en principio me fixo pensar que non estaba consultando o artigo adecuado, que A. Coelho tiña que estar referíndose a outro en que se aludise ao tema dun xeito máis directo. As sospeitas aumentaron ao atopar un manuscrito que se garda, agrupado con outros baixo o título xenérico de *Obras de Ribeiro dos Santos*, na Biblioteca Nacional de Lisboa. O dito manuscrito, “Memorias para a historia das orixens e progressos da lingua portugueza” (Santos, inédito a), constitúe un extenso e detallado plan da obra que máis tarde publicaría (total ou parcialmente) a Real Academia das Ciéncias de Lisboa. No dito plan divídese a memoria en dúas partes: unha primeira en que o autor pretende tratar das “orixens; e matrizes da nossa Lingoa e com ella a de todas as outras Lingoas actuaes da Espanha” e unha segunda parte que se ocuparía dos “progressos que ella fez desde os primeiros tempos da Monarquia até a nossa idade” (Santos, inédito a: 272). O texto impreso das *Memorias* ao que eu chegara guiada pola referencia de A. Coelho parecía coincidir coa segunda parte do proxecto. Faltaba, xa que logo, a primeira. Publicárase?

Inicialmente pensei que si, dado que, como quedou dito, as escasas referencias ao celtismo lingüístico do artigo das *Memorias* publicadas en 1814 (apenas un par de notas a rodapé) me fixeron dubidar de que fose ese realmente o texto a que A. Coelho se estaba referindo. Hoxe coido que o artigo correspondente ás orixes da lingua non chegou a darse ao prelo e que A. Coelho cita como única publicación celtista de A.

Ribeiro dos Santos a que eu consultei impresa, coincidente co que no manuscrito se proxectaba como segunda parte. Lévanme a esa conclusión tres feitos:

- O primeiro é o de que F. de San Luiz, celtista convencido que tivo contacto persoal con A. Ribeiro dos Santos, reproduce unicamente unha cita do autor que nos ocupa e esta é unha nota a rodapé do artigo impreso xa mencionado. Se a primeira parte, que se ía centrar con máis extensión, claridade e profundidade no tema, estivese publicada, non sería o lugar lóxico onde buscar citas de autoridade?

- O segundo é que as páxinas en que, segundo A. Coelho, o tomo VIII das *Memorias* da Academia reproduce as opinións celtistas de A. Ribeiro dos Santos coinciden coas da cita de S. Luiz.

- O terceiro, que o pai da moderna lingüística portuguesa indica que na mesma obra se dá como punto de partida da poesía portuguesa aos turdetanos, algo que A. Ribeiro dos Santos fai no artigo que eu consultei, dedicado aos progresos literarios da lingua.

Xa que logo, sería realmente a esas referencias marxinais ás que nos remite directamente A. Coelho, e non a unha primeira parte da obra de A. Ribeiro dos Santos máis centrada nas orixes que quizais nunca chegou a darse ao prelo. En todo caso, é evidente que o pai da moderna lingüística portuguesa tamén coñece manuscritos de A. Ribeiro dos Santos, pois cita e comenta directamente varios deles.

Chegada a esta conclusión, o texto en que A. Coelho se refire a este asunto vólvese transparente, pois incluso di que A. Ribeiro dos Santos se limita a expoñer brevemente a súa opinión sen pararse a fundamentala, cousa que se cumpre no artigo publicado e que de ningún xeito podería facer nun texto dedicado exclusivamente ás orixes do portugués (Coelho, 1868: XIV-XV):

Nenhum d'esses eruditos chegou a publicar os principios em que fundamentavam a sua opinião, apesar de haver dissidentes d'esta entre os seus proprios collegas da academia; e o proprio Ribeiro dos Santos se limitou simplesmente a exprimir-a numa memoria *Das origens e progressos da poesia portugueza* (Mem. De litt. Port. t. VIII, p. 233 e sqq. – 1814), em que, fiel ao seu systema, vai escutar os primeiros vagidos da nossa poesia entre os turdetanos. Os

seus manuscriptos philogicos conservados fielmente na Bibliotheca Nacional de Lisboa não nos dizem como elle pretendia demonstrar a intrincada these: é tudo nelles fragmentado, desconnexo como obra d'um espirito incapaz de chegar á synthese

A crítica que a partir de aí fai A. Coelho dos métodos e teorías lingüísticas de A. Ribeiro dos Santos non se basea no texto publicado, senón nos manuscritos.

O que é indiscutible é que as ideas expresadas polo iniciador do celtismo portugués neses seus manuscritos foron difundidas e debatidas na época e durante todo o século XIX, como mostran as continuas referencias directas ou indirectas e a dependencia delas que presentan outros textos daqueles anos. Nun *Opúsculo* atribuído aos dous socios do Conservatorio de Lisboa Francisco Martins de Andrade e João Nepomuceno de Seixas en que tamén se defende a orixe celta do portugués, parece insistirse en que, aínda que só se publicou un texto de A. Ribeiro dos Santos sobre este asunto, varias das súas memorias foron lidas en diversas sesións da Academia das Ciências de Lisboa e difundidas por esta vía (s.a., 1844: XX):

O Sr. Antonio Ribeiro dos Santos, subjeitou a sua opinião ao exame da mais severa critica, e nas varias memorias que, em diferentes sessões, leo na academia, demostrou, segundo nossa humilde opinião, que a lingua portugueza não tirava sua origem da latina; doutrina que tãobem enunciou em sua memoria sobre as origens e progressos da poesia portugueza.

De feito, as ideas do autor foron divulgadas entre os contemporáneos anos antes de seren publicadas por el. A. Ribeiro dos Santos era membro da Real Academia das Ciências de Lisboa³, lugar central da discusión lingüística e literaria en Portugal ata a introdución do novo paradigma histórico-comparatista e a creación do Curso Superior de Letras (por outra banda, ligado inicialmente a esta mesma institución, como se verá na alínea 2.2.2.3.) . A ela pertenceron tamén Francisco de S. Luís, de quen falaremos máis adiante, e mais António Caetano do Amaral e João Pedro Ribeiro, que foron os que adelantaron uns anos (a 1806 e 1810, respectivamente) a difusión impresa das ideas celtistas de A. Ribeiro dos Santos, a quen presentan como o auténtico mestre e inspirador dos seus comentarios.

³ A Academia Real das Ciências de Lisboa foi fundada no ano 1779, en pleno iluminismo e baixo o espírito das luces, como institución consagrada ao desenvolvemento da ciencia e da instrución e orientada, en última instancia, á prosperidade e á felicidade de Portugal. Inicialmente estivo constituída por tres clases: ciencias naturais, ciencias exactas e belas-lettras.

A. Caetano do Amaral⁴ limitábase a introducir unha “humilde nota” verbo destes asuntos nunha das súas memorias (Coelho, 1868: XIV). João Pedro Ribeiro⁵ detense algo máis no tema nas *Dissertações chronologicas e criticas sobre a historia e jurisprudencia ecclesiastica e civil de Portugal*. En menos de dúas páxinas da quinta das súas disertacións –“Sobre o Idioma, Estylo, e Orthografia dos nossos Documentos, e Monumentos”- este autor resume as ideas de A. Ribeiro dos Santos (cito pola reimpresión que a Academia das Ciencias fixo en 1860: 182-83; os subliñados son meus):

No extenso espaço, que occupa este primeiro periodo [ata a romanización], achamos a Hespanha, (desde que della conservamos memorias), *povoada por huma Nação, subdividida em diversos Povos*, a que vulgarmente chamamos Celtas, e Iberos, (além de se terem ahí vindo estabelecer Gregos, Fenicios, e Carthaginezes), *tendo aqueles um idioma, ou geral, ou dividido em dialectos, segundo as diversas Nações*.

Hum delles seria talvez o Vasconço, ou Biscainho, o qual não tendo connexão com as outras linguas actuaes de Hespanha, Castelhana, Valenciana, Catalá, Galega e Portuguesa, igualmente a não tem, ou afinidade, com a Grega, Fenicia, Punica, e Latina, dos Povos, que tinham entrado na mesma Hespanha.

Tras esta afirmación do monolingüismo primitivo de toda a Península, dise en nota a rodapé que a afinidade e filiación dos idiomas non se deduce da semellanza dos vocábulos, senón da súa sintaxe e mecanismos, aspectos estes en que as actuais linguas de Hespanha se distinguen claramente da latina e das doutros pobos que logo conquistaron a Península.

Xa no século XVII autores como M. Z. Boxhorn, que destacaba a importancia da morfoloxía, manifestaran o carácter decisivo do criterio gramatical na comparación de

⁴ António Caetano do Amaral (Lisboa, 1747-1819) destacou fundamentalmente como historiador de Portugal. Foi un dos primeiros vinte e un socios da Academia Real das Ciências, da que chegaría a ser nomeado secretario interino e para a que elaboraría cinco memorias que recollían a historia do país dende a prehistoria ata a morte do rei don Fernando (s.a., s.d.b).

⁵ João Pedro Ribeiro (Porto, 1758-1839) destacou como historiador (algúns biógrafos considéranlo precursor de Alexandre Herculano). Foi sacerdote formado en cánones na Universidade de Coimbra, onde exerceu como profesor. Ademais, desempeñou diversos cargos (conselleiro de facenda, censor rexio...) e foi socio efectivo da Academia Real das Ciências de Lisboa. En 1790, cando aínda non ingresara nela, xa era coñecida a súa extraordinaria competencia no estudo de documentos antigos, polo que a Academia o escolleu para recoller nos conventos, nos arquivos municipais e noutras institucións documentación para redactar unha historia de Portugal. Tamén foi encargado de visitar os arquivos portugueses de España. Ademais, pode considerarse o fundador da diplomática en Portugal xa que en 1876 conseguiu que o goberno crease unha aula desta materia, que dirixiu el mesmo, inicialmente ligada á Universidade de Coimbra e, a partir de 1801, á Torre do Tombo (s.a., s.d.b).

idiomas. A idea da primacía da sintaxe e da morfoloxía en detrimento do léxico para xustificar a pertenza a unha familia lingüística tivera un defensor fundamental no abade Gabriel Girard, quen en 1747 dividira as linguas en análogas, transpositivas e mixtas ou anfibiolóxicas (Girard, 1747). Esta concepción, que permitía emancipar a gramática francesa das categorías latinas, recolleuna e difundiu con algunhas variacións N. Beauzée no seu artigo “Langue” da *Enciclopedia*, onde se tira a conclusión de que o francés, o español e o inglés modernos están unidos polo celta co hebreo, feito confirmado pola construción analóxica que as caracteriza e que constitúe un índice de filiación máis fiable ca todas as etimoloxías que poidan relacionalas coas linguas transpositivas, dado que é na sintaxe onde reside o xenio principal das linguas. Moitos ilustrados consideraron o francés –cunha estrutura gramatical demasiado diferente, ao seu entender, da do idioma dos césares- unha continuación moderna da antiga lingua celta que, durante o período de dominación romana, incorporara moitos préstamos léxicos latinos. As mesmas ideas latexan tras as palabras de João Pedro Ribeiro e doutros autores celtistas:

A disparidade, que noto do Vasconço aos outros idiomas da Hespanha, respeita sómente á sua fraze, que se faz igualmente ininteligível ao resto dos Hespanhoes: a sua syntaxe porém, e construcção, em tudo semelhante, mostra bem a comum origem do Vasconço com os dos outros Idiomas actuaes da Peninsula.

Afirmacións parecidas e contrarias a un comparatismo baseado no vocabulario –que en portugués era demasiado transparente como para non inducir a pensar na latinidade do idioma- serán expresadas polo resto dos celtistas, incluído o mestre A. Ribeiro dos Santos. A inconsecuencia na aplicación do principio de basear a comparación na estrutura da lingua e as conclusións desviadas del extraídas levarán a A. Coelho (1868: XV) a protestar vivamente:

Ha entre esses manuscritos um intitulado «*Origens latinas da Lingua de Hespanha*» em que elle [A. Ribeiro dos Santos] estabelece o principio, alias exacto, de que não é sobre o vocabulario que deve assentar a filiação das linguas, senão sobre o seu organismo intimo, exprimindo-se em termos mal definidos, que revelam bem que elle não fazia idea clara do que era o organismo d’uma lingua. Nesse manuscrito a maior parte das objecções contra a filiação latina do portuguez se reduzem todavia a considerações sobre o vocabulario; mostra o que todos vêem, que no latim ha particularidades grammaticaes que não se encontram no

portuguez, mas não mostra em parte alguma que a grammatica portugueza tenha razão de ser no celtico, e nem mesmo que ella não tenha razão de ser no latim.

Volverei sobre este asunto, dada a súa importancia á hora de fundamentar ou de refutar as teorías celtistas. Canto á identidade da lingua primitiva común de que fala J. P. Ribeiro na primeira das súas citas reproducida nesta alínea, a lingua antecesora de todas as que se falan modernamente na Península, o autor das *Dissertações chronologicas e criticas* di que se ignora porque faltan documentos. Aínda así, non deixa de ofrecernos as súas conxecturas nin de contrapoñelas ás de Terreros, quen afirmara que o latín chegou a ser, baixo dominio romano, a única lingua da Península e que esta se dividiu nos distintos idiomas vulgares actuais cando as falas dos pobos do norte e dos mouros entraron en contacto con ela. J. P. Ribeiro (1860: 184-185), en cambio, coida que a lingua orixinal non se extinguiu baixo dominación romana:

Antes conservando-se tambem atravez da dominação dos Godos, Suevos e Arabes, foi neste IV periodo, que se subdividio em Castelhana, Galega & C. (...) Bullet no Prefacio do seu Dicionario Celtico o demonstra, e melhor se poderá ver nas eruditas Obras a este respeito do meu Mestre o Senhor Antonio Ribeiro dos Santos, logo que se publiquem no prélo.

E engade:

A distincão, que tomou a Lingua Castelhana da Galega, que tambem se falava no nosso territorio, como parte da Galiza, teve talvez origem da larga dominação dos Suevos naquella Provincia, em quanto os godos, Nação diversa, dominava o resto de Hespanha: e sendo depois brevissima nela a assistencia dos Mouros, logo expulsos pelos Reis de Leão, a grande concorrencia de diversas Nações desde o IX. Seculo á Romagem de Compostella, acabou de formar huma lingua, ou antes hum Dialecto diverso da Castelhana, assim como outras circunstancias formarão a Catalaa, e Valenciana, e conservarão a antiga Vasconça, ou Biscainha, differentes da Castelhana, e ainda depois distinguirão no seguinte periodo a Galega da Portugueza.

Outros seguidores de A. Ribeiro dos Santos, como Francisco de S. Luiz e incluso o propio A. Ribeiro dos Santos nas obras que chegou a publicar, preferirán falar de permanencia da lingua primitiva da Hispania sen insistir en exceso en que esta sexa celta. Aínda así, deben ser considerados celtistas dado que, máis ou menos directamente, aos celtas nos remiten. J. P. Ribeiro faino delegando en António Ribeiro

dos Santos, que o di con toda claridade nos seus manuscritos. Polo que se refire a Francisco de S. Luiz, da expresión “celtista” a el aplicada chega a dicir M. de Paiva Boléo que é inexacta, visto el “em página alguma das suas duas memórias [dedicadas á orixe do seu idioma], afirmar que o português vem do céltico” (Boléo, 1947: 611). Aínda sendo certa esa resistencia a chamarlle directamente celta ao portugués primitivo, coído que de moitas das afirmacións que o cardeal fai ao longo das páxinas dedicadas ao tema pode deducirse que este pensaba no celta como lingua base do portugués, e para mostra vale a mesma cita que M. de Paiva Boléo usa para argumentar ao contrario (S. Luiz, 1837: 29; os subliñados son meus):



Ha finalmente ainda outros muitos vocábulos, que se devem tirar da lista dos derivados do latim, e são 1°. Os que nós e os Latinos tomámos da lingua Grega, e ficarão sendo comuns aos tres idiomas; 2°. Os que sendo próprios da *antiga lingua Lusitana, ou da Hespanhola, ou da Gauleza, ou enfim da Celtica, língua geral da Europa ocidental e meridional*, passarão ao Latim, e forão ultimamente augmentar a lingua Romana, quando Lusitanos, Hespanhoes ou Gaulezes começárão a ter tracto com os Romanos, ou militarão debaixo de suas bandeiras, ou contra ellas.

Parece evidente que a “lingua céltica” equivale, ou máis ben abrangue, a antiga lingua lusitana, a española e mais a gala, dado que se presenta como idioma común de todo o sur e occidente do continente europeo, idea esta que se estendeu no século XVIII, en que o celta chegou a considerarse antecedente de todos os idiomas do Vello Continente (Auroux e Horde, 1992). O que se falaría en cada un dos diversos países e rexións de tan vasto territorio serían dialectos dun mesmo idioma celta, tal e como explican outros autores, como A. Ribeiro dos Santos ou J. P. Ribeiro. E pouco importa que o cardeal considere que “há uma contribuição grega muito importante, como (...) o afirma expressamente e como ressalta de muitas das suas etimologias” (Boléo, 1947: 612). Isto non nos autoriza a considerar que Francisco de S. Luiz, máis que adscribirse á corrente da celtomanía, deba presentarse como inaugurador da lusitano-grecomanía, como indica con certa sorna Manuel de Paiva Boléo. Tamén A. Ribeiro dos Santos recoñece o papel doutros idiomas na formación do portugués, como calquera lingüista precomparatista.

A este respecto, paréceme interesante parar brevemente a expoñer cal é, segundo Auroux (1988) e Auroux e Horde (1992), a concepción da mobilidade lingüística na

reflexión que, por comodidade (dado que estes mesmos autores se negan a atribuírlle tal cualificativo), chamarei precomparatista.

En 1998, Aurox contraponía os modelos comparatista e precomparatista de evolución das linguas cos seguintes esquemas:



O modelo 1, que en 1992 chamará *modèle en arbre*, é o propio da gramática histórico-comparativa. O modelo 2, que chamará en 1992 *diffusioniste*, sería o de autores precomparatistas como o cardeal Saraiva. Ambos os modelos son incompatibles. Así explica Sylvain Aurox (1988: 31-32) as razóns desta incompatibilidade.

“Le thème de l’accroissement ne suffit pas à permettre une conception du changement comme innovation linguistique (...) Le modèle de la *fig.4* [o noso modelo 2] (dont les arcs orientés correspondent à la simple relation d’ordre «être une source de») et celui de la *fig.5* [o noso modelo 1] sont généralement incompatibles. Pour parvenir à la notion de *famille linguistique*, il faut constituer des classes d’équivalence à partir du prédicat «avoir pour encêtre commun». Seul le modèle de la *fig.5* [modelo 1]; dans lequel tout noeud de rang est dominé par un seul noeud de rang (n-1), assure la transitivité nécessaire à une relation d’équivalence.”



Auroux, Bernard e Boulle (2000) recoñecen que o modelo de representación da evolución de linguas en árbore é moi anterior á gramática histórico-comparada, pero entenden que este, tal e como o constrúe A. Schleicher no século XIX, posúe un valor epistemolóxico diferente: as linguas dunha mesma familia derivan todas dun mesmo idioma que o lingüista reconstrúe e cada unha delas é unha entidade autónoma, claramente separada a partir dun momento determinado da que era a súa orixe e daquelas que descenden dela. Este discontinuismo será posto en cuestión pola dialectoloxía finisecular, que abre ao camiño ao recoñecemento das linguas como entidades non monolíticas e en constante cambio.

O que en 1998 non parece incompatible para Auroux é que o modelo 2 reflita a concepción da mobilidade lingüística no tempo (T) en termos de mestura (as linguas avanza e cambian a medida que se mesturan con outras) e, asemade, en termos de alteración/corrupción dun idioma primitivo: a lingua portuguesa, para a xeneralidade dos celtistas, é a mesma lingua celta das orixes, máis ou menos modificada por elementos externos que van chegando ao longo dos séculos.

En cambio, en 1992, Auroux e Horde introducirán un terceiro modelo, chamado *fixiste*, propio dos enciclopedistas como N. Beauzée. En tanto no modelo difusionista a lingua actual parece ser mestura doutras anteriores, no modelo fixista mantén a súa esencia, aínda que reciba achegas doutros idiomas que afectan máis ao vocabulario ca aos aspectos centrais que determinan o seu *xenio*. A de *xenio* é unha noción que adquire moita relevancia na reflexión lingüística do dezaioito e é, ao meu ver, a que permite establecer unha distinción entre os dous modelos precomparatistas. Como xa se adiantou, os enciclopedistas defenden que unha lingua cunha estrutura gramatical e, xa que logo, un xenio moi diferente non pode ser a fonte dun idioma actual, nin sequera por mestura con outra.

Hai unha idea máis que está detrás da diferenza entre a concepción difusionista e a fixista. A primeira, imperante no século XVII, aínda que seguirá aparecendo en eruditos posteriores, incide na idea da evolución da lingua (por influencia doutros idiomas) en termos de corrupción, de decadencia. A lingüística iluminista, creadora do modelo fixista, empeza a ligar o cambio lingüístico á idea de progreso: as linguas mudan, non só porque se mesturen con outras, cousa que non se ve necesariamente como causa de decadencia, senón porque avanza a cultura, os coñecementos e as necesidades dos pobos que as empregan como vehículo de comunicación.

Aínda que estas dúas concepcións precomparatistas non aparecen ben delimitadas na maior parte dos autores, se tivéssemos que elixir entre considerar o modelo evolutivo de Saraiva difusionista ou fixista, eu non dubidaría en optar polo segundo, dado que entende que as contribucións gregas non lle afectan á gramática do idioma. Saraiva, que depende moi estreitamente da lingüística enciclopedista, non pensa que o portugués sexa basicamente celta-grego *plus* modificacións debidas a contribucións posteriores, senón celta *plus* modificacións debidas a achegas doutros idiomas, entre os que o grego ten un importante papel. É dicir, que a súa idea da orixe e evolución do portugués pode presentarse segundo o esquema da esquerda, e non segundo o da dereita:



É máis doado desconfiar da posición *fixista* de calquera outro autor portugués dos que neste traballo se adscribirán á corrente celtista ca dun tan estreito seguidor dos enciclopedistas franceses coma o cardeal. En todo caso, aínda sendo certo que uns autores enfatizan máis o peso dos idiomas, ou de determinados idiomas, de substrato, adstrato ou superestrato na formación do portugués (e do galego) ca outros, a concepción de base é a mesma para todos eles, o que nos autoriza a incluílos nun único grupo, o celtista ou celtómano, oposto ao daqueles que recoñecen no latín a base do seu idioma actual.

1.2. António Ribeiro dos Santos

Como quedou dito, son os manuscritos de António Ribeiro dos Santos os que permiten coñecer as súas ideas acerca da orixe do portugués. É máis, aquel no que vou centrar a miña exposición, “Memorias para a historia das orixens e progressos da lingua portuguesa” (Santos, inédito a), constitúe un detallado plan da obra que publicaría parcialmente a Academia Real das Ciências de Lisboa e que Adolfo Coelho deu como punto de partida do celtismo luso (cfr. alínea anterior). Nas súas oitenta páxinas, o autor expón as súas teorías e os argumentos que empregará para defendelas cando o texto se publique.

Outros manuscritos en que me apoiarei para a miña exposición son os seguintes (repárese nos títulos, pois son de por si significativos abondo; para coñecer o doutros manuscritos de interese do autor, véxase Boléo, 1947):

-“Da conservaçon’ [sic] e uso da antiquissima lingua geral de Espanha em todo o tempo do senhorio dos romanos” (Santos, inédito b)

-“Conservaçon’ da primitiva lingua de Hespanha nos tempos da dominaçon’ romana” (Santos, inédito c)

-“Origens celticas da antiga lingua celtica” (Santos, inédito d)

-“Origens celticas da antiga povoação e lingua geral de Espanha” (Santos, inédito e)

-“Origens celticas da antiga lingua geral de Espanha e de seus actuaes dialectos” (Santos, inédito f)

-“Ensayo para hum vocabulario harmonico da lingua portuguesa e de outras antigas e modernas para ajudar a operação das approximações de huã parte das linguas a huma só matriz” (Santos, inédito g)

Se os tres primeiros textos se centran na explicación das teorías do autor, achegando sobre todo argumentos de tipo histórico como os que sinalarei máis adiante, os

últimos presentan o que o propio A. Ribeiro dos Santos chama argumentos filolóxicos: etimoloxías e listas de palabras asociadas a unha suposta raíz celta común, seguindo un procedemento que ten antecedentes inmediatos en autores coma Charles de Brosses, por exemplo. Nuns e noutros traballos insítese ata a saciedade nas mesmas ideas que A. Ribeiro dos Santos expón nas “Memorias”, de que paso a falar.

António Ribeiro dos Santos comeza presentando os dous propósitos que guían a primeira parte da súa obra, a referida ás orixes do portugués. O primeiro é o de rexeitar os argumentos daqueles que afirman que esta lingua e o resto das que se falan na Península –que el chama Espanha ou Hespanha nos seus diversos manuscritos– derivan de idiomas primitivos como o fenicio, o grego ou o latín. O segundo propósito é o de expoñer e demostrar a súa propia tese: que esas linguas “quanto ao seu fondo primitivo, capital e característico, sao’ dialectos mais, ou menos [alterados] do antigo celtico” (Santos, inédito a: 279). Para expoñer a materia con orde e exactitude divídeaa en tres proposicións:

1. A lingua céltica foi a máis antiga da Península e foi de uso xeral en toda ela.
2. A lingua céltica, aínda que alterada por diversas mudanzas, continuou existindo baixo dominio romano, xermano e musulmán.
3. A lingua céltica continuou a ser o fondo primeiro e máis importante do idioma portugués e do resto dos da Península no momento da súa formación pola división en diversos dialectos da primitiva.

1.2.1. Lingua primeira e xeral

Comecemos pola primeira das proposicións, que A. Ribeiro dos Santos fundamenta en dous principios que considera indiscutibles:

Primeiro principio: *tal foi a lingua cal foi o pobo*. Para a reflexión lingüística da idade moderna, especialmente a partir do século XVIII, é dificilmente aceptable, como quedou dito, a idea da substitución lingüística, ata tal punto que Auroux e Horde

(1992: 562) poden afirmar que “le sujet du changement linguistique –et cela est évidemment une option qui, aujurdh’hui, peut paraître paradoxale- c’est donc non la langue elle-même, mais un peuple situé dans l’espace”.

A. Ribeiro dos Santos opina que, se estivese claro quen foron os máis antigos poboadores da Península, non sería necesario discutir xa cal foi a nosa lingua primitiva, pois sería evidente que se trataría da súa. Así pois, o autor terá que demostrar que os celtas foron, en efecto, os poboadores máis antigos e populosos dos actuais España e Portugal. Trátase, como vemos, dunha demostración de tipo histórico-antropolóxico, e non filolóxico, como corresponde a quen fai a historia dun pobo e non a dunha lingua (vid. parágrafo anterior). Adolfo Coelho criticaraa con dureza, e chegará a dicir que A. Ribeiro dos Santos nunca expuxo os principios en que fundamentaba a súa opinión (ver alínea 1.1.). En realidade, si o fixo nos textos que agora estou tendo en conta, e que A. Coelho coñece ben. Outra cousa é que o tipo de argumentos a que recorre A. Ribeiro dos Santos, típicos da reflexión lingüística dos séculos XVII e XVIII, non lle parezan probatorios de nada, nin científicos, senón pura especulación, incluso cando son pretendidamente filolóxicos.

O paradigma científico en que se movía A. Ribeiro dos Santos -o dunha idade moderna que perdurou na reflexión lingüística dos países da Romanía ata ben entrado o século XIX- non era, dende logo, o de A. Coelho, e esixía probas e demostracións de tipo diferente. Aínda que os gramáticos máis avanzados do vello paradigma xa asentaran as súas afirmacións nunha incipiente comparación das estruturas sintácticas e morfolóxicas dos idiomas, non renunciaron a argumentos de tipo variado que viñan sendo esgrimidos dende séculos atrás e que constituirán o centro da proba para A. Ribeiro dos Santos. Vexamos cales son:

-As probas de autoridade, consistentes en mostrar con pasaxes de escritores antigos – recorrerá, por exemplo, a Estrabón- que as colonias celtas foron anteriores e máis numerosas cás fenicias, gregas, cartaxinesas e hebreas, polo que as linguas destes últimos pobos non puideron ser xerais a toda a Península. A. Ribeiro dos Santos dálle moita importancia a estes argumentos de autoridade, como xa no seu día fixeran autores que el coñece ben, como Samuel Bochart. Tamén a reflexión lingüística barroca do ámbito castelán se esforzara por extraer dos textos de escritores antigos a

xustificación ás súas posturas favorables (Aldrete) ou contrarias (Madera e os seus seguidores) a defender que o latín se impuxera aos idiomas primitivos da Península.

-As probas antropolóxicas, baseadas na comparación dos primitivos usos e costumes portugueses coas do antigo pobo celta. Terá en conta o autor a moral, a relixión, a constitución política, o goberno doméstico e económico, as artes e ciencias... e farao poñendo coidado de non deixar fisgoas para a crítica. Así, tratará de amosar, non só que o número de coincidencias é demasiado grande para ser casual, senón tamén que hai semellanzas en aspectos que podemos considerar exclusivos da cultura celta, ou que, aínda sendo comúns a outros pobos, ben presentan particularidades propias dos celtas, ben foron tomados dos celtas polos gregos e romanos, feito que consta en textos de escritores antigos. Indica tamén que non se deben forzar as coincidencias e que deben apoiarse sobre a autoridade dos escritores clásicos. Xa que logo, A. Ribeiro dos Santos está facendo un esforzo de sistematicidade e de seriedade científica moito máis importante do que A. Coelho, dende os presupostos dunha ciencia nova, orgullosa de si mesma e en loita co paradigma anterior, era capaz de apreciar.

Segundo principio: *tal foi a lingua cal a dos máis antigos nomes das cousas do país*. A. Ribeiro dos Santos quere presentar unha lista de nomes referidos a realidades básicas e pouco suxeitas a variacións e amosarnos a súa indubidable raíz céltica. Este propósito si nos introduce, ou debería introducirmos, nos terreos do que hoxe chamamos lingüística, pois obriga a António Ribeiro dos Santos a recorrer á ciencia etimolóxica, eido en que, porén, as intencións de traballar sobre bases seguras e fuxir dos disparates de autores precedentes non corren en paralelo cos resultados. Tamén neste punto se insire A. Ribeiro dos Santos no paradigma da lingüística dos séculos XVI e, sobre todo, XVII e XVIII: a aspiración de establecer regras certas para a etimoloxía, en contraste cunha práctica pouco acertada, percorre a reflexión lingüística europea moderna.

Así, A. Ribeiro dos Santos presenta os perigos do mal uso da ciencia etimolóxica; critica as falsas etimoloxías hebraicas, fenicias, gregas e latinas de moitos dos nomes portugueses antigos e propón unha serie de principios en que se baseará para conseguir que as súas resulten sempre exactas, de maneira que a lista de palabras celtas que presente non poida ser posta en cuestión. Como se verá, sen chegar á

agudeza dun Turgot ou dun Sarmiento (cfr. Robins, 1992 e Monteagudo, 1999a), os principios teóricos expostos polo autor fan esperar resultados máis positivos dos que logo encontramos na súa práctica etimolóxica.

-Só analizará as etimoloxías dos nomes máis antigos de que ten noticia.

-Escolleraos entre aqueles que menos alteracións sofren: antropónimos (nomes de deuses) e sobre todo, topónimos (nomes de vilas, ríos, montes...).

Con estes dous principios que o levan a traballar con substantivos propios e con substantivos comúns asignados ás realidades máis básicas e autóctonas, A. Ribeiro dos Santos está tentando -igual que o fixeran ilustres antecedentes dos dous séculos anteriores, como Leibniz, M. Z. Boxhorn ou J. de Laet- evitar a confusión que poderían causar os préstamos doutras linguas, incorporados ao longo da historia do portugués.

-Desta primeira selección de nomes, escollerá unicamente aqueles que poida relacionar polo seu significado con palabras documentadas do celta. Segue aquí e noutros puntos os pasos doutros autores que intentaron unha racionalización da investigación etimolóxica; o primeiro deles fora o pastor A. Van der Myl, quen a comezos do século XVII distinguiu similitudes entre linguas debidas ao azar, onomatopeas, préstamos e feitos que efectivamente manifestan orixe común. Entre estes estaba o de que as correspondencias na forma da palabra debían ir en paralelo con correspondencias no seu significado (Droixhe, 1978).

-Aceptará como de orixe celta unicamente aqueles vocábulos de etimoloxía máis transparente ou, no seu defecto, aqueles en que a orixe hebrea, grega, latina... sexa tan plausible como a proposta por el.

-Cando sexa posible, verificará as etimoloxías pola conformidade entre o significado da palabra e a natureza do seu referente. Lembremos que unha parte da reflexión lingüística iluminista non aceptaba a inmotivación orixinal do signo lingüístico, por considerala contraria á racionalidade que se lle supoñía á lingua (cfr., como mostra, Condillac, 1771: 9). Nesta liña, A. Ribeiro dos Santos entende que é posible verificar

a exactitude dunha etimoloxía se nos remite a unha palabra celta que, dalgún xeito, se relacione polo seu significado coa cousa por ela representada.

-Cando un topónimo antigo documentado foi substituído ao longo da historia por outro romano, godo ou, máis frecuentemente, árabe, teremos outra vía de verificación posible se o significado do étimo celta coincide co do étimo do nome actual.

-E, en último lugar, e só para atallar “alguns reparos que se possam’ fazer sobre as diversas formas com que apparecem algumas vezes os mesmos Nomes, que entre si se comparao’, cuidamos em dar o extracto das reflexoens filozoficas que se tem feito acerca da analogia das Letras e da familiaridade com que se transtornao’ na ordem da composiçao’, ou se substituem humas ás outras “ (Ribeiro dos Santos, inédito a: 306).

Armado con todos estes principios, A. Ribeiro dos Santos pretendía elaborar un vocabulario etimolóxico organizado do seguinte xeito: presentaría por orde alfabética unha serie de radicais ou primitivos célticos e, agrupados baixo cada unha destas raíces, os antigos nomes de España que descendesen deles, primeiro os derivados e despois os compostos. Aínda que o autor non desenvolve este propósito na obra que nos está servindo de guía principal, si o fai noutros manuscritos, como as “Origens celticas da antiga lingua geral de Espanha e de seus actuaes dialectos”, onde topónimos como Alba e Albarracín, ou antropónimos como Álvaro, son remitidos á mesma raíz supostamente celta alb- ou alph-. Outros como “Bivero (lugar da Galliza)” remítense ao radical abber-, que significa ‘río’, porque por esta localidade (coma por calquera outra, a verdade sexa dita) pasa un regato (Santos, inédito f: 11).

Estes exemplos abondarán para comprendermos que, se as probas históricas presentadas polo erudito que nos ocupa non serven para satisfacer o lingüista contemporáneo, as filolóxicas provoquen, no mellor dos casos, un condescendente sorriso. A. Ribeiro dos Santos, no entanto, considéraas abondas para probar a súa primeira premisa, a de que a lingua primitiva e xeral de España foi o celta, polo que pasa sen máis dilación á segunda: esta lingua sobreviviu, aínda que con modificacións, aos dominios romano, xermano e árabe.

1.2.2. Lingua resistente

O autor detense especialmente na fundamentación da supervivencia baixo dominio romano, xa que a hipótese á que se enfrenta é a da orixe latina do portugués. Aspira a presentar dous tipos de probas para sustentar a súa tese: por unha banda as xerais e por outra as particulares e positivas. En que consisten as xerais? En dúas premisas:

Primeira: *é difícil que unha nación mude de lingua ou que a deixe alterar ata o punto de que se converta nunha diferente*. Despois do dito ata aquí, resultará obvio que non se trata tampouco dun argumento orixinal, senón que o encontramos xa en autores de cabeceira de A. Ribeiro dos Santos. Véxase, como mostra, este parágrafo do artigo “Langue”, da *Enciclopedia*, destinado a esclarecer a relación entre o italiano e o latín (B.E.R.M.: 1765, 259A), relación que se negará nos parágrafos seguintes, pero salvando o principio aquí exposto e que, tal e como se sinalou na alínea anterior, se dá por comunmente aceptado:

La *langue* italienne, qui est analogue, & que l'on parle aujourd'hui dans un pays où l'on parloit, il y a quelques siècles, une *langue* transpositive, savoir le latin, peut faire naître ici une objection contre la principale preuve de M. de Grandval, qui juge que la *langue* d'une nation doit toujours subsister, du moins quant au fonds, & qu'on ne doit point admettre d'arguments négatifs en pareil cas, surtout quand la nation est grande, & qu'elle n'a jamais essuyé de transmigrations.

Se nos fixamos, aceptar este presuposto como básico e non precisado de demostración converte en inútil e superflua calquera proba que se engada posteriormente para demostrar que o celta, unha vez considerado idioma orixinal da Península, permaneceu ata os nosos días. Pero A. Ribeiro dos Santos non parece decatarse e, seguindo as mesmas fontes, reforza a idea inicial: era difícil que cambiase de lingua un pobo coma o dos españois, antigo, populoso, constante e cultivado.

Certamente, o argumento non é malo, aínda que leve a unha conclusión errónea. Ao fin e ao cabo, non foi a parte occidental do Imperio Romano, cunhas civilizacións máis primitivas, menos desenvoltas cás dos conquistadores, a que adoptou o latín?, actualmente non se xustifica no escaso número e atraso cultural dos invasores xermanos a súa asunción do idioma dos sometidos tras a caída do Imperio? O

desenvolvemento cultural dun pobo, o peso demográfico... en moitas ocasións explica os fenómenos de conservación ou abandono dun idioma no pasado histórico. Endebén, esta explicación só pode darse unha vez que se constatou o mantemento/cambio de lingua, mais os resultados fallan de invertirse a secuencia do razoamento, que é o que fai A. Ribeiro dos Santos: converte en principio a partir do cal facer predicións o que só pode funcionar como explicación a posteriori.

Por se as premisas non abondasen, A. Ribeiro dos Santos ten tamén argumentos de analoxía: presentará o exemplo de nacións que, en circunstancias menos vantaxosas, non cambiaron de idioma.

Canto ás probas particulares e positivas, A. Ribeiro dos Santos expón as seguintes:

- A conservación dos antigos caracteres celtibéricos en varios monumentos do tempo dos romanos.
- Máis importante aínda, os testemuños dos escritores gregos e latinos.

Ademais dos argumentos en positivo, o autor aspira a refutar os dos contrarios, a saber:

- O grande número de colonias romanas establecidas na Península baixo a dominación dos homes do Lacio.
- Os textos que indican que os maxistrados das provincias estaban obrigados a falar latín.
- As inscricións da época redactadas en latín.
- As citas de autores clásicos que semellan dar por feito o uso universal do latín.
- O vocabulario do portugués e das outras linguas da península Ibérica.
- As analoxías gramaticais entre as linguas da Península e a latina.

O celtista A. Ribeiro dos Santos decátase de que estes dous últimos son os argumentos máis poderosos dos seus detractores e, polo mesmo, os que deben obrigalo a máis longas pesquisas e refutacións. Detense, xa que logo, neles, presentando unha serie de contraargumentos que serán retomados no futuro polos seus continuadores.

Con respecto ao léxico, explica A. Ribeiro dos Santos que moitas das palabras que se teñen por latinas son, en realidade, comúns a todas as linguas antigas, sexa porque se trata de vocábulos primitivos en todas elas (parte o autor do monoxenetismo das linguas do mundo, procedentes da fragmentación babélica do idioma orixinal), sexa porque se transmitiron dunhas ás outras. De feito, en moitos casos o que sucede é que o latín e os idiomas peninsulares teñen palabras coincidentes porque unha e outros as tomaron dunha terceira fonte común. Outras palabras latinas eran orixinarias das provincias do Imperio de poboación e lingua celta, pero os romanos asimiláronas e adaptáronas ás terminacións da súa fala, polo que aparentan ser latinas. Canto a aqueles termos que empezan a documentarse na idade media e que se teñen por creacións propias do latín corrupto, en realidade foron tomados polos escritores medievais do seu propio idioma vulgar, celta.

Particularmente exitoso resultará o argumento de que o latín bebeu nas fontes da lingua dos druídas. Verémolo nos continuadores portugueses de A. Ribeiro dos Santos e tamén, dalgún xeito, na teoría do galego M. Curros Enríquez que se expón máis abaixo (vid. alínea 1.5.2.).

O autor acepta que existen en portugués algúns vocábulos verdadeiramente latinos, pero indica que se trata dun pequeno número, sobre todo se este se compara coa infindade de palabras celtas de que se compón a lingua de Camões. Por parte, moitos deses vocábulos constitúen cultismos: termos incorporados aos idiomas peninsulares moito despois de que estes estivesen plenamente formados e divididos. Pero incluso os vocábulos latinos máis antigos son unha proba da orixe celta do portugués, pois sufriron tantos cambios nas bocas dos antepasados que permiten constatar que entre eles subsistía un idioma ben diferente do latín, idioma que refundía no seu molde todo canto recibía dos romanos.

Como mostra de que os argumentos viaxan e se repiten no tempo e no espazo, velaquí o que defenderá Manuel Murguía, un autor que non tivo contacto directo (que saibamos) cos escritos de A. Ribeiro dos Santos, aínda que si cos doutros celtistas portugueses e mais con autores doutras latitudes que expoñen claramente que certas características dunha lingua, como a entoación ou o acento, se manteñen a través dos séculos (cfr. Auroux e Horde, 1992). Explica o galego que o seu idioma existiu como

tal dende os tempos dos celtas, mais non pode negar o claro influxo latino na súa lingua e vese na obriga de minimizalo argumentando que a fala celta non desapareceu baixo o dominio romano, senón que influíu no latín e modificouno de tal maneira que case se pode afirmar que o converteu en idioma celta. En concreto, modificouno naquilo que para M. Murguía constitúe un aspecto esencial da lingua: na fonética. Este idioma permaneceu a través dos séculos e é o galego que se fala no século XIX.

E que hai, volvendo a A. Ribeiro dos Santos, das coincidencias gramaticais entre latín e idiomas peninsulares? En moitos casos, hai que buscar as causas na gramática universal que subxace a todas as linguas cultas; noutros, explícanse porque latín e celta derivan da mesma fonte primitiva. Non aclara aquí o autor cal é esa fonte, pero nas “Oríxens celtas da antiga poboación e lingua xeral de España” (Santos, inédito e) atopamos explicacións sobre os primitivos habitantes da península Ibérica que poderían estar detrás desa afirmación.

Nesta obra, A. Ribeiro dos Santos non só defende que a primitiva poboación da península Ibérica é celta, senón que establece a mesma orixe para latinos e gregos. Alén de recoller teorías divulgadas por diversos autores modernos acerca da ascendencia mítica dos celtas (fillos de Gomer, netos de Xafet, bisnetos de Noé), indica que as primeiras colonias humanas establecidas tras o diluvio universal foron as españolas (como se dixo, celtas). Cando a poboación medrou, os primitivos españois comezaron a emigrar e a establecerse en lugares como Sicilia, Sardeña ou Asia Menor. Como se verá, a relación coa teoría que en 1893 presentará Manuel Curros Enríquez acerca das orixes do galego e, xa que logo, cos autores portugueses que sinala como fontes da mesma (nomeadamente, João Bonança) son evidentes. Máis abaixo retomaremos este asunto e agora seguiremos o fío das argumentacións de A. Ribeiro dos Santos.

Se as coincidencias entre vocábulos latinos e portugueses poden ser facilmente explicadas polas vías expostas ata aquí, hai diverxencias entre latín e dialectos peninsulares actuais que non son compatibles coa hipótese de que as segundas derivan da primeira. Indica A. Ribeiro dos Santos que hai elementos da gramática latina que deberían estar presentes nos idiomas que dela se derivasen (aínda que el non cita fenómenos concretos, podemos poñer como exemplo a declinación nominal) e

particularidades das linguas peninsulares que non atopan correspondencia na suposta nai (pensemos, por exemplo, no artigo determinado). O autor detense pouco nesta argumentación, que será, porén, central na obra do seu seguidor Francisco de S. Luiz, polo que deixarei para máis adiante, cando se traten as teorías do cardeal Saraiva, un comentario algo máis demorado.

Á hora de soste a permanencia do celta tamén baixo o señorío dos xermanos (suevos, vándalos e alanos por unha banda; godos por outra), A. Ribeiro dos Santos recorre a argumentos semellantes a algúns dos presentados para o dominio romano, baseándose no carácter destes pobos, no seu peso demográfico, na duración e extensión do seu dominio, na rudeza da súa lingua e pouca elevación da súa cultura, na segregación entre hispanorromanos e godos establecida inicialmente nas leis e costumes, nos testemuños de autores da época, etc. Pero quizais destaquen outros dous non mencionados ata aquí.

En primeiro lugar, A. Ribeiro dos Santos expón o seu proxecto de comparar o gótico ou alemán antigo (partindo de textos como a Biblia de Ulfilas) cos primeiros monumentos redactados en “Romance Espanhol” (319), co que espera demostrar o escaso parecido entre a lingua dos xermanos e os vernáculos peninsulares. Para iso terá antes que xustificar a autenticidade e antigüidade de documentos como as “Laminas de Granada, e do Fuero Juzgo, ou traducción das Leys dos Gondos em Lingoagem” (p. 319). O esforzo empírico que supón o recorrer ás fontes, aos textos antigos que representan estadios pasados de idiomas falados na actualidade, queda desvirtuado polo feito de poñer en paralelo documentos que se distancian polo menos en oito séculos (lembramos que a primeira tradución romance do *Forum iudicum* data do século XIII), cando non textos auténticos con falsificacións renacentistas como as “Laminas de Granada” (cfr. Caro Baroja, 1992²).

En segundo lugar, A. Ribeiro dos Santos presenta como proba os monumentos en que se aprecia que os xermanos abandonaron o alfabeto gótico a favor do latino que encontraron na Hispania e nas Galias. Podería obxectarse que, se ben isto é aducible como mostra de que os bárbaros non impuxeron a súa lingua e cultura, permite demostrar que adoptaron o latín, e non o celta.

Como sempre, A. Ribeiro dos Santos fai máis efectiva a súa argumentación admitindo a verdade dalgunhas das probas expostas polos seus detractores: en efecto, hai palabras xermanas no vocabulario portugués. Con todo, e tamén como sempre, dálle a volta ao razoamento poñéndoo da súa parte: dado que o gótico foi un dialecto do antigo céltico, a mestura entre a lingua vulgar de España, mantida dende os tempos primitivos, e o idioma dos xermanos, máis ca corromper ou desvirtuar o celta peninsular contribuíu a conservalo.

Observemos como A. Ribeiro dos Santos reproduce unha confusión ou identificación entre xermanos e celtas, así como entre as súas linguas, que atopamos en diversos autores centroeuropeos da idade moderna e que tivera o seu mellor e máis famoso representante en Leibniz (Droixhe, 1978). En efecto, este autor acabara por defender que o xermano, o galo, o gaélico... podían ser considerados distintas alteracións ou variantes da fonte común, celta, de que procedían.

Por outra banda, cómpre sinalar que esta idea de que as achegas xermanas non desvirtúan a pureza do celta primitivo volverá aparecer en M. Murguía, quen o xustificará no arianismo dos dous idiomas. Segundo o profesor Ramón Máiz (1984), M. Murguía toma de autores como Gobineau a idea de que a mestura de razas supón a dexeneración dun pobo e, en consonancia con isto, argumenta que os galegos somos celtas que recibimos o esforzo e a achega civilizadora doutra raza aria, a sueva. Pola contra os casteláns, referente de oposición do galeguismo, contamináranse con elementos semíticos. Este tipo de argumentos de tipo racial acaba traspasándose ao terreo das linguas, de xeito que M. Murguía entende que o galego é un idioma ario máis puro có arabizado castelán. É conveniente que se teña en conta, porén, que tamén pola vía directa da reflexión lingüística máis tradicional puideron chegar ou reforzarse no autor galego esta clase de ideas. Lembremos, en concreto, o que se dixo na alínea 1.1. deste traballo sobre a visión da evolución dos idiomas na lingüística da idade moderna: polo menos ata a reflexión ilustrada, dominará a postura de que esta, producida por mestura duns idiomas con outros, debe ser entendida como corrupción ou dexeneración. Polo demais, a idea de que na composición do castelán teñen un papel importante os compoñentes semíticos ten tamén outras fontes das que se falará cando nos deteñamos con máis vagar nas ideas do historiador galego (alínea 1.5.1.).

No tocante á permanencia do celta primitivo baixo dominio árabe, A. Ribeiro dos Santos presenta, por un lado, probas relativas ás nacións peninsulares que pactaron cos musulmáns, pagaron tributo e permaneceron durante máis tempo baixo o seu dominio. Estas mantiveron a súa lingua primeira a causa da liberdade de usos e costumes que os conquistadores daban aos conquistados, da excesiva diferenza entre as relixións dos uns e dos outros e mais do sistema político que seguiu á conquista. Por outro lado, o erudito considera as nacións que, como Biscaia, Asturias e Galicia, non estiveron apenas baixo dominio árabe. Estas mantiveron a súa lingua por mor da independencia, da conservación dos seus antigos usos e costumes, da incomunicación con outros pobos e das propias guerras e hostilidades contra os sarracenos.


Non obstante, desta vez o argumento decisivo é de tipo lingüístico, e non histórico: é evidente a diferenza estrutural entre o árabe e os dialectos peninsulares, que empezaban a transformarse e dividirse daquela. É claro que este apoio contundente en probas de tipo comparativo non podía aplicarse á hora de demostrar a permanencia do celta baixo dominio romano –pois podería volverse en contra do autor- nin xermano – pois, como vimos, A. Ribeiro dos Santos defende que o gótico é un dialecto celta. Neste caso, porén, a evidente diferenza entre un idioma semita e calquera dos falados na Península permítelle recorrer con garantías á argumentación filolóxica, e así o fai aínda a custa de romper a coherencia da liña argumental mantida ata o momento.

O que si mantén o autor é a súa estratexia de recoñecer a presenza de palabras da lingua dos conquistadores nos idiomas peninsulares, e en adoptar unha explicación que permita entender por que se tomaron estes vocábulos e non o conxunto do idioma dos dominadores. A. Ribeiro dos Santos refírese a factores como o comercio ou os casamentos mixtos, para apresurarse a aclarar que, se este tipo de circunstancias tamén podería favorecer a expansión do árabe como idioma de comunicación habitual entre os conquistados, el pode demostrar que na práctica esta non se produciu. Como? Examinando vocábulos que o padre Aldrete ou D. Nunes de Leão consideraron árabes. Estes, ou son en realidade claramente celtas ou presentan unha etimoloxía celta tan plausible como a árabe proposta polos gramáticos mencionados. De novo o erro alicerzado no esvaradío terreo da etimoloxía.

1.2.3. Lingua base

Avanzando dende os tempos primitivos cara á actualidade, chegamos ao momento da formación da lingua portuguesa e das outras que se falan actualmente na Península, así como da reflexión sobre o papel do antigo celta neste proceso de constitución.

O autor parte da base de que a división do celta nos actuais dialectos peninsulares só se puido producir no momento en que tivo lugar a fragmentación política de Hespanha nos distintos reinos de León, Castela..., coa consecvente falta de comunicación entre os que noutroa foran un único pobo cun idioma común. Guiado, se cadra, por este proceso de formación dos distintos reinos peninsulares, propón a existencia de tres primeiros dialectos que vemos coincidir cos tres primeiros reinos cristiáns da Península: Navarra, Asturias e Aragón-Cataluña. Deses tres primeiros dialectos - vasco, leonés ou asturiano e catalán, pois o aragonés non se toma en consideración- derivan os restantes.



Para demostrar que vasco, catalán, valenciano, mallorquino, galego, castelán e portugués son continuación do celta primitivo, pátense de novo de tres principios irrefutables e preséntanse a continuación distintos tipos de probas. Os principios, na liña dos que viñera expoñendo ata o momento, son os seguintes:

- A conservación nunha lingua de grande parte dos antigos vocabulario e gramática doutra manifesta a persistencia do antigo fondo esencial deste idioma primitivo.
- A analoxía de vocabulario entre nacións da mesma filiación antiga que nunca máis se comunicaron entre si [refírese, máis ben, a que nunca máis formaron

unha unidade política?] proba a conservación do antigo fondo esencial en todas elas.

- Unha lingua xa formada e empregada dende tempo atrás por unha nación non cambia de constitución fundamental sen a introdución ou mestura doutra lingua.

Como vimos máis arriba, no paradigma en que se move o erudito bibliotecario, a mobilidade lingüística no tempo tende a entenderse en termos exclusivos de alteración/corrupción (Auroux, 1988), de maneira que se parte da base de que o idioma actual dun territorio é o mesmo das orixes, pero modificado por efecto doutras achegas posteriores (latinas, gregas, fenicias, xermanas, árabes...). A corrupción afecta fundamentalmente á fonética: as palabras cambian de forma porque desaparecen, se engaden ou se cambian unhas letras (non se fala aínda de fonemas) por outras. Non se contempla o cambio semántico nin se acepta no plano teórico a posibilidade de que se produzan alteracións importantes na morfoloxía e na sintaxe (se se poden poñer en relación xenética linguas tan distantes coma o celta, o portugués e o vasco é porque se apela á semellanza sintáctica e morfolóxica que os autores coidan percibir entre elas).

Seguramente todo isto era tan evidente para A. Ribeiro dos Santos como o é hoxe para nós que as linguas constitúen sistemas organizados en base a oposicións. Do mesmo xeito que nos estudos gramaticais actuais se parte desta base que se considera comunmente aceptada sen que o autor se deteña a explicala, A. Ribeiro dos Santos dá por válidos os presupostos de partida do paradigma en que se move e que, en todo caso, xa outros aclararon antes ca el. Por suposto, tal actitude resultará inaceptable para autores posteriores como A. Coelho ou J. Leite de Vasconcellos, que xa non teñen estas premisas como seguras e esixen a súa demostración.

Canto ás probas, divídeas outra volta en xerais e específicas, só que desta vez as xerais son as que atinxen a todos os dialectos ou linguas en tanto que as específicas se refiren só ao dialecto máis antigo e puro do primitivo céltico español e mais ao obxecto principal da obra de A. Ribeiro dos Santos: o vasco e o portugués, respectivamente. O vasco, pola súa proximidade ao idioma primitivo común, servirá de base de comparación que permita establecer a orixe celta do portugués; este, por

súa vez, como dialecto máis achegado ao resto dos falados na Península, deixará patente a orixe céltica desoutras linguas en canto sexa clara a súa propia.

As probas xerais apelan á historia, á razón e están apoiadas nas conclusións das alíneas anteriores, a de que o celta foi lingua primitiva e xeral da Península e a de que se mantivo como idioma vulgar ata o momento en que comezou a reconquista. Así, o erudito bibliotecario considera que cae de caixón –e esta constitúe a primeira proba– que, ao xurdiren os idiomas peninsulares cando aínda se mantiña como lingua de comunicación habitual o antigo céltico, este influíu dalgún xeito na súa conformación. Ademais –e velaquí a segunda proba– dende aquela non conquistou o territorio peninsular ningunha outra nación que puidese alterar, e moito menos substituír coa súa propia lingua, os dialectos falados na idade media, polo que os do tempo de A. Ribeiro dos Santos teñen que ser continuación directa deles.

Para demostrar que o vasco é o máis puro dialecto céltico español, o autor recorrerá de novo a unha combinación de probas histórico-antropolóxicas –o carácter dos vascos, a historia política deste pobo, o testemuño de autores antigos- e filolóxicas –presenza de palabras celtas antigas no vasco, analoxía gramatical do vasco e outros dialectos actuais do celta, como o bretón insular e o armoricano. Inclúe outro argumento que, en realidade, máis que servir para demostrar a filiación celta do éuscaro permitiría en todo caso sustentar o parentesco entre este e o resto dos idiomas peninsulares e reafirmar a antigüidade do vasco: parte do vocabulario dos outros dialectos españois encontra a súa orixe e significado unicamente neste idioma.

Para demostrar a filiación celta do portugués A. Ribeiro dos Santos inclínase decididamente polas probas de tipo filolóxico e deixa a un lado as históricas. Pode parecer curioso, dado que para nós é evidente a diferenza estrutural entre as dúas linguas, mais entra na lóxica da reflexión lingüística dos iluministas franceses que tanto inflúe, como se comentou e como aínda teremos ocasión de analizar, nos celtistas portugueses. Xa que logo, o autor expón un ambicioso proxecto para demostrar de vez as verdadeiras orixes do seu idioma mediante tres obras:

-Un vocabulario céltico portugués, onde presentará por orde alfabética máis de cincuenta palabras consideradas celtas polos autores da antigüidade e a partir das que

se formaron numerosos vocábulos portugueses habitualmente recoñecidos como latinos.

-Unha análise etimolóxica e gramatical dos primeiros monumentos da lingua portuguesa, entre os que inclúe escrituras e títulos, pero tamén apócrifos como os famosos versos da perda de España. Advirte xa A. Ribeiro que recorrerá sempre ao céltico para explicar tanto a etimoloxía do seu léxico como a súa gramática.

-Un dicionario harmónico do portugués e dos dialectos célticos, onde A. Ribeiro dos Santos aspira a comparar cos destes un amplo número de vocábulos portugueses. Tales vocábulos serán extraídos dos que o autor considera primeiros monumentos da súa lingua, así como doutros máis modernos que conteñen palabras antigas. Incluíranse neste último grupo documentos en latín, pois disque estes presentan palabras celto-portuguesas disfrazadas con terminacións propias. Os outros dialectos célticos cos que se comparará o portugués son clasificados por A. Ribeiro dos Santos en dúas categorías: a dos máis puros –vasco, bretón insular e bretón armoricano- e a doutras linguas antigas e modernas que, a pesar das moitas alteracións que sufriron, manteñen aínda moito do seu fondo céltico primitivo (pelasgo antigo, antigo xermánico, francés...). Decátase o autor de que moitos lectores consideran que estas últimas non son linguas emparentadas entre si nin co portugués, pero coida que coa súa obra quedará de manifesto que se equivocan. Certo é que podemos apoñer que demostrar a orixe común de francés e portugués, poñamos por caso, non implica demostrar que esta orixe sexa celta.

Espera o erudito disipar calquera prevención contra a súa obra e defender mellor a súa tese presentando previamente as regularidades na formación de novas palabras que se encontran nos distintos dialectos desta familia lingüística, incluído o portugués. Por parte, reconece e, ao mesmo tempo, presenta como garantía da fiabilidade do seu traballo, a súa dependencia doutros autores, xa clásicos, que anteriormente se ocuparon dos dialectos célticos.

1.3. A celtomanía a debate

De celtomanía fala J. Leite (Vasconcellos, 1929a: 872) para referirse á “escola daqueles que pretendiam que o portugués não provinha do latim, mas provinha principalmente do celta”. Este mesmo autor fai un breve seguimento da polémica sobre as orixes do portugués, unha orixe que quedara clara para os glotólogos máis serios dende a introdución da filoloxía histórico-comparada no país, pero que parte da opinión pública continuaría situando no celta durante décadas.

Do testemuño de J. Leite (Vasconcellos, 1929a) e do de Adolfo Coelho (1868) conclúese que a *escola céltica* non se mostrou moi activa nos anos seguintes á publicación da teoría de A. Ribeiro dos Santos e, así, sería un traballo de 1837 o que reavivaría a polémica. Tratábase doutra publicación da Academia Real das Ciéncias de Lisboa, a “Memoria em que se pretende mostrar, que a Lingua Portuguesa não he filha da Latina, nem esta foi em tempo algum a lingua vulgar dos Lusitanos”, de Francisco de San Luiz, tamén coñecido como cardeal Saraiva⁶.

Podemos situar o centro da polémica celtista entre 1837 -ano en que se publicou por primeira vez unha obra dedicada a refutar a orixe latina do portugués- e 1867 -en que A. Soromenho publica a súa *Origem da lingua portuguesa*. A partir de aí a hipótese celtista parece perder forza e entrará en franca decadencia cos ataques de A. Coelho (1868) e a progresiva implantación da glotoloxía en Portugal. Xa non producirá obras dignas de mención que provoquen a rápida e irada resposta dos latinistas, e restrinxirase cada vez máis ao ámbito da opinión pública, aínda que autores moi influídos por esta, como Teófilo Braga, en ocasións parezan ceder ao atractivo do celtismo (cfr. alínea 2.2.6.2.). Ao tempo, os anticeltistas deixarán de dedicar longas páxinas a argumentar en contra dos seus opositores, e conformaranse con mencionar a escola céltica como un produto da pasada ignorancia ou a lamentar en dúas liñas a

⁶ Francisco Justiniano Saraiva (Ponte do Lima, 1766 – Lisboa, 1845), que como relixioso bieito adoptou o nome de Frei Francisco de S. Luiz Saraiva, estudou Humanidades e doutorouse en Teoloxía. Aínda que chegou a ser bispo de Coimbra e cardeal, destacou inicialmente polos seus cargos de secretario xeral e mais de cronista-mor da súa orde relixiosa e, posteriormente, pola súa actividade política liberal moderada –sería deputado, ministro...-, así como polos seus esforzos como reitor reformador da Universidade de Coimbra (responsabilidade para a que foi elixido en 1821) e polos seus cargos de guarda-mor da Torre do Tombo (1834) e de vicepresidente da Academia Real das Ciéncias (1838). Tamén pola súa obra abundante e variada, con traballos de historia, lingua e literatura, arqueoloxía... (s.a., s.d. b)

persistencia de ideas acientíficas entre a poboación e, o que semella máis grave, nos manuais destinados aos liceos.

Velaquí unha lista dos traballos máis relevantes (non os únicos, como poderá verse consultando as referencias bibliográficas deste mesmo parágrafo) centrados na polémica celtista que se publicaron nos trinta anos que median entre a obra de Francisco de San Luiz e a de A. Soromenho (cfr. Coelho, 1868, Vasconcellos, 1929a, Boléo, 1947). Clasifícoos en dúas columnas en función da postura defendida por cadaquén.

Ano	Proceltistas	Anticeltistas
1837	San Luiz, Francisco de: “Memoria en que se pretende mostrar, que a lingua portuguesa não he filha da latina...” (S. Luiz, 1837)	
1843		Anónimo [en anotación á man “Auctor: Francisco Antonio de Campos”]: <i>A língua portuguesa é filha da latina, ou refutação do senhor patriarcha eleito D. Francisco de S. Luiz...</i> (s.a.: 1843)
1844	Anónimo [Vasconcellos (1929a) indica que o traballo é de Francisco Martins de Andrade e João Nepomuceno de Seixas]: <i>Opusculo acerca da origem la lingua portuguesa...</i> (S. A., 1844). Obra dedicada a J. B. Almeida Garret, quen lles responde no mesmo volume. A obra preséntase como unha primeira parte que había ter continuación. Porén, semella que a resposta de A. Herculano disuadiu os autores de publicar a segunda parte.	Almeida Garret, J. B. d’.: “Ilmos. Srs.” (Garret, J. B., 1844, en S. A., 1844) Herculano, A.: “Reflexões ethnographicas, philologicas e historicas a proposito de uma publicação recente sobre a origem celtica da lingua portuguesa” (Herculano, 1844). Só se publicou a primeira das reflexións
1846		Herculano, A.: <i>História de Portugal</i> (Herculano, 1980)
1858		Leoni, F. E.: <i>Génio da língua portuguesa...</i> (Leoni, 1858)
1867		Soromenho, A.: <i>Origem da lingua portuguesa</i> (Soromenho, 1867)

Como se ve, o predominio de obras de corte celtista ao comezo do século (incluídas as dos tres autores sinalados nas alíneas anteriores, non recollidas no cadro) que intentan contrarrestar o latinismo predominante ata o momento na reflexión lingüística portuguesa deixa paso á discusión e, finalmente, á preponderancia de traballos críticos co celtismo, que xa non obteñen resposta directa dos derrotados heterodoxos.

Dado que a maior parte das obras arriba sinaladas están publicadas e, hoxe en día (non así no momento en que eu as lin por primeira vez) dispoñibles en Internet (no web da Biblioteca Nacional de Portugal: <http://bnd.bn.pt/>), non ten sentido dedicar as páxinas seguintes a unha exposición tan detallada dos seus contidos coma a que se realizou dos manuscritos de A. Ribeiro dos Santos. Limitareime, xa que logo, a comparar os argumentos dos uns e dos outros co fin de amosar, en primeiro lugar, como se repiten entre os seguidores da mesma corrente e, en segundo lugar, como dialogan ou se enfrontan as dúas posicións, pero case sempre dentro do marco do mesmo paradigma científico, con argumentos moi semellantes e habitualmente alleos ás teorías da nacente romanística. Mesmo naqueles casos en que os polemistas demostran coñecer ilustres lingüistas como Raynouard, queda claro que os camiños que este autor comezara a abrir non foran aínda tripados dabondo en Portugal.

1.3.1. Ideas compartidas

Das ideas expostas por A. Ribeiro dos Santos nos manuscritos arriba analizados, hai tres que se repiten nos opúsculos de Francisco de S. Luiz e de F. Martins de Andrade⁷ e J.N. de Seixas⁸, en parte debido á dependencia destes últimos autores do iniciador do celtismo en Portugal e, en parte, debido á dependencia de todos catro doutras fontes comúns, entre as que destacan, como moi ben soubo ver J. Leite de Vasconcellos, G. Girard e N. Beauzée:

⁷ Francisco Martins de Andrade (Lisboa, 1810-1878) foi conservador axudante da Biblioteca Nacional de Lisboa encargado de manuscritos e antigüidades, así como profesor de Numismática. Ademais da obra que aquí nos ocupa escribiu unha gramática filosófica, un *Breve compêndio da história da Península Ibérica*, varios catálogos de obras e manuscritos da Biblioteca Nacional, etc. (s.a., s.d. b)

⁸ Ignórase a data de nacemento de João Nepomuceno de Seixas, que morreu en 1873. A pesar de ser cego, foi profesor do Liceu de Lisboa e mais do Conservatorio da mesma cidade, onde explicaba Rudimentos Históricos e Recta Pronuncia. Ten obras de pouca importancia sobre temas variados (s.a., s.d. b).

1. A imposibilidade da substitución lingüística

Xa dixemos máis arriba que este principio estaba estendido e era comunmente aceptado pola reflexión lingüística moderna. Chama a atención neste punto, con todo, a evolución dos argumentos que o sosteñen. A. Ribeiro dos Santos, moi imbuído aínda da mentalidade do século precedente e, en especial, na dos enciclopedistas, argüía dende os presupostos do pensamento lingüístico ilustrado, presupostos que aínda están presentes no discurso do cardeal Saraiva; en cambio, F. Martins de Andrade e J. N. de Seixas xa expresan estas mesmas ideas dunha maneira máis romántica.

F. de S. Luiz reconece que as linguas cambian co tempo ao asumiren préstamos doutras máis cultas e elaboradas (*polidas*, di exactamente en S. Luiz, 1837: 4) coas que entran en contacto, ás veces ata o punto de acabaren sendo externamente irrecoñecibles ao comparárense co seu estadio precedente. Con todo, non poden ser substituídas por outras nin se altera a súa esencia primeira, pois os idiomas dependen, por unha banda, de hábitos adquiridos na infancia e, polo mesmo, moi arraigados; por outra banda, da forma de relacionar e organizar as ideas comúns a todos os seres humanos (“a maneira de vêr, conceber, e arranjar o pensamento”, S. Luiz, 1837:18).

F. Martins de Andrade e J. N. de Seixas son máis radicais ao afirmaren que lingua, raza e nacionalidade (tres conceptos ben significativos para o nacionalismo de corte romántico) están tan indisolublemente unidas que, para que cambie a primeira, hai que exterminar a todo o pobo. O pobo portugués era evidente que non desaparecera, polo menos para un nacionalista decimonónico, que consideraba a súa nación como unha realidade case eterna, continuadora das tribos prehistóricas que ocuparan o mesmo chan e sempre resistente a conquistadores externos, fosen romanos, xermanos ou árabes (Álvarez Junco, 2003⁵). En todo caso, nas palabras destes dous autores non hai rastro xa dese pensamento común a toda a humanidade que cada pobo manifestaba dunha maneira distinta, segundo os ilustrados.

Por parte, se Francisco de S. Luiz aínda admiraba as civilizacións clásicas, que consideraba culturalmente superiores (lingua incluída, polo menos polo que se refire á súa elaboración), estes autores entendían que a civilización indíxena fora superior á romana, co que resultaba imposible a substitución. Da mesma maneira, argumentan

que o odio natural que toda nación sente polos seus dominadores empecería o uso familiar e afectivo das mesmas palabras que os romanos usaban para os dominar.

A idea da imposibilidade de cambio de lingua apoiábase en A. Ribeiro dos Santos, igual ca nos outros autores, en exemplos de historia antiga en que unha longa conquista non dera lugar á substitución lingüística. Como moito, e así puido ocorrer no Portugal ocupado polos romanos, segundo os celtistas, os dominadores puideron conseguir unha situación que hoxe chamariamos de bilingüismo ou, mellor dito, de diglosia: un idioma (o latín) para a vida pública e outro (o celta) para o fogar. Iso explicaría a ausencia de documentos escritos no idioma familiar, pois este empregábase unicamente para a conversa oral e informal. A estes exemplos engaden os tres continuadores de A. Ribeiro dos Santos os de situacións sociolingüísticas do seu tempo, como as de Galicia, Cataluña, País Vasco... Presentan tamén o argumento do pequeno número de conquistadores que, na súa opinión, debeu ocupar o país, que tamén encontrabamos nos manuscritos de A. Ribeiro dos Santos.

2. Argumento de autoridade

Igual que facía A. Ribeiro dos Santos, os seus continuadores recorren a textos da antigüidade clásica (frecuentemente os mesmos có seu mestre) e incluso de autores posteriores, como Álvaro de Córdoba, que se queixa de que os cristiáns esqueceron a súa propia lingua –en realidade, en referencia ao latín e só polo que se refire á escrita, aínda que os celtistas obvian estes aspectos- durante os anos da conquista árabe.

Alvaro Cordoves, que florecia pelo meio do seculo IX, se queixava ja então amargamente desta especie de fanatismo dos Hespanhoes; e chegou a afirmar que não havia de mil christãos hum, que soubesse escrever huma carta familiar, senão em Arabe; havendo innumeraveis, que não só cultivavão este idioma estranho, e nelle escrevião; mas até excedião os propios Arabes na sua poesia. *Linguam propriam* (diz este escriptor) *nesciunt christiani, ita ut ex omni Christi collegio vix inveniatur [sic] unus, in milleno hominum numero, qui salutaris fratri possit rationabiliter dirigere litteras: et reperitur absque numero multiplex turba, qui erudite chaldaicas verborum explicet pompas: ita ut metricè eruditiori ab ipsis gentibus carmine, et sublimiori [sic] pulchritudine finales claususlas, (...) litterae coarctatione decorent... etc.*

(S. Luiz, 1837: 14)

Moi acertadamente, F. A. de Campos faralle notar a Francisco de San Luiz que esta cita máis ben vai en contra dos argumentos de quen defende que a lingua primitiva de Portugal se mantivo ao longo dos séculos sen que fose posible que outras como o latín a substituísen.

Os testemuños de autores de tempos pasados tamén son aproveitados por F. M. de Andrade e J. N. de Seixas para reforzar o razoamento exposto no punto anterior: enténdese que, canto máis civilizado e culto sexa un pobo, máis se resistirá a aceptar o idioma dos dominadores, así que estes autores dedican boa parte do seu opúsculo a demostrar (mediante citas de escritores clásicos e restos arqueolóxicos, fundamentalmente moedas) que os habitantes prerromanos da península Ibérica “possuíñ un goberno e unha relixión; tiññ agricultura variada; creavñ produtos fabrís e erñ dados a un comercio florescente; demostrando que assaz se exercitavñ em uma extensa navegação; que cultivarñ as ciencias e se entregarñ com empenho às boas letras e artes; em summa, possuíñ uma civilização (...) e que, por consecuencia, lhes não era mister, para entrarem no tirocinio da civilização, abandonar sua nativa linguagem” (S.a., 1844: 49).

3. Todos os autores coinciden tamén en que a procedencia celta do portugués pode deducirse da comparación entre esta lingua e o latín, que revela dous *xenios*, dúas naturezas, completamente diferentes.

Lembrará o lector que, nos seus manuscritos, A. Ribeiro dos Santos só aludía de pasada a este argumento, que se propoñía desenvolver cando por fin publicase o seu traballo. En cambio, e aínda que, na liña dos ilustrados franceses, afirmaba que o léxico non era determinante para decidir a filiación das linguas, dedicaba varias obras ás etimoloxías celtas de palabras portuguesas.

Algo parecido sucede con F. Martins de Andrade e J. N. de Seixas: no prólogo propoñen tratar na súa obra acerca das orixes da lingua portuguesa catro aspectos, o terceiro dos cales sería a demostración de “que em a natureza destes dois idiomas [latín e portugués] se dá uma oposição manifesta” (s.a., 1844: XXII). Con todo, no opúsculo publicado só se aborda o primeiro dos puntos propostos (“que o latim, introduzido na Peninsula pela conquista dos romanos, não foi, durante o dominio

daquella nação, a lingua vulgar dos hispanhoes portuguezes”) e as anunciadas continuacións nunca chegaron a publicarse.

Xa Almeida Garret (Garret, 1844: VIII), a quen os dous autores lle dedicaron o seu opúsculo, lles advertiu máis ou menos veladamente que os argumentos verdadeiramente determinantes deberían ser os lingüísticos, e non os históricos que presentaban na que se publicaba como primeira parte:

E fico esperando anciosamente pela parte complementar dellla, a parte verdadeiramente philologica ou glossologica que deve seguirse a esta deducção historica que agora nos dão.

Antes della aparecer, pouco me atreverei a dizer eu da opinião que tenho nesta grande questão já tractada por dois tão distinctos escriptores contemporaneos nossos, e que pouco mais ou menos é a mesma que está occupando os mais eminentes philologos da Europa.

É Francisco de S. Luiz quen se detén máis neste punto e quen, polo mesmo, ofrece detalles acerca dos aspectos en que difiren latín e portugués. Parte dun argumento tomado de G. Girard (tal e como el mesmo reconece) que xa foi sinalado en alíneas anteriores (S. Luiz, 1837: 19-20)

Não se deve procurar este genio das linguas, nem por consequencia a sua filiação e parentesco, nos particulares vocabulos de cada huma, considerados separadamente, e sem a fôrma, ordem, ligação, e emprego, que os faz servir á pintura e expressão do pensamento. Se por hum tal principio houvessemos de indagar a filiação da lingua Portuguesa, nos veriamos extremamente perplexos para determinar a sua chamada matriz; e por ultimo seriamos obrigados a dividir por muitos outros idiomas esta honrosa qualidade. O Grego sahiria com suas pretenções. O Fenicio, o Arabe, o Oriental allegarião tambem alguns direitos; e não faltaria nas proprias linguas da Europa moderna quem sustentasse ter parte na divisão.

(...) [Débese xulgar] pela sua estrutura e construcção; pela ordem e ligação com que ellas dispõem os seus vocabulos, a fim de fazerem mais clara e mais energica a imagem do pensamento; pelas differentes fôrmas grammaticaes, com que modificão os mesmos vocabulos; e pelo emprego e lugar que lhes dão no discurso, aptificando-os assim para bem desempenharem aquella pintura e expressão.

Compárese con Girard, 1747: 21-22 (véxase tamén, máis abaixo, a outra cita do mesmo autor reproducida nesta alínea):

La différence la plus aparente dans les Langues est celle qui frappe d'abord nos oreilles; elle vient de la différence des mots: mais la plus essentielle ne se montre qu'à nôtre réflexion; elle naît de la diversité du goût de chaque peuple dans le tour de phrase & dans l'idée modificative de l'emploi des mots [é dicir, da sintaxe e da morfoloxía] (...) c'est alors ce qu'en fait de Langues on nomme GÉNIE, dont il est important au Grammarien de bien connoître la nature.

A continuación resumo nun cadro os puntos en que se basea Francisco de S. Luiz para demostrar a súa teoría de que as linguas portuguesa e latina tiñan diferente xenio e, por tanto, unha non podía derivar doutra:

	Latín	Portugués
Casos	+	- (agás nos pronomes) F. de San Luiz di que nos séculos XIV, XV e XVI, como se pensou que o portugués procedía do latín, se tomaron latinismos que provocaron notables defectos.
Liberdade na orde de colocación das palabras na oración	+	-
Pasiva	Sintética	Analítica
Variacións temporais e aspectuais nos verbos	< n° (lego)	> n° grazas aos distintos auxiliares que permiten formar perífrases (leio, estou lendo, venho de ler)
vb. copulativo <i>estar</i>	-	+
infinitivo conxugado	-	+
Adverbios	en -ter	en -mente (que, segundo F. de San Luiz, por erro etimolóxico se fai proceder de 'mens')
comparativos en -or	+	- (con tres ou catro excepcións)
superlativos en -issimo	+	- (adoptáronse no século XV porque se pensou que o portugués procedía do latín)
Diminutivos, aumentativos e partículas (conxuncións e preposicións)	Pequeno número	moita variedade
Idiotismos (proverbios, frases feitas...)	distintos nunha lingua e na outra	
Artigo	-	+
Vocabulario	moitos vocábulos diferentes (ver detalles máis abaixo)	

G. Girard, na súa obra *Les vrais principes de la langue françoise* (1747), despois de establecer a tipoloxía lingüística de que xa se falou na alínea 1.1., incluíra o francés, o italiano e o español nun grupo diferente ao latín en base a que as tres primeiras linguas presentaban orde fixa dos elementos da oración (Sux + Pdo + Complementos), razón pola que prescindían dos casos, e contaban tamén con artigos, en tanto que a segunda podía presentar orde variable grazas a contar con casos e carecía de artigo.

Elle [a syntaxe] varie chez les Peuples ainsi que les mots, fait la différence la plus essentielle entre les Langues, & s'oppose à l'opinion de ceux qui assûrent que la Françoise, l'Espagnole & l'Italienne sont filles de la Latine. Ces messieurs ne raportent d'autre titre de cette filiation que l'etymologie de quelques mots & l'étendue de l'Empire Romain sur les pays présentement habités par ces nations. Mais quand on observe le prodigieux éloignement qu'il y a du genie de ces Langues à celui du Latin: quand on fait attention que l'etymologie prouve seulement les emprunts & non l'origine: quand on sait que les peuples subjugués par les Romains avoient leurs langues (...) lorsqu'enfin on voit aujourd'hui de ses propres yeux ces Langues vivantes ornées d'un article, qu'elles n'ont pû prendre de la Latine où il n'y en eu jamais, & diamétralement opposées aux constructions transpositives & aux inflexions de cas ordinaires à celle-ci; on ne sauroit acause de quelques mots empruntés dire qu'elles en sont les filles, ou il faudroit leur donner plus d'une mere. La Greque prétendroit à cet honneur: & une infinité de mots qui ne viennent ni du Grec ni du Latin révendiqueroient cette gloire pour une autre. J'avoue bien qu'elles en ont tiré une grande partie de leurs richesses: mais je nie qu'elles lui soient redevables de leur naissance. Ce n'est donc pas aux emprunts ni aux étymologies qu'il faut s'arrêter pour connoître l'origine & la parenté des Langues: c'est à leur génie, en suivant pas à pas leurs progrès & leurs changemens.

(Girard, 1747 : 27-29)

N. Beauzée recollería, ademais da cita que se acaba de reproducir, a clasificación de G. Girard no seu artigo “Langue” da *Encyclopédie*, introducindo variacións que non afectan ao tema aquí tratado e que, xa que logo, non interesan agora ao noso propósito (vid., pola contra, a alínea 1.3.2.1.), e baseándose unicamente na oposición orde fixa/casos. Pero ademais, establecida a clasificación, N. Beauzée dedica varias páxinas do seu artigo a comentar outras diferenzas entre os distintos idiomas incluídos nela (B.E.R.M., 1765: 161):

Si nous tenons du latin un grand nombre de mots, nous n'en tenons pas notre syntaxe, notre construction, notre grammaire, notre article *le, la, les*, nos verbes auxiliaires, l'indéclinabilité de nos noms, l'usage des pronoms personnels dans la conjugación, une multitude de tems

diferencias dans nos conjugaisons, & confondus dans les conjugaisons latines; nos procedes se sont trouvés inalliables avec les gérondifs, avec les usages que les Romains faisoient de l'infinitif, avec leurs inversions arbitraires, avec leurs ellipsses acumules, avec leurs périodes interminables.

Como se ve, os argumentos van na mesma liña dos que logo empregará F. de San Luiz, aínda que este se mostra orixinal en máis puntos que aquel que lle recoñece o seu opositor Francisco António de Campos, quen se refire ao dos idiotismos (ver cadro arriba) como o único que tiña o mérito de non ser tirado de G. Girard e de N. Beauzée (s.a., 1843). De feito, o cardeal Saraiva recorre a fenómenos que non podían presentar os seus colegas galos por non seren característicos da gramática do francés, como a existencia do verbo *estar* ou do infinitivo conxugado en portugués.

Aínda que o cardeal Saraiva é, dos celtistas portugueses ata aquí considerados, o que máis atención lle dedica á morfoloxía e á sintaxe, tamén se detén abondo a argumentar en contra da latinidade do vocabulario portugués, recorrendo para iso case sempre a probas presentadas por A. Ribeiro dos Santos, por N. Beauzée ou por ambos os dous. Seguindo a N. Beauzée (que segue á súa vez, neste punto, a Ch. des Brosses), Francisco de San Luiz indica que algunhas das palabras que coinciden en portugués e en latín non son en realidade palabras latinas, senón préstamos que pasaron dun idioma a outro ou vocábulos comúns a linguas moi diversas (de aí que non se poida basear a comparación de idiomas na semellanza de vocábulos). Isto último sucede coas onomatopeas, as interxeccións e as palabras infantís, que son, segundo un argumento expresado por N. Beauzée, produtos da natureza. Tamén sinala Francisco de San Luiz que algunhas das palabras do portugués que habitualmente se consideran latinas son en realidade creacións romances a partir dun único étimo latino, ou que son palabras celtas tomadas polo latín do idioma druídico, ou que se trata de cultismos de entrada serodia. Minimiza así, como o fixera A. Ribeiro dos Santos nos seus manuscritos, o número de vocábulos que os romanos introduciron directamente en Portugal.

1.3.2. A resposta latinista

Todos os autores anticeltistas do cadro presentado máis arriba coinciden en sinalar a non-orixinalidade e a paralela influencia de G. Girard e de N. Beauzée nas teorías dos seus opositores. A miúdo remiten ás mesmas citas dos autores franceses (basicamente, as que foron reproducidas neste traballo) para xustificar tal afirmación. Nada pode estrañar a influencia dos ilustrados galos en escritores que, tal e como estivemos vendo, se inscriben nos presupostos lingüísticos dos séculos XVII e XVIII, cando Francia se presenta como unha potencia política e cultural, e que pertencen a institucións de marcado carácter iluminista, como a Academia das Ciéncias de Lisboa (aínda que dentro desta non todo o mundo compartise o seu punto de vista). Mais a influencia francesa tamén se estende a parte dos detractores do celtismo (nomeadamente, a F. A. de Campos e mais a F. E. Leoni), que responden aínda dende os principios da reflexión lingüística precomparatista.

Tal e como indica M. de Paiva Boléo (1947: 628-269), F. A. de Campos só cita, a carón de autores portugueses do século XVI en diante, dende Duarte Nunes de Leão ata João Pedro Ribeiro, escritores “franceses (ou traducidos para o francés) [como N. Beauzée, G. Girard, A. Court de Gebelin...], espanhóis [como Aldrete ou Mayans i Siscar] e italianos (dentre estes, particularmente Denina). Da ciência filolóxica alemá non há aínda o menor eco”. Canto a E. Leoni, recorre en varias ocasións a E. Bonnot de Condillac para argumentar en contra dos celtistas, e cita fundamentalmente autores franceses (N. Beauzée, Ch. des Brosses, A. Court de Gebelin...) e portugueses (dende Duarte Nunes de Leão, João de Barros, Joaquim de Sancta Rosa de Viberbo... ata F. A. de Campos ou o propio cardeal Saraiva).

1.3.2.1. O inimigo na casa: a resposta anticeltista dende o mesmo paradigma precomparatista

Comecemos, xa que logo, por eses autores que, igual cós celtistas, se encontran plenamente inscritos nos presupostos precomparatistas pero, a diferenza deles, seguen a tradición dominante en toda a reflexión lingüística portuguesa moderna: o portugués procede do latín. Analicemos os argumentos que empregan.

Francisco António de Campos⁹ responde co seu escrito á publicación de Francisco de S. Luiz “Memoria en que se pretende mostrar, que a lingua portugueza não he filha da latina...”, feito que deixa patente dende o título: *A língua portugueza é filha da latina, ou refutação do senhor patriarcha eleito D. Francisco de S. Luiz...*

En correspondencia coa obra que pretende rexeitar, dedica unha primeira parte a ofrecer contraargumentos de tipo histórico e citas de autores clásicos para demostrar o predominio cultural dos romanos e a extensión do seu idioma pola Hispania tras a conquista. A continuación, céntrase nunha argumentación de tipo lingüístico que ocupa a maior parte do traballo e que é do máximo interese: para Campos, moitas das características da lingua portuguesa que, segundo S. Luiz, diferenciaban o seu xenio do da latina ata o punto de facer imposible pensar en ningunha relación xenética entre elas estaban presentes no latín vulgar, que é o que realmente se impuxo nos territorios conquistados e onde se deben buscar as fontes do portugués. Así sucede, por exemplo, co uso das preposicións para acompañar unhas declinacións que non resultaban expresivas e claras abondo nin para os mesmos escritores cultos, ou coa orde das palabras na oración. Campos vai analizando unha a unha as diferenzas sinaladas por F. de San Luiz e vai amosando como as estruturas sintácticas do portugués actual son continuación doutras existentes no latín e documentadas mesmo en escritos cultos coma os de Cicerón, aínda que a miúdo son máis frecuentes en latín vulgar. Noutros casos, como o da pasiva analítica, a opción herdada polo portugués era unha das posibilidades construtivas que ofrecía o propio latín clásico, con dous sistemas para a súa formación en función dos tempos de que se tratase. Por iso conclúe (s.a., 1843: 25):

E se não depõe contra a boa latinidade o dizer-se: *Accepi tuas litteras*, ou *tuas litteras accepi*, ou *litteras accepi tuas*, porque de todas estas tres fôrmas usa Cicero; não vejo porque razão se segue a filiação da lingua, só porque não póde usar senão d’uma destas fôrmas.

A este argumento principal xunta outros que o veñen apoiar, por exemplo:

⁹ Francisco António de Campos (Vila Nova de Fozcoa, 1780 – Lisboa, 1873) estudou Dereito e participou na vida política portuguesa como deputado e como ministro de Facenda entre 1822 e 1836. A partir da revolución de setembro deste último ano abandonou a política e dedicouse a escribir e publicar traballos diversos, fundamentalmente de asuntos xurídicos, literarios e lingüísticos (de filoloxía, gramática e ortografía portuguesas). Estes últimos traballos asinounos moitas veces co pseudónimo de Y. Non sería ata 1863 cando ingresase como socio correspondente, votado por aclamación, na Academia Real das Ciéncias de Lisboa.

- Determinadas diferenzas na sintaxe das linguas non impiden establecer relacións de filiación entre elas, porque, por unha banda, se ben se analiza non hai tanta distancia entre o procedemento empregado no idioma-nai e no fillo e, por outra, é normal que as linguas evolucionen e se perfeccionen co tempo para expresaren mellor os pensamentos (s.a. 1843: 20-21):

Que cousa são os casos? São uma radical com o fragmento de uma preposição, que fôrma as *terminações*. Nós não temos nos nomes essas terminações, é verdade; mas por meio das preposições, variamos o discurso a ponto d'expressarmos todas as vistas do espirito, e todas as sensações imaginaveis, com uma precisão e clareza infinitamente maiores do que os latinos faziam com os seus casos. (...) A lingua era sujeita a obscuridade com os seus casos, e que para ser clara, precisava de se aproximar das formulas adoptadas pelas linguas modernas; determinando por meio de preposições a relação das palavras, que os casos deixavam em ambiguidade.

A cita anterior pode considerarse unha proba da mestría de F. A. de Campos para contradicir os celtistas dende os seus mesmos presupostos teóricos, pois a idea da perfección das linguas modernas fronte ás clásicas non se afasta do pensamento de iluministas como N. Beauzée e D. Diderot, que entenden que o progreso científico e filosófico dos pobos se reflicte necesariamente no das linguas. Vese tamén a influencia da gramática de Port Royal e da súa distinción entre a forma superficial (casos fronte a construcións preposicionais) e a estrutura profunda dunha lingua.

- A esencia das palabras reside no lexema, en tanto que a terminación (xa sexa un sufixo flexivo, como o dos casos, ou derivativo, como os dos adverbios de modo), pouco importa (s.a. 1843: 22-23):

Assim todo o argumento tirado dos casos, reduzido á sua expressão verdadeira, consiste em que todas as nossas palavras são indeclinaveis, entretanto que o latim tem um pequeno numero desta natureza: mais que tem esta circunstancia com a filiação da lingua? Uma palavra muda de natureza, por ser ou não indeclinavel? Eu não o penso.

Tamén a lingüística iluminista fixera as desinencias portadoras de ideas accesorias que modifican as primordiais do lexema. Véxase este parágrafo que podemos relacionar cos intentos ilustrados de explicar a variedade lingüística existente fronte á unidade básica de pensamento humano (s.a., 1843: 35):

É d'uma verdade incontestavel, que a essencia das palabras consiste na radical, e que a terminação é variavel em diferentes povos ou segundo a maior ou menor facilidade dos órgãos para pronunciar, ou da delicadeza do ouvido para perceber antes umas syllabas do que outras.

- A transpositividade das linguas é un concepto relativo –segundo o que os idiomas son máis ou menos transpositivos- e non absoluto – de acordo co que serían ou non serían transpositivos (s.a. 1843: 25):

Além disso cumpre observar, que todas as linguas são mais ou menos transpositivas, e que a diferença entre ellas consiste no mais ou menos relativo d'umas ás outras. O portuguez, é muito mais transpositivo que o francez, menos que o inglez, e incomparavelmente menos que o italiano; vindo assim a nossa lingua a tomar um meio termo, que sem seguir a marcha relugal [sic] e monotona do francez, póde variar as construcções com elegancia, sem prejuizo da clareza e da ligação das idéas.

Esta análise procede directamente dos enciclopedistas franceses, aínda que F. A. de Campos a leva máis lonxe ca, por exemplo, un Beauzée. Este último -que establecera unha escala semellante á vista na anterior cita entre linguas con máis ou menos liberdade para ordenar os constituíntes oracionais- entende que as linguas son ou transpositivas ou análogas, aínda que ás veces tomen características de idiomas do seu contorno pertencentes ao outro grupo, préstamos que non alteran o seu xenio ou esencia, igual que non o transforman os préstamos léxicos.

Au reste, cette premiere distinction des *Langues* ne porte pas sur des caracteres exclusifs; elle n'indique que la maniere de proceder la plus ordinaire: car les *langues* analogues ne laissent pas d'admettre quelques inversions légeres & faciles à ramener à l'ordre naturel, comme les transpositives reglent quelequefois leur marche sur la succession analytique, ou s'en rapprochent plus ou moins. (...) Mais dans les unes & dans les autres, les mots portent l'empreinte du génie caractéristique: les noms, les pronoms & les adjectifs déclinales par nature, se déclinent en effet dans les *langues* transpositives, afin de pouvoir se prêter à toutes les inversions usuellles sans faire disparoître les traits fondamentaux de la succession analytique. Dans les *langues* analogues, ces mêmes especes de mots ne se déclinent point, parece qu'ils doivent toujours se succéder dans l'ordre analytique, ou s'en écarter si peu, qu'il est toujours reconnoissable.

(B.E.R.M., 1765: 258A-258B)

Si au contraire la *langue* primitive & la dérivée sont constituées de maniere à devoir suivre une marche transpositive, la *langue* moderne pourra avoir contracté quelque chose de la contrainte du langage analogue des nations chez qui elle aura puisé les altérations successives auxquelles elle doit sa naissance & sa constitution. C'est ainsi sans doute que la *langue* allemande, originairement libre dans ses transpositions, s'est enfin soumise à toute la contrainte des *langues* de l'Europe au milieu desquelles elle est établie.

(B.E.R.M., 1765: 264A)

Este fenómeno levará a N. Beauzée a propoñer subdivisións na clasificación establecida polo abade Girard, distinguindo entre linguas transpositivas libres, como o latín, e linguas transpositivas uniformes, como o alemán, que, tendo casos, non presenta liberdade de colocación dos sintagmas na oración.

F. A. de Campos tamén rebate os argumentos presentados por S. Luiz para demostrar que a cantidade de vocábulos latinos do idioma portugués non era tan importante como se dicía habitualmente. Na miña opinión, non se mostra aquí tan acertado como cando centra a súa crítica na gramática, probablemente porque se trata dun terreo sumamente esvaradío sen o auxilio de descubrimentos (como o das leis de evolución fonética) da lingüística comparatista.

Con todo, algúns razoamentos non van desencamiñados. Daquelas palabras que S. Luiz, seguindo aos enciclopedistas franceses, consideraba comúns a todas as linguas e non unicamente latinas, F. A. de Campos salva só as interxeccións. Xa que logo, exclúe do grupo as onomatopeas e mais as palabras infantís, que varían de idioma a idioma. Canto ás interxeccións, sinala que o seu número é moito máis exíguo do que a S. Luiz lle parece e que de ningunha maneira poden formar parte dese grupo moitos vocábulos citados polo cardeal que son exclusivos do portugués (s.a., 1843: 45):

Convenho na doutrina; e se o auctor se limitasse a essa meia duzia de sons inarticulados, expressão do sentimento interior, a sua exclusão seria fundada; porque essa expressão é a mesma em todos os tempos, como o é a natureza das sensações: mas quando o auctor quer estende-la á expressão da intelligencia, dizendo que *guai*, *bem*, *sus* são expressão dos sentimentos naturaes, a sua pretenção é insustentavel e destituida de fundamento.

Aclara tamén F. A. de Campos, dunha maneira moi semellante a como o fixeran os seus opositores para defender a celticidade de grande parte do vocabulario portugués,

que temos moitas máis palabras latinas do que parece, só que están foneticamente evolucionadas e transformadas ata o punto de que só as recoñecen os máis sagaces etimólogos.

Outros argumentos son máis frouxos á hora de demostrar a filiación das linguas, aínda que efectivamente contribúan a aumentar a porcentaxe de vocábulos de orixe romana no conxunto do caudal léxico portugués. Por exemplo, e en consonancia coa importancia que se lle dá á raíz fronte aos sufixos da palabra, indica que as creacións romances sobre palabras base latinas non deixan de ser latinas, por non falar das que en realidade son creación do latín vulgar; di tamén que non importa o momento de entrada dunha palabra para descubrir a procedencia dun idioma, é dicir, que os vocábulos cultos revelan a filiación latina do portugués tanto como os patrimoniais. Seguindo unha regra como esta poderíamos concluír, por exemplo, que o inglés é unha lingua romance, dado que máis do cincuenta por cento do seu léxico ten orixe latina. Esta falta de perspectiva histórica e de valoración da cronoloxía dos feitos é común a todos os autores do vello paradigma lingüístico e vimos mostras del en anteriores ocasións.

Tamén son interesantes as razóns que dá F. A. de Campos para explicar a transformación que se operou no paso do latín ás linguas romances: a primeira é a da variedade das construcións latinas a que aludimos máis arriba, que a volvía propicia para a alteración (polo que di ao longo do seu traballo, alteración en forma de simplificación ou redución á posibilidade máis clara e razoable); a segunda é a extensión xeográfica que acadou o idioma dos conquistadores romanos. O autor parece poñer este último argumento en relación, non tanto cunha posible formación de dialectos como consecuencia da distancia do centro político e cultural, como coa entrada en contacto con diversas linguas de substrato e, posteriormente, de superestrato (xermano e árabe). Así, e de acordo coas concepcións da lingüística da idade moderna, que lle dan suma importancia ás achegas doutros idiomas para explicar a evolución das linguas, atribúelle un papel importante á acción dos dominadores xermanos. Con todo, cómpre constatar, polo acertado da reflexión, que tamén recoñece que parte da influencia bárbara na evolución do idioma se debe a factores de tipo sociolingüístico como o desmantelamento da cultura común e do aparato escolar do Imperio (64):

A invasão dos barbaros, que se sucediam uns aos outros; a desorganisação total da sociedade: a miseria do povo; as guerras civís; a perda total da civilisação romana e a ignorancia por falta de escolas publicas foram as causas invenciveis que acabaram de corromper a lingua.

Aínda que ata agora me centrei na parte propiamente lingüística da argumentación do autor anticeltista, debo dicir que tamén se encontran interesantes razoamentos de tipo sociolingüístico na demostración histórica, non sempre orixinais pero que, polo mesmo, revelan as ideas que circulaban entre os eruditos da época. Así, por exemplo, a de que cando hai dúas linguas en contacto sobrevive sempre a máis cultivada (idea atribuída polo autor a A. Balbi) ou a da importancia da relixión á hora da imposición da lingua, que F. A. de Campos lle atribúe a Villemain e que pode encontrarse noutros autores contemporáneos do portugués e mais no mesmo A. Ribeiro dos Santos. A relixión xustificaría a extensión do latín, a non-imposición dos dialectos falados por xermanos convertidos ao cristianismo ou a escasa influencia árabe.

Particularmente interesante para os galegos é a resposta que F. A. de Campos lle dá ao argumento presentado polos celtistas da supervivencia de catalán, galego, vasco... no territorio da veciña España a pesar dos séculos de dominación castelá. Con respecto ao vasco, conténtase con reproducir unha cita de Mayans i Siscar en que este afirma, non só que o vasco sobreviviu ao latín e ao español a causa da rudeza e illamento dos seus falantes, senón tamén que “a maior parte do vasconço, se se observa bem suas raizes [e sabemos a importancia da raíz para F. A. de Campos], tem origem latina, como o tenho observado” (Mayans i Siscar, en s.a., 1843: 14). Do valenciano e do catalán destaca tamén que se trata de idiomas latinos que se diferencian do castelán pouco máis ca na ortografía e que, ademais, sobreviviron polo odio aos conquistadores e a resistencia dos seus falantes á unificación política (F. M. de Andrade e J. N. de Seixas responderanlle que ese mesmo odio ao conquistador, pero ao conquistador romano, serve para xustificar a persistencia do celta baixo dominio dos césares). Curiosamente, non menciona o caso do galego, aínda que coñece a súa existencia, pois máis adiante di: “a lingua portugueza ou gallega, que então [orixinalmente] era a mesma...” (69). Por certo, que esta afirmación se encontra nun contexto interesante de negación da intermediación do provenzal entre o latín e os romances, que defendera F. Raynouard e que F. A. de Campos, que non cita a este autor, considera lugar común no seu tempo (68-69):

A lingua portuguesa vem directamente da latina, sem o intermedio da lingua romana ou provençal, como quer a maior parte dos auctores a respeito de todas as linguas descendentes da latina. Ha muitas rasões para assim o pensarmos, além da deducção que venho de fazer em conformidade com os factos: porquanto, a lingua portuguesa ou gallega, que então era a mesma, como temos visto, era mais proxima do latim do que o provençal, e por consequencia não passou por elle.

Boléo (1947) defende que foi Francisco António de Campos quen escribiu a máis certa crítica aos celtistas e remarca, a carón dalgúns erros –como o de considerar o latín como descendente do grego, dar algunhas etimoloxías falsas ou afirmar que as palabras portuguesas proceden das formas do ablativo, aos que podemos xuntar outros, como o de subscribir a afirmación de Mayans i Siscar segundo a cal o vasco ten orixe latina-, indubidables logros, como o de decatarse da importancia do cristianismo para a implantación do latín ou reaccionar contra a tradición quiñentista que consideraba os idiomas vulgares corrupción da lingua nai, afirmando a superioridade do portugués sobre o idioma traído á Península polas lexións. E logros son, aínda cando non se trate, como vimos, de ideas orixinais deste autor.

Na miña opinión, abondaría a ampla documentación presentada como proba de todas as súas afirmacións, a coherencia da argumentación sen saír dos presupostos da gramática precomparatista e a exacta consideración do papel e a esencia do latín vulgar (outros autores posteriores, como A. Herculano, esvararían máis na súa concepción) para subscribir as palabras de M. de Paiva Boléo verbo do valor desta obra. De feito, considera o autor citado que A. Coelho a ignorou na súa revisión do estado da filoloxía portuguesa no século XIX precisamente pola súa valía, dado que o que lle interesaba era resaltar a precariedade e o atraso existente no país nese momento para promover unha reacción. Cabe sinalar, con todo, que outros lingüistas, como por exemplo J. Leite (Vasconcellos, 1929a: 873), valoran positivamente abondo o traballo de F. A. de Campos, que non en balde influiría fondamente en todos os autores que trataron con posterioridade do tema que aquí nos ocupa:

Contra aquela *Memoria* [a do cardeal] apareceu em 1843 um opúsculo anónimo *A lingua portuguesa é filha da latina* (o autor é Francisco António de Campos, Barão de Vila Nova de Fozcôa) o qual, embora com bastantes êrros, é contudo quási sempre muito sensato e esmagador para o Cardial.

Menos contundente e interesante é o traballo de F. E. Leoni¹⁰ (1858) *Genio da lingua portuguesa*. O corpo da obra constitúe unha gramática do portugués que parte da base da súa orixe latina, polo que se establecen comparacións entre a lingua nai e a filla. Hai un intento inicial de presentar regularidades fonéticas no paso do latín ao portugués, pero por causa dos fallos no método do autor -confunde os sons coas letras, non atende case nunca a cuestións como a cantidade nas vocais, a posición (inicial, intervocálica...) ou o acento- remata dando a impresión de que cada son latino pode transformarse en calquera outro portugués, aínda que se declare que hai tendencias que marcan unha maior frecuencia duns cambios sobre outros e se remarque na introdución que a lei da corrupción pola cal o latín se converteu en portugués é sistemática. En ningún momento hai comparación con outros idiomas románicos nin indicación dos pasos intermedios na evolución dunha palabra. Por suposto, non é que F. E. Leoni sexa especialmente incompetente, senón que entende a evolución fonética á maneira en que se viña facendo na tradición precomparatista:

Avant Grimm, (...), c'est le mot qui est l'unité élémentaire de l'étymologie. On reconnaît bien les «changements de lettres», dont on donne une conception générale dans la théorie des figures de lettres (métaplasme), mais celles-ci affectent les mots au cas para cas, de façon contingente. Avec la mutation consonantique, c'est la lettre (nous dirions le phonème) qui est l'unité élémentaire du changement et ce dernier affecte toutes les occurrences de la lettre (régularité). L'évolution du mot n'est qu'un résultat.

(Auroux, Bernard e Boule, 2000: 161)

En todo caso, non é no corpo central do traballo onde encontramos as referencias máis directas ao asunto que nos ocupa, aínda que todo el semelle responder ao intento, declarado na introdución, de demostrar que as palabras esenciais do portugués son directamente herdeiras das palabras esenciais latinas (para saber a que me refiro con “palabras esenciais”, vid. máis abaixo).

Certo é que nun dos seus apéndices se nos indica cales son os “autores cujas doutrinas sam refutadas ou corrigidas” ao longo dos diferentes capítulos desta obra, remitíndonos ás páxinas en que se discute a opinión de, entre outros, destacados

¹⁰ Francisco Evaristo Leoni (Lisboa, 1804 – 1874) foi un militar interesado pola lingua e a literatura do seu país. Ademais de diversas colaboracións breves en publicacións da época e do libro de que se falará neste traballo, publicou pouco antes de morrer *Camões e os Lusíadas*. Como creador publicaría en 1836 un volume de poesías que recibiría a crítica eloxiosa de António Feliciano de Castilho.

celtistas: o portugués cardeal Saraiva e os franceses Nicolas Beuzée e Antoine Court de Gebelin. Mais as ideas que se lle refutan a N. Beuzée nada teñen que ver con este asunto, e as que se lle refutan a A. Court de Gebelin (a etimoloxía dunha palabra) son puntuais e marxinais para a cuestión. Máis relevante é a refutación de F. de S. Luiz acerca da orixe dos aumentativos e diminutivos portugueses, que se aborda mediante a análise dunha serie de sufixos que se fan derivar do latín. O obxectivo central destes capítulos semella ser o de facer unha lista dos aumentativos e diminutivos portugueses indicando os seus valores e étimos (con frecuentes erros graves), aínda que o autor fai notar que da exposición que acaba de facer pode deducirse que o cardeal Saraiva estaba enganado ao afirmar que a lingua portuguesa rexeitara as terminacións aumentativas e diminutivas latinas.

Das virtudes que M. de Paiva Boléo lle atribúe ao *Genio da lingua portuguesa* –crítica á orixe grega do artigo; constatación do valor do xénero nos nomes en que este non denota sexo, senón tamaño ou outros semellantes; exposición de observacións propias da lingüística idealista dun B. Croce ou un K. Vossler- ningunha ten que ver directamente coa crítica ao celtismo.

É na introdución do traballo onde se aborda a cuestión dunha maneira máis directa e global. O afán de amosar a verdadeira orixe do portugués obedece, segundo o autor, a razóns de tipo práctico: quere asegurar o coñecemento e bo uso do seu idioma na actualidade, que é o obxectivo principal da súa obra, e xulga imposible garantilo se se recorre ás fontes equivocadas á hora de buscar a esencia da lingua. Unha argumentación que encontramos en autores plenamente inscritos no novo paradigma histórico-comparatista como J. Leite de Vasconcellos, quen explica a importancia da gramática histórica afirmando que non é posible coñecer ben o idioma actual sen descubrir as súas raíces. Se cadra, isto é unha mostra de que, a mediados do século XIX, cando escribe Evaristo Leoni, algo estaba cambiando no panorama ideolingüístico portugués, contaxiado de certo clima intelectual europeo que valoraba o estudo histórico das linguas como o único auténtico e que levaba á súa verdadeira aprehensión. Un clima que ben puido chegar antes cá asunción do método e dos presupostos propiamente ditos da nova ciencia lingüística -en parte favorecido polo interese de centurias precedentes pola orixe da linguaxe e pola lingua nai da nacional de cada país- e mesmo ser a súa vía de entrada en Portugal. Neste sentido, poderíamos

considerar a F. E. Leoni un autor ás portas do novo paradigma, aínda que en ningún momento traspase o limiar por descoñecer os traballos dos autores europeos máis relevantes do século XIX. Iso explica que F. E. Leoni cite en varias ocasións a Francisco Antonio de Campos, a quen segue en moitos puntos, e, pola contra, non faga mención ningunha doutro autor máis recente e de grande prestixio que tamén respondera á memoria de Francisco de San Luiz. Refírome a Alexandre Herculano, que elaborara o seu artigo anticeltista dende os presupostos da nova gramática, polo menos parcialmente.

En consonancia co vello paradigma, F. E. Leoni defende na introdución que o actual portugués procede da corrupción do latín vulgar pola acción doutras linguas (XI):

Sem embargo de tantas e tam manifestas provas da procedencia da lingua portugueza, a qual vemos se formou da corrupção que na latina rustica produziu a successiva invasão dos suevos e arabes, principalmente a dos primeiros, que lhe viciaram muitas de suas formas, e lhe alteraram as desinencias dos vocabulos, sem, todavia, lhe extinguir o genio, que n'ella devia ficar prevalecendo; porque, emfim, a lingua que falamos é o latim corrompido pelo germanico, e não o germanico, ou outro qualquer idioma, corrompido pelo latim.

As primeiras páxinas dedícaas a defender o atraso dos habitantes prerromanos da Península e a supremacía cultural e política romanas. Esta superioridade xustifica a imposición das leis latinas, da organización territorial, mesmo das supersticións... sobre as primitivas portuguesas, tal e como F. E. Leoni se empeña en defender. De aí, conclúe o autor (1858: XI):

Uma vez demonstrado que tomámos a religião, os usos, os costumes, e até os propios preconceitos dos romanos, não podia deixar de admitir-se que d'elles houvessemos tomado a lingua, como meio unico e reconhecidamente indispensavel de podermos effectuar uma tão substancial transformação em nosso modo de viver e de pensar.

A idea iluminista de que os cambios e progresos nos coñecementos e na civilización dos pobos implican cambios nos idiomas é levada aquí ata as súas últimas consecuencias, pois autores precedentes, coma N. Beauzée, entendían que tales transformacións en ningún caso afectaban ao xenio das linguas e, moito menos,

implicaban a súa substitución por outras, algo que, como se dixo máis atrás, practicamente se consideraba imposible.

A pesar do razoamento exposto por F. E. Leoni, unha serie de autores portugueses (cita a A. Ribeiro dos Santos, J. P. Ribeiro, o cardeal Saraiva e os dous socios do Conservatorio Real de Lisboa, F. Martins de Andrade e J. N. de Seixas) defenderan recentemente a persistencia do primitivo idioma prerromano no portugués actual baseándose en dúas premisas: a dificultade, por eles esaxerada, de que un pobo abandonase a súa lingua vernácula para adoptar a dos dominadores e o diferente xenio que presentaban ambas as linguas. En realidade, á primeira das falsas premisas citadas xa se dedicara F. E. Leoni nas páxinas iniciais do seu traballo, así que a partir de aquí se centra na segunda, no que el chama probas *a posteriori*. Agora responderá fundamentalmente á memoria de Francisco de San Luiz, que, a diferenza dos socios do Conservatorio de Lisboa, se adentrara nos aspectos gramaticais da cuestión.

O argumento lingüístico central que presenta F. E. Leoni na introdución e do que o seu traballo, segundo anuncia, debería constituír unha proba, parte dunha idea expresada por N. Beauzée e, polo mesmo, de obrigada aceptación para os celtistas, que se baseaban na súa autoridade: a analoxía das ideas pode representarse por caracteres diferentes dunha lingua a outra. Dende este presuposto, F. E. Leoni dá un salto ao continuar atribuíndolle ao enciclopedista unhas teorías que este non defendera. E é que o autor portugués considera que é na analoxía das ideas onde reside o xenio das linguas e, tal e como o expón, dá a impresión de que iso mesmo é o que pensa o ilustrado francés (F. E. Leoni, 1858: XIII-XIV, cursiva no orixinal):

Encontram-se, na verdade, no latim algumas construcções de que não usamos em vulgar; mas, segundo o proprio Beauzée, cuja auctoridade, não recusarão, por certo, os defensores da origem celtica, *a analogia das idéas pode representar-se por caracteres mui diferentes de uma lingua a outra*. E sendo na analogia das idéas que realmente consiste a identidade do genio das linguas, não bastam, logo, algumas diferenças de construcção para poderem depôr contra a identidade do genio da lingua latina e portugueza.

Mais N. Beauzée defende que o xenio das linguas reside fundamentalmente no que hoxe chamariamos o plano do significante. Principalmente na sintaxe, nas diferenzas de construción empregadas para expresar ese pensamento universal que está detrás de

todas elas, -“car c’est surtout dans la syntaxe que consiste le génie principal & indestructible de tous les idiomes” (B.R.E.M, 1765: 259A). Secundariamente, noutros aspectos que tamén dificultan a tradución dunha lingua para outra, como a combinación das distintas ideas accesorias (que son, por exemplo, as que impiden que encontremos sinónimos perfectos á hora de trasladar un texto doutro idioma, vid. B.E.R.M., 1765: 259A) e as preferencias fonéticas; diferenzas provocadas por alteracións físicas derivadas da alimentación, do clima, etc. e mais polo carácter de cada nación (B.E.R.M., 1765: 258A).

O contexto concreto de onde F. E. Leoni extrae a súa cita é o capítulo dedicado aos tempos verbais na *Gramática universal* do autor francés (Beauzée, 1767). Alí a analoxía das ideas refírese á combinación dos valores universais e metafísicos que pode ter o verbo (presente/pasado/futuro, indefinido/definido...) e que se ligan de maneiras diversas para dar lugar a diferentes tempos verbais con valores distintos: futuro definido anterior, pretérito indefinido... Aínda que N. Beauzée mostra que en todas as linguas que el coñece as regras de combinación destes valores filosóficos dos verbos coinciden, pode haber variacións duns idiomas a outros, dado que falamos de ideas accesorias, e non principais (que debemos buscar no significado léxico do verbo). En todo caso, está seguro de que as variacións remitirán sempre a un mesmo fondo universal, dado que están fundadas na razón. O que realmente distingue unhas linguas das outras son os significantes que se empregan para expresar estes valores:

Mais il faut observer l^o que l’analogie des idées peut être marquée par des caractères très-différents d’une langue à autre: par exemple, les Prétérits sont simples en latin, & ils son composés en françois, en espagnol, en italian.

(Beauzée, 1767: 492)

Así pois, F. E. Leoni esaxera ao considerar que é na analoxía das ideas onde sitúa o gramático francés o celme do xenio das linguas. Este colócase unicamente de xeito marxinal no terreo das ideas. Quen si lle dá nunha das súas primeiras obras un papel ao que hoxe chamariamos o plano do significado é o autor de cabeceira de F. E. Leoni: o sensualista, Étienne Bonnot de Condillac.

Condillac (1999) [1746] entende tamén que as ideas son universais e que a maneira de combinalas xuntándolles diferentes ideas accesorias para dar lugar a outras novas, o que el chama a súa *liaison*, non. Así, por exemplo, a noción de *ouro* pode conter nunha lingua as ideas simples de cor amarela e de dureza e, noutra, abranguer outras como a de ductilidade e maleabilidade. Se isto pasa coas ideas complexas que formamos a partir dun modelo existente na realidade, máis sucede coas ideas abstractas como *beleza*, por exemplo.

A diferenza fundamental con N. Beauzée reside en que no seu *Ensaio sobre a orixe dos coñecementos humanos* (Condillac, 1999) [1746] afirma que é na *liaison*, na combinación das ideas, onde reside o xenio das linguas. A combinación vén rexida pola *analogía*, as regras naturais que nos guiarán á hora inventar novos significantes (o que E. B. de Condillac chama *signos*) para ela; significantes, que, á súa vez, permitirán fixar e lembrar cada combinación de ideas de nova creación.

Mas yo pregunto si no es propio de cada nación el combinar sus ideas según su propio genio, y juntar a un cierto fondo de ideas principales, diferentes ideas accesorias, según que ella es diversamente afectada. Ahora bien, estas combinaciones, autorizadas por un uso continuado, son propiamente lo que constituye el genio de una lengua. Éste puede ser más o menos extenso; depende del número y de la variedad de los giros de lenguaje admitidos, de la analogía, que en un apuro suministra los medios de inventarlos. No está en manos de un hombre cambiar enteramente este carácter.

(Condillac, 1999: 256) [1746]

O papel da analogía na combinación das ideas e, xa que logo, no progreso das linguas cobra unha maior importancia na *Grammaire* (Condillac, 1775), onde, paralelamente, o xenio das linguas volve afastarse, dunha maneira máis ortodoxa para a época, do terreo do significado léxico. O tímido intento de desprazamento cara a este eido realizado no *Ensaio* axiña cedeu ante o propio sistema filosófico sensualista. Este, ao situar nas sensacións producidas pola realidade externa e nos sentidos, iguais para a xeneralidade dos seres humanos, a orixe dos conceptos, limitara a posibilidade de concibir as diferentes linguas como algo máis ca variados instrumentos de representación dun pensamento común a todos os pobos.

Con todo, é partindo da visión de E. B. de Condillac como F. E. Leoni elabora a súa propia teoría. O que demostra a continuidade dunha lingua antiga noutra actual son as palabras esenciais, as que reflicten ideas básicas que se combinan despois dun xeito diferente en cada lingua para dar lugar a outras e que inclúen aquelas ás que se recorría frecuentemente dentro do marco do vello paradigma para asegurarse de que o préstamo léxico non confundise os etimólogos que buscaban no vocabulario dunha lingua os rastros da súa orixe. Tal e como vimos ao falar de A. Ribeiro dos Santos, entendíase que determinadas palabras coas que se representaban realidades que non podían chegar de fóra (nomes de plantas autóctonas, topónimos e antropónimos referidos a deuses locais...) eran neste sentido menos enganosas.

Esta idea está xa presente dalgún xeito en autores do século XVII, pero F. E. Leoni recoñece tomala directamente de E. B. de Condillac. Lembremos que este filósofo argumentara que as ideas complexas procedían da combinación de diferentes ideas simples. Así, por exemplo, as ideas abstractas derivaban das representacións mentais que nos faciamos considerando os aspectos comúns a diversos obxectos físicos da mesma clase que viamos ao noso arredor; ou, dito doutro xeito, procedían das concretas e estas da sensación que os obxectos reais que nos rodeaban producían na nosa mente. De aí dedúcese, e así o fai F. E. Leoni, que os substantivos referidos a realidades concretas e, tamén, próximas son máis primitivos cós substantivos referidos a ideas filosóficas máis elaboradas.

Sabemos que todas as idéas metaphysicas foram formadas e nasceram das de objectos physicos que lhes serviram de prototypo, e pelas quaes as modularam os povos que as conceberam e exprimiram na linguagem. – As idéas d’estes objectos physicos e naturaes devem necessariamente ter uma origem, uma localidade, uma circunstancia, uma phyisionomia, emfim, certa, determinada e peculiar a cada povo a quem ellas seviram de norma. –Sam, pois, estas mesmas idéas primordiaes e typos, que, caracterizando as construcções de differente natureza, nos provam uma origem commun e a identidade do genio das linguas.

(Leoni, 1858: XV)

Eses nomes máis primitivos parécenlle, xa que logo, máis resistentes ao préstamo e mellor indicio de filiación das linguas. Non se decata F. E. Leoni de que, aínda sendo latina a lingua portuguesa, pode haber elementos de substrato léxico precisamente

máis frecuentes en campos semánticos referidos á flora, á fauna ou aos froitos autóctonos e a accidentes xeográficos, como de feito sucede en galego con palabras como *carrasco/carrasqueiro, barranco ou veiga* (Corominas e Pascual, 1991).

Con todo, F. E. Leoni non se centra nos substantivos, senón noutro tipo de vocábulos que tamén adoitan recoñecerse como elementais (aínda que non son ideas primordiais para E. B. de Condillac) e, xa que logo, dificilmente transferibles dun idioma a outro: as preposicións e as conxuncións. Demostrando a orixe latina destas palabras portuguesas básicas e o mantemento da súa significación a pesar da evolución fonética ou externa, demostrará a de todo o idioma (F. E. Leoni, 1858: XVI):

Basta reparar no uso que a mesma lingua faz, não diremos já das palavras designativas das coisas de primeira intuição, mas das proprias particulas da lingua latina.

Se alguma coisa nos prova com evidencia ser a lingua portugueza filha da latina, é, sem duvida, o vemos que todas as preposições e conjunções, que sam palavras elementares d'ella, provem immediatamente do latim (...)

E não só a forma material das preposições e conjunções, senão a força, o valor, e o sentido das mesmas, o emprego que teem na oração, e a maneira porque modificam os vocabulos, de que resulta *um certo modo de ver*, que propriamente constitue o genio da lingua, nos convence de ser a latina a origem e fonte primaria da portugueza. (...)

Os meios mechanicos que emprega para formar *a pintura e expressão do pensamento*, sam, de feito, os mesmos de que se serve a lingua latina; isto é, as mesmas palavras dispostas e ligadas com as mesmas preposições e conjunções: de modo que, n'esta especie de edificio, não só as pedras sam talhadas pelo *modulo* romano, senão tambem a mesma argamaça, que as conjuncta e liga, é de fabrica e composição d'aquelles sabios estrututores.

Coido que vai na mesma liña (aínda que na introdución se trata á parte) a análise que fai dos artigos ou das desinencias e terminacións que –en contra do que pensaba F. A. de Campos– considera tamén parte esencial da lingua. Por iso dedicará un amplo capítulo a mostrar a orixe latina de aumentativos e diminutivos, e o mantemento do significado orixinal nos substantivos actuais formados con eles. Iso levarao ás veces a buscar o étimo deste tipo de sufixos, non noutro sufixo latino, senón nunha palabra completa, lexema incluído, para que sexa máis doado ver o mantemento da idea expresada no substantivo orixinario. Así, para o sufixo –ão propón o étimo *actio/actionis*. Tampouco non é este un procedemento orixinal, senón un recurso habitual na reflexión lingüística e na etimoloxía da idade moderna e que terá

continuidade unha vez que se asente o novo paradigma histórico-comparado (por exemplo, na obra de F. Schlegel) dado que, de feito, ten unha base real na estrutura das linguas. Así, é evidente que formas verbales hoxe sintéticas como “cantarei” proceden dun primitivo futuro analítico “cantar (h)ei”. O problema é que F. E. Leoni non conta con coñecementos lingüísticos abondos da nova gramática histórica que se implantara en Centroeuropa como para aplicar este principio coa medida e o acerto necesarios. É un mérito deste autor, en cambio, o decatarse de que as palabras gramaticais (conxuncións, preposicións, artigos...) son menos susceptibles ao préstamo cás léxicas.

Na introdución tamén fala o autor de clases de palabras léxicas coma os verbos, pero refírese ao mantemento ao longo da historia do que considera os seus valores básicos, que non son outros cós modo-temporais da conjugación.

En definitiva podemos dicir que, tanto da introdución coma do enfoque do conxunto da obra, se deduce que o autor aposta por apoiarse na morfología para demostrar a filiación latina do portugués, mais incidindo en cuestións relativas ao significado gramatical (ex. mantemento do valor dos sufixos no paso do latín ao portugués). Certo é que non renuncia a referirse tamén a outros aspectos como a fonética ou o léxico e así, por exemplo, ocupárase deste último rexeitando nos termos de F. A. de Campos os argumentos dados por F. de S. Luiz acerca das interxeccións, das palabras infantís e das onomatopeas.

A importancia dada á morfología non lle abondou a F. E. Leoni para acadar uns resultados prácticos fiables e definitivos, pois a pesar de todo aínda se mantén excesivamente fiel aos métodos e ás ideas do século precedente (especialmente de E. B. Condillac e a súa maneira de entender a analogía) e descoñece os presupostos teóricos dos primeiros comparatistas, que poderían axudalo a aproveitar mellor o potencial desta intuición teórica.

1.3.2.2. *Novos aires*

Os tres autores participantes na polémica sobre a orixe do portugués que quedan por revisar revelan nos seus escritos a chegada de aires renovados á lingüística lusa, tanto polas fontes en que se basean como por algunhas das ideas que expoñen. Con todo, non son eles os introdutores do paradigma histórico-comparatista en Portugal, pois os seus textos son breves de máis e non entran en profundidade no tema. No caso de J. B. Almeida Garret e de A. Herculano, nin sequera falamos de escritores que se chegasen a interesar polas linguas máis ca dunha maneira marxinal. Non tiveron a dedicación profesional que unha disciplina constituída en ciencia, cun método, un fondo teórico e uns obxectivos claramente definidos comezaba a demandar. De aí, probablemente, certos erros de vulto e certas ideas precomparatistas que se atopan nos seus traballos. Son, iso si, portadores das primeiras novas que no seu país houbo verbo da lingüística chegada de Europa, co que prepararon o terreo para a recepción da semente que, poucos anos despois, plantaría Adolfo Coelho. Vasconcellos (1929a) afirma, por exemplo, que foi no artigo de A. Herculano de que me vou ocupar nesta alínea onde se citou por primeira vez a *Vergleichende Grammatik* de F. Bopp e as *Etymologische Forschungen* de A. F. Pott, dato este confirmado por Boléo (1947).

As páxinas en que J. B. Almeida Garret¹¹ se ocupa da cuestión do celtismo redúcense a unha escueta resposta a Francisco Martins de Andrade e João Nepomuceno de Seixas, autores do *Opusculo acerca da origem da lingua portugueza...*, que lle dedicaran o seu traballo ao escritor. Con diplomacia abonda, pero, ao meu entender, tamén con claridade, J. B. Almeida Garret expresa as súas reservas ante a tese por eles sostida e, asemade, ante o método empregado para fundamentala: xa non lle parece válido basearse en probas históricas e reserva o seu xuízo definitivo para o momento en que se publique o anunciado (pero nunca executado) capítulo centrado na filoloxía. Aínda que se percibe a persistencia de ideas propias da lingüística precomparatista –

¹¹ João Baptista da Silva Leitão de Almeida Garret (Porto, 1799-1854) é de sobra coñecido como orador e escritor romántico (prosador, poeta e dramaturgo), polo que parece innecesario reproducir aquí detalles da súa vida e extensa obra. Lembremos unicamente dous datos que poden ser de interese para entender a súa posición no debate que nos ocupa: se, por unha banda, a súa formación de marcado carácter iluminista puido axudalo a sentirse máis preto das argumentacións feitas dende os presupostos da lingüística do século XVIII, por outra, a mesma historia persoal que o levou a abrirse en literatura a correntes de tipo romántico puido facilitar o seu coñecemento e a súa sensibilidade cara aos presupostos da lingüística histórico-comparada. Refírome ao seu compromiso político liberal, que o obrigou ao exilio en Inglaterra e Francia, e, sobre todo, o seu labor de diplomático, que lle daría a oportunidade de iniciarse no coñecemento da lingua e da literatura alemás (Saraiva e Lopes, s.d.).

así, a de presentar as linguas máis modernas como resultado da mestura doutras de maior antigüidade, incluído o idioma de Cicerón, que se fai proceder do grego e do osco- cítase a Raynouard e a Schlegel e incídese no peso definitivo do latín, do latín vulgar, na conformación do portugués (fronte ao celta ou ao xermano).

O *romance* ou lingua roman [sic] da Peninsula nasceo principalmente do theutonico e do latim; mas, se houermos de crer os mesmos godos, que não são suspeitos, principalmente do latim. Foi uma transacção entre os vencidos e os vencedores, em que cada um cedeo do seo para formarem um terceiro idioma comum. Entrou com mais o que mais tinha.

(Garret, en s.a., 1844: XIV)

Pola súa banda, A. Herculano¹² afirma no artigo “Reflexões ethnographicas, philologicas e historicas a proposito de uma publicação recente sobre a origem celtica da lingua portugueza” querer responder tamén ao opúsculo de F. Martins de Andrade e J. N. de Seixas, que lle enviaran un exemplar pedíndolle a súa opinión. Con todo, leva a súa crítica polos vieiros da filoloxía, que apenas pisaran os dous socios do conservatorio, e, como consecuencia, acaba centrando a súa exposición no rexeitamento directo da memoria do cardeal Saraiva, máis ca na dos outros dous. Con todo, F. Martins de Andrade e J. N. de Seixas sentíronse aludidos abondo como para interromper a publicación da súa obra, se cadra porque con A. Herculano xa eran dous os autores por eles admirados que rexeitaban amablemente adherirse aos seus

¹² Alexandre Herculano de Carvalho Araújo (Lisboa, 1810 – Vale de Lobos, 1877) foi unha das grandes figuras do romantismo portugués. Destacou como escritor, xornalista e historiador. Aínda que tivo intención de realizar estudos universitarios, a morte do seu pai impediullo, polo que se orientou cara a unha formación máis práctica, centrada no comercio e na diplomática. Os anos da súa formación cultural foron os do Portugal axitado polas loitas entre absolutistas e liberais, que supuxeron asemade unha apertura do país á influencia exterior. Como consecuencia da súa militancia liberal estivo exiliado en Inglaterra e Francia, país este último no que recollería a influencia de Thierry, Víctor Hugo, Guizot... Á súa volta a Portugal recibiu o encargo de organizar a biblioteca pública do Porto con fondos retirados das bibliotecas monásticas e miguelistas. A raíz da revolución de setembro de 1836 demitiu do cargo de bibliotecario, trasladouse a Lisboa e viviu do xornalismo ata que en 1839 obtivo o cargo de director das bibliotecas reais das Necessidades e da Ajuda. En 1840 foi deputado cartista (é dicir, moderado, aínda que da ala esquerda do partido) e, como tal, presentou un plan de ensino popular. Mais nos anos seguintes desvencellouse da vida parlamentaria, adheriuse á constitución moderada de 1838 e desaprovo o golpe de Costa Cabral que restauraba a Carta. A partir dese momento centrouse na súa actividade xornalística, literaria e de historiador (é daquela, a partir de 1846, cando empezan a saír do prelo os primeiros tomos da súa *História de Portugal*). Aínda volvería á actividade política tras o golpe de Estado da Regeneração, mais soubo manterse á marxe do poder e, en consecuencia, da farsa rotativista (equivalente ao *turnismo* na Restauración española) daquel período. O que si continuou foi a súa intervención constante nas polémicas no ámbito da opinión pública e o seu traballo de historiador, non só con novos tomos da súa *História de Portugal*, senón tamén na recollida de documentos para os *Portugaliae Monumenta Historica* publicados pola Academia Real das Ciéncias de Lisboa (Saraiva e Lopes, s.d.).

argumentos (e, se cadra, porque A. Herculano declara explicitamente que redactara o seu artigo para disuadirlos de continuar coas partes terceira e cuarta do seu proxecto, máis lingüísticas ca históricas, afirmando que iso sería acometeren unha empresa que non estaba á altura das súas forzas).

En efecto, A. Herculano centra a súa crítica no método empregado polo cardeal Saraiva (e polos seus antecedentes G. Girard, N. Beauzée e, en España, o P. Martínez Marina) para demostrar a filiación das linguas, método que fuxía da comparación do vocabulario e aspiraba a asentarse na morfosintaxe.

Para sermos xustos cómpre recoñecer que optar pola morfosintaxe no canto de polo léxico nos intentos de buscar as orixes das linguas e as relacións entre elas foi un avance importante da lingüística do século XVIII, dado o disparatado das etimoloxías que se elaboraban nese momento, a facilidade con que se establecían falsas relacións entre palabras de idiomas distintos que soaban dun xeito semellante e as confusións derivadas de fenómenos como o préstamo. A este respecto, Boléo (1947) –que, porén, non lle recoñece á gramática dos iluministas o mérito de percibir e intentar superar estes problemas- presenta claramente a falibilidade do criterio comparatista léxico con exemplos como o inglés, con máis da metade do seu vocabulario de orixe latina, ou o romanés, cunha elevada porcentaxe de palabras eslavas. Os esforzos por basear a comparación de linguas na morfosintaxe revelan a busca de novos camiños para resolver os problemas propostos pola reflexión lingüística da idade moderna, esforzos que darían lugar a resultados erróneos como os que se están vendo nestes capítulos, pero que culminarían en traballos moito máis frutíferos. Así, os primeiros comparatistas, como F. Bopp, basearán as súas obras na morfoloxía e, aínda cando se abra paso a fonética coas súas leis de evolución, poderá entenderse que este éxito parte tamén dos esforzos por distanciarse da comparación léxica. Quizais por iso A. Herculano -que, como quedou dito, cita a F. Bopp e a A. F. Pott- incide na falibilidade da sintaxe e elude a mención explícita da morfoloxía:

Foi uma grande verdade a que escreveu Maltebrun na sua carta a Balbi sobre o Atlas ethnographico, quando disse: “Alem dos resultados que produz a simples mistura dos idiomas considerados como grupos de raizes, cumpre tambem que se reconheça a acção livre da intelligencia humana que lhes modifica a seu bel-prazer as fôrmas grammaticaes, e que até

pode sujeitar idiomas inteiramente diversos a uma legislação commum.” É esta reflexão exactissima, a qual muitas vezes nos ocorre, que nos obriga no exame da filiação das linguas a preferir as conclusões que resultam da comparação do vocabulario ás que se poderiam tirar de certas afinidades ou antinomias de indole. As linguas seguem sempre, especialmente na syntaxe, o desenvolvimento ideologico dos povos que as fallam. A proporção que as idéas se multiplicam e novas relações se vão encontrando entre ellas –que estas se formam complexas por um lado, e por outro se vão subdividindo- que emfim os elementos do cogitar humano se coordenam, é acaso possível imaginar que a forma objectiva não se altere e não siga as transformações do verbo interior? E não acontecerá o mesmo quando *vice versa* uma nação corrompida parece retroceder para a barbaria?

(A. Herculano, 1844: 392)

Poderase obxectar que esta mesma crítica e unha argumentación moi semellante aparecía en autores anticeltistas que consideramos que lles respondían aos seus oponentes dende os presupostos da gramática precomparatista, e será unha obxección axeitada, porque, en efecto, son claros os ecos condillacianos na cita que acabo de reproducir, por non falar doutros aspectos que vai tratando A. Herculano no seu artigo, como o da “mistura de idiomas” (non en van, críticalle a F. A. de Campos o atribuírlle ao latín puro unha acción demasiado exclusiva na orixe do portugués), ou as referencias á necesidade de comparar as palabras elementais das distintas linguas. Porén, unha páxina máis adiante, A. Herculano deixa de argumentar en negativo (deixa de explicar como non se debe proceder para revelar a filiación das linguas) e amosa o camiño que cómpre seguir. E aí si que aparecen o sánscrito, as leis de evolución fonética e, en nota a rodapé, F. Bopp e A. F. Pott (Herculano, 1844: 393):

Hoje parece incontestavel que todas as linguas da Europa chamadas mães, ou primitivas, tem uma origem commum –o Sanskrit, ou um mais antigo idioma que o gerou, e tambem ao grego, ao latim, ao teutonico, ao slavo, e ao celtico [aquí remite á mencionada nota a rodapé]. E como se chegou a semelhante resultado no exame comparativo dessas lingoas? Pelas claras analogias grammaticaes que ha entre ellas, pela comparação das palavras elementares, ou antes necessarias em qualquer idioma, despojadas das letras ou syllabas affixas ou prefixas, e attendendo a certas mudanças regulares de taes ou quaes consoantes de uma para outra lingua. Assim os que na indole do celtico quizerem achar contraste com a do latim terão primeiro que destruir as doutrinas dos principaes ethnographos e linguistas de Europa, trabalho e gloria, que estamos bem longe de lhes invejar.

A idea de que o portugués actual non é unha evolución do idioma primitivamente falado no país revélase completamente acorde co pensamento de A. Herculano acerca da identidade nacional portuguesa na *História de Portugal*, que comezara a publicarse un ano antes da aparición do artigo que se acaba de comentar. O autor intenta nesta obra rexeitar unha concepción organicista da súa nación e demostrar que as orixes dela se encontran na vontade política dunha serie de líderes medievais, e non nunha raza, nunha lingua e nunha relixión mantidos dende a prehistoria ata os seus días.

Tendo examinado as relacións que se poderían dar entre nós e aquela porción de tribos célticas denominadas os lusitanos. Qual é o resultado de tudo o que fica dito? Que é imposible ir entroncar con elas a nossa história ou delas descer logicamente esta. Tudo falta; a conveniência de limites territoriais, a identidade de raça, a filiação de língua, para estabelecermos uma transição natural entre esses povos bárbaros e nós.

(Herculano, 1980: 81-82)

Non só afirma a discontinuidade entre lingua dos primitivos celtas lusitanos e portugués actual, consecuencia da imposición do latín sobre a primeira, senón que se detén a explicar que antes da dominación romana se falaba na Península máis dun idioma –“as linguagens mais ou menos bárbaras e confusas que até então se falavam”- e que estes derivaban da mestura doutros traídos por diferentes pobos que anularían a unidade racial portuguesa –“e que não podiam ser exclusivamente célticas, mas sim mescladas de ibérico, céltico, fenício, grego e púnico, bem como o eram no sangue os habitantes da Espanha” (Herculano, 1980: 67).

Na *Historia de Portugal*, A. Herculano mostra a súa oposición ao principio de que as filiacións das linguas se deben asentar “exclusivamente” (Herculano, 1980: 65) nas semellanzas de tipo sintáctico, argumentando ademais que falta unha base de comparación fiable para establecer a relación entre o portugués e o celta e asentando tamén a súa crítica en cuestións de método:

Concedido que na realidade se dão grandes diferenzas de índole entre o portugués e o latim, a consequência legítima disso fora unicamente que deste não proviera aquele. Para provar, porém, a sua origem céltica era necessária mais alguma coisa: devia expor-se a índole da antiga linguagem dos celtas de Espanha e achar as analogias íntimas entre essa linguagem e a nossa e o contraste entre ambas e o latim. Eis o que não se fez e que é impossível fazer-se. A

hipótese de que o portugués procede do céltico tem a ruína na base. Essa língua primitiva passou sem deixar monumentos: o que hoje subsiste é um certo número de dialectos que se crêem célticos, mas cuja semelhança relativa com o idioma de que procederam ninguém ousaria determinar, tanto mais que entre eles se dão gravísimas diferenças.

(Herculano, 1980: 66)

Porén, os argumentos de A. Herculano perden forza e afástanse definitivamente dos achados da lingüística comparatista cando se refire ao latín vulgar, do que non fala explicitamente no artigo da revista *Panorama*. Os termos en que o fai na súa *Historia* provocarán a lóxica crítica de A. Coelho (1874a).

Tal e como fixera F. A. de Campos no seu día, explica A. Herculano que o erro dos celtistas consiste en xustificar as súas teorías na ausencia de similitudes entre o latín clásico e mais o portugués, cando este último ten a súa orixe no *sermo vulgaris* empregado polo pobo. O punto feble do historiador consiste en definir esta variedade como un resto da antiga lingua do Lacio, parece que anterior e de orixe independente ao latín clásico, mesturada coa doutros pobos que se van xuntando na sociedade romana a medida que avanza a conquista e tamén co propio latín, que acaba por modelar e adaptar ás súas estruturas. É unha idea moi semellante á que encontraremos en autores como M. Murguía á hora de definir as relacións entre o primitivo celta de Galicia e o idioma imposto por Roma: o primeiro non desapareceu baixo dominio dos césaes, senón que influíu no latín e modificouno de tal xeito que case se pode afirmar que o converteu en idioma celta. Sobre todo, modificouno naquilo que para M. Murguía constiúe a esencia dunha lingua: na fonética. Este idioma permaneceu a través dos séculos e é o galego que se fala no XIX. No fondo, a mesma idea que vimos atopando en todo este capítulo: a orixe dunha lingua está na mestura doutra ou doutras anteriores no tempo a ela.

Esta linguagem popular era, porventura, em parte um resto da antiga língua do Lácio conservada tenazmente pela plebe e alimentada pela acessão sucessiva dos povos da Itália à sociedade romana; em parte um resultado das conquistas.

(Herculano, 1980: 68-69)

Máis dedicado a cuestións lingüísticas e literarias cós dous últimos autores vistos é A. Soromenho¹³, quen escribiu a súa obra *Origem da lingua portugueza* (1867) para concorrer á cadeira de Literatura Portuguesa Moderna do Curso Superior de Letras de Lisboa.

A tese defendida neste traballo foi a seguinte: “Entre a lingua portugueza e a lingua romana não ha solução de continuidade: aquella deriva inmediatamente d’esta, apenas modificada na parte lexicologica pelas linguas primitivas das Hespanhas” (1867: 4). O autor lamenta en nota ao pé contar só con oito días para desenvolvela, o que seica lle impediu tratar o asunto coa amplitude e profundidade necesarias. Con todo, non aproveitou a reedición do traballo (Soromenho, 1874²) para profundar máis nas súas reflexións, se cadra porque a esas alturas a do celtismo lingüístico podía considerarse unha teoría practicamente superada para a que non pagaba a pena o esforzo. Se cadra por teimosía intelectual: “Augusto Soromenho era extremamente cioso da sua opinião acerca de qualquer interpretação relativa a algum problema arqueológico ou histórico, não admitindo contradições. Manteve por isso grandes polémicas na imprensa, que muitas vezes resvalaram para um tom demasiado apaixonado e severo” (s.a., s.d. b).

Quizais a causa da premura con que foi realizado, o traballo de A. Soromenho expón as súas conclusións, pero non deixa ver o camiño (o dunha gramática histórica do portugués) polo cal un romanista podería chegar a elas. De feito, dedícalle unha parte importante a consideracións de tipo histórico (non en van, a historia e a arqueoloxía interesábanlle tanto ou máis cá lingua) e, aínda que presenta unha serie de

¹³ Augusto Pereira de Vabo e Anhaya Galego e Soromenho (Porto, 1834 – Lisboa, 1878) traballou inicialmente como funcionario de aduanas, mais axiña conseguiu derivar a súa actividade profesional cara a outros eidos máis acordes coa súa formación intelectual e intereses ao obter un emprego na Biblioteca Pública do Porto. Alí tivo á súa disposición todas as fontes que desexaba consultar para desenvolver os estudos arqueolóxicos, históricos e filolóxicos polos que sempre amosara predilección. Travou amizade con Alexandre Herculano, quen conseguiu envialo a Madrid a estudar árabe co profesor Pascual Gayangos. De regreso a Portugal, foi nomeado profesor desa lingua no Liceu Nacional. Nos medios intelectuais foi axiña coñecido e respectado, polo que resultou elixido socio correspondente e, pouco despois, efectivo da Acaemia Real das Ciéncias. Abandonaría a institución anos máis tarde, adiantándose á súa previsible expulsión, a raíz dunha polémica mantida co matemático Daniel Augusto da Silva, con quen mantivo no seo da Academia unha discusión con transcendencia e escándalo públicos. Mais, inicialmente, a Academia das Ciéncias escolleuno para substituír a Herculano na dirección dos *Portugaliae Monumenta Historica*. Cando quedou vacante a cadeira de Literatura Moderna do Curso Superior de Letras, ao principio ligado á Academia, foi convidado a ocupala, cousa que fixo a partir de 1867, tras escribir a súa *Origem da lingua portugueza*, coa que se presentou ao concurso público. En 1872, tras falecer o profesor Luís Augusto Rebelo da Silva, pediu e obtivo o seu traslado para a cátedra de Historia (s.a., s.d. b).

documentos antigos como anexo ao texto principal, non os analiza, senón que unicamente os reproduce e refírese a eles de maneira xeral. Se cadra, esta é a primeira das razóns polas que A. Coelho, que compartira con A. Soromenho unhas mesmas inquedanzas xeracionais e intelectuais (cfr. alínea 2.2.2.1.), se mostrou duro na súa crítica, acusando o colega de falta de método (cfr. Coelho 1874a e 1874b).

Boléo (1947) considera esaxeradamente dura a valoración de A. Coelho, e seguramente o é, porque o traballo ten importantes acertos. Con todo, non debemos perder de vista o feito de que A. Soromenho mestura con ideas actuais e anunciadoras da nova lingüística outras de corte antigo que lle restan calidade á súa obra, e que alí onde se mostra máis acertado é onde segue a autores como F. A. de Campos, ou tamén A. Herculano, a quen A. Coelho non podía aceptar como representantes da ciencia glotolóxica.

En efecto, coido que A. Soromenho ten razón en insistir de novo en que as obxeccións que os anticeltistas fan á continuidade entre a gramática do latín e a do portugués se basean en considerar que o segundo deriva da variedade culta do primeiro, cando en realidade o que ten detrás é o latín vulgar. Certo é que A. Coelho considera unha incoherencia do autor o recorrer a escritores da boa latinidade para as súas deducións, a pesar de que previamente afirmara que para iso só valía basearse nas inscricións das catacumbas, pero tamén o é que o propio A. Soromenho xustificou a súa aparente contradición no sentido en que o fixera no seu día A. de Campos: “podiamos recorrer aos escritores mais correctos da boa latinidade para exemplificar esta fôrma grammatical da lingua rustica, porque aínda os mais cultos se deixaram muitas vezes levar pelo uso vulgar” (Soromenho, 1867:15).

Soromenho traza unha historia lingüística de Portugal bastante axustada, que trato de interpretar e resumir a continuación.

Antes da chegada dos romanos non se falaba neste territorio unha soa lingua e, aínda que sabemos iso, carecemos de coñecementos abondos para establecer cales eran os idiomas ou dialectos empregados polos primitivos habitantes do país, o que impide facer o traballo de comparación que nos permitiría dalos como base do portugués actual. Tampouco importa demasiado este extremo para establecer a filiación da

lingua nacional, pois si temos probas históricas abondas de que o idioma traído polos conquistadores se impuxo sobre os primitivos dialectos e é a base do portugués (matizarei isto máis adiante).

Durante o imperio, conviviron o latín vulgar traído por soldados, comerciantes... co idioma culto que se empregaba na literatura, nos documentos oficiais... e cos dialectos prerromanos, conservados no medio rural. Daquela, a influencia destes últimos era escasa no latín, xa que a variedade culta deste funcionaba como referencia e impedía que a variedade rústica derivase en cada rexión cara ao idioma local primitivamente falado nela. Pola contra, a influencia do latín, que se encontraba nunha situación de dominio, si se percibía nos dialectos locais prerromanos, que puideron ir derivando cara a unha lingua mixta ibero-romana.

Coa caída do imperio perdéronse os elementos que garantían a converxencia lingüística dos seus distintos territorios cara a unha mesma variedade culta, pero o latín non derivou inmediatamente nos diferentes dialectos neolatinos, porque os godos o adoptaron como lingua propia, tanto para os usos cultos como para o trafego diario. No entanto, o que se ve nos documentos escritos dos primeiros séculos da idade media xa non é o latín dos escritores clásicos: a variedade de referencia pasa a ser o latín vulgar.

A verdadeira transformación opérase nos reinos cristiáns dos séculos VIII a X (non así nas zonas dominadas polos musulmáns, onde acaba impoñéndose o idioma árabe ata o momento en que son reconquistadas). E aquí veñen os maiores problemas da teoría de A. Soromenho, pois este afirma que tal transformación se debeu á influencia das linguas primitivas da Península ou dunha linguaxe mixta ibero-romana, que se conservaran nas zonas rurais afastadas (Soromenho, 1867: 22).

Não é, portanto, aos povos germanicos que, como muitos creem, se deve a transformação que produziu a lingua romance, nem tam pouco foi n'esse periodo que essa transformação se operou. Foi nas monarchias christans, durante a guerra da reconquista, entre o VIII e o X seculos.

As povoações mais importantes da Peninsula, aquellas onde devia conservar-se mais puro o idioma romano, estavam em poder dos sarracenos; e os proceres romano-godos, nos recessos das montanhas, que lhes serviam ao mesmo tempo de côrte e de reducto, estavam rodeados

d'um exercito formado, na maior parte, dos habitantes do campo, de colonos, de servos, das classes infimas da sociedade, d'aquelles que mais tenazmente conservaram o uso da lingua dos seus maiores, ou fallavam uma linguagem mixta ibero-romana.

Parece que podemos deducir de aquí que o autor, de acordo coa vella teoría da mestura de linguas, lle atribúe un peso excesivo na formación dos idiomas romances, e mesmo dos dous dialectos portugueses que distingue, o do norte e o do sur, aos elementos de substrato, o que parece confirmar afirmacións doutros puntos do traballo e botar nova luz sobre citas que poderían ser lidas doutro xeito sen esta que acabo de reproducir (os subliñados son meus)...

Duas opinións distintas dividem ainda hoje os philologos que se occupam da origem e formación das linguas modernas da Europa meridional: uma, com preterição do latim, deriva da lingua celtica os dialectos peninsulares; a outra, com absoluto desprezo dos idiomas célticos, faz proceder ambas as linguas do Meiodia directa e inmediatamente do latim.

O defeito capital d'estas duas opinións tam encontradas está, segundo cremos, no seu demasiado exclusivismo; mas, guardadas as devidas proporções entre uma e outra, ainda assim é a primeira a que mais pécca contra a razão e contra a historia [Atención! Aínda non contra a glotoloxía ou a filoloxía].

(Soromenho, 1867: 5)

Nem era uma sóa a raça dos habitadores da Peninsula, nem uma só era a lingua que entre essas raças se fallava. Quaes, porém, fossem não pôde ainda averigual-o a philologia moderna apezar de todo o genero de diligencias e recursos; e absurdo parecerá, de certo, tomal-as como base d'um trabalho qualquer sobre a origem da lingua portugeza.

Alem de que, fossem quaes fossem, diz-nos a história que a lingua do povo romano *alterou profundamente e absorveu por fim os dialectos*, ou, se querem, a lingua primitiva dos povoadores das Hespanhas.

(Soromenho, 1867: 6)

...pero tamén parece contradicir a tese inicial (reproducida máis arriba), pois semella que agora o autor se está referindo a unha influencia das linguas primitivas da Península que vai máis alá do léxico e que determina a evolución global dos diferentes dialectos neolatinos.

1.4. A persistencia do celtismo

Nunha alínea anterior situei o centro da polémica celtista entre 1837 e 1867 e afirmei que a partir dese momento, e sobre todo a partir do descubrimento do novo paradigma procedente de Centroeuropa, o celtismo fora expulsado do debate lingüístico máis serio e académico, aínda que continuara tendo certa presenza na opinión pública durante anos. Boa proba diso é a obra de Nobre França¹⁴ e, sobre todo, do autor de quen toma as súas ideas, João Bonança¹⁵.

J. Bonança publica no ano 1887 un monumental traballo que será reeditado en 1891: *Historia da Luzitania e da Ibéria desde os tempos primitivos ao establecemento definitivo do dominio romano*. No dito traballo o autor busca as orixes da nación portuguesa e, xa que logo, das súas características raciais e lingüísticas, nos celtas primitivos e, segundo el, orixinarios da península Ibérica. Cae, ademais, nun círculo vicioso que o leva a empregar as súas teorías lingüísticas como xustificación das histórico-xeolóxicas que, noutras ocasións, se converten elas mesmas en xustificación das lingüísticas: a raza celta portuguesa ou *luzibérica* estendeuse polo Mediterráneo e as Illas Británicas, como se deduce do feito de que nestes territorios se falen linguas da mesma familia; asemade, as linguas chamadas románicas e mais o gaélico pertencen a unha mesma familia, como se deduce do feito de ser a poboación destes territorios orixinaria dun mesmo lugar.

Entre as probas lingüísticas que usa João Bonança están as inscricións das moedas prerromanas, pois afirma que as descifrou, o que esperta inicialmente o interese pola súa obra. Segundo o autor da *História da Luzitania e da Iberia*, nelas descubriu palabras portuguesas e españolas iguais ás actuais que lle serviron de punto de partida

¹⁴ De ideas e militancia republicanas e socialistas, José Correia Nobre França (1838-1920) foi tipógrafo, articulista e director da revista político-radical *Azagáia*.

¹⁵ João Bonança (Lagos, 1836-1924) destacou polo seu activismo republicano, que o levou a redactar o *República Federal* e a fundar *O traballo*, primeiros xornais portugueses representantes desta tendencia política. Tamén foi candidato republicano á presidencia do goberno en 1911, aínda que con pouco éxito. Inflúiu máis nas decisións políticas dende a prensa, como cando en 1866 defendeu, a canda Alexandre Herculano, a necesidade dos rexistros civís, que finalmente foron recollidos no código civil. Tamén foi na prensa (no xornal *Arquivo Comercial*) onde publicou os seus primeiros artigos sobre temas históricos e onde recollería grandes eloxios para a *Historia da Luzitania e da Iberia*, á que dedicara boa parte da súa vida e que non tardaría en ser xustamente condenada ao esquecemento, dado o fantasioso das súas teorías, tanto no plano da lingüística como no das ciencias naturais (s.a., s.d. b).

para desentrañar o significado do conxunto dos textos e que lle permiten afirmar que na península Ibérica se falaba portugués e español xa antes da dominación romana.

O máis interesante da extensa obra de João Bonança é que esta constitúe unha mostra clarísima de como os vellos mitos e as ideas do paradigma precomparatista perviven en publicacións de finais do século XIX, pero tinguidas dun forte nacionalismo de corte etnicista ou mesmo racista e mais maquilladas de ciencia no máis puro estilo positivista. En efecto, o autor presenta teorías que viamos, por exemplo, en A. Ribeiro dos Santos, mais xustificaas fundamentalmente con análises xeolóxicas (bloques erráticos, glaciares...) e paleontolóxicas (fósiles de plantas, de animais e de persoas dos tempos primitivos).

A. Ribeiro dos Santos recorría ao bíblico diluvio universal para explicar as coincidencias de léxico entre latín e portugués: o latín era, en realidade, unha lingua que derivaba do celta-portugués primitivo, xa que fora a poboación orixinaria da península Ibérica a que repoboara Italia cando se retiraran as augas enviadas por Deus como castigo. A tese de João Bonança tamén é que, tras a última glaciación, unha boa parte de Europa, incluída Italia, foi repoboada pola raza celta, ou máis ben *selta* (prefire esta grafía porque considera que a palabra se relaciona etimoloxicamente con ‘solto’, é dicir, ‘libre’) procedente da Península. Porén, João Bonança xamais cita autores celtistas nin filósofos da idade moderna entre as súas fontes, aínda que é evidente que os coñece (ver seguintes parágrafos). Pensa, ou quere facer que o público pense, que se trata de descubrimentos orixinais, dado que se opoñen ás teorías ofrecidas polos comparatistas, que son xa a corrente dominante na lingüística da súa época.

A oposición ao comparatismo esténdese tamén aos seus métodos, baseados na análise de feitos do sistema (leis fonéticas, regras de formación de palabras...). El prefire, á maneira de moitos dos autores que viñemos vendo ata aquí, a comparación do léxico primordial dos idiomas, aínda que defende que tal método está tomado da bioloxía e da botánica (subliñados no orixinal):

O exposto é bastante para nos convenceremos de que, em virtude das taes *leis seguras da evolução phonetica*, qualquer forma vocabular pode significar tudo: de onde um critico celebre

concluiu que a *philologia é uma sciencia para a qual as vogaes não valem nada, e as consoantes muito pouco.* (...)

É certo, e nós o mostramos no devido tempo, que ‘numa mesma lingua alguns desses fenomenos teem logar; mas isso prende-se com a gradação das ideas, e com o estado intellectual e social dos que a falam.

A acção de esses fenomenos é limitadissima, e embez de destruir o systema linguistico constitue-o.

De ai a uniformisar por meio de amputações e tranformações violentas um pequeno numero de formas occasionaes, e concluir que as muitas divergentes o são em consecuencia de phenomenos desconhecidos; a proclamar sobre o desconhecido e o deformado a unidade das linguas da Asia e da Europa, vai uma distancia enorme.

(Bonança, 1891²: 629)

Admittamos que este systema de construcção [de palabras engadíndolle sufixos a unha raíz monossilábica] é commum; quem jamais, em boa logica, pode concluir de ahi que as chamadas linguas indo-europeas descendem do mesmo tronco?

Pelo facto de os tecidos animaes serem compostos de uma aggregação de cellullas, quem jamais ousou provar com isso que todos os animaes descendiam de um unico?

Por haver uma ordem de animaes, providos de mammas, e que na infancia se alimentam com o leite de suas mães, ninguem de ahi infere que o urso é filho do boi, o macaco descendente do elephante, o camelo nascido do porco e o homem procreado pelo asno. (...)

Para determinar pois com precisão e clareza a familia de uma lingua, não devemos procural-a na similhaça do methodo de aggregação dos elementos, mas na identidade caracteristica das suas formas permanentes que a tornam uma criação perfeitamente distincta e separada de outra: quando ‘numa lingua o globo terrestre [sic] se representa pela palavra *Terra*, ‘noutra por *Erde*, ‘noutra por *Ge*, estas trez linguas não tiveram para essa palavra uma origem commum, visto cada uma de ellas ter uma forma completamente diversa.

Desde que as palavras primordiaes apresentam em varias linguas as mesmas permanentes, essas linguas pertencem evidentemente á mesma familia: o globo terrestre em portuguez diz-se *terra*, em francez *terre*, em hispanhol *tierra*, em italiano *terra*, em latim *terra*. As permanentes de este termo são as mesmas *t*, *r* em todas estas linguas: por tanto todas pertencem á mesma familia.

(Bonança, 1891²: 638-639)

Pero por que esa oposición, case agresiva, ao comparatismo, aos seus métodos e ás súas conclusións? Pois, por unha banda, porque o fin último de João Bonança é presentar o pobo portugués como continuador directo dos primitivos habitantes de Portugal e como civilizador do mundo dende os tempos prehistóricos, polo que non pode aceptar a pertinencia dos cambios no sistema da lingua para distinguir uns

idiomas doutros: a esencia do idioma debe manterse ao longo do tempo e as mutacións de letras non deben considerarse fundamentais. Non pode aceptar a *transformación* do latín (nin de ningunha outra lingua) en portugués; para el o portugués actual é o mesmo idioma *selta* das orixes. Evidentemente, está rexeitando algo que, ata certo punto, os comparatistas tampouco non defenden, pois para eles é claro que o portugués é latín (evolucionado), pero o certo é que explican as diverxencias nas familias lingüísticas pola evolución ao longo do tempo, e non por seren distintas xa de partida, e que admiten que, en tanto que sistema, unha lingua máis que cambiar desaparece para dar lugar a outro sistema novo saído do antigo (cfr. Aurox, Bernard e Boulle: 2000). J. Bonança pensa que o tempo corrompe, efectivamente, as linguas, pero o céltico continúa sendo céltico; o xermano, xermano, etc.

Por outra banda, quere negar calquera vencello do pobo portugués con razas inferiores procedentes de África ou de oriente, que de ningún modo teñen poder de conquista e, moito menos, de civilización de sociedades superiores. Pasado ao plano da glotoloxía, iso significa negar o monoxenetismo das linguas europeas, a existencia da familia lingüística indoeuropea e, por suposto, a orixe sánskrita dos idiomas do Vello Continente que, segundo el, defenden os glotólogos (a pesar de que esta idea xa non era aceptada entre os lingüistas no momento en que J. Bonança escribiu e publicou o seu traballo).

Mais o que autores galegos como M. Curros Enríquez (vid. máis abaixo) aproveitarán da longuísima exposición de João Bonança é a seguinte teoría, non exenta de incoherencias, que xa foi parcialmente adiantada en parágrafos anteriores:

Os xeos, as erupcións volcánicas e as inundacións da era glacial extinguiron a vida en boa parte de Europa, mais a península Ibérica librouse dos seus efectos. En realidade, ás veces semella que tamén se extinguiu aquí, pero que os xeos se retiraron axiña e volveu xerarse *ex novo*. En todo caso, o que agora interesa é que a poboación da península Ibérica, daquela cercada por cadeas montañosas de 8000 metros de altura e permanentemente cubertas de neve que a incomunicaban, non pode proceder nin de Francia nin de África, nin tampouco de ningunha outra parte do mundo. Esta poboación, grazas a un clima nin excesivamente rigoroso (que extinguiría a vida) nin

excesivamente benigno (que convidaría á molicie), desenvolveu unha civilización avanzadísima.

Había outras catro zonas de Europa libres de xeos: o occidente da Galia e leste das Illas Británicas, parte do sur da Xermania, o sur dos Balcáns e o sueste de Rusia. Estas estaban separadas entre si por glaciares, montañas e mares. En todas elas había seres humanos ao mesmo tempo ca na Península, pero estes xurdiran espontánea e independentemente en cada territorio, polo que non tiñan relación xenética cos dos actuais Portugal e España. Así pois, cada un dos territorios libres de xeo deu lugar a unha das seguintes razas europeas: céltica, no sur; gala (*gauleza*) no occidente; xermana, no centro; grega e eslava. Mais a raza gala, orixinariamente independente, ao rematar o período de glaciación e facerse posible a intercomunicación e a expansión dos pobos máis avanzados e capaces, recibiu dos celtas peninsulares a linguaxe, a industria e novos tipos étnicos. Próbano os cranios atopados e o parentesco lingüístico, xa que o galo é un dialecto do primitivo *luzibérico* falado na nosa Península. Así pois, mesmo se os dous tipos étnicos aínda hoxe poden ser distinguidos na Galia e na Grande Bretaña, os gaulezes e os luziberos constituíron unha raza común, que J. Bonança chama *selta*. Iso reduce a catro as razas humanas e a catro tamén os idiomas primitivos e independentes que darían lugar ás actuais familias lingüísticas de Europa: celta, xermana, grega e eslava.

Das catro familias de linguas europeas a máis antiga é a celta, dado que nos climas temperados o home e a civilización desenvólvense antes. J. Bonança aclara que todos os pobos, aínda que incomunicados, inventaron a linguaxe igual que todos decidiron usar pedras e ósos para facer instrumentos. En todas partes o home, oprimido por idénticas necesidades, socórrese dos mesmos medios.

Segundo progresa a retirada do mar glacial que cubriu a maior parte de Europa durante a glaciación, as catro razas mencionadas empezan a repoboar os territorios ermos que van quedando expeditos. As montañas, as augas e xeos que persisten nalgúns zonas marcan os límites desta expansión. Por suposto, as distintas razas levan consigo cadanseu idioma, polo que eses límites son tamén os das diferentes familias lingüísticas actuais. En consecuencia, a familia da lingua celta abarca o portugués, o italiano, o francés, o español e o hibernico; a do xermano, o alemán, o

holandés, o dinamarqués, o sueco, o noruegués e o islandés; a do eslavo, o ruso, o búlgaro, o servio, o eslovaco, o croata, o polaco e o bohemio. O grego disque non se puido estender porque topou co xermano e co eslavo. O latín é tamén unha lingua céltica, pero non é o seu tronco principal: é delas a máis moderna e menos pura, xa que os romanos, para afirmaren a súa individualidade, formaron lingua á parte mesturando o celta co grego.

Emporiso, se cada unha das catro familias lingüísticas mencionadas ten orixe independente, como se explica que se asemellen en todas elas algúns numerais e nomes familiares como *padre, madre e frade*? Pois porque a raza celta, máis avanzada e con vocación redentora, co tempo expandiuse polos territorios das outras e, aínda que non se fusionou con elas, levoulles a súa civilización.

Parece, xa que logo, que hai tres niveis de celticidade:

1. Os *seltas* orixinarios, os da Península e os das rexións inicialmente despoboadas a onde estes se estenderon tras a última glaciación.
2. Os franceses e británicos, que son unha fusión de celtas e de habitantes orixinarios.
3. As zonas da Xermania, de Grecia, etc. a onde tamén se expandiron os celtas, por exemplo da man do Imperio Romano. Semella, en todo caso, que alí chegaron en menor número e que non se mesturaron coa poboación autóctona, pero que deixaron a súa achega civilizadora e algúns préstamos léxicos.

No mesmo ano en que se publica a segunda edición do traballo de João Bonança, sae do prelo a primeira da obra de Nobre França *A philologia perante a historia. Ensaio de critica á ciencia allemã e a varias ciencias*, cunha dedicatoria “á glorificação da *Historia da Lusitania e da Iberia* por João Bonança” (França, 1890-91: VII). No prólogo da reimpresión da obra de França (1918) queixarase o autor de que a oposición dos glotólogos ao traballo de J. Bonança impedise a publicación do seu segundo tomo.

Nobre França non achega ideas orixinais con respecto ao tema do celtismo, senón que toma as de João Bonança para arrebolarlhas aos comparatistas, que son, como se ve polo título, o tema central do seu libro. Se J. Bonança criticaba as conclusións da glotoloxía para defender as súas teorías, França máis ben expón as teorías celtistas para criticar os glotólogos comparatistas. E tamén para opoñerse ás propostas de reforma ortográfica, que non lle gustaban ao autor da *História da Luzitania e da Iberia*, circunstancia que xustifica no feito de que estas propostas asumisen a falsa premisa de que a lingua e o alfabeto portugués eran latinos, como pode verse, por exemplo, nas *Bases* de Gonçalves Viana e de Vasconcellos Abreu, que se publicaran en 1885:

«ORTOGRAFIA PROTUGUESA» é o sistema de escrita ou grafía representante comum de todos os dialectos do portugués falado; a sua base é a história da linguagem portuguesa considerada como língua e como dialecto.

Considerada como língua, estuda-se a linguagem portuguesa no ponto de vista de língua fundamental ou língua mãe, de que, por evolução própria, se teem derivado outros modos de falar no tempo e no espaço, depois de assentada a evolução glotolójica realizada em Portugal durante mais de um século já desde D. Dinis, e principalmente durante os reinados de D. Pedro I, D. Fernando I e D. João I.

Considerada como dialecto, estuda-se a linguagem portuguesa como evolução glotolójica neolatina ou románica.

(Viana e Abreu, 1987) [1885]

Evidentemente, tanto França como Bonança defenden que o alfabeto que chamamos latino é creación orixinal portuguesa exportada polos primitivos celtas ao resto do mundo. No prólogo á primeira edición da súa obra, Nobre França refírese con alegría ao rexeitamento por parte da Academia Real das Ciências de Lisboa dun cuestionario de Gonçalves Viana destinado ao traballo de reforma ortográfica e ao longo do texto clama polo mantemento do *h* (supoño que en resposta ao intento de suprimilo de dígrafos como *th*, *ph*, ou *ch*= *k*) por ser orixinal de Portugal.

1.5. A influencia do celtismo portugués en Galicia

Ao longo das páxinas precedentes fomos vendo como nalgúns puntos as ideas expostas polos autores portugueses tiñan o seu reflexo nas de autores celtistas galegos. Cómpre lembrar, con todo, que estas ideas non tiveron por que chegar directamente vía Portugal, xa que, por unha banda, en moitos casos puidemos comprobar que se trataba de teorías comunmente aceptadas pola reflexión lingüística precomparatista e non directamente asociadas á cuestión das orixes celtas da lingua e, por outra, a que semella fonte principal do celtismo lingüístico portugués e, nomeadamente, do cardeal Saraiva, o enciclopedismo francés, ben podería ser tamén a do celtismo galego. Así pois, neste punto unicamente será posible defender unha influencia clara de Portugal de estaren os eruditos que viñemos presentando nas alíneas anteriores directamente citados polos escritores galegos.

A continuación farei unha cala rápida entre autores do norte do río Miño que, durante o século XIX, manifestaron ideas lingüísticas celtistas. Parareime naqueles que, como J. Vereá y Aguiar ou M. Manuel Murguía, teñen un papel especialmente importante na introdución e difusión desta teoría en Galicia e tamén noutros, quizais menos relevantes nese sentido, pero que deben ser tidos en conta por citaren fontes portuguesas (caso de M. Curros) ou por entraren en polémicas con autores do país veciño (como A. G. Besada).

1.5.1. Os historiadores: J. Vereá y Aguiar e Manuel Murguía

Ningún dos galegos nomeados no parágrafo anterior parece coñecer directamente as obras do iniciador do celtismo en Portugal, A. Ribeiro dos Santos. Nin sequera J. Vereá y Aguiar¹⁶, que estivo exiliado en Portugal en 1815 e 1816 (é dicir, un ano

¹⁶ José Vereá y Aguiar (Santiago de Compostela, 1775-1849) “é un dos historiadores liberais da primeira metade do século XIX que serven de enlace entre o grupo de ilustrados (Sarmiento, Cornide, Sobreira, etc.) e os provincialistas de 1846”. Estes atoparon no celtismo da súa *Historia* un dos principais argumentos para defender a existencia da personalidade galega diferenciada. En canto á súa biografía, estudou Filosofía no colexio compostelán de San Xerome e, posteriormente, Leis e Canons na Universidade da mesma cidade, da que foi, unha vez licenciado, substituto de bibliotecario segundo. Estivo desterrado dous anos por aceptar un emprego na Policía de Santiago durante o reinado de José Bonaparte. En 1813 entrou de secretario no Concello de Santiago, mais as mesmas ideas liberais que o levaran a colaborar cos franceses levárono á clandestinidade e ao exilio en Portugal tras a chegada de Fernando VII. No trienio constitucional volveu a Galicia como secretario do Concello da Coruña (Vilavedra, 1995).

despois de publicadas as *Memorias* que A. Coelho dá como punto de partida do celtismo portugués) menciona o erudito bibliotecario. Os únicos autores lusos que cita son Faria¹⁷ e André Resende, e non o fai para referirse ás orixes celtas da lingua; curiosamente, no caso de André Resende faino para destacar a persistencia de topónimos gregos en Galicia e Portugal que, segundo o autor, proban a presenza de colonias helenas no noso país. En cambio, J. Vereá y Aguiar recorre moitas veces a autores franceses como Peloutier, Pelletier, Pezron, Boulet, Bochart ou Bosuet, así como a ilustrados españois e galegos. Cando o noso historiador critica o dicionario céltico de Boulet por non incluír palabras de Galicia e de Asturias (topónimos, poderíamos dicir, pois é o tipo de vocábulo a que se restrinxe a súa proposta) e advirte que, de facelo, “enriquecería mucho más su trabajo“ (1838: 36), non parece coñecer os vocabularios céltico-portugueses de A. Ribeiro dos Santos, que nunca se chegaron a publicar.

Tampouco é J. Vereá y Aguiar, a dicir verdade, un celtista tan radical coma o erudito portugués, no sentido en que parece entender que o compoñente celta, con estar presente na formación do galego, non ten máis importancia ca outros coma o grego, que o P. Sarmiento, por quen expresa a súa admiración, contribuíría sen dúbida a revalorizar (1838: 116-117 da primeira parte).

El idioma gallego resultado de los dialectos céltico y griego, conservados en parte hasta el día, ha sido el primero que se formo con la corrupción de la lengua latina en los primeros países libres del yugo mahometano, y el que fué estendiéndose hácia el Mediodía à proporción de lo que iban adelantando los esfuerzos de los cristianos, en que con los asturianos y vizcainos tuvieron, como siempre, tanta parte los poderosos gallegos (...)

Que por estas razones la lengua gallega con la latina ha sido la dominante en los tres siglos en que sucesivamente se fué desplegando y perfeccionando, mas que despues se fuese enriqueciendo y afinando con la árabe, viniendo á ser tan hermosa para entonces, como ahora lo es la lengua de la Corte; y verdaderamente fué el castellano primitivo, del que y despues de la corrupción del latín, resulto el secundario que se fué formando con el tiempo, y el clima seco de Castilla.

Como se ve, para J. Vereá y Aguiar o galego é resultado da fusión ou da acumulación de diversas achegas que, como os afluentes dun río, se van sumando ao cauce orixinal.

¹⁷ Refírese ao poeta e historiador portugués, aínda que residiu a maior parte da súa vida en Madrid, Manuel de Faria e Sousa (Pombeiro, 1590 – Madrid, 1649).

Daquela, o historiador galego tería máis ben unha concepción difusionista, e non fixista, da evolución da súa lingua, se aplicamos a categorización establecida por Aurox e Horde (1992) de que falamos na alínea 1.1. António Ribeiro dos Santos sería, en cambio, fixista. Con todo, hai que ter en conta que J. Vereá y Aguiar non se detén tanto a explicar a súa concepción da evolución do galego como o fan os portugueses ata aquí considerados, porque o obxectivo central dos seus traballos non é en ningún momento a lingua.

E aí reside a segunda diferenza entre J. Vereá y Aguiar e A. Ribeiro dos Santos: ao primeiro a lingua interésalle unicamente como apoio ás súas teses sobre a historia de Galicia, en tanto que ao segundo lle sucede ao revés, polo menos nas obras que vimos analizando ata aquí. Por que sinala J. Vereá y Aguiar os topónimos gregos que, na súa opinión, se encontran espallados polo país adiante ou fai referencia ao “diptongo griego [ej] tan general en los nombres de pueblos y language de Galicia”, se non é “para conocer la dominación de aquellas gentes en este país”? (Vereá y Aguiar, 1838: 197). En cambio, como vimos, A. Ribeiro dos Santos usa a suposta xeneralidade e antigüidade da colonización celta para argumentar a extensión e pervivencia do idioma dos druídas.

Neste punto, J. Vereá y Aguiar coincide con Manuel Murguía¹⁸. Como quedou dito, este é fundamentalmente historiador e considera a filoloxía unha ciencia auxiliar da

¹⁸ Manuel Martínez Murguía (Froxel-Arteixo, 1833 – A Coruña, 1923) foi o representante máis destacado do galeguismo liberal e da historiografía galega no século XIX. Na súa mocidade compostelá frecuentou o Liceo de la Juventud, centro que aglutinaba a xeración do segundo provincialismo. Tras abandonar os seus estudos de Medicina e Farmacia, trasladouse a Madrid, onde traballou como xornalista e escritor. Alí publicou as súas primeiras críticas de literatura e de arte e os seus primeiros artigos de contido histórico, que avanza o que será o conxunto da súa obra: “a variada obra de Murguía encádrase plenamente no campo da erudición profesional, que foi a práctica cultural por excelencia en España e na Galicia decimonónicas. Unha erudición entendida como colección de saberes –crítica e historia da literatura, filoloxía, arte, historia, arqueoloxía, folclore, bibliografía, xeografía, xeoloxía...-, aínda non separados en formas de coñecer distintas e apoiados as máis das veces en rudimentarios coñecementos técnicos” (Vilavedra, 1995: 372-373). En todo caso, o seu traballo fundamental, polo que foi recoñecido no seu tempo e na posteridade, foi a *Historia de Galicia*, da que só chegou a publicar cinco tomos (interrompeuna na idade media). “Recomendada pola Academia da Historia, marcará un fito na historiografía galega e na formación ideolóxica do nacionalismo. Con Murguía a historia de Galicia configúrase como historia nacional” (Vilavedra, 1995: 373). En 1858, Murguía casa con Rosalía de Castro e instálase de novo en Galicia. A partir dese momento centrará a súa erudición na súa terra e iniciará un labor que xa non abandonará como ideólogo do galeguismo e promotor e organizador de actividades e institucións culturais (ex. Real Academia Galega, 1906) e políticas (ex. Liga Gallega da Coruña, 1897). Durante a revolución de 1868 é secretario da Xunta Revolucionaria de Santiago. Ese mesmo ano, por decisión gubernativa, ingresa no Corpo de Arquivos e Bibliotecarios, do que será expulsado en 1876 e ao que non volverá ata os anos 90.

disciplina de que se ocupa, tal e como pode verse en Murguía, 1901²: 6 [1865]. Ao falar dos celtas, recorre normalmente a outros historiadores europeos e sobre todo franceses (por suposto a Thierry, pero tamén a H. Martin ou Cailleux), así como a escritores da antigüidade (Estrabón, Silio Itálico...) ou mesmo a obras literarias (as dos novelistas A. Karr e W. Scott, dos poetas bretóns como Brizeux, o *Leabar Gabala* ou *Libro das invasións...*). Con todo, cando no capítulo I da *Historia de Galicia* profundiza na cuestión lingüística ata o punto de dedicar unhas corenta páxinas a falar do “Idioma; sus orígenes, su formación, causas de su decadencia”, cambia de referentes. Daquela, queda claro que as súas fontes principais son dúas: o francés A. Granier de Cassagnac e o portugués F. de San Luiz, máis en concreto a súa *Memoria em que se pretende mostrar que á lingua portugueza não he filha da latina*. De feito, se ben se refire o autor galego, ao tempo que á súa ignorancia en temas lingüísticos, aos “grandes descubrimientos hechos últimamente por los filólogos ingleses y alemanes” (Murguía, 1901²: 302-303) [1865] –noutros capítulos da *Historia* de M. Murguía non son infrecuentes as citas dunha das obras de Max Müller, o que non deixa de ser significativo, dado que se trata dun autor que se ocupou da vulgarización da nova glotoloxía entre o grande público-, anuncia que se vai guiar principalmente polos “estudios hechos acerca del castellano y sobre todo los que se ocupan del portugues” á hora de falar “del origen y formación” do galego.

M. Murguía non semella coñecer a obra de F. Diez nin de ningún romanista, e na altura en que escribe o primeiro tomo da súa *Historia*, publicado en 1865, non se desenvolveron aínda as lingüísticas chamadas científicas dos países latinos, así que para falar dos idiomas da casa ten que recorrer a autores alleos á nova corrente filolóxica. Porén, as alusións xerais aos estudos portugueses non se concretan en citas de autores diversos. O único de quen se nos dá o nome, e mesmo o título da obra tomada como referencia, é o mencionado cardeal Saraiva. É máis, o historiador galego non presenta indicios de coñecer a polémica que se desenvolvera en Portugal a raíz da publicación do dito traballo.

Noutros capítulos da súa *Historia*, M. Murguía apóiase máis nos avances feitos pola nova lingüística europea que estaba xurdindo -e que parece coñecer só superficialmente, e unicamente a través de obras traducidas ao francés- con tres obxectivos:

O primeiro deles é demostrar que a poboación de Galicia é aria, europea, e non africano-semítica, tal e como demostra o feito de que o idioma aquí falado e os seus posibles xeradores (latín, celta, mesmo grego) son indoeuropeos. Sobre o castelán, en cambio, planea a dúbida da forte influencia árabe, como demostra “el sonido fuerte de la g y la j” (Murguía, 1901²: 324) [1865]; é dicir, a existencia dun fonema velar fricativo xordo que xa o P. Sarmiento atribuíra á dominación musulmá. Nada estraño, tendo en conta que mesmo eruditos casteláns coma Severo Catalina del Amo (1865) defendían pola mesma época (en concreto, nun discurso lido en 1861) o semitismo da súa lingua:

El hecho es que si se adopta la teoría de que el ario y las lenguas arianas son europeas, hay que entender desde luego que el hombre blanco, apareció en esta parte del globo en época remota y absorbió por completo la población anterior. Porque si es verdad que pueblos superiores pueden en ocasiones adoptar lenguas inferiores y que hablar una lengua superior no es pertenecer de hecho á la raza que le es propia, lo es también que la creación de esas lenguas superiores piden á su vez un hombre y una civilización superior. Hayan venido del Asia ó formado en Europa, nada más cierto que las lenguas aquí habladas eran en su mayoría arianas: es presumible por lo tanto que el hombre que las hablaba, fuese en un todo de raza blanca, pues los que de ellas vienen se nos presentan dotados, física é intelectualmente, de las condiciones propias de tan importante familia humana.

(Murguía, 1901²: 451-452) [1865]

O segundo e o terceiro dos obxectivos atópanse ao servizo do primeiro e están directamente orientados a defender o importante papel do idioma celta na formación do galego. Tal e como se deduce dos argumentos expostos na última cita, falarmos unha lingua celta proba que o pobo que lle dá nome se asentou en tempos primitivos no territorio da actual Galicia e que é, xa que logo, o noso antepasado. Isto únenos co resto dos países civilizados, pois M. Murguía pensaba, coma moitos dos seus contemporáneos, que os celtas se estenderan por case toda Europa occidental e deran orixe ás nacións europeas máis avanzadas.

No sólo los antiguos geógrafos é historiadores dan á Galicia como poblada por celtas, sino que las nuevas conclusiones de la arqueología histórica y de la lingüística, vienen á confirmar esta verdad. Sobre todo la lingüística, cuyas indicaciones son decisivas.

(Murguía, 1901²: 477) [1865]

Por curioso que poida parecer, a nova lingüística permítelle ao historiador xustificar as semellanzas de vocabulario entre galego e latín sen abandonar a hipótese da esencia celta do primeiro. Manuel Murguía baséase no feito de que o idioma dos césares e o dos druídas pertencen a unha mesma familia e, xa que logo, teñen que presentar parecidos evidentes que –pensa o historiador– levaron a algúns a confusión, facéndolles pensar que o galego era un idioma esencialmente latino. Xustificacións parecidas tamén se intentaran dende a lingüística precientífica (vid. máis abaixo), aínda que se basearan na suposición de que o latín tomara moitos préstamos do galo, e non nunha relación de parentesco entre os dous idiomas. Murguía non desdeña tampouco o argumento do préstamo (“señalando el parentesco de las lenguas célticas con el griego y el latín y haciendo ver, que este último, era un dialecto, que se enriqueció con sus conquistas fuera del Lacio”, Murguía, 1901²: 308 [1865]), pero este novo enfoque ten para el o aval da corrente lingüística máis innovadora e científica do momento (Murguía, 1901²: 307 [1865]).

Pertenece el celta, á la gran familia celto-ariana, y el latín y el griego están afiliados en el grupo pelásgico, pero unos y otros son de origen ariano, de aquí, que sean tan significativas las semejanzas (sobre todo en los vocablos) entre unas y otras lenguas, y que hayan permitido formar tantos sistemas acerca del origen de los idiomas neo-latinos, como eran las simpatías de sus autores por el griego ó el latín. Este último, sin embargo, fué el que contó mayor número de partidarios, y el que hoy prevalece, si bien van quedando reducidas sus pretensiones á más justos límites.

Evidentemente, o galego está malinterpretando ou, en todo caso, forzando a interpretación dos datos que lle ofrece a glotoloxía. O mesmo sucede co seguinte dos obxectivos:

Segundo M. Murguía, a lingüística europea permite demostrar a maior antigüidade do celta sobre as outras linguas europeas, pois aquela foi a primeira en desprenderse do tronco ariano. Iso explica, para el, que a poboación primitiva galega pertenza a este pobo. Os latinos, os gregos... viñeron despois, como conquistadores dos que xa aquí estaban asentados e deixaran unha pegada indeleble. Obsérvese, na seguinte cita, a persistencia de metodoloxías precomparatistas (supervaloración da toponimia, asunción da motivación orixinal do signo lingüístico...) nun discurso que pretende apoiarse na moderna glotoloxía.

Prueba todo, que pues ellas [as etimoloxías dos topónimos galegos] se esplican perfectamente por el sanscrito, y el celta fué el primer pueblo ariano que se separó del tronco originario, que los que aquí hicieron población, fueron de los más antiguos, tal vez de los primeros que descendiendo sobre Europa no detuvieron su marcha hasta hallar la para ellos, infranqueable ribera del océano [sic]. No puede sospecharse, viendo su muchedumbre, que esos nombres fuesen impuestos, á las localidades, más tarde, y por analogía. Con sobrada reserva habíamos acogido en un principio toda clase de etimologías; pero después, y cuanto más penetrábamos en el oscuro laberinto de nuestras antigüedades, más claro veíamos que eran las de origen sanscrito fuente abundante, en la cual podían hallarse pruebas de la extensión y antigüedad de la dominación céltica en estas comarcas. ¡Y cómo no tener fé en ellas, cuando era manifiesto que los nombres de infinitos pueblos no solo eran arianos, sino que explicaban al mismo tiempo las condiciones y cualidades de la localidad, á la cual se le había impuesto!

(Murguía, 1901²: 477) [1865]

[Os topónimos galegos] son hoy una prueba irrefragable, ya de la llegada á este país de pueblos arianos, ya de que predominaron por completo, ya de que se extendieron y aumentaron de la manera prodigiosa que hacen sospechar tantos y tantos nombres de localidades cuyo origen y significado, á pesar de los tiempos, es bien perceptible. Podrían de igual manera decir que ningún otro pueblo prevaleció aquí desde que ellos llegaron, que ó lo llevaron delante como rebaño de ovejas que huye despavorido, ó que desapareció rápidamente sin que los nuevos habitantes se mezclasen con ellos, ni los consintiesen como vecinos.

(Murguía, 1901²: 475) [1865]

En todo caso, como quedou dito, no capítulo especificamente dedicado á lingua, o historiador galego opta por dous autores alleos ás innovacións da glotoloxía decimonónica.

Empecemos por A. Granier de Cassagnac. Murguía rexeita como esaxeradas algunhas das afirmacións do francés, como a de que o propio latín deriva do celta. Con todo, no momento en que publicou o primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*, non podía deixar de resultarlle simpático un discurso que lles atribuíu aos dialectos un papel fundamental na formación da lingua teito de Francia, o que seguramente ao escritor galego lle pareceu transferible á situación sociolingüística española:

Les éléments primordiaux, essentiels, populaires, de la langue française, sont d'origine nationale. Ils appartiennent directement, clairement, aux six ou sept idiomes, branches distinctes de la langue celtique, qui se parlent encore aujourd'hui en France, come le

provençal, le catalan, le languedocien, l'aquitain, le bas-breton, l'auvergnat, le wallon; et ces idiomes, qu'on appelle du nom général de patois, sont incontestablement antérieurs, non-seulement à l'invasion romaine, mais à la formation de la langue latine.

(Granier de Cassagnac, 1859: 6)

Non esquezamos que a reclamación da paternidade do galego sobre o castelán ou, como pouco, a forte influencia da pobre lingua do noroeste peninsular sobre a compañeira do xa decadente imperio español, foi un dos argumentos prestixiadores do idioma que esgrimiron os autores do Rexurdimento (Hermida, 1992).

Por parte, A. Granier de Cassagnac tivo que chamar a atención de M. Murguía porque se referiu directamente na súa famosa obra aos *patois espagnols*, que para el son “comme ceux de la Gaule, antérieurs au latin, et ils se parlaient parmi les paysans pendant la période de la plus belle latinité” (Granier de Cassagnac, 1859: 12).

En efecto, de Granier de Cassagnac di tomar M. Murguía a idea seguinte: o dialecto (vernáculo sen cultivo) falado nos seus días en Galicia (e, por suposto, os *patois* falados en Francia e o mesmo francés, no caso da súa fonte) existe dende antes da invasión romana, sobreviviu á latinización e rexurdiu no momento en que o Imperio se debilitou para chegar ata os nosos días (segundo M. Murguía, mesturado co latín). Unha idea que ben podemos relacionar co concepto de latín vulgar que expresaba Herculano na súa *Historia de Portugal*, sobre todo porque A. Granier de Cassagnac identifica con patois celtas as influencias rústicas que algúns autores clásicos perciben no latín do seu tempo, o que nos revela ata que punto estamos ante ideas propias do pensamento lingüístico precomparatista que se estenderan na opinión pública sobre as linguas. A. Granier de Cassagnac non é, de feito, demasiado orixinal nas súas propostas, que entroncan coa corrente moderna que busca dignificar as linguas vulgares atribuíndolles orixes antigas.

De feito, o lector xa se decatara de que a idéntica conclusión podería chegar M. Murguía lendo a calquera dos celtistas portugueses, que non negaban a latinización da Península nin a implantación do idioma de Cicerón para os usos cultos e máis visibles, o que lles permitía xustificar a inexistencia de documentos escritos en lingua celta e as alusións de certos autores da época á extensión do idioma dos conquistadores

romanos. Por parte, a idea da persistencia das linguas prerromanas durante a dominación dos césares podemos encontrala nas páxinas de diversos autores dos séculos XVII e XVIII. Así, João Pedro Ribeiro (1860) remite ao dicionario cético de Bullet, publicado entre 1754 e 1760, pero xa uns anos antes Pierre-Alexandre Lavesque de la Ravalière se expresara en varias das súas obras en termos parecidos. Este autor argumentaba, así mesmo, que as semellanzas aparentes entre latín e francés moderno se debían a que aquel se alimentara abundantemente do galo primitivo de que descendía a lingua de Molière (Droixhe, 1978). Recuando aínda máis no tempo chegamos á polémica xurdida en Castela no século XVII entre Bernardo de Aldrete e Gregorio López Madera e os seus seguidores acerca da orixe prerromana do idioma do rei, a que se aludiu ao comezo deste capítulo.

Daquela, este tipo de argumentos transmítense e repítense con poucas novidades na reflexión lingüística precomparatista dende finais do século XVI ata finais do XIX, aínda que tamén cheguen a M. Murguía directamente vía A. Granier de Cassagnac. Acábase de mencionar o paralelismo das ideas deste autor francés verbo dos idiomas do seu país coas teorías de A. Herculano, un historiador a quen tamén admira o galego, acerca do latín vulgar. Por parte, nos textos de M. Murguía poden verse ecos de A. Thierry, dado o papel que este lles atribúe aos elementos populares non latinos na conformación das nacionalidades e da cultura do seu país (Murguía, 1901²: 303-304) [1865].

Todos saben que á la extinción del poder godo y tras el cataclismo que produjo la invasión árabe, se mostraron de repente, como plantas espontáneas, los diversos lenguajes que hoy se conservan en España; que tan pronto como fué deshecha la sociedad artificial que la monarquía goda sostenía, dejó de hablarse el latín, más ó menos corrompido al pasar de labios españoles á labios germanos, que se oía en la corte de Rodrigo. Sucedió –no podía ser de otro modo- que los nuevos estados, hijos, por completo, de los elementos populares, trageron a sí, los gustos, las inclinaciones y hasta el habla rústica, de los pequeños á quienes mezcló y confundió por un momento, con los grandes, la común desgracia. De aquí, que anulada toda vida literaria, abandonados los grandes centros y el fausto y esplendidez de la corte toledana, viviéndose del peligro, y en el seno de la gente rústica, los dialectos que estos hablaban, se extendieron, pasaron del estado de hablas vulgares, se prepararon, después de largos esfuerzos, á conquistar el puesto del que les había despojado la lengua latina. Como habían subsistido hasta entonces, gracias al pueblo que es tardo en olvidar, lograron imponerse, á pesar de que en los primeros siglos de la reconquista, lápidas, monedas, diplomas, todo continuó

escribiéndose en latín, que al pasar por las manos plebeyas é ignorantes fué descomponiéndose y formando el lenguaje de la ínfima latinidad, y aumentando con sus voces, más adaptables á nuestro oído y á nuestro labio, el caudal de los dialectos que habían sufrido su tiránica dominación y que concluían por adornarse con sus despojos.

De Francisco de San Luiz (e non dos ilustrados franceses) toma M. Murguía a proba lingüística: a semellanza de vocabulario non xustifica a exclusividade da orixe latina do galego, pois non é no léxico onde reside o xenio das linguas.

Á hora de citar os puntos en que parece atoparse tanto a esencia dun idioma coma as principais diferenzas entre latín e galego, M. Murguía sinala algúns dos aspectos morfosintácticos que resaltara o cardeal (declinacións dos nomes e conxugación dos verbos latinos fronte á existencia de artigo e o uso de verbos auxiliares no romance), pero engade da súa propia colleita a fonética do idioma. Remite para iso a autores como M. Cubí quen, “hablando del dialecto gallego del Vierzo [sic] señala ya la influencia que debieron tener en su formación los idiomas célticos de los antiguos callaicos” (Murguía, 1901²: 315) [1865], ou o padre Hervás, dado que anunciara a filiación céltica do galego “cuando estableció la diferencia de acento entre el portugués y el castellano, atribuyendo el primero, á vestigios de los idiomas célticos” (Murguía, 1901²: 329) [1865]¹⁹). E é que o autor compostelán empeza presentando as probas lingüísticas que lle deberían permitir establecer as diferenzas radicais entre o xenio do latín e o do galego, pero acaba amosando as que separan a galego e castelán. Non en van, a filiación céltica dos galegos e do seu idioma constitúen un intento de negar que o galego sexa dialecto e/ou fillo do castelán e de afirmar ao tempo a diferenza entre Galicia e Castela.

Modificó el gallego las voces latinas, según su labio, y, obedeciendo á las leyes gramaticales de sus antiguos lenguajes, introdujo aquellas variaciones que tanto le diferencian y separan del que, después de esto, todavía se llama lengua madre. Otro tanto hizo el castellano, si bien para demostrar una vez más y con toda verdad, que no son tan hijos legítimos de la lengua del Lacio, como se pretende, no hicieron ambos romances, ni iguales modificaciones en las voces, ni tampoco en la gramática, tal vez porque, ó guardaban menos lealmente que los gallegos sus viejas hablas, ó éstas eran diferentes, siéndolo asimismo las razas que las hablaban.

¹⁹ Téñase en conta que M. Murguía declara que o idioma luso é “gallego elevado á la condición de idioma nacional”, cando non lingua filla da nosa (Murguía, 1901²: 329) [1865].

El *au* latino lo mudaron los castellanos, casi siempre en *o*, y los gallegos en *ou*, como se vé en *aurum*, *taurus*, *autumnus*, que los primeros hicieron oro, toro y otoño, y los segundos ouro, touro e outono. (...)

Mas, en lo que es harto notable, la diferencia entre los romances gallego y castellano, es en la parte gramatical. Terminan los verbos castellanos en *ar*, *er*, *ir*, amar, leer, decir, y de estas terminaciones sacan dos gerundios en *ando* y en *endo*, como amando, leyendo, diciendo. Por su parte los verbos gallegos terminan en *ar*, *er*, *ir* y *or*, como amar, comer, partir, compor, y con rigurosa analogía, deducen los gerundios, en *ando*, *endo*, *indo* y *ondo*, como amando, comendo, partindo, compondo, con lo cual se comprende fácilmente la ventaja que en esto lleva al castellano.

(Murguía, 1901²: 323-325) [1865]

Si, como sostiene un gran filólogo, el desenvolvimiento del lenguaje, es resultado de estas dos operaciones, la alteración fonética y el renovamiento dialectal, pudiera llegar un día en que el castellano debiese al gallego algo de su incomparable dulzura. Mas, como el genio de ambas lenguas es tan distinto como los pueblos que las hablan, difícil es que jamás llegue el romance castellano á pedir prestada la más pequeña palabra á nuestra lengua.

(Murguía, 1901²: 334-335) [1865]

Con todo, como vimos que lles sucedía aos celtistas portugueses, M. Murguía non pode evitar a tentación de xustificar tamén no léxico a filiación céltica do galego presentando a, ao seu entender, grande cantidade de palabras coincidentes en francés e galego (ou entre francés e aragonés) como proba dun fondo celta común, e chamando a atención sobre os topónimos de orixe celta. Ao tempo, remite directamente ás explicacións do cardeal Saraiva acerca da presenza de voces latinas no propio idioma. Noutras ocasións recorre, como quedou dito, ás ensinanzas da lingüística europea máis avanzada (aínda que extraia delas conclusións pouco ortodoxas).

Cómpre aclarar que a existencia de toponimia celta (non sempre ben identificada, por canto tende a esaxerar a súa presenza) lle serve para demostrar que a lingua que se falaba en Galicia á chegada dos romanos era celta e que, xa que logo, foi o celta, e non outro idioma dos tempos antigos (por exemplo, o fenicio, idioma semítico, non ario) o que entrou en contacto co latín para formar o galego.

O papel da fonética celta na transformación do latín é ben doado de explicar para M. Murguía establecendo paralelismos de actualidade e comprensibles para os lectores

contemporáneos, paralelismos que tamén nos permiten entender a nosoutros como vía o historiador a interrelación entre os dous idiomas primitivos para dar lugar ao galego.

Un hombre puede llegar á hablar correctamente una lengua extranjera, pero no a pronunciarla: se mostrará indígena en la frase y extranjero en el acento, dice Edwards. Lo comprendemos perfectamente: y quién que oye hablar castellano á un gallego, no percibe al instante la marcadísima diferencia del acento con que lo habla? Pues bien, no indicará esto que ambos países fueron poblados por diferentes naciones que hablaban diversas lenguas y que pronunciaron por lo mismo el latín de distinta manera? Si los pobladores de Galicia no hubiesen sido los celtas, como lo dice la historia, si aquí no hubiese resonado jamás su lenguaje, si hubiese venido el gallego directamente del latín, y a éste se le conociese en algún tiempo como lengua nacional, de la cual se desprendiese nuestro romance á la manera que el fruto maduro de la rama de que pende, conservaríamos después de diez y nueve siglos, aquel acento que tanto nos distingue de las demás provincias de España y que todavía se escucha en los pueblos que tienen nuestro origen? No, seguramente. Nuestra fonética disiente por completo de la castellana y esto no es un mero capricho de los hombres, si no [sic] tendencia natural en los de nuestra raza. Indica diferencia de origen, y asimismo la diferencia de los antiguos lenguajes gallegos, sobre el romano formado aquí en los primeros siglos de la edad media.

(Murguía, 1901²: 315-316) [1865]

E esta cita lévanos a outro dos puntos, se cadra o fundamental, en que a visión de M. Murguía (1901²: 311) [1865] acerca da orixe do galego e do portugués difire da do cardeal Saraiva, tal e como o mesmo historiador sinala ao afirmar que “no queremos ir tan lejos como este docto escritor”. M. Murguía (1901²: 311) [1865] non nega que o latín chegou a ser “lengua dominante” en Galicia, nin sequera que o galego sexa “hijo del latín” (p. 311). De feito, aparentemente insiste máis na celticidade do galego noutros puntos da súa *Historia* ca nas páxinas que dedica especificamente a explicar as súas orixes prerromanas, onde afirma que, en todo caso, se trata dun idioma derivado do latín, aínda que sexa dun latín fundamente transformado polo celta. Parece, xa que logo, que á hora de facer esta reflexión demorada e específica sobre as orixes da nosa lingua, M. Murguía tende a matizar, recoñecendo o importante papel da de Roma.

Creemos, como la mayor parte de los modernos escritores españoles que de esto tratan, que el idioma gallego es, hablando con más claridad que propiedad, hijo del latín, pero también que ha sufrido grandes modificaciones y que lleva el sello de nuestros antiguos lenguajes.

(Murguía, 1901²: 311) [1865]

En el latín debe buscarse el origen del gallego, y conjuntamente en los idioma célticos, que aquí se hablaban, y que no sólo no se perdieron, sino que hay razón para suponer que siguieron hablándose por la gente del campo, durante los cuatro siglos que dominó Roma en Galicia: idiomas que no solamente nos dieron muchas de sus voces, sino que modificaron las latinas según su labio e impusieron más tarde algunas de las formas gramaticales que adoptó el romance gallego.

(Murguía, 1901²: 312) [1865]

Outro texto, tamén centrado en cuestións lingüísticas, en que M. Murguía defende unha postura moi próxima á que revelan estas citas é a introdución que fai ao *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega* do Padre Sarmiento, publicado por primeira vez polo historiador compostelán na *Ilustración gallega y asturiana* no ano 1880 (aquí citarase pola reprodución feita en 1943, que contén o prólogo e as notas de M. Murguía). O galego é unha lingua latina, aínda que na súa formación debe terse moi presente o papel do substrato celta:

Empieza nuestro autor por asegurar que el gallego no es lengua, sino dialecto del latín: lo cual es verdad. Entre las lenguas neo-latinas está colocado el gallego con entera justicia; pero ¿no tuvieron ninguna influencia en su formación las lenguas habladas por las antiguas poblaciones célticas en Galicia? Sí que la tuvieron, y es lo que ya nadie niega; la dificultad estriba en señalar taxativamente en qué proporción y hasta dónde.

(Murguía, 1943: 17) [1880]

Téñase en conta que, coa publicación do traballo do frade bieito, M. Murguía peretende difundir as ideas dignificadoras do galego de Frei Martín (por exemplo, a de que o galego non é un dialecto do castelán ou a de que o portugués ten a súa orixe no galego) e, ao mesmo tempo, poñer de manifesto a relevancia dun ilustre persoeiro do país. Deasoutorizar o P. Sarmiento polo que se refire á orixe da lingua non axudaría a ningún dos dous obxectivos, así que é comprensible que M. Murguía se adhira aquí con certa claridade á hipótese latinista do bieito e que a matice con prudencia, salvagardando a valía de Frei Martín.

Si acerca de la formación del gallego es fácil aventurar algunas observaciones útiles y necesarias en el asunto, gracias a los portentosos descubrimientos y adelantos verificados en el estudio de las lenguas, no cabe duda que el P. Sarmiento echó con su acostumbrado tino, las seguras bases de la teoría que acerca de la formación e índole del dialecto gallego hayan de sustentarse a lo sucesivo. Es cierto que prescindió de un elemento esencial, porque en su tiempo no se habían hecho los estudios acerca de los celtas y sus lenguas que se han hecho al presente; pero algo previó. No fué él quien se negó a dar a tan notable elemento la importancia que tiene para nosotros, fué su tiempo: que bastante hizo con notar la semejanza e identidad de infinitas voces gallegas con sus equivalentes francesas.

(Murguía, 1943: 14-15) [1880]

Para S. Luiz había unha continuidade entre a lingua celta primitiva e o portugués dos seus días, de maneira que este se podía entender como celta modificado por achegas de compoñentes posteriores, como o latino. Para M. Murguía o punto de partida atópase no latín. Porén, en realidade, pouco importa que a base do galego sexa o idioma traído polas lexións romanas, dado que o noso historiador non identifica esa *base* do idioma co seu *xenio*. É dicir, que aínda que o galego sexa unha evolución do latín, éo mercé á intervención do celta, que constitúe en realidade a súa esencia, pois a fonética e a gramática do idioma son súas e é na fonética e na gramática onde reside o *xenio* das linguas.

Isto vese moi claro no prólogo ao citado *Estudio* de Sarmiento, cando, unhas páxinas despois de afirmar que “entre las lenguas neo-latinas está colocado el gallego con entera justicia” argumenta que o *xenio* do galego é semellante ao do francés, lingua que dá por incontestablemente celta (os subliñados son meus):

No sólo tenemos voces, no sólo giros, sino tendencia natural al modo de decir francés, no hijo, como pudiera presumirse, y ya se dijo del P. Feijóo, de la lectura de libros transpirenaicos, sino *del genio de nuestra lengua* y de la índole especial de ver y expresarse, *propia de nuestra raza, en origen, igual a la de las Galias*. A pesar de la distancia, a pesar del tiempo, fieles seguimos al espíritu de las gentes de quienes venimos; espíritu que desgraciadamente empieza a perderse, y que hasta ahora *hizo de nosotros un pueblo con fisonomía propia*.

(Murguía, 1943: 18-19) [1880]

No fondo , e aínda que pareza en principio que neste punto as opinións de M. Murguía son contrarias ás de S. Luiz, é o cardeal quen lle permite defender con rotundidade a celticidade esencial do galego sen negar a súa evidente orixe latina. Tal e como

fixeran os enciclopedistas, S. Luiz delimita as parcelas da lingua que deben considerarse verdadeiramente importantes para a súa clasificación dentro dunha ou doutra familia lingüística. M. Murguía recolle esa idea e, combinándoa coa clásica visión da evolución das linguas como mestura (visión difusionista) e coa achega de A. Granier de Cassagnac, dá só un paso máis ao desvencellar esa clasificación da da fonte primeira do idioma: esta pode ser latina sen que a lingua, na súa cerna, o sexa (algo inaceptable para os enciclopedistas e para o cardeal Saraiva). Por iso pode afirmar:

Que el encontrarse en él tantos vocablos derivados del latín, y ser relativamente y en la apariencia tan escasos los derivados del céltico no quiere decir que el idioma del Lacio imperase de la manera absoluta que parecen indicar los ultra-latinistas, sino que, como indica Granier de Casagnac, nuestros pueblos no hacían más, al adoptar ciertas voces latinas, que volver á lo que era suyo; en una palabra, seguir hablando su antiguo lenguaje, aunque romanizado.

(Murguía, 1901²: 312-315) [1865]

Hoxe diríamos que, se os pobos celtas adoptan o latín e o modifican de acordo coas calidades da lingua de substrato, o resultado é, como moito, un latín *celtizado*. Para M. Murguía, en cambio, o resultado é un celta latinizado ou romanizado, pois o celme do idioma galego resultante da mestura procede do dos druídas. E iso, claro, nas ocasións en que é máis proclive a recoñecerlle un papel á lingua dos césares, pois cando o contexto argumentativo o demande, insistirá con moita maior claridade no compoñente celta, atribuíndolle practicamente toda a gramática, toda a fonética e boa parte do vocabulario do galego. Nas mesmas citas que fomos reproducindo ata aquí pode observarse como unhas veces parece incidir máis no compoñente latino e outras no céltico.

O celtismo lingüístico de M. Murguía é perfectamente explicable nun historiador que busca asentar as bases da nación galega fundamentalmente na raza (celta) e que, a partir de aí, pretende construír un sistema coherente que explique todo o que somos como derivado dela. Segundo Ramón Máiz (1984), os factores que, para Manuel Murguía, constitúen unha comunidade nacional son, por orde de importancia, a raza, a historia, a lingua, a conciencia, o territorio e o carácter. É precisamente o papel

relevante que lle outorga á lingua na definición de Galicia como feito nacional diferenciado o que o obriga a vencellalo estreitamente á estrela de todos eles: a raza.

En definitiva, dous problemas verbo do idioma galego presentaban-se a MURGUIA unha vez situado como elemento nacionalitáριο. Por unha banda, a demostración histórica das orixes do galego como factor autenticamente nacional en conexión estreita co elemento étnico. Neste eido unha grande dificultade ia achar o noso autor perante o irredutibel feito da romanización e a presenza do latín nas mesmas raíces da “lingua nacional”. En segundo lugar, a postulación do galego como idioma de futuro e non mera reliquia do pasado, capaz de integrar como a *lingua nacional* da nova comunidade galega.

(Máiz, 1984: 282)

Se a isto se suma que, á altura en que redacta e publica por primeira vez, en 1865, o primeiro volume da *Historia de Galicia*, a romanística centroeuropea non fora traducida a un idioma que el coñecese e a lingüística dos países da Romanía, nomeadamente España e Portugal, navegaba aínda no paradigma anterior, non deixa de ser a súa unha visión actual, tal e como sinalou H. Monteagudo (2000a). De feito, a polémica acerca das orixes célticas do portugués aínda estaba viva en Portugal e os innovadores nesa cuestión eran os celtistas, dado que toda a tradición anterior defendera a latinidade do idioma nacional. O mesmo pasa coa curta tradición galega: o principal representante das orixes latinas do noso idioma era un sabio, o padre Sarmiento, pero un sabio do século XVIII, alleo ás innovacións da centuria da revolución industrial, a do progreso por excelencia para Manuel Murguía. Os autores que, como J. M. Pintos, continuaban defendendo esa visión, eran claramente herdeiros do frade bieito, por quen expresaban admiración (cfr. *A gaita gallega*, por exemplo en Pintos, 2002 [1853]). O propio M. Murguía comezara defendendo a latinidade do galego (Murguía, 1858), pero evolucionara ao coñecer a opinión de eruditos contemporáneos dos países veciños. Canto a A. Granier de Cassagnac, tamén era un autor dos máis modernos, pois acababa de publicar as súas teorías. Todo isto respalda a opinión murguiana de que as súas teses se apoiaban na reflexión lingüística máis avanzada e innovadora.

Outra cousa é o que sucede coa segunda edición da *Historia*, de 1901, en que nin sequera rectifica ou matiza as súas teorías en nota a rodapé, ou coa súa obra *Galicia* (Murguía, 1888), publicada cando xa a gramática de F. Diez fora traducida ao francés

e a lingüística portuguesa se desenvolvera abondo como para establecer sen lugar a dúbidas o papel do celta na formación dos romances hispánicos. Noutros puntos deste traballo sinalouse (e hase seguir sinalndo) que M. Murguía coñecía autores como A. Coelho ou J. Leite de Vasconcellos, con quen incluso mantivo contactos persoais. Non en van, este autor, xunto con C. Michaëllis e T. Braga, foi chamado a formar parte da primeira Academia Galega. Tamén en España, aínda que máis serodiamente ca en Portugal, a nova lingüística fora abríndose paso para rexeitar as teorías que poñían as orixes do castelán fóra do latín. Pero é que ademais o propio M. Murguía, que na *Historia* tanto se aleda do apoio que a moderna filoloxía presta ás súas teorías celtistas, non dubida en criticar as súas conclusións cando estas lle son adversas. É evidente que non acepta a lóxica dos lingüistas cando non cadra coa súa lóxica de historiador, posta ao servizo da fundamentación da nación galega. En palabras de Ramón Máiz (1984: 283):

Sen dúbida, por riba das súas argumentacións filolóxicas que, alén da sua pobreza dado o patente descoñecimento e estrañas teses escritas por MURGUIA, non é doado abordar nun traballo como este, compre pór de manifesto a sua vontade ideolóxica de fundamentación céltica do galego actual en estrita coerencia coa sua formulación étnico-nacionalitaria.

1.5.2. A aparencia científica: A. G. Besada, M. Curros e E. Vázquez Senra

Os autores a quen me vou referir a continuación expoñen as súas teorías celtistas cando en Portugal está xa plenamente introducido o novo paradigma histórico-comparatista, aínda que persistan na opinión pública ideas herdadas de séculos anteriores. No caso de A. G. Besada²⁰, isto, unido á súa visión das relacións xenético-lingüísticas entre galego e portugués, provoca a reacción dun dos representantes da glotoloxía, J. Leite de Vasconcellos.

²⁰ Augusto González Besada (Tui, 1865 – Madrid, 1919) participou activamente na vida política española, pois foi deputado (entrou por primeira vez nas Cortes en 1899) e ministro de carteiras variadas con diferentes gobernos conservadores (s.a., 1980). Polos datos que dá Carballo Calero (1981) semella que nos anos previos á súa implicación na política do Estado participou no movemento rexionalista, pois aparece como membro da Asociación Regionalista Gallega e organizador dos Xogos Florais de Tui, primeiros integramente celebrados en galego. Indícase tamén na obra de Calero que, no ano 1881, protagonizou, xunto con outras futuras personalidades como Vázquez de Mella ou Alfredo Brañas, un intento de crear unha Academia Regional que quedou en proxecto, pero que constitúe un dos moitos plans de institucionalización da lingua galega que precederon a constitución da Real Academia en 1906. Ademais da *Historia crítica de la literatura gallega* é coñecido polos seus estudos sobre Rosalía de Castro. A esta autora dedicou tamén o seu discurso de ingreso na Real Academia Española de la Lengua en 1907.

Na súa *Historia crítica de la literatura gallega. Edad antigua* (1887), Augusto G. Besada dedica boa parte dos capítulos de que consta o primeiro tomo a trazar a orixe e a evolución do idioma do país. Comeza o seu discurso situándose a si mesmo dentro da corrente histórico-comparatista máis actual. Así, rexeita a gramática xeral e loa a comparada (G. Besada, 1887: 15):


Ciencia moderna es, la ciencia del lenguaje. La gramática comparada, adelanto de nuestros días, vino á sustituir á la gramática general, más artística que científica, mas [sic] práctica que especulativa, método bien incompleto por cierto de aprender un idioma en su situación actual.

Mais Augusto G. Besada parece identificar a *gramática comparada* con calquera reflexión referida ás orixes dunha lingua ou das linguas en xeral, polo que, ademais de situar a súa aparición antes do século XIX, atribúelle o absurdo obxectivo de buscar o idioma único primitivo, “fundamento de todos los demás, que naciendo en el Paraíso con Adan, sentó las bases capitales de todas las lenguas ulteriores” (G. Besada, 1887: 16). Paralelamente, critica os intentos de eruditos das distintas nacións por defender a antigüidade do seu propio idioma atribuíndolle a paternidade de todos os coñecidos.

O auténtico punto de inflexión que leva ao establecemento da moderna *ciencia da linguaxe* sitúao en Leibniz, que –di G. Besada– puxo as súas bases ao fomentar o método indutivo e marcar regras precisas para a comparación de linguas. Isto abriu a porta, primeiro, aos traballos de Hervás y Panduro ou de Adelung; despois, aos de ilustres estudosos como Schlegel, Humboldt, Grimm, Bopp, Steintal, Renan... e outros lingüistas realmente pertencentes ao paradigma histórico-comparatista propiamente dito. Ningún dos citados é romanista e case todos publicaron os seus traballos na primeira metade do século XIX, aínda que tamén hai algún que o fixo con posterioridade, como o arabista Dozy ou o orientalista Rawlison.

Por suposto, G. Besada dá a entender que vai seguir as ensinanzas destes autores decimonónicos e, en efecto, o primeiro que fai é trazar a xenealoxía do galego para inserilo na familia lingüística que lle corresponde. Nos capítulos seguintes tamén ofrecerá etimoloxías e leis fonéticas, non sempre correctas, que presentan a evolución do latín á lingua actual. Endebén, a pesar de todo este programa científico e deste

aparente comparatismo, o que está facendo é expresar as mesmas ideas sobre a lingua ca M. Murguía, a quen non cita como fonte delas a pesar de que é evidente que as coñece²¹. Así, se quixésemos representar mediante unha árbore xenealóxica as orixes do galego tal e como as establece Augusto G. Besada, teríamos que facelo máis ou menos do seguinte xeito:



Outras linguas, como o gótico, o sánscrito ou o eslavo son consideradas dialectos da lingua aria, ao mesmo nivel có celta, o latín e o grego. Non as coloquei na árbore porque A. G. Besada non indica a cal das dúas subfamilias -a do celto-ariano ou a do pelasgo- pertencen, se é que non constitúen por si mesmas subfamilias independentes e directamente relacionadas coa ariana.

Con todo, máis ca esta clasificación das linguas antigas, a nós interéсанos a seguinte afirmación (os subliñados son meus):

²¹ Entre outras cousas, porque si remite á *Historia de Galicia* murguiana cando fala das relacións do galego con outros romances peninsulares do seu tempo, como se verá ao longo desta alínea. Nas páxinas en que se ocupa de determinar que idiomas antigos tomaron parte na formación do galego hai, en cambio, citas doutro historiador celtista de quen falamos aquí: Verey y Aguiar.

Celta, latín y griego son los tres elementos principales de nuestra lengua, el celta la informó, la *determinó*, el latín la enriqueció, el griego reformándola la *hermoseó*. A estudiar estos elementos y otros más secundarios, está encaminado este trabajo.

(G. Besada, 1887: 19-20)

Semella haber unha gradación descendente nesa breve lista de constituíntes do idioma galego. Observemos que o latín só enriqueceu unha lingua que xa estaba determinada polo celta. Mais iso non quere dicir que o galego teña a súa orixe neste último idioma: igual que dicía M. Murguía, Augusto G. Besada afirma que o galego parte da lingua dos romanos, que ocuparon Galicia durante catro séculos en que o idioma dos bardos subsistiu oculto; mais ao rematar este período, “sacando fuerzas de una flaqueza, que solo pudo existir en apariencia, informó la marcha de aquella lengua que de tal suerte le había dominado” (G. Besada, 1887: 35).

Augusto G. Besada reconece que “el latín es el elemento principal del idioma gallego” (1887: 39), ao que se pode atribuír un 60% do seu vocabulario, mais que “*el celta lo modificó según su labio*, que le dió cierto carácter distinto” (G. Besada, 1887: 35, o subliñado é meu). Obsérvese a repetición literal das palabras de M. Murguía, que se reproducen, sen citalo, en máis dunha ocasión (de novo, o subliñado é meu):

Se habló el celta en Galicia y se asimiló de tal suerte á nuestro suelo, que sólo la dominación romana y más que ella la invasión árabe, pudieron acabar con su existencia. *Modificando el latín según su labio* y determinando alguna de las formas gramaticales que adoptó el romance gallego, echó sin duda los fundamentos de nuestro idioma. (...)

Demasiado sólida su influencia en la lengua de nuestro país, no pudo el latín después de su permanencia en él, hacerle desaparecer por completo, si bien es cierto que al terminar la dominación de Roma, el celta estaba aniquilado, no lo es menos que subsistieron muchas frases que hoy se conservan todavía y que el Sr. Vereá y Aguiar recogió.

(G. Besada, 1887: 27-28)

As leis fonéticas coas que A. G. Besada pretende sistematizar a evolución do latín ao galego preséntanse como transformacións debidas exclusivamente ao substrato celta.

Agora poderase entender por que as ramificacións da árbore xenealóxica con que tentamos representar as teorías de A. G. Besada teñen na súa parte superior -a que o autor toma, *grosso modo*, doutros lingüistas- a forma normal das árbores propias da

lingüística científica. Pola contra, na parte inferior -que recolle as ideas do propio A. G. Besada sobre o galego- o modelo máis adecuado é o *difusionista*, que permite representar a evolución das linguas en termos de confluencia ou mestura. Non coincide exactamente coa árbore precomparatista de Aurox (1988) reproducida na alínea 1.1. porque esta aínda non distinguía o modelo *fixista* do *difusionista* e aquí interesa resaltar que nos encontramos ante o segundo. Igual que sucedía con M. Murguía, G. Besada non pensa que o galego actual sexa unha continuación directa do celta primitivo, senón que ten a súa orixe, a súa base, no latín.

O que se intentou representar ao xuntar nun mesmo esquema unha árbore de tipo comparatista e outra de tipo precomparatista foi que A. G. Besada mestura no seu traballo ideas incompatibles (as dúas árbores responden a dúas concepcións diferentes da mobilidade lingüística no tempo) sen apreciar a contradición.

Ademais de intentar establecer a árbore xenealóxica do galego, A. González Besada ocúpase de rexeitar as teorías con base en historias bíblicas segundo as cales Túbal, descendente de Caín, se estableceu en Galicia traendo con el o hebreo, que sería o primeiro idioma falado no país. Esta postura de rexeitamento é algo máis ca un chamamento á científicidade e ao abandono dos mitos sobre as linguas, e debe relacionarse cun certo antisemitismo e cunha valoración da pureza racial que atopamos noutros autores galegos e estranxeiros. A raza, a cultura e as linguas semitas eran, segundo estes autores, inferiores; e toda a familia siro-arábica, de acordo con A. G. Besada, apareceu con posterioridade á lingua e á familia aria. Daquela, cal foi o primitivo idioma de Galicia e que restos deixou na nosa lingua?

Acaso fuesen gritos inarticulados, frases sueltas y guturales, salvajes y bárbaros sonidos. Si admitimos que los habitantes primitivos de nuestra tierra vivían en un estado de barbarie, nada nos interesa su lenguaje, que ni había de ser lógico, ni obedecería á reglas filológicas, ni tendría etimología racional, ni tampoco se perpetuaría como no se perpetuaron las costumbres, los hábitos y las leyes.

(G. Besada, 1887: 20-21)

Esta linguaxe primitiva non sobreviviu porque formaba parte dunha civilización inferior que foi totalmente varrida por outra superior, a dos celtas. Porén, cando chegou Roma, aínda que someteu os celtas non puido borrar as pegadas do seu

idioma. Aquí subxace a idea de que a civilización celta é superior á latina pois, tal e como o propio A. G. Besada afirma no primeiro capítulo do libro, “el más culto es el que vence, aunque el más culto sea el vencido” (G. Besada, 1887: 21).

A principal contribución do grego constituíuna o ditongo *-ei*. Augusto G. Besada opina, con J. Vereá y Aguiar, que este idioma foi máis influínte en Portugal e en Galicia ca en ningún outro lugar da Península. Pola contra, non lle dá A. G. Besada moita importancia á achega sueva, nin no cultural nin no lingüístico. Afirma que os suevos só nos deixaron algúns restos da súa presenza, palabras que “tienen la extraña particularidad de ser empleadas por los habitantes de esta región cuando hablan en castellano” (G. Besada, 1887: 49). E é que para A. G. Besada, ao contrario ca para M. Murguía, a sueva non era unha civilización superior, a pesar de ser xermánica:

La rudeza de sus costumbres, su negativa civilización no pretendió, ni podía pretender sobreponerse á la del país. En circunstancias tales no es aventurado suponer que el lenguaje suevo dejase extraviadas algunas de sus frases, que sin darnos cuenta de ello empleamos, teniéndolas por extrañas y creyéndolas más castellanas que gallegas.

(G. Besada, 1887: 49)

Elementos como o fenicio ou o normando (un semítico e outro xermánico) tampouco non deixaron na nosa lingua máis que leves sinais do seu paso.

Establecidos os compoñentes que constitúen o idioma galego, A. G. Besada expón brevemente cales son as relacións deste con outros tres romances peninsulares: o asturiano, o castelán e o portugués. O seu obxectivo ao facelo parece ser o de establecer a maior antigüidade daquel con respecto ás dúas últimas linguas citadas, que son as de máis prestixio.

En efecto, A. G. Besada non ten problema en recoñecer que o bable, primeira lingua vulgar de España, é anterior ao galego, pero insiste en que este é, por súa vez, anterior ao castelán e ao portugués. E non só iso: éo porque os dous descendén del, o que equivale a dicir que son dialectos del. En realidade, A. G. Besada fala máis frecuentemente de subdialectos, dado que nestes capítulos se refire ao galego como dialecto romance, en relación ao latín.

Un esclarecido literato de nuestros días, el Sr. D. Víctor Balaguer²², exclamaba no há mucho en Pontevedra: *Así como creo fuera de toda duda que la lengua gallega engendró la portuguesa, así creo que la literatura gallega, en cuya formación influyó la provenzal, fué el comienzo de la literatura castellana.* Afirmar esto y afirmar como es mi propósito, que el portugués es un subdialecto del gallego, es sin duda una misma cosa; y parece que con lo dicho está bien probado el parentesco entre ambas lenguas.

Sin embargo, no hay paridad completa y absoluta, lo cual no obsta para que se considere la literatura portuguesa como parte de la gallega, porque si la pronunciación varía algo, si las palabras no son siempre iguales, es precisamente por la condición que tiene el dialecto portugués de subdialecto del gallego, el cual aún no se habla hoy de igual modo en la Coruña que en Lugo, ni en uno y otro punto se habla de igual suerte que en Pontevedra y en Orense. En las cuatro provincias varía la pronunciación, en las cuatro varían las palabras, y sin embargo, no cabe duda que en todas ellas domina un dialecto común y esa discrepancia reconoce como causa la riqueza de palabras del dialecto de Galicia, palabras que expresivas de un mismo objeto, se emplean en unas comarcas con preferencia á las otras, dando origen á los distintos subdialectos, que hoy existen dentro de la misma región galáica.

(G. Besada, 1887: 72-73)

Convén indicar que *dialecto* é unha palabra cargada dunha forte ambigüidade: agocha varias acepcións posibles e non é infrecuente no século XIX que un mesmo autor as alterne nun texto sen aclarar cando está empregando unha ou outra. Tratarase con máis vagar este asunto na alínea 2.1.3.1., mais non se pode deixar de comentar aquí que, nun capítulo posterior da súa *Historia crítica de la literatura gallega*, G. Besada insistirá en que o galego non é dialecto (do castelán), senón lingua.

Detrás do feito de que nos capítulos de que nos estamos ocupando agora se fale de galego como dialecto e de portugués como subdialecto podería estar o ilustrado galego Frei Martín Sarmiento. De feito, Augusto G. Besada cita en varias ocasións a súa obra *Memorias para la historia de la poesía, y poetas españoles* (escritas entre 1741 e 1744, pero publicadas en 1775), onde o frade bieito expresa a súa opinión de que o galego é un dialecto latino do que derivou o portugués:

²² O xornalista, político e escritor Víctor Balaguer (Barcelona, 1824 - Madrid, 1901) foi unha das principais figuras da Renaixença catalá. Xunto con Antoni de Borafull levou a cabo a restauración dos xogos florais de Barcelona en 1859 e foi un propagador decidido deste tipo de certames poéticos, non só en Cataluña, senón tamén fóra dela (Bou, 2000). Boa mostra disto é a súa intervención nos Xogos Florais de Pontevedra do ano 1884.

Nuestros Trovadores antiguos no usaban del idioma Portugués, sino del Gallego, aunque son los dos muy parecidos entre sí.

Esta semejanza de los dos dialectos, ha sido origen de muchas equivocaciones, pues no todos penetran los idiotismos que los diferencian. Es cierto que quanto mas se retrocede á los siglos pasados, son mas parecidos dichos dialectos, hasta que coinciden en uno solo. Pero es innegable que quando Portugal estaba en posesion de los Moros, se hablaba ya en Galicia el idioma vulgar.

(...) aquel vulgar primitivo, que era común á las dos clases de Gallegos Lucenses, y Bracharenses; el qual, con el tiempo, y con el exercicio de escribirse, se hizo como dialecto distinto, y es el que hoy llamamos Portugués.

(Sarmiento, 1775: 200-202)

En escritos posteriores, como *Origen de la voz gallega 'myxiriqueyro'*²³, o P. Sarmiento empregará expresamente o termo *subdialecto* para referirse ao portugués nas súas relacións co galego. Aínda que use este termo cun valor xenético-lingüístico, obviando a situación sociolingüística dos dous idiomas, non se pode negar que para cando o faga xa terá percorrido un camiño de reflexión e descubrimento do galego que o levaría a unha acendida reivindicación da independencia e do valor desta lingua. Con todo, non é posible defender que Augusto G. Besada fale do portugués como subdialecto a causa da *Origen de la voz gallega 'myxiriqueiro'*, dado que esta é unha obra de difícil acceso aínda hoxe inédita. O termo sae unha vez nas *Memorias para la historia de la poesía...*, onde se identifica con *con-dialecto* (Sarmiento, 1775: 106-107)²⁴, e repítese, cun sentido máis próximo ao que ten en A. G. Besada, noutro traballo posterior do frade bieito, “Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega”. A. G. Besada tampouco non cita esta última obra, pero é máis plausible que a lese: redactada por Sarmiento en 1755, lembremos (cfr. alínea 1.5.1.) que foi publicada por primeira vez en 1880 da man de Manuel Murguía na *Ilustración gallega y asturiana*. En todo caso, no “Estudio sobre el origen y formación...” non se fala de subdialecto para explicar as relacións entre galego e portugués, pero si se mostra máis

²³ O profesor Henrique Monteagudo está preparando a publicación deste texto. Eu consultei a transcripción do manuscrito que el mesmo fixo e que amablemente me emprestou, cousa que aproveito para lle agradecer.

²⁴ Volveremos sobre o concepto de con-dialecto en Sarmiento na alínea 2.2.4.2. Abonde agora con dicir que nas *Memorias...* non se usa para explicar a relación particular que manteñen galego e portugués, senón máis ben a de ambos os vernáculos, xunto co catalán e o asturiano, entre si e co castelán: sendo todos dialectos latinos cuasi-intercomprensibles é o castelán o que se encontra nunha situación social máis favorecida.

claramente a postura de Sarmiento acerca da dependencia xenético-lingüística do portugués con respecto ao galego:

Así la gallega, portuguesa, castellana, catalana, provenzal, italiana, siciliana y francesa, no son lenguas, sino dialectos de la lengua latina o romana. Esto no quita que cada una de las dichas tenga subdialectos por razón de la pronunciación y varias inflexiones, y que, además de esto, tenga mezcladas diferentes voces extrañas de lenguas conocidas.

(Sarmiento, 1945: 29) [1880¹]

Los portugueses no pueden citar tantos instrumentos góticos como los gallegos. Sábese que la famosa conquista de Portugal ha sido desde Galicia hacia el Mediodía, y en tiempo que ya Galicia estaba con su idioma vulgar.

Así, la lengua portuguesa pura, no es otra cosa que la extensión de la gallega, y que después se cargó de voces forasteras, moriscas, africanas, orientales, brasileñas, etc., como se puede ver en Bluteau.

(Sarmiento, 1945: 48) [1880¹]

Chegasen estas ideas directamente a través da lectura de textos do padre Sarmiento, ou indirectamente, difundidas por outros autores que o coñeceron, o certo é que A. G. Besada considera que o portugués é un subdialecto do galego porque foi enxendrado por este, extremo que dá por probado con só mencionar a semellanza entre os dous idiomas, mostrar (mediante citas de autoridade) a súa case-identidade na idade media e mais recorrer a unha circunstancia histórica extraída, segundo di, da obra capital de Manuel Murguía (aínda que tamén Sarmiento se referira a ela): o reino de Portugal foi fundado por galegos. As citas de autoridade inclúen a Duarte Nunes de Leão, o padre Sarmiento (*Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*), o marqués de Santillana (a quen seguramente coñece a través do frade bieito)... autores que volveremos atopar no seguinte capítulo desta tese en referencia ao mesmo asunto. Queda, pois, para máis adiante o comentario das súas palabras, a relación entre as pronunciadas por uns e por outros e as implicacións para o establecemento das relacións entre portugués e galego, en que se centrará a segunda parte desta investigación.

Argumentos semellantes empréganse para defender que o castelán é subdialecto do galego. Sobre todo, insístese en que os antigos documentos amosan que ambos os romances eran na idade media moi semellantes entre si e que o feito de ser o galego

máis parecido ao latín có castelán demostra que é un vernáculo intermedio entre unha lingua e a outra (A. G. Besada, 1887: 63):

A comprobarlo vienen los monumentos más antiguos de la lengua gallega y los primeros de la castellana, que comparados entre si, ponen de manifiesto la transición del latín al romance galáico y de este al castellano.

Refírese ademais á maior antigüidade da poesía galega, aínda que non parece estar pensando na medieval, senón na dos tempos antigos. Como veremos no próximo capítulo, certas citas de autores romanos que chegaron a facerse lugar común no século XIX permitiran difundir a idea de que os primitivos galaicos eran un pobo fondamente lírico, entregado á poesía dende a máis remota antigüidade.

Canto ao asturiano, tamén na historia e na autoridade doutros autores, neste caso máis próximos no tempo, se apoia a aserción de que é o idioma máis antigo da Península. Polo que se refire á historia, pouco nos aclara o propio A. González Besada, aínda que seguramente detrás da súa apelación a ela está o feito de que a reconquista comezase por Asturias:

El bable es el romance más antiguo que se habla en España. No necesito probarlo, que no incumbe á mi propósito, ni aprovecha á mi estudio; pero al afirmar de manera tan rotunda lo que en mi sentir es indudable, apoyo el peso de la afirmación y declino la responsabilidad del aserto, en la historia y en las tradiciones de la patria.

(G. Besada, 1887: 59-60)

En relación ao apoio na autoridade doutros autores, cómpre aclarar que G. Besada non o fai explícito. Porén, en dúas notas referidas, non ao bable, senón ao latín e ao castelán antigo, Augusto G. Besada mencionará un escritor e unha obra que, como se verá na alínea 2.1.3.1., está detrás da difusión desta idea no século XIX: trátase de José Caveda²⁵ e o seu prólogo ás *Poesías selectas en dialecto asturiano* (1887) [1839].

²⁵ José Caveda y Nava (Villaviciosa, 1796 – Xixón, 1882) foi, ademais de político e historiador da arte, escritor e continuador dos estudos asturianistas dos ilustrados. Do seu pai -amigo e colaborador de Gaspar Melchor de Jovellanos- herdou unha boa biblioteca de autores da Ilustración (s.a., 1980). Destaca por ser o editor do primeiro libro impreso en bable, a *Colección de poesías en dialecto asturiano*, que saíu do prelo en 1839. A obra, que recolle a produción de poetas dos séculos XVII e XVIII (unha segunda edición, levada a cabo por Fermín Canella Secades, engadiríanse poetas do XIX),

Como quedou dito, cando se fala da relación entre castelán, portugués e galego adúcese como razóns que xustifican a consideración dos dous primeiros como dialectos do segundo a súa semellanza (sobre todo nos textos antigos) e mais a maior antigüidade do último. Mais, a pesar de que tamén se fala de semellanza entre asturiano e galego e que se recoñece que o primeiro é anterior no tempo, non se extrae unha conclusión equivalente para a relación entre eles. Evidentemente, non axudaría á dignificación do galego que perseguía G. Besada o liberalo do xugo castelán para colocalo baixo o do moito máis humilde asturiano.

Outro aspecto moi interesante da visión sobre as linguas da Península que transmite A. González Besada nestas páxinas ten que ver co concepto de *pureza* das linguas e, por contraposición, co de evolución por mestura.

Foi *leitmotiv* deste capítulo da tese a concepción difusionista e fixista da evolución das linguas. A primeira, ademais de presentar a mobilidade lingüística no tempo como consecuencia da mestura de idiomas, víaa dunha maneira negativa: como afastamento e corrupción asistemática da matriz orixinaria. Tamén comentamos que, neste sentido, a aparición da visión fixista propia dos enciclopedistas trouxera consigo unha novidade, pois estes, ao relacionar as mudanzas nas linguas con modificacións nos coñecementos e necesidades de cada sociedade, incidiran nunha visión positiva do cambio: ao progresaren os pobos, progresaban as linguas. É verdade que o optimismo iluminista francés arredor do cambio lingüístico se vía freado polo propio fixismo da concepción, dado que se entendía que as alteracións eran accesorias e nunca afectaban, nin ao xenio da lingua, nin moito menos ás ideas primordiais, comúns a todos os seres humanos. Mais esta sería unha porta aberta para que o século da revolución industrial, obnuilado polo progreso (unha palabra tan repetida nos textos do XIX) e, como veremos, admirado polas teorías darwinistas que vían na evolución o triunfo dos máis aptos, acabase por entender as mudanzas nas linguas en termos positivos. Quizais sexa a tipoloxía lingüística de August Schleicher a que mellor revele esta maneira de entender o cambio lingüístico. O autor alemán recollerá a clasificación tipolóxica das linguas que fixera W. Humboldt en monosilábicas, aglutinantes e flexivas e colocará estes tipos ao longo dunha escala evolutiva, de

tivo un papel importantísimo na difusión da literatura asturiana. Caveda coñece e cita as *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* do padre Sarmiento (Caveda, 1887).

maior a menor primitivismo e perfección. Establecerá, xa que logo, unha clasificación a un tempo xenética e tipolóxica que identificará cada tipo de lingua cun estadio histórico de desenvolvemento: monosilábicas-primitivas, aglutinantes-evolucionadas e flexivas-perfectas.

Un antecedente da visión iluminista sobre o progreso das linguas poderíamos velo nos intentos renacentistas de dignificar as linguas vulgares e defender o seu avance funcional fronte ao latín, visión que, cando o contexto argumentativo o demande, volveremos atopar nos séculos seguintes, aínda que a concepción dominante no terreo da reflexión lingüística máis erudita sexa durante o XVII a de evolución=corrupción. En concreto, o cambio das linguas ligárase frecuentemente a un progreso en positivo cando se comparen dous idiomas concretos (sexan dous vernáculos, sexa un vernáculo co latín) ou ben dúas variedades do mesmo idioma (por exemplo, a empregada na corte coa do pobo para propoñer a primeira como modelo sobre o que esentar prescricións normativas). Evidentemente, tal postura entronca moi ben cun ideario difundido dende o poder e asumido durante o Antigo Réxime por toda a sociedade que liga as calidades máis positivas ao rei e á súa corte (ás clases altas e ao poder, en definitiva), tanto cando se gaban os seus vestidos, como cando se fala dos seus modais... ou da súa lingua. Mais non se debe perder de vista o que hai de acertado na valoración do cultivo dun idioma para o seu arrequeamento progresivo.

Cómpre aclarar que tampouco non será infrecuente que a comparación de linguas en termos de vantaxe se apoie na visión dominante evolución=corrupción. Ao comezo deste capítulo falamos da polémica erudita xurdida no século XVII en Castela entre Aldrete e Madera acerca da antigüidade da lingua do rei sobre o latín. Alí viramos como se caracterizara o castelán fronte ao galego, ao portugués e ao asturiano por ser continuación directa, sen mesturas, do idioma primitivo da Península.

Así pois, a argumentación en defensa dun idioma poderá discorrer durante a idade moderna pola vía do cultivo ou pola vía da pureza. A primeira non focaliza a atención necesariamente na evolución da lingua a través do tempo, pois máis ben se centra en comparar dúas variedades lingüísticas no momento presente, mais aínda así adianta ou ten detrás unha concepción positiva do cambio. A segunda si compara as linguas sempre en función das mudanzas que sufriron ou deixaron de sufrir ao longo dos

séculos e en relación a unha fonte primitiva común. Ata certo punto, a postura fixista dos ilustrados franceses permite combinar as dúas: o francés mantén o xenio da lingua primitiva, pero ao mesmo tempo mudou en cuestións máis periféricas que lle permitiron ser expresión da cultura máis avanzada do seu tempo, o que lle dá vantaxe sobre o resto das linguas do contorno.

No século XIX -en que se fará dominante unha concepción positiva do cambio, tanto no terreo da lingüística como noutros aspectos da natureza e da sociedade-, será frecuente a idea de que os vernáculos sen cultivo ou con escaso cultivo se estancaron, permaneceron inmóbiles, en tanto que as linguas estatais (castelán, portugués) progresaron. Esta idea, que poderá rastrexarse en máis dunha cita do seguinte capítulo deste traballo, entronca moi ben coas explicacións dadas dende o Renacemento á evolución diverxente entre galego e portugués, que xa Duarte Nunes de Leão (1945: 244) [1576-1606], desexoso de enxalzar a súa lingua e consciente da importancia do seu cultivo, describira en termos de vantaxe do segundo sobre o primeiro:

Da qual lingua Gallega a Portuguesa se avantajou tanto, quanto na copia e na elegancia della vemos. O que se causou por em Portugal haver Reis e corte que he a officina onde os vocabulos se forjão e pulem e onde manão pera os outros homês o que nunca houve em Galliza.

Dende o terreo da reivindicación de vernáculos sen cultivo como o asturiano e o galego, no século XIX houbo un intento de mudar esta visión esteado naquela identificación de evolución (sempre por mestura) = corrupción: defendeuse que o conservadorismo dos romances do oeste peninsular era unha virtude por canto mostraba a súa pureza fronte á dexeneración producida pola mestura con outras linguas (nomeadamente semíticas) nos idiomas poderosos como o castelán e o portugués. Iso é o que fai Augusto G. Besada na súa *Historia crítica*:

Hay en la lengua de Astúrias una armonía más íntima con el idioma del Lacio que la existente entre este mismo idioma y el castellano. En tanto que el romance de Castilla admitía en su seno modismos y manchaba su pureza con frases orientales, los asturianos, separados del resto de la nación por barreras insuperables, conservaban inmaculado su lenguaje: y si tomaron parte activa en las contiendas suscitadas en tiempo de Alfonso XI, D. Pedro el Cruel y D. Juan

II, no por eso permitieron extrañas influencias, ni vieron en el apartamiento de sus montañas, el estrago y desolación que presenciaba Castilla por entonces.

Circunstancia esta asaz propicia para poner de manifiesto la conexión íntima que existe entre el gallego y el bable, ambos de origen idéntico, de historia análoga, y que si hoy discrepan lo deben á extrañas influencias de que no han podido librarse en la soledad de sus retiros y en la tranquilidad de sus montañas.

(G. Besada, 1887: 60-61)

Esta reivindicación da pureza do galego e do asturiano ten os seus antecedentes nos esforzos pola dignificación do galego feitos polos ilustrados Feijóo e, sobre todo, Sarmiento (a quen coñecen tanto os asturianistas coma os galeguistas), tal e como pode verse en Monteagudo (2004: 243-244):

Sarmiento foi clarividente ao decatarse de que para o correcto establecemento das regras de evolución fonética dos ‘dialectos’ románicos había que partir exclusivamente do fondo léxico patrimonial, desbotando os empréstimos, estranxeirismos ou cultismos. Polo mesmo, para a súa empresa etimolóxica os textos medievais eran preferidos aos escritos renacentistas e post-renacentistas, e os falares populares, e mellor rústicos, presentaban un interese superior aos falares urbanos. Destarte, unha descuberta científica servía para cuestionar un vello preconceito. Pero aquela convición apuxouno a arrolar un novo prexuízo, pois a partir de aí adoptou unha actitude radicalmente purista-popularista (ou etnográfica, segundo o termo de Thomas 1992), o que en galego coñecemos como ‘enxebrismo’. As linguas ágrafas mantíñanse, segundo el, máis puras e orixinarias cás escritas, desenvolvéndose a partir das propias raíces no canto de contaminárense con xenismos. O interese de Sarmiento polo galego, que de comezou [sic] foi máis ben erudito e só máis tarde virou en reivindicativo, se atopa tamén en relación cos devanditos presupostos e, naturalmente, contribuirá a reforzalos.

Sarmiento, que coñece a polémica barroca entre Aldrete e Madera (como pode verse na súa *Memoria para la historia de la poesía*, 1775), dálle así a volta ao argumento da pureza que os autores barrocos empregaran para xustificar a elevación do castelán sobre os outros vernáculos peninsulares. Ademais, aséntao en bases máis seguras ao recoñecer a orixe latina dos idiomas en liza:

Es verdad que, como la lengua castellana está tan cargada de voces forasteras que ya usa el vulgo, y en especial el de las partes orientales y meridionales de España, es preciso precaución para asentir al primer origen que ofrece (...) y es la razón porque se continúa en escribirla, y cada día más y más se va llenando de voces extrañas y van arrimando las antiguas. Al contrario, como ya la lengua gallega no se escribe, y la que antes se escribía no tenía voces

extrañas, es continuación de aquélla la que hoy se habla, y, por consiguiente, se conserva más pura y más conforme a su madre la lengua latina.

De esto deduzco que las lenguas que se hablan y se escriben no conservan tan bien sus primitivas raíces como las lenguas que sólo se hablan; y siendo puras raíces latinas las primitivas de la lengua gallega, no se debe extrañar que los gallegos hablen un idioma que parece latín. Por lo mismo tengo por tiempo perdido el que se gastare en querer señalar a la lengua gallega origen más antiguo y más noble que el de la lengua latina.

(Sarmiento, 1945: 31-32) [1880¹]

Tal e como se adiantou ao comezo desta alínea, José Leite de Vasconcellos (Vasconcellos, 1887-89f) publicou na *Revista Lusitana* unha forte pero acertada crítica ao libro de A. G. Besada. De paso, Leite arremetía tamén contra a pouca preocupación formal dos “escritores do visinho reino” (G. Besada, 1887: 183) e contra o empeño de J. A. Saco Arce e de moitos falsos etimoloxistas portugueses en establecer analoxías do seu idioma co grego.

O filólogo portugués comeza a súa recensión da *Historia de la literatura gallega* de A. G. Besada (1887: 182) afirmando que “o escritor gallego não me parece ben preparado com bases philologicas, nem com bases de crítica litteraria para a obra que emprehendeu” e que na súa introdución sobre o idioma galego hai frases anticientíficas (e, como sen dúbida apreciará o lector, propias do paradigma imperante no século XVIII).

Em primeiro lugar, não existe lingua nenhuma, por mais selvagem que pareça, que não tenha regras; as linguas são em parte productos naturaes, em parte productos sociaes, e qualquer d’essa ordem de phenomenos está sujeita a leis.

(Vasconcellos, 1887-89f: 182)

Ademais, ao expor a orixe e o desenvolvemento do idioma galego, A. G. Besada déixase levar pola fantasía e atribúelle ao celta, ao grego e a outras linguas “influencias mais que dubidosas sobre a linguagem da Galliza” (Vasconcellos, 1887: 183) . Advirte tamén J. Leite que a exposición sobre a orixe románica da lingua está moi embrollada, e ten razón: a falta de claridade, intencionadamente buscada ou non, procede en parte do prexuízo ideolóxico celtista que obriga a A. G. Besada a un continuo si-pero-non, a un xogo entre a aceptación da latinidade da lingua e a

reivindicación das súas orixes celtas. Quéixase J. Leite, ademais, da aplicación do romanticismo ao terreo da etimoloxía, que leva a Augusto G. Besada a propoñer orixes estrañas para topónimos claramente latinos.

En canto ao capítulo en que se tratan as relacións entre bable, castelán e galego, J. Leite de Vasconcellos rebate a opinión de que o primeiro dos idiomas sexa o máis antigo e de que o galego dese orixe ao castelán, “pois as tres linguas provierão paralelamente do latim popular fallado na península hispanica”. Pero a J. Leite interésalle máis o capítulo seguinte, dedicado ás relacións entre o galego e o portugués.

J. Leite de Vasconcellos comeza expoñendo a súa propia teoría: o latín traído polos romanos transformouse na Lusitania, que comprendía a Gallaecia, nun idioma chamado *português-gallego*, que, a pesar de mostrar dende a orixe certa variación interna, mantiña a súa unidade. Despois, en función de “condições comuns a todos os idiomas, e de outras particulares a este (como a vida histórica de Portugal, a absorção da Galliza na Hispanha, etc.)” foron acentuándose as diferenzas internas ata que se constituíu por un lado o galego (cos seus dialectos) e por outro o portugués (cos seus dialectos e subdialectos). Daquela, ambos os idiomas teñen unha relación semellante co latín: nin o galego vén do portugués nin o portugués do galego.

A partir deste punto, J. Leite de Vasconcellos abandona o terreo da glotoloxía e entra no da sociolingüística. Paralelamente, o ton do seu discurso, ata daquela comedido e con aparencia de neutralidade, faise máis persoal (unha boa parte do mesmo pasa a facerse en primeira persoa) e ata máis agresivo (suxire, por exemplo, que os españois de natureza incompetentes ao advertir que “a Hispanha, tão atrasada aínda em estudos philologicos, continuará no marasmo, se os seus escriptores não aprovietarem o que já está feito ácerca do seu país por homens competentes”). En definitiva, o que J. Leite de Vasconcellos di é que, en relación ao latín, galego e portugués están en igualdade de condicións, mais en relación á súa situación social, non. O portugués ten literatura e é vehículo de expresión, en todo contexto e situación, dun pobo independente e que contribúe a civilizar o mundo. O galego, neste plano, non pode compararse, por tanto o portugués é lingua e o galego un *co-dialecto* portugués (ao termo *co-dialecto* en J.

Leite de Vasconcellos dedicarase a alínea, 2.2.4.2.) (Vasconcellos, 1887-89f: 184-185).

Canto a M. Curros Enríquez²⁶, no seu libro *Eduardo Chao. Estudo biográfico-político* (1914²) [1893¹] dedícalle un capítulo á raza celta en que, máis que desta, se ocupa do problema das orixes da lingua e busca tamén explicacións sobre as semellanzas entre o latín e o galego, xa que non considera que o segundo dos idiomas derive do primeiro.

M. Curros pregúntase neste libro como é posible que sobrevivan en Galicia as voces e mais os ditongos gregos supostamente traídos polos helenos fundadores de colonias e que, pola contra, no noso país o idioma celta, moito máis arraigado na raza galega, non deixase resto ningún. Despois de rexeitar outras explicacións, o autor de *Aires d'a miña terra* decídese pola teoría recollida por Nobre França en *A Philologia perante a História* e por João Bonança na *Historia da Luzitania e da Iberia*, autores que cita directamente. A exposición de M. Curros presenta leves diferenzas coas súas fontes que non lle afectan ao esencial:

Os celtas ou celtíberos do noroeste peninsular (galegos e portugueses do norte) repoboaron todo o sur de Europa tras unha grande inundación -non a de Noé, senón outra producida pola inclinación polar- que anegou case todo o noso planeta. Os repoboadores levaban con eles, entre outras cousas, a súa lingua. Por iso o latín e o grego, falados polos descendentes daqueles celtas aventureiros, se parecen ao idioma orixinal de Galicia: o celtíbero. Curros deixa que sexamos nós os que saquemos as consecuencias desta teoría: as que nos parecen palabras latinas e gregas non son outra cousa que vocábulos do celta primitivo falado en Galicia dende os tempos máis remotos, os cales se asemellan aos destes dous idiomas como consecuencia da relación de parentesco que une a lingua helena e mais a do Lacio co celta antigo.

²⁶ Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851 – A Habana, 1908) foi, xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, un dos grandes poetas do Rexurdimento galego. Por ser de sobra coñecidas a súa vida e a súa obra, unicamente se resaltarán aquí os seguintes aspectos: a súa ideoloxía rexionalista e republicano-progresista, que tan claramente se reflicte na súa poesía, fundamentalmente de carácter cívico; paralelamente, a súa defensa do proxecto iberista defendido polos republicanos federalistas; as súas traducións de poetas portugueses (Teófilo Braga, Antero de Quental, Guerra Junqueiro); os seus esforzos por implicar a colectividade galega na Habana no financiamento, tanto da *Historia* de Manuel Murguía, como da Real Academia Galega (Vilavedra, 1995).

Manuel Curros Enríquez non pode menos que laiarse da cegueira dos representantes da ciencia oficial e dos partidarios dos textos vivos, como o xornalista Cavia e mais o profesor Sánchez Moguel, que se empeñan en negar o celtismo sen se decatarse de que eles mesmos son representantes da raza celta²⁷.

Unha hipótese ata certo punto semellante, que en todo caso nos recordará as doutros celtistas modernos, recóllea Euquerio Vázquez Senra²⁸ (1907) no seu artigo “El gallego no es hijo del latín”. Para este autor, hai dous compoñentes esenciais do noso idioma: o celta e o grego, ao segundo dos cales lle dá máis importancia ca A. G. Besada. Ademais quedounos algunha que outra voz que trouxeron os fenicios, pobo do que os celtas tomaron a escritura e certos “giros exóticos” (205). O hebreo deixou tamén poucas pegadas, pois “echó raíces lánguidas y efímeras” (207). Os latinos, en cambio, non lograron en ningún momento impoñer a súa lingua e a súa influencia foi “case imperceptible” (207).

²⁷ Mariano Francisco de Cavia y Lac (Zaragoza, 1855 - Madrid, 1919) foi un dos xornalistas máis importantes da súa época, coñecido fundamentalmente polas súas crónicas en diarios como *El liberal* ou *El imparcial*, onde tamén traballou Manuel Curros Enríquez. Home de formación humanística e con coñecementos filolóxicos, preocupado pola pureza e a defensa do castelán, mereceu ser chamado a formar aparte da Real Academia de la Lengua Española o 24 de febreiro de 1916. Aínda que o seu precario estado de saúde lle impediu ingresar nesta institución, tiña pensado facelo cun discurso sobre o aragonés, idioma que coñecía perfectamente (máis información en Gran Enciclopedia Aragonesa OnLine: http://www.encyclopedia-aragonesa.com/voz.asp?voz_id=3488).

O andaluz Antonio Sánchez Moguel (ca. 1838-1913) estudou Filosofía e Letras en Sevilla e Madrid e foi profesor de Literatura Xeral e Española, primeiro da Universidade de Zaragoza e posteriormente da Universidade Central (s.a., 1896). Ademais de ocuparse de literatura, publicou numerosas obras de contido histórico, polo que foi chamado a formar parte da Real Academia de la Historia en 1888. No seu discurso de ingreso, tras arremeter contra os rexionalismos en xeral, ocupouse do rexionalismo galego con estas e outras palabras que provocarían a resposta de Manuel Murguía: “Ninguno de estos acérrimos mantenedores de su pura raza gallega, maravillosamente conservada hasta el día, ninguno es gallego por entero, ninguno ejemplar purísimo, no ya de antigua, pero ni de moderna sangre gallega; así, por ejemplo, el Sr. Murguía es hijo de un gallego y una vascongada (sic), y el Sr. Vicetto de una gallega y un italiano”. Cómpre saber que, segundo un dos seus siareiros galegos na polémica mantida con Murguía, Leopoldo Pedreira, A. Sánchez Moguel asistira a clases de celta no Colexio de Francia e percorrera posteriormente as provincias bretonas, onde realmente se falaba un idioma celta (García Domínguez, 2001).

H. Monteagudo (1999a: 366) sitúa as polémicas dos rexionalistas galegos con estes e outros autores, como Emilio Castelar, nun contexto de progresiva politización da cuestión lingüística no Estado español: “contra a metade da década dos 80, a problemática das linguas e culturas emerxentes da periferia comeza a deixarse sentir no centro, e intelectuais e institucións académicas do máximo rango no panorama español estiman, alarmados, que chegou o momento de intervenir”.

²⁸ Euquerio Vázquez Senra foi presbítero e autor de numerosos artigos sobre protohistoria galega. Publicou tamén os libros *Los foros* e, en 1931, *Reflexiones de actualidad palpitante* (Otero Pedrayo, 1974). Foi membro non numerario da Real Academia Galega.

Como explica este autor, daquela, a semellanza entre o latín e o noso idioma? Da unión dos elementos sinalados no parágrafo anterior, crearon os galegos unha lingua que se parecía moitísimo ao latín, porque tanto o idioma dos romanos como ese galego primitivo tiñan compoñentes comúns -celta, hebreo, grego- e eran linguas irmás.

Da validez que se lle daban nunha Galicia necesitada de fundamentación nacional e de lingüistas a estas teorías tan afastadas da glotoloxía que xa dominaba mesmo en España (a onde tanto tardara en chegar) dá mostra o feito de que o traballo de E. Vázquez Senra fose publicado en 1907 nada menos ca no *Boletín de la Real Academia Gallega*, que debería ser o máximo órgano, o máis serio, de expresión e de divulgación da nosa cultura. En coherencia con isto, foi ben pouco entusiasta a acollida con que, dous anos despois, se recibiu dende as páxinas do *Boletín* outra obra moito máis moderna, sólida e científica sobre as orixes e a historia da lingua galega: os *Elementos de gramática histórica gallega* de Vicente García de Diego (1909). Na revista da Academia dedícase un único artigo (R.P.B., 1909) que, sen deixar de ser laudatorio, ocupa máis de metade do seu espazo en rebater as etimoloxías do gramático burgalés.

Capítulo 2. Referencias directas ao galego

Tal e como se adiantou na introdución, durante o século XIX non se publicou en Portugal un só libro dedicado ao idioma de Rosalía. A atención preferente, se non exclusiva, dos máis ilustres glotólogos do país veciño estivo orientada cara á lingua e cara á literatura lusas. Emporiso, foi esta mesma orientación, nacional e protonacionalista ou nacionalista, a que os enfrontou co problema do “galliziano”. Como consecuencia, son múltiples os textos de Adolfo Coelho, José Leite de Vasconcellos, Carolina Michaëlis... en que, dun xeito ou doutro, aparece reflectida a cuestión do galego. Serán palabras soltas, breves parágrafos ou, como moito, capítulos ou artigos salpicados aquí e acolá os que nos revelarán o que estes autores pensaban acerca das falas deste lado do río Miño.

2.1. O galego na reflexión lingüística precientífica do século XIX en Portugal

2.1.1. De novo António Ribeiro dos Santos

2.1.1.1. *Orixes comúns*

Teresa López, na súa interesante memoria de licenciatura publicada baixo o título de *Névoas de antano* (1991), conclúe que un dos factores que atrasaron a difusión dos cancioneros medievais na Galicia do século XIX foi o intento de apropiación para a literatura portuguesa da lírica trobadoresca do oeste peninsular. Non vai ser nesta tese de doutoramento onde se neguen os esforzos nacionalizadores dos historiadores da lingua e da literatura do país veciño, tanto antes coma, sobre todo, despois da introdución do novo paradigma científico histórico-comparatista. Porén, cómpre aclarar que iso non quita que as alusións a Galicia e ao galego acompañen xa as primeiras noticias que se teñen no século XIX sobre a lírica do medioevo. O galego non é ignorado polos exhumadores da literatura antiga. Así, xa António Ribeiro dos Santos, un dos primeiros autores que tivo ocasión de ver e manexar o códice do *Cancioneiro da Ajuda*, na súa memoria “Das orixens e progressos da poesía portuguesa” (s.d.: 248), afirma con respecto aos inicios da lírica medieval no seu país:

O que porém excitou, e acendeo ainda mais os nossos, foi por certo o maior trato, e comunicação que mantivemos com a Galliza, nossa visinha, e comarcãa, antigo Solar das Musas Hespanholas, e Provincia de primor, e fartura na Lingua; e muito affeita desde a mais alta antiguidade ao exercicio de trovas, e cantares. Com sua gente se povoárão nossas terras em diversos tempos.

Como autoridades en quen apoiar estas asercións cita o Padre Sarmiento e o marqués de Santillana, a quen probablemente coñece a través del e das súas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*. Nesta obra, o frade Bieito reproducira a, ata daquela, inédita carta do marqués a D. Pedro, condestable de Portugal, onde se dicía:

E despues fallaron esta Arte, que Mayor se llama, et el Arte comun, creo en los Reynos de Galicia, é de Portugal, donde no es de dubdar, que el exercicio de estas ciencias, mas que en ningunas otras Regiones, et Provincias de la España, se acostumbró; en tanto grado, que no há mucho tiempo, qualesquier Decidores, ó Trobadores de estas partes, agora fuesen Castellanos, Andaluces ó de la Estremadura, todas sus obras componian en Lengua Gallega, ó Portuguesa.

(en Sarmiento, 1775: 154)

Así, A. Ribeiro dos Santos engade:

A mesma Galliza chegou a estar unida com Portugal em hum mesmo Reino, e principado (...) Acrescentamos agora, que nos primeiros tempos da Monarchia era huma mesma Lingua a Gallega, e a Portugueza; pois certo que só pelos annos adiante entrou a dividir-se, e a extremar-se em dois differentes Dialectos: o que muito facilitava, e animava a propagação do gosto poetico entre os nossos, aos quaes por meio de huma mesma Lingua commum ficavão transcendentés, e communicaveis as trovas, e romances da Galliza, que então erão tão cantados, e famosos em toda a Hespanha (...). Houve tempo em que foi mui cursado entre os Hespanhoes, e maiormente entre os de Castella, de Andaluzia, e de Estremadura, poetizar no Dialecto Gallego, e Portuguez (...).

(Santos, s.d.: 249-251)

En nota a rodapé indica que nos antigos documentos e poemas dunha e da outra lingua (ou dialecto, pois chámalles ora dun xeito ora doutro, tanto a galego coma a portugués) queda moi clara a identidade de ambas, así como que na provincia do Minho, próxima a Galicia e poboada por galegos, hai aínda vestixios daquela antiga conformidade. Esta orixe común, segue dicindo, recoñecérona Duarte Nunes de Leão, Gregorio Mayáns, Esteban Terreros y Pando e, sempre segundo interpretación de A.

Ribeiro dos Santos, Argote de Molina. A influencia do primeiro destes eruditos no autor de “Das orixens e progressos da poesía portuguesa” queda patente na explicación que A. Ribeiro fornece para a posterior separación de galego e portugués en dúas linguas distintas:

A desmembración que depois se fez da Galliza separando-se de Portugal, e a cultura que teve o noso Dialecto na Corte de nossos Reis, e nas mais partes deste Reino, fizerão necessariamente, que o Portuguez se fosse pouco a pouco disimelhando do Gallego, e que este ficasse no mesmo estado, e sem maior alteração, muito mais por ser idioma em que se não escrevia, nem imprimia por falta de escolas, e de Corte na Galliza, que são as officinas, em que se forjão, e apurão mais os vocabulos, e expressões de qualquer Lingua.

(Santos, s.d.: 250)

Compárese esta cita coa xa reproducida de D. Nunes de Leão (1945: 244) [1606] e verase a proximidade, por tramos case literal, entre ambas:

Da qual lingua Gallega a Portuguesa se avantajou tanto, quanto na copia e na elegancia della vemos. O que se causou por em Portugal haver Reis e corte que he a officina onde os vocabulos se forjão e pulem e onde manão pera os outros homês o que nunca houve em Galliza.

De feito, A. Ribeiro dos Santos detense a proclamar a inxustiza da crítica que, un século e medio despois de publicada a *Origem da lingua portuguesa*, o P. Sarmiento lle dirixira, por esta reflexión, a Duarte Nunes de Leão²⁹.

2.1.1.2. *O portuguez galliziano*

Diciamos que, segundo A. Ribeiro dos Santos, a inspiración lírica que se atopa no Cancioneiro da Ajuda ten a súa orixe en Galicia e, se esta terra puido transmitirla a Portugal, foi mercé á identidade das súas linguas na idade media. O lirismo medieval introducido en Portugal polo contacto cos galegos frutificou nun cancioneiro, o daquela chamado *do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*, que A. Ribeiro dos Santos tivo ocasión de examinar e do que nos deixou unha descrición nun capítulo das súas *Memorias da poesía em Portugal, com uma breve noticia de dous cancioneiros até*

²⁹ Para unha exposición e breve análise da recepción de Nunes de Leão en Sarmiento véxase Monteagudo, 2004b

agora desconhecidos (Santos, inédito h). O erudito verte nestas páxinas diversas opinións sobre o códice, entre outras a de que as cantigas que contén son da autoría dun único poeta. Canto á lingua en que están escritas, A. Ribeiro dos Santos di o seguinte:

A lingoagem he do antigo Dialecto Portuguez Galliciano, que se fallou na Provincia d'entre Douro e Minho nos primeiros seculos da Monarquia; o qual se uzou mt^o. na Poezia entre nós e os Gallegos e Castelhanos, ainda em tempos, em que o Dialecto Portuguez em geral se hia polindo polindo [sic], e separando do Galliziano ~~extreme~~, que no seculo X e XI se fallava em toda a Galliza e Portugal até Coimbra.

Parece-nos obra mt^o. antiga pela lingoagem, por que tras mt^{os}. termos e maneiras, de que se nao' achao' exemplos ~~pela common~~ se nao' nos primeiros ~~tres~~ seculos da Monarquia; e outras só existem no Poema do Cid, e nos (...), ^{outros} de D. Gonçalo de Berceo do seculo XII e XIII e nas Cantigas em Gallego de D. Affonso o sabio de Castella; e cotejados com os dos mais antigos Poetas nossos do Cancioneiro de Rezende mostrao' ter hua' lingoagem mt^o. mais antiquada, e cerrada, do que estes tem: a versificação' he irregular; e (...) divisao'-se nella os ~~primeiros e tocos~~ esboços e começos de hua' poezia nascente; o que nos faz crer', que forao' produçao' do seculo ~~XIII. XIII~~ ^{XII ou XIII} XII ou XIII.

De acordo con este texto, as cantigas do *Cancioneiro da Ajuda* están escritas en *portuguez galliciano*. Observemos, porén, que o sentido con que aparece este termo é distinto ao que ten hogan o seu parente *galego-portugués*. Segundo A. Ribeiro dos Santos, ata o século XI falouse en Galicia e en Portugal un idioma a que o autor lle dá o nome de *galliziano*, pero no XII este comezou a fragmentarse en dialectos: o *gallego* –que, como dixera na súa memoria “Das orixens e progressos da poesia portugueza” (Ribeiro, s.d.), se estancou como consecuencia da ausencia dunha independencia política que puidese garantirlle escolas e Corte-, o *portuguez* –que continuou progresando e, deste xeito, se separou cada vez máis do seu irmán do norte- e o *portuguez galliciano*. Este parece un dialecto de transición entre o *gallego* e o *portuguez* falado unicamente na zona máis setentrional do novo reino creado por Afonso Henriques pero, aínda así, escollido como variedade literaria e, máis en concreto, lírica, non só polos galegos e polos portugueses, senón tamén polos casteláns. Insisto, pois, en que para o autor desta cita as falas dos territorios ao norte do río Miño non son *portuguez galliciano*, pois este dialecto non existiu nunca fóra da rexión portuguesa de Entre Douro e Minho. De aí que das *Cantigas de Santa María* se diga que están escritas en *gallego*.

Obsérvese que se lle dá un nome distinto á variedade falada en Galicia tras a fragmentación do século XII e á lingua que aquí se empregou ata o nacemento da monarquía portuguesa, común daquela aos falantes dos territorios situados ao sur do Miño: o máis antigo é *galliziano* e o máis actual *gallego*. É precisamente *galliziano* a forma que entra a formar parte, cunha leve variación ortográfica, do composto *portuguez galliciano*. Non parece tratarse dunha escolla arbitraria, senón dun esforzo deliberado por distinguir o galego posterior á fragmentación lingüística referida, ese galego que tivo continuidade a través dos tempos e que aínda seguía falándose en Galicia, por unha banda da antiga lingua-nai de que procedían este e mais o portugués e, por outra, da variedade en que se escribiu a lírica trobadoresca. O *portuguez galliciano*, igual cós outros dous dialectos xurdidos pola desmembración do tronco común a partir do século XII, procede do antigo *galliziano*, e non do *dialecto gallego*.

O texto que vimos comentando é, como se pode deducir das riscadas que foron reproducidas con el, un manuscrito inédito, un conxunto de notas tomadas polo autor á vista do daquela descoñecido *Cancioneiro da Ajuda*. Nas primeiras páxinas do documento, A. Ribeiro dos Santos expresa a súa intención de empregar os seus apuntamentos nunha futura “Cabeceira das Poesias da primeira Epoca da Monarchia”. Este proxecto realizouse finalmente na serie de artigos co título xenérico “Da origem e progressos da poesia de Portugal”, publicados postumamente en 1836 no *Jornal da Sociedade dos Amigos das Letras*. Aquí, António Ribeiro dos Santos analiza os que el considera os máis antigos monumentos poéticos do seu país:

Aos primeiros tempos da Monarchia, de que estamos fallando, isto é, aos fins do seculo XII e principios do XIII se poderiam talvez redusir, segundo nossas tradições, os primeiros troços, que apparecem de Poesia Portugueza, quaes são, dos impressos a canção de Gonçalo Hermigues; as duas Cartas de Egas Moniz Coelho; o fragmento do Poema da perda de Hespanha; e as Cantigas a Goesto Ansur; dos manuscritos o Cancioneiro inedito da Livraria do Real Collegio dos Nobres desta Corte.

(Santos, 1836a: 50)

O derradeiro dos textos mencionados é o que logo se coñecería como *Cancioneiro da Ajuda*. O resto non son composicións autenticamente medievais, senón falsificacións elaboradas no século XVII con pretensións de antigüidade. A pesar de que durante o XIX investigadores como F. Wolf, F. Diez, J. P. Ribeiro e C. Michaëlis se esforzaron

por mostrar a fraude que se agochaba tras estas obras, aínda podía dicir esta última filóloga en 1904 que “neste anno de Jesu-Christo continuam em Portugal e Galliza a impôl-as á devoção dos leigos, em livros de instrucção official e extra-official” (Vasconcellos, 1904a: 32); entre eles, os de Teófilo Braga. C. Michaëlis culpa a A. Ribeiro dos Santos da permanencia do engano, pois coa súa enorme autoridade refrendara a suposta autenticidade dos textos.

Sobre a lingua en que os apócrifos están escritos di primeiramente A. Ribeiro dos Santos que “parece não desmentir daquela idade: é um Dialecto *meado de Portuguez e Gallego*, como então era o que nós fallavamos; não sendo facil apontar um só termo, a que se possa negar aquella ancianidade, e de que se não possa mostrar exemplo em antigos documentos, e escripturas, ou Portuguezas, ou Castelhanas e Gallizianas, ou ainda Latinas, em que entravam de mistura muitos termos do Romance” (1836a: 50-51; o subliñado é meu). En sucesivos artigos, resumirá a anterior explicación sobre a lingua en que se achán escritos os primeiros textos da literatura portuguesa nunha única expresión, a mesma que empregara nas *Memorias da poesia em Portugal*: “o Dialecto é o *Galliziano Portuguez*, qual então se uzava na Provincia de Entre Douro e Minho” (1836b: 97; a cursiva é miña). Parece, pois, que se volve presentar a idea dun dialecto continuador do *galliziano* primitivo e, ao mesmo tempo, híbrido ou de transición entre *gallego* e *portuguez* (obsérvese ese “meado” da primeira cita do parágrafo).

2.1.1.3. *Prenacionalismo lingüístico*

A. Ribeiro dos Santos é un erudito que sabe da existencia do galego e da súa relación co primitivo portugués grazas ás súas múltiples lecturas de autores dos séculos pasados (P. Sarmiento, D. Nunes de Leão...), tanto do ámbito castelán coma do luso. O seu coñecemento de primeira man de manuscritos medievais –seguramente facilitado polos seus cargos de bibliotecario da Universidade de Coimbra e bibliotecario-mor da que sería Biblioteca Nacional de Lisboa- permítelle contrastalas coa realidade e concluír a súa veracidade.

Por outra banda, a principios de século, cando A. Ribeiro dos Santos escribe, Portugal encóntrase aínda nunha fase previa á do nacionalismo lingüístico que tenderá a identificar cada Estado cunha única lingua e a entender os idiomas como idiomas nacionais e nacionalizadores. Así se explica que, onde os representantes do novo paradigma, como por exemplo F. Diez (1874), só vén dous idiomas románicos – castelán e portugués- os autores lusos interesados polas orixes da lingua e da literatura do país no primeiro terzo do século XIX enumeren ao mesmo nivel galego, portugués, castelán, catalán e aragonés (Garret, 1826), cando non tamén cántabro, valenciano e andaluz (S. Luiz, 1837). Como se ve, para os primeiros, imbuídos dun romanticismo lingüístico de orixe xermana, a situación da Península é moito máis homoxénea ca para os segundos.

Debo aclarar que, ao dicir que os autores portugueses do primeiro terzo do XIX enumeran todas as variedades lingüísticas mencionadas ao mesmo nivel, refírome a que non distinguen entre idiomas –castelán e portugués- e dialectos *deses* idiomas. Isto non quere dicir que non perciban con claridade as diferenzas de status, de cultivo e de elaboración (non todas son lingua da Corte, das clases instruídas, non todas teñen unha brillante e ininterrompida tradición literaria internacionalmente recoñecida...) existentes entre as variedades mencionadas. Estas están tratadas como entidades independentes -o que, adaptando levemente a teoría de J. J. Montes Giraldo (1986) (vid. infra) poderíamos chamar *variedade diatópica heteroxénea*- pero con diverso desenvolvemento sociolingüístico.

Nesta mesma liña, A. Ribeiro dos Santos non parece inquietarse pola existencia do galego nin semella que sinta como anomalía a que el recoñece como primitiva unidade lingüística aos dous lados do Miño. Tampouco non lle molesta recoñecerlle un papel a Galicia na xénese do idioma e da literatura de Portugal, pero, iso si, non se lle pasa pola cabeza atribuír os poemas do códice que se acaba de descubrir a un autor non luso, tal e como se deduce da súa insistencia en que os textos están escritos no dialecto de Entre Douro e Minho. En principio, se tan parecida é aínda no seu tempo a lingua do norte do reino á de Galicia e se as semellanzas eran maiores na idade media, por que está A. Ribeiro dos Santos tan seguro de que o cancionero é obra dun autor portugués?, por que non considera a posibilidade de que as cantigas fosen compostas

en galego de Galicia? Sexan cales fosen as súas razóns, esta cuestión dá azo para lembrar que a ausencia de nacionalismo lingüístico non implica en absoluto unha total falta de interese polos idiomas nin polas literaturas de que son vehículo. Exáltanse os seus méritos, pero a natureza e o alcance dos argumentos con que se fai son ben distintos aos específicos do período nacionalista.

Os líderes nacionalistas tenden a presentar o seu idioma como algo exclusivo do pobo a que se dirixen –e non unicamente coma un “gift to all of mankind, as an instrument of pure reason and as a creation of sublime and natural beauty” (Fishman, 1973: 64)-, como elemento de identidade, como potenciador da unidade e da autenticidade étnicas e mesmo como causa ou impulso na loita pola liberdade cultural ou política. En cambio, no período histórico inmediatamente anterior, a exaltación lingüística non está de ningún xeito orientada cara ao conxunto do pobo e a súa busca dunha identidade común:

Na Idade Moderna, pelo contrário, ligados poder e prestígio do Reino com a língua do Rei, eis que esta, dotada de enorme poder simbólico, vem a ser sinal de império (...), das classes dirigentes de uma comunidade constituída no centro hegemónico do Reino: a língua põem-se ao serviço da monarquia. (...) Contra o que amiúde se afirma, tudo indica que o empenho gramaticalizador era impulsionado antes por um desejo de prestígio áulico e de identidade das classes dirigentes do que pelo propósito de unificar linguisticamente os territórios submetidos à autoridade da Coroa (...). Ora, não se quer com isto dizer que, desde o início da Idade Moderna, a da língua seja uma questão neutra e indiferente do ponto de vista político: tal como os símbolos identificadores da autoridade régia passam a ser utilizados como sinal de identidade colectiva do Reino, a língua (a do Rei) vai constituindo-se símbolo particular, distintivo, desse mesmo Reino. (...) Uma consequência importante disto é que a língua possuirá potencialidade política (mobilizadora de lealdades) só se conectada à instituição monárquica.

(Vázquez Corredoira, 1998: 29-30)

2.1.2. As primeiras edicións dos cancioneiros da Ajuda e da Vaticana

Como se sabe, Lord Charles Stuart³⁰ publicou en 1823 unha edición diplomática do códice da Ajuda co título de *Fragments de hum cancionero inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*. A “Notícia do manuscrito”, que introduce a edición, acusa, aínda que sen declárala explicitamente, a influencia dos textos de A. Ribeiro dos Santos de que me ocupei na alínea anterior (Vasconcellos, 1904a). Véxase, como mostra, o seguinte parágrafo referido ao idioma en que estaban escritas as composicións do cancionero, case calcado dun dos manuscritos do erudito portugués, citado máis arriba:

A linguagem he do antigo dialecto portuguez galleziano, que se fallou na provincia d’entre Douro e Minho, nos primeiros seculos da monarquia, o qual se uzou moito na poezia entre Portuguezes, Gallegos e Castelhanos, ainda em tempos em que o dialecto portuguez em geral se hia polindo e separando do galliziano estreme, que no seculo X e XI se falava em toda a Galliza e Portugal até Coimbra.

(s.a., 1823: VI)

A partir de 1824 ou 1825 incluíuse no cancionero unha folla solta anónima co título de “Advertencia” que substituíu ou acompañou, segundo os exemplares, a “Notícia” citada (Vasconcellos, 1904a). C. Michaëlis (Vasconcellos, 1904a: 9) indica que tanto un texto coma o outro son obra “de um benmerito luso-francês, intelligente e sympathico industrial, que nas horas vagas se dedicava a assumptos litterarios”. A mesma filóloga achéganos outros datos de interese: este autor, chamado Thimoteo Lecussan Verdier, foi socio, como A. Ribeiro dos Santos e Ch. Stuart, da Academia Real das Ciências de Lisboa³¹ e permaneceu expatriado en París entre 1819 e 1823, período en que dirixiu máis dunha edición de libros portugueses³². O que agora

³⁰ Sir Charles Stuart (1779-1745) foi un diplomático británico formado na Universidade de Oxford. A súa relación con Portugal data dos anos da guerra contra os franceses, en que foi membro da rexencia do país. Posteriormente, entre 1825 e 1826, volvería a Portugal como embaixador. Tamén tería cargos de embaixador en Francia, Holanda e Rusia.

³¹ En realidade, foi máis ca un simple membro, pois colaborou co duque de Lafões na súa fundación (s.a. s.d. b).

³² Velaquí outros datos biográficos de Thimoteo Lecussan Verdier (Lisboa, 1754-1813). Foi enxeñeiro e industrial (fundou a fábrica de fiación e tecidos de Tomar); amigo do poeta Francisco Manuel do Nascimento (Filinto Elísio); erudito interesado na literatura e, moi especialmente, en Camões. En 1808 detivérono baixo a acusación de xacobinismo e expulsárono do país sen proceso nin sentenza. Pasou a Tánxer e, de alí, a Francia, onde continuaría a súa actividade intelectual (s.a., s.d. b).

importa é que na “Advertencia” se afastou, polo que se refire á cuestión da lingua dos cancioneros, do seu primeiro modelo:

O idioma, portuguez castiço, inda parece mais antigo que o caracter da letra; pode appellar-se coevo do seculo XIII, e de certo he anterior ao reinado de D. Diniz; he regular em grammatica, e geralmente em orthographia: alguns gallicismos que se lhe podem notar, assaz demostram, ou o grande contacto que com os Francezes teve o reino de Portugal em seo começo, ou a comum origem das linguas meridionaes da Europa; pois certos idiotismos e termos, que n’este codigo se encontram inda se conservam na Espanhola, Italiana e Provençal; e por serem omitidos ou esquecidos no Elucidario de Fr. Joaquim de Santa Rosa e nos Diccionarios de Bluteau e de Moraes, nem por isso deixam de ser ou de haver sido portuguezes.

(s.a., s.d.b: ij)

Cabe a possibilidade de que o autor destes dous textos non encontrase contradición entre eles ao interpretar que o portuguez galliziano era un dialecto norteño do “portuguez em geral”. Con todo, o cambio é importante para nós dado que, segundo C. Michaëlis (Vasconcellos, 1904a), nalgúns exemplares do cancionero foi suprimida a “Notícia” primitiva e, con ela, a mención ao galliziano e ao portuguez galleziano.

A edición de Ch. Stuart, de só 25 exemplares impresos en París e, por tanto, de circulación necesariamente restrinxida, foi ata mediados de século a única mostra da lírica medieval do noroeste peninsular publicada. Tal vez por iso chegou, a pesar da súa curta tiraxe, a mans de autores tan importantes coma F. Raynouard, F. Diez, J. P. Ribeiro, etc., todos eles interesados nas primitivas literaturas románicas. Algúns destes investigadores coñeceron directamente os escritos de A. Ribeiro dos Santos, pero, a pesar de todo, paréceme que o *Cancioneiro* de Stuart puido ser, nun primeiro momento, a vía fundamental para a difusión das ideas deste erudito, en especial entre os estudosos estranxeiros.

Tamén coñeceu o cancionero de Ch. Stuart o cóengo João da Anunciada³³ e a el se refire nunha carta a F. Raynouard que reproduce J. Leite (Vasconcellos, 1903-05a: 54):

³³ João da Anunciada (Covões-Cantanhede, 1784 – Évora, 1847) foi cóengo de Santo Agostiño e, despois da extinción das ordes relixiosas, da sé metropolitana de Évora. Entre 1828 e 1834 estivo deportado en Refóios do Lima como castigo pola súa oposición ao goberno absolutista de Don Miguel. De xenio alegre, compoñía versos satíricos para celebrar o que vía nas súas visitas ás parroquias.

Sr. Raynouard:

O Sr. Carlos Stuart, embaixador que foi da Inglaterra em França, teve a bondade de ofrecer á Bibliotheca de S. Vicente, de que eu sou Bibliothecario, hum exemplar do *Cancioneiro chamado Galliciano*, que elle fez imprimir em Paris o anno passado, extrahido de hum manuscrito antigo existente no Real Collegio dos Nobres de Lisboa.

Desta carta podemos deducir que, a pesar do título que Ch. Stuart lle deu á edición que nos ocupa, o cancionero era coñecido –ou era tamén coñecido- co nome de *Cancioneiro Galliciano*. C. Michaëlis (Vasconcellos, 1904: 6) indica que “no catalogo da Livraria de Lord Stuart, rica de 4323 lotes, o apographo (No. 583) tem o titulo *Cancioneiro inedito em Portuguez-Galliziano que parece ser obra do sec. XIII, ms., being a faithful transcript from the original in the library of the Real Collegio dos Nobres at Lisboa*”. Poida que estas asociacións co *galliciano* e co *portuguez-galliziano* estean relacionadas coas indicacións do anónimo autor da “Advertencia” acerca do idioma en que os textos líricos do códice de Ajuda estaban escritos. En calquera caso, o nome non era do gusto de João da Anunciada, tal e como podemos deducir das disquisicións do autor verbo do título que debería levar o libro publicado por Ch. Stuart (Michaëlis, 1904a:13):

Um dos capitulos é uma dissertação sobre Cancioneiro. Alli disente o título, assentando que, visto o gallego e o português pouco ou nada terem differido entre si até ao sec. XIV, tanto lhe convinha a epigraphe *Cancioneiro português-galliziano*, como a de *Cancioneiro galliziano-português*, mas que o mais apropriado seria: *Gaia-Sciencia dos trovadores portugueses*.

Estamos, en última instancia, ante unha reivindicación do cancionero para a literatura lusa; reivindicación que non interesa fundamentar na lingua en que está escrito, que permitiría falar dunha obra galega e/ou portuguesa.

Tras os pasos de Ch. Stuart, o brasileiro C. Lopes de Moura³⁴ publicou en 1847, tamén en París, os textos do Cancioneiro da Vaticana que levaban a sinatura de don

Publicou diversos sermóns e cartas pastorais, así como unha *Descrição da igreja catedral de Évora* (s.a., s.d. b).

³⁴ Caetano Lopes de Moura (Baía, 1780- París, 1860) procedía dunha familia humilde. Debe aos seus estudos de latín o cursar a carreira de medicina en Coimbra, pois estes permitíronlle dar unhas clases das que extraería o diñeiro necesario para pagar a universidade. Entrou no servizo de saúde do exército e, rematada a guerra peninsular, marchou a Francia, onde se doutorou. Foi cirurgião-mor da Legião Portuguesa ao servizo de Napoleón e despois, durante o Imperio, serviu na armada francesa. Ademais

Dinís. Na “Prefação”, ademais de dar os primeiros datos que levaron a descubrir a autoría múltiple da obra publicada polo seu colega Ch. Stuart, ocupouse do tema que nos interesa aquí. Así o explica Teresa López (1991: 39).

Canto á lingua, non se refere ao galego-portugués aínda que explique a xénese do portugués partindo da “*lingua galliziana*” que, despois das modificacións que se lle engadiron na época dos trovadores, deu lugar a “*um diallecto distinto (...)*”. Nesta mesma liña, nunca fala de trovadores galegos, si de españois, entre os que incluí, por exemplo, a Charinho.

Non acabo de ver por que T. López considera que non referirse ao galego-portugués vai na mesma liña ca falar de trovadores españois no canto de galegos, mais, deixando á parte estas cuestións que agora non interesan ao meu propósito, limitareime a chamar a atención do lector sobre a nova mención da lingua galega na orixe do portugués. Aclaremos, iso si, que se trata dunha breve mención. Ao longo de todo o prefacio C. Lopes de Moura fala de “*lingua portugueza*”, de “*portuguez*” ou de “*dialecto portuguez*” e unicamente hai un parágrafo en que, tal vez como concesión a algunhas das súas fontes –nesta introdución cita o autor a D. Nunes de Leão e ao P. Sarmiento–, aparece o galego³⁵:

Assim que, com estes auxilios, a lingua galliziana, que era commum aos Gallegos lutenses [sic] e bracharenses, se veio a converter, em razão das modificações que nesse tempo [no de D. Diniz, a quen se lle atribúe un importante papel no progreso do portugués] se lle introduzirão, e com a admissão e adopção de novos vocabulos, em um dialecto distincto, que com o andar dos seculos tinha de vir a ser uma das linguas mais harmoniosas do antigo, e novo mundo.

(Moura, 1847: XVI)

Podemos deducir dese “era”, en pasado, da primeira liña³⁶ que en 1847 os galegos *lutenses* xa non falaban o mesmo cós seus veciños do sur, pero non se nos di que pasou co seu idioma. E é que a C. Lopes de Moura non lle interesa máis nada có perfeccionamento da que é a súa propia lingua. Esta sepárase do galego, non

das cantigas de *Don Dinis*, publicou obras variadas, fundamentalmente de xeografía e de historia. Tamén traduciu a Walter Scott.

³⁵ Non ecoa aquí, de feito, a cita de Sarmiento reproducida na páxina 134?

³⁶ Quizais herdado dunha das súas fontes, Duarte Nunes de Leão (o subliñado é meu): “e das [linguas] de Galliza e Portugal, as quaes ambas *erão* antigamente quasi hũa mesma, nas palabras e nos diphthongos, e pronunciação que as outras partes da Hespanha não tem” (Leão, 1945: 244) [1606].

inmediatamente despois da independencia portuguesa, como dicía A. Ribeiro dos Santos, senón no reinado de D. Dinís.

2.1.3. Francisco Adolfo Varnhagen

En 1849, F. A. Varnhagen³⁷ publicou as *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, “O livro das cantigas” do Conde de Barcelos* (S.a., 1849). Trátase da primeira edición crítica do Cancioneiro da Ajuda, edición coa que os textos publicados en 1823 por Ch. Stuart se fixeron accesibles a un público máis amplo. Na introdución á obra vese claramente que para F. A. Varnhagen é fundamental a cuestión da lingua en que se compuxo a lírica trobadoresca. Para apoiar esta afirmación abonda con comprobar o número de páxinas que o responsable da edición crítica do *Cancioneiro A* lle dedicou ao tema dos idiomas peninsulares, da súa orixe e das relacións que se poden establecer entre eles. Conclúese tamén o mesmo das vacilacións do discurso que este autor elabora con respecto ao galego. O interese que, ao meu ver, teñen estas páxinas do vizconde de Porto Seguro xustifica a atención demorada que a continuación lles vou dedicar.

A información que ten F. A. Varnhagen sobre os antigos vernáculos da península Ibérica procede, ademais de dos textos medievais que revisou directamente, de dous tipos de fonte: por unha banda, eruditos de fala castelá e portuguesa da chamada idade moderna (F. A. Varnhagen cita a Gregorio Mayáns i Siscar, Duarte Nunes de Leão, o P. Feixoo...); por outra banda, contemporáneos españois. Téñase en conta que o editor do *Cancioneiro da Ajuda* era por aquela época diplomático en Madrid ao servizo do goberno brasileiro, o que explica o seu coñecemento, declarado, das opinións de autores do ámbito español do seu século, e especialmente dos asturianos F. Martínez

³⁷ Fillo de portuguesa e de alemán, o militar, diplomático e historiador brasileiro Francisco Adolfo Varnhagen (São João de Ipanema, 1816 – Viena, 1878) estudou no Colégio da Luz, en Lisboa, e na Academia de Marinha. Posteriormente formárase como enxeñeiro militar na Real Academia de Fortificación. Axiña manifestou o seu interese pola historia e en 1838 publicou a *Notícia do Brasil*, aínda que a súa obra máis importante nesta materia serían os dous volumes da súa *História geral do Brasil*, dados ao prelo entre 1854 e 1857. Colaborou no xornal *O Panorama*, dirixido por A. Herculano e foi membro da Academia Real das Ciências. En 1840 volveu ao seu país de orixe, xa independente de Portugal, e obtivo a nacionalidade brasileira. Isto permitiu o seu ingreso na carreira diplomática (s.a., s.d. b). Estivo casado coa chilena Carmen Ovalle, o que explica que parte da súa biblioteca se encontre actualmente na Nacional de Chile. Outra parte encóntrase no Brasil.

Marina, J. Caveda e o marqués de Pidal³⁸. Axiña comprobaremos como o contacto, que non foi só literario, senón tamén persoal –era amigo de Pedro José Pidal-, con eruditos asturianos inclinou decisivamente as teorías de F. A. Varnhagen.

A importancia que o labor de diplomático tivo na elaboración da obra do brasileiro non acaba nos contactos persoais que lle propiciou: como di A. Guimarães (1935), “a diplomacia foi para elle, principalmente, o itinerario das pesquisas através dos arquivos da Europa, dos quaes exhumou preciosísimos documentos sobre o noso pasado”. Pénsese, por exemplo, que unha das súas primeiras misións en Madrid, pola que foi oficialmente felicitado en 1848, consistiu en investigar nos arquivos españois co fin, segundo R. S. Fleury (s.d.), de estudar a historia da súa patria e máis en concreto, segundo J. D. Cortés (1875), de obter documentación relativa aos límites do Brasil.

2.1.3.1. De Asturias a Brasil

No capítulo IV da introdución ás *Trovas e cantares de um códice do XIV século*, o diplomático brasileiro comeza por destacar a importancia da obra que edita “como monumento de linguagem”, xa que, por unha parte, os poemas que contén revelan o

³⁸ Francisco Javier Martínez Marina (Oviedo, 1754 – Zaragoza, 1833) foi sacerdote e doutor en teoloxía, xurista, historiador e deputado liberal. Foi tamén membro das academias da Historia (que presidiu) e da Lengua Española (Navarro, 2003). Aínda que destaca como historiador do dereito español, aquí interésanos polas súas ideas acerca da orixe e evolución do castelán, que expresou no seu “Ensayo historico-crítico sobre el origen y progresos de las lenguas” (1805). Cunha visión moi positiva do cambio lingüístico, indica nesta obra que as linguas máis ricas do universo son “caudalosos ríos engrandecidos por la avenidas de arroyos y torrentes” (Martínez Marina, 1805: 11) que reúnen en si “todas las ideas y expresiones científicas de las demás” (Martínez Marina, 1805: 12). En concreto, a lingua castelá formouse pola corrupción do latín (que reúne previamente no seu seo as achegas do grego e dos idiomas que contribuíron a conformalo) e as modificacións introducidas, fundamentalmente, polo árabe (á súa vez engrandecido coas contribucións gregas, indias, latinas e persas). No mesmo escrito refírese a outros aspectos de interese, como a escasa influencia xermana na evolución do latín peninsular ou o inmovilismo do asturiano (“la tenacidad con que los asturianos conservaron las voces de esta lengua”, Martínez Marina, 1805: 33).

Pedro José Pidal y Carniado (Villaviciosa, 1799 – Madrid, 1865), primeiro marqués de Pidal, foi político liberal represaliado polo absolutismo, mais a partir da morte de Fernando VII iniciou unha carreira ascendente que o levaría a ser ministro en repetidas ocasións (s.a., 1984). Interesan máis aquí, en todo caso, as súas facetas de medievalista, historiador ou crítico literario e, en especial, a de editor do *Cancioneiro de Baena* (Pidal, 1851), para o que redactou unha interesante introdución sobre a poesía castelá dos séculos XIV e XV. Foi membro das academias da Historia, da Lengua Española e de Bellas artes de San Fernando. Ao longo da súa vida reuniu unha magnífica biblioteca que contaba entre os seus tesouros cun manuscrito do *Cantar de Mio Cid*, que comprou para evitar a súa saída de España. José Caveda y Nava, de quen se encontrará máis información na nota 25, colaborou con el nas investigacións históricas e xurídicas que realizou en Villaviciosa.

alto “gráu de polimento” do portugués medieval e, por outra, testemuñan que “os diferentes dialectos e linguas da Península aínda nesse tempo eran máis parecidos entre si do que hoje” (1849: xxjx). F. A. Varnhagen non se está referindo só á semellanza entre galego e portugués, senón que inclúe na comparación o asturiano, o castelán e, aínda que só o menciona unha vez, o valenciano.

Ao longo de todo o capítulo empregará a denominación “lingua” para castelán e portugués e a denominación “dialecto” para asturiano e galego. Con todo, como imos ver a continuación, o uso do termo ‘dialecto’ non implica unha relación de filiación ou de dependencia dos vernáculos considerados como tales con respecto ás linguas de Madrid e de Lisboa. ‘Dialecto’ vén significando para este autor, como para moitos dos seus contemporáneos, variedade lingüística non-elaborada, idioma con escaso ou nulo cultivo.

J. J. Montes Giraldo (1986: 24-25) distingue seis sentidos distintos en que os lingüistas empregaron e empregan aínda hoxe a palabra dialecto. Nos diversos autores de quen falarei nestas páxinas encontraremos acepcións próximas á 1, á 2 e á 6. Esta última vén sendo, con algúns matices, a que manexa aquí F. A. Varnhagen:

1. Variedade (J. J. Montes Giraldo di, en realidade, “variante”) “genético-estructural de un complexo lingüístico considerado autónomo para fines de investigación”.
2. Variedade “diatópico-estructural de una lengua histórica”.
3. Variedade “funcional-sistémica de una lengua (tecnolecto, jerga, argot, etc.)”.
4. Variedade “diastrática, social o vertical”.
5. Variedade “diafásica: estilo, lengua literaria, lengua escrita”.
6. Variedade “diatópica heterogénea subordinada a una lengua nacional y de funcionalidad restringida”.

Os matices a que me referín con respecto á sexta acepción teñen que ver co feito de que no século XIX se emprega frecuentemente *dialecto* como termo non relacional: un *dialecto* non o é tanto doutro sistema lingüístico (nin nun sentido xenético-estructural nin por estar socialmente subordinado a el) como en si e por si mesmo, en función de cal sexa o seu desenvolvemento funcional, os seus ámbitos de uso...

De acordo coa teoría do vizconde de Porto Seguro, encontramos máis semellanzas entre os dialectos e linguas romances arriba mencionados canto máis recuamos no tempo, canto máis nos remontamos “ao fim do dominio godo” (xxxij) que sería tronzado pola invasión musulmana. É, pois, baixo o cetro dos monarcas visigodos cando se acada a maior homoxeneidade lingüística na península Ibérica. E logo, podemos preguntarnos, non habería máis homoxeneidade mentres persistiu o Imperio Romano? Pois, segundo F. A. Varnhagen, non, porque “nao’ somos da opiniao’ que em tempo algum a população’ rustica de Hespanha falasse o latim propriamente dito” (xxxij).

Igual que sucede nas colonias europeas do século XIX, pensa F. A. Varnhagen, ou aínda con maior razón –dado que na antigüidade non había imprenta, escolas nin medios de transporte como os da era industrial- o latín das colonias romanas tivo que ser distinto do do Lacio. Todo o máis, falarían correctamente algúns escritores e políticos que irían estudar a Roma. O resto dos colonos adaptaría o idioma dominante ao clima e índole do país e falaría latín rústico ou mau latín, o que, segundo F. A. Varnhagen, “se reduz á idea de que ja usavam dialectos románicos” diferentes en cada rexión (xxxij). Non é esta unha idea orixinal de Varnhagen, senón que se atopa xa en autores da idade moderna. H. Monteagudo (1999a) móstranos que a podemos encontrar, por exemplo, nos autores casteláns que no século XVII polemizaron con Aldrete acerca das orixes do castelán e tamén tivemos ocasión de recoller a mesma idea entre os celtistas portugueses, que non negaban a presenza do latín na Península, pero si a súa extensión a todo o pobo e para todos os usos.

O vizconde detense en concreto no dialecto dos galegos, tan peculiar que chamou a atención de Silio Itálico, quen se referiu a el cunhas palabras que xa recollera o P. Sarmiento nas súas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* e que no século XIX foron reproducidas ata a saciedade polos eruditos en Portugal e en Galicia. Isto explica que F. A. Varnhagen as coñeza, independentemente de que lese ou non a devandita obra do frade bieito, de quen só cita o *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (vid. alínea seguinte). Estas palabras teñen non pouca importancia na atribución aos galegos dunha capacidade poética que xustificaría o seu papel na xénese da lírica medieval do noroeste peninsular:

Fibrarum, & penna, Divinarumque sagacem
Flammarum, misit Dives Gallaecia pubem,
Barbara nunc patriis ululantem carmina linguis,
Nunc pedis alterno percussa verbere terra
Ad numerum resonas gaudetem plaudere cetras.
Haec requies, ludusque viris, ea sacra voluptas.

(Silio Itálico, en Sarmiento, 1775: 30)

En realidade Silio Itálico aludía con esta expresión á lingua prelatina dos poboadores da Gallaecia, pero F. A. Varnhagen non o interpreta así:

Cremos que se esas cantigas tivessem chegado ate nós qualquer gallego as entenderia hoje, tanto imaginamos que este dialecto, -como de paiz montuoso, alheio quasi ao trato estrangeiro-, se tem conservado estacionario, segundo por documentos temos provas que tem acontecido desde o seculo 12.

(S.a., 1849: xxxjv)

Estas reflexións non lle serven ao autor unicamente para deixar patente o arcaísmo e inmovilismo do galego, senón tamén, e en relación con iso, para destacar a orixe e pureza latinas de galego e de portugués. F. A. Varnhagen parece considerar nos parágrafos que agora nos ocupan que o que hoxe chamariamos evolución dun idioma só pode deberse ao influxo doutro, idea esta, como vimos, nada infrecuente na lingüística precientífica (lémbrese o que se dixo na alínea 1.5.2. sobre a valoración da mobilidade lingüística nos séculos XVI a XIX). Por iso continúa a súa argumentación sobre o conservadorismo do galego afirmando que resulta difícil introducir unha nova lingua nun país que xa foi colonizado e “agricultado” por primeira vez (xxxjv) (sobre as ideas precomparatistas da imposibilidade de cambio de lingua, vid. alínea 1.2.1). Presenta como probas que o confirman a non-adopción do latín polos vascos, do castelán polos galegos e cataláns, do normando polos ingleses. Este tipo de probas, consistentes en aplicar a tempos pasados e a zonas xeográficas distintas as conclusións tiradas de exemplos contemporáneos, son frecuentes na primeira metade do século XIX (temos outro intento do propio Varnhagen uns parágrafos máis arriba), o que non é de estrañar, dado que tamén o son nos nosos días. Tal e como vimos nas alíneas dedicadas ao celtismo en Portugal, se este actualismo se revela ás veces como un instrumento útil, tanto para exemplificar como para chegar a comprender o que

sucedeu coas linguas moitos séculos atrás, cando non se toman coa debida cautela nin se matizan con datos sobre a individualidade de cada época histórica poden xustificar deducións totalmente erradas. É máis, uns mesmos exemplos poden levar a conclusións enfrontadas. Neste caso, porén, a consecuencia que se extrae non está desencamiñada:

Por tanto quanto a nós nem os Godos nem os Suevos poderam substituir suas linguas pelos dialectos románicos que aqui se falavam, e a opinio' do erudito Feijó de que as idiomas Portuguez e Gallego devem sua origem ao doimínio Suevo, é de tal modo gratuita que nem nos occuparemos em refutal-a em quanto nao' se nos diga quaes sao' as articulaçoens, modismos ou paridades grammaticaes que nelles se encontram identicas á lingua dos mesmos Suevos, e que se nao' notam nos outros dialectos da Peninsula.

(S.a., 1849: xxxjv)

Non se deduza destas palabras que o P. Feixoo (Feijóo, 1968: 226) [1727-29] pensase que o galego e o portugués, que el consideraba unha única lingua “por ser poquísimas las voces en que discrepan y la pronunciación de las letras en todo semejante”, eran idiomas xermánicos. Todo o contrario: no seu discurso “Paralelo de las lenguas castellana y francesa”, o ourensán defende que non só deben reputarse por dialectos latinos o español, o italiano e o francés, senón tamén o portugués, “en que advierto se debe incluir la lengua gallega”. Iso si, seguindo unha doutrina que, como vimos, chega aínda ata F. A. Varnhagen, a deriva do latín en diversas variedades románicas atribúese neste discurso a un influxo externo: á mestura coas linguas xermánicas. A este engade o P. Feixoo a nova situación política que se instaurou tras a caída do Imperio Romano, situación que facilitaba o illamento dos novos reinos xermanos con respecto aos seus veciños e, como consecuencia, o particularismo.

Habiendo estado las dos naciones [Portugal e Galicia] separadas de todas las demás provincias, debajo de la dominación de unos mismos reyes, en aquel tiempo precisamente en que, corrompiéndose poco a poco la lengua romana en España, por la mezcla de las naciones septentrionales, fué degenerando en particulares dialectos, consiguientemente, al continuo y recíproco comercio de portugueses y gallegos (secuela necesaria de estar las dos naciones debajo de una misma dominación), era preciso que en ambas se formase un mismo dialecto.

(Feijóo, 1968: 230)

Xa que logo, a discrepancia entre o brasileiro editor do Cancioneiro da Ajuda e o frade bieito non reside tanto na cuestión de como se fragmentou o latín, senón en se esta lingua se fragmentou ou non tras as invasións bárbaras. Como vimos, para F. A. Varnhagen o latín xa estaba dividido en dialectos romances baixo o cetro dos emperadores romanos; en cambio, baixo dominio xermano a tendencia disgregadora cedeu en favor doutra de signo contrario:

Quanto aos godos sabemos que procurando antes conservar e propagar a lingua latina, que estender a súa, como diz Aldrete, adoptaram aquela por lingua oficial, como unico representante culto e com escripta dos dialectos romanceados. Esta nova necesidade de estudar o latim, e a extensao' que tomou o dominio godo por toda a Hespanha, deviam muito concorrer para que todos os seus dialectos se homogenisassem, ou pelo menos se criasse outro novo, um pouco godo talvez, mas ao mesmo tempo mais analogo ao latim escripto, que servisse de linguagem franca, a que fosse a lingua, digamos assim, dominadora.

(S.a., 1849: xxxv)

Este latín homoxéneo foi o idioma adoptado, tanto polos primitivos habitantes de Asturias coma polos godos e resto de cristiáns refuxiados nestas terras tras a invasión africana. Como consecuencia, foi o idioma que os reconquistadores levaron por toda a Península a medida que lles gañaban de novo o terreo aos musulmáns.

A poboación mourisca que quedou en territorio reconquistado, “com negação’ ou defeito organico para pronunciar certas articulaçoens latinas principalmente o *f* e o *j*” (xxxvj) foi a responsable da formación do castelán. E é que o castelán non se distingue tanto na sintaxe ou no léxico do resto dos idiomas latinos coma na fonética. En concreto, caracterízase por pronunciar guturalmente o *j* e por converter o *f* en *h* aspirado. Canto máis se avanzaba na reconquista máis arabizado ía quedando o que sería idioma de Cervantes.

Detrás da opinión de que o castelán se formou pola corrupción do latín ao contacto cos árabes están sobre todo o asturianista José Caveda³⁹ e o académico da historia F.

³⁹ José Caveda deduce da semellanza do asturiano co castelán dos primeiros documentos en que se rexistra que ambos foron unha mesma lingua ata a reconquista: un idioma latino apenas modificado polas achegas xermanas. A partir da invasión árabe, a distancia entre os dous medra: o asturiano permanece fiel ás súas orixes en tanto que o castelán se vai afastando mercé ao influxo provenzal e, sobre todo, árabe, que se irá facendo cada vez máis patente e que atingirá o seu punto máis alto ao

Martínez Marina⁴⁰, autores a quen F. A. Varnhagen cita con profusión ao longo destas páxinas. Tamén outros eruditos, como o P. Feixoo –aínda que galego de nacemento, moi vencellado coa cidade de Oviedo, onde residiu case toda a súa vida- chegaran a conclusións semellantes. A idea non é desinteresada, senón que posibilita a exaltación do portugués (do asturiano, no caso de J. Caveda) sobre o idioma centropeninsular:

Assim esta língua [o castelán] que tanto admiramos pela sua nobreza, energia, e quer-que-é d'orgulho varonil, é das da Península, a que pelos vestígios mais representa o dominio arabe, mas está longe de ser a mais legitima representante do dominio romano ou godo. Esta prerrogativa pertence a um daquelles tres idiomas entre si parecidissimos [asturiano, galego e portugués], e como dois sao' dialectos, cabe ao portuguez pela razao' de ter litteratura propria, e nao' pouco rica, nem pouco culta.

O portugués constitúese así, para F. A. Varnhagen, no descendente máis lexítimo do antigo asturiano, en “verdadeira representante do idioma dos fillos de algo das Asturias” (xlj). Máis lexítimo aínda có bable decimonónico, pois este, tal e como indica o autor cunha cita de J. Caveda, corrompeuse e castelanizouse dende o século XVII, de xeito que se aproximou máis ca ningunha outra lingua da Península ao idioma de Cervantes. As cantigas que F. A. Varnhagen lle ofrece ao público en 1849 demostran canto máis asturiano era o portugués antes da relatinización do idioma luso que se produciu no século XVI coa restauración clásica de Camões, Miranda, Ferreira... F. A. Varnhagen está poñendo a literatura, as cantigas que publica, ao servizo da exaltación dunha lingua que empeza a pesar como elemento definidor da nacionalidade.

final do período medieval, unha vez conquistados todos os territorios outrora ocupados polos musulmáns:

“Aumentábase, pues, el castellano con gran copia de modismos y frases orientales, en tanto que Asturias, separada del resto de la nación por ásperos y difíciles valladares, le celaba más allegado á su origen latino con sus primitivas trazas y descomposturas. (...) Por eso no es de estrañar que cuente menos vocablos arábigos que el castellano, y que no conozca tampoco ni la expresión gutural, ni el sonido de aquellas letras de una pronunciación tal vez del todo exótica al primitivo romance vulgar, y propias del árabe ó derivada de su estilo” (Caveda, 1887: 30-31) [1839¹].

⁴⁰ Francisco Martínez Marina só ve vantaxes na confluencia do castelán co árabe: “Empero de quien incontestablemente recibió aumentos y riquezas considerables el idioma castellano, tanto que en breve tiempo se hizo superior á los de Europa, fué de la lengua árbiga: idioma común á españoles y moros en toda la banda meridional de España. Lengua sabia, riquísima y abundante”(Martínez Marina, 1805: 38). “Luego el idioma español debe todas las suyas, su ídole, genio, constitucion, gramática, sintáxis, elementos y voces al latino y arábigo” (Martínez Marina, 1805: 48).

De todas as obras que o brasileiro consultou para elaborar este capítulo da introdución ao cancionero, a que parece exercer unha influencia máis decisiva e mesmo guiar a súa argumentación é o “Discurso preliminar” das *Poesías selectas en dialecto asturiano* recollidas por José Caveda en 1839 (Caveda, 1887: 7-8), quen dende a primeira palabra deste texto mostra as súas cartas e exhibe ben ás claras o fin último das reflexións que comparte co lector:

Si la perfección de los idiomas es el producto de la sabiduría de los pueblos, que desde muy antiguo los cultivan, liviano empeño parecería encarecer como un modelo el *dialecto asturiano*, para colocarle á la par de los que la observación y la filosofía pulieron y engalanaron en una serie no interrumpida de ensayos felices y de costosos esfuerzos. Sucesor á buena ley del latino gótico, conservando las formas y la fisonomía de sus padres, y transmitido de generación en generación hasta nosotros, sin alteraciones sensibles, que desfiguren su primitiva índole, nos recuerda todavía al antiguo romance vulgar (...). Contento de su humilde oscuridad y sencillez, si no puede ostentar los preciados arreos con que el fino discernimiento de algunos ilustres escritores adornó el castellano actual, tampoco tiene que ruborarse de los feos y extraños postizos que á este idioma allegaron el capricho y la moda, pensando por ventura acrecerle y hermosearle.

Porén, como vemos, un texto orientado a reclamar a identidade entre o asturiano e o primitivo romance hispano da Península ou a súa pureza latina fronte á corrupción semítica do castelán é reinterpretado por F. A. Varnhagen a maior gloria do portugués.

Na mesma liña de exaltación da lingua de Camões continúa o brasileiro o seu razoamento. Os catro idiomas que tan semellantes eran no tempo dos godos fóronse diferenciando: o castelán co influxo árabe, o asturiano co influxo castelán, o portugués co moito máis nobre influxo latino clásico (influxo que, dado que o portugués é un idioma romance, non supón unha intervención externa) e o galego, máis primitivo, semella que sen influxo ningún. Por tanto, na evolución e na constitución destes dialectos romances hai unha primeira causa, interna, da supremacía portuguesa. A segunda causa, que permite elevar o portugués sobre o asturiano e o galego (o cal non quedara en posición inferior ao idioma de Camões en razón da súa natureza e constitución) responde a un factor externo ou, como diríamos

hoxe, sociolingüístico: o grao de cultivo e de elaboración do portugués fronte ao dos outros dous.

2.1.3.2. *A galeguidade das Cantigas de Santa María*

Como a supremacía do portugués sobre o galego está fundamentada en factores non-orgánicos, non hai problema en aceptar –con G. Mayáns i Siscar e con D. Nunes de Leão- a semellanza entre os dous romances. Malia isto, F. A. Varnhagen infórmanos de que a mediados do século XIX hai en Portugal “litteratos que repugnam em admittit-a” (xxxjx). Así pois, o autor presentará nun apéndice probas do parecido entre o dialecto e a lingua do oeste peninsular.

A primeira das composicións do apéndice non está asinada; con todo, sabemos que se trata de dez coplas escollidas do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* do Padre Sarmiento. Sen entrar en análises serias e profundas, a impresión que dá o texto transcrito é a de que F. A. Varnhagen o copiou dun manuscrito distinto aos que, segundo información de R. Mariño (1995), conservamos actualmente. Tamén cabe a posibilidade de que as diferenzas cos apógrafos que chegaron a nós se deban á intervención, consciente ou inconsciente, do vizconde de Porto Seguro sobre o texto orixinal. As frecuentes lecturas que diverxen de calquera dos manuscritos existentes hogano nalgúns casos semellan responder claramente á influencia do portugués – “se veen navegar” por “se ven navegar”, “e faz-lhes proveito” por “e failles proveito/probeito”-; porén, noutros casos non parecen poder xustificarse así –“e mais estar quedos” por “e mais se están quedos”, “que beñan” por “que veñan/veñen”, “retouça ou velo” por “relouca de velo”. De calquera xeito, non responde aos propósitos desta investigación averiguar a orixe de tales diverxencias. Si interesa, en troca, o feito de que, tanto algunhas das lecturas exclusivas do texto que presenta F. A. Varnhagen coma certos aspectos da ortografía das coplas atribuíbles sen ningún xénero de dúbida ao seu autor -especialmente a escolla, non sen vacilacións, de <lh> para representar a lateral palatal [ʎ]- facilitan a percepción da proximidade entre galego e portugués. No segundo poema do apéndice só nunha ocasión o editor do Cancioneiro da Ajuda se equivoca ao transcribir “perdim” (e non “perdin”, como di Dobarro Paz, 1980) por “perdín”.

Estoutro poema do apéndice, que si leva indicación do título e do autor, é “O desconsolo”, de Alberto Camino. Trátase do primeiro texto en galego deste poeta, no seu día moi famoso dentro e fóra de Galicia: mereceu ser publicado en case todos os xornais galeguistas contemporáneos (Vilavedra, 1995) e tamén nalgúns de Madrid. Por iso fixo posible, en palabras de M. Murguía, “que los no conocedores de este dialecto, pero que no estaban contaminados por las groseras ideas que acerca de Galicia se tienen fuera de ella, se sorprendiesen al ver la dulzura de que era capaz aquella lengua tan ridiculizada, como no conocida” (en Dobarro Paz, 1980: 504). Isto explica que o vizconde de Porto Seguro coñecese o texto. Cabe tamén a posibilidade de que F. A. Varnhagen tivese contacto persoal con Alberto Camino, xa que este se trasladou a Madrid precisamente en 1849, ano de publicación das *Trovas e cantares de um códice do XIV século*.

Sería interesante achar probas que xustificasen esta conexión pois, do mesmo xeito que son claros os contactos que o diplomático brasileiro mantivo con persoas que lle facilitaron o coñecemento das ideas asturianistas, tamén parece posible que no ano 1849 non tivese constancia do pensamento dos galeguistas do seu tempo, pero que acabase ou estivese a piques de establecer algún tipo de relación con algún ou algúns deles.

Para xustificar a afirmación do anterior parágrafo debo volver a unha consideración sobre o galego que F. A. Varnhagen fai case ao comezo do capítulo que estou analizando, pero que ata o momento deixei deliberadamente aparcada. Cando o autor afirma que as linguas e dialectos peninsulares da idade media eran moi semellantes entre si, observa que este feito pode constatarase coa comparación dunha serie de textos entre os que se encontran as *Cantigas de Santa María* como representantes do galego. Con todo, axiña aclara que “acima mencionamos como gallegas as cantigas d’Alonso Sabio, nao’ por termos a convicçao’ de que o sejam, mas por nao’ levantar questoens, quando nao’ ha occasiao’ de dar provas” (xxx).

É evidente que, tras unha afirmación coma esta, a cuestión queda, inevitablemente, “levantada”. Varnhagen continúa explicando que posúe unha copia do códice toledano das cantigas que aínda ese mesmo ano se ocupou de comparar co orixinal. É nesta

copia, da que se fía, máis ca dos fragmentos publicados por autores como Zúñiga ou Castro⁴¹, onde se constata que a lingua en que están escritas as *Cantigas de Santa María* é, non parecida, senón a mesma en que están escritas as de don Dinís e as dos seus contemporáneos portugueses. Ante esta constatación temos dúas posibles explicacións: a) que galego e portugués fosen aínda un só idioma na baixa idade media; e b) que as *Cantigas de Santa María* non estean escritas en galego. Aínda que o autor deixa a solución do problema para os críticos, non oculta a súa inclinación pola segunda das hipóteses, para a que incluso se esforza en achegar unha desas probas que máis arriba dixera non estar en disposición de dar:

Os que partilharem a ultima opiniao' encontrarao' em seu favor o empregarem-se nellas muitas palavras que já nao' sao' hoje gallegas, nem o eram no tempo d'Alonso Sabio, v.gr. crérido, menino, muito etc., as quaes por documentos gallegos dessa epoca e até anteriores (o Foro dos Cregos⁴²) sabemos se diziam, como hoje, crégo, neno, moito etc.

(S.a., 1849: xxx)

Na “Advertencia final” que pecha o volume das *Trovas e cantares de um códice do XIV século*, F. A. Varnhagen comúcalles aos seus lectores que o cancionero por el editado aparece sen notas porque decidiu publicalas máis adiante xunto con outras resultantes de “informaçoes que vamos pedir” (s.a., 1849: 336). Esas notas formarían un caderno á parte que se lles distribuiría a principios do ano 1850 a todos aqueles lectores que, ao compraren o volume en 1849, indicasen o seu interese por recibir este apéndice. En efecto, o apéndice publicouse un ano despois e nel trátase de novo a cuestión da lingua en que se escribiron as *Cantigas de Santa María*:

⁴¹ Diego Ortiz de Zúñiga publicou en 1677 os seus *Anales eclesiásticos y seculares de la muy noble y muy leal ciudad de Sevilla, metrópoli de Andalucía*, onde recolleu algúns dos poemas do Rei Sabio. O P. Sarmiento (1775: 272) indica que Zúñiga “cita el libro de Cantares que compuso D. Alonso, en la Poesía de aquellos tiempos, y en dialecto mas conforme al de Galicia”.

En canto a Castro, trátase de José Rodríguez de Castro, quen entre 1781 e 1786 publicou os primeiros tomos da súa *Biblioteca Española*, onde recolle tamén algunhas cantigas marianas de Afonso X.

López (1991) indica que en 1840 Bellermann publicara en Berlín unha escolma de cantigas do *Cancioneiro da Ajuda* e mais do *Cancioneiro Mariano* de Afonso X. Os textos deste último estaban tirados de Zúñiga e de Rodríguez de Castro. Como poderá verse en Sarmiento (1775: 273) e en Valmar (1889: 25-26) nin Zúñiga nin Castro copiaran as cantigas afonsinas do códice de Toledo que consultou F. A. Varnhagen (e, no seu día, o padre Sarmiento), senón dun dos códices do Escorial.

⁴² O texto galego do Foro dos Cregos, publicado por primeira vez en 1845 na *Historia y descripción de la ciudad de La Courña* por Enrique de Vedia y Goosens, resultou ser un traslado do século XV, aínda que foi outorgado en 1208.

Havendo conseguido, por occasiao' de uma excursao' que fizemos á Galliza, reunir mais alguns escriptos no dialecto dessa provincia, aqui juntaremos n'um 5.º Appendice: 1.º Um villancete do Natal; 2.º Algumas quadras dos *Rogos* contra a inquisição'; 3.º O principio do entremez gallego de Fandiño intitulado = *A Casamenteira*⁴³. = E agora nos cumpre declarar que hoje estamos persuadidos que Alonso Sabio empregou nas cantigas a linguagem que outr'ora se falava na Galliza; e que talvez em gallego estivessem muitas das composições que Santillana julgaria portuguezas.

(Varnhagen, 1850: 359)

F. A. Varnhagen parece ligar o seu cambio de opinión sobre a lingua das *Cantigas de Santa María* coa súa viaxe a Galicia. Porén, o brasileiro posuía xa unha copia dos poemas do Rei Sabio antes da súa “excursão” e, xa que logo, non puido ser o coñecemento destes poemas –que, por outra parte, nin sequera se conservaban en bibliotecas galegas- o que fixo que cambiase de parecer sobre o idioma en que estaban escritos.

⁴³ O vilancete anónimo que reproduce F. A. Varnhagen inscribíse no xénero dos vilancicos litúrxicos de Nadal de ambientación galega que floreceu nos séculos escuros, en Galicia especialmente arredor da catedral de Mondoñedo, pero do que aínda se nos ofrecen mostras no século XIX (entre outras, algunhas de Alberto Camino). Esta modalidade comezou sendo cultivada por poetas de Portugal e de Castela, pero tivo continuidade en Galicia cando no resto da Península estaba en decadencia. Con excepcións, pois na catedral de Segovia tamén seguiron compoñéndose ata 1900. Precisamente, o vilancico que reproduce Varnhagen, sen citar o autor, podería estar escrito na sé segoviana no século XVII, xa que Villanueva (1994) reproduce un texto do palentino Miguel de Irizar, compositor daquela catedral, que contén versos coincidentes con algúns do poema que transcribe o diplomático brasileiro. Ademais, a lingua atravesada de castelanismos e o tratamento do personaxe galego (xa non un pastor bobo, como os dos primeiros vilancicos casteláns e portugueses, tampouco non a dignísima voz lírica que canta ao Neno Deus dos vilancicos compostos en Galicia) parecen apoiar esta hipótese. En todo caso, e para o que aquí interesa, convén ter en conta as seguintes palabras de Carlos Villanueva (1994: 25) con respecto ao coñecemento que os galegos ligados ao movemento de recuperación literaria do galego no século XIX tiñan desta tradición poético-musical: “unas obras en las que no sólo es la lengua la representación de una comunidad, sino, además y sobre todo, los temas musicales y el empleo que de ellos se hace: ambiente, materiales y tratamiento que respiraron, siendo niños de coro, o residentes en los seminarios, músicos y poetas que más tarde fueron personajes señeros del Rexurdimento”

O segundo dos textos que recolle Varnhagen é un fragmento do romance publicado en 1813 *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados ós seus paysanos para abrílles os ollos sobre certas iñorancias e o demais que verá o curioso leutor*, do crego coruñés Manuel Pardo de Andrade, célebre polas súas ideas liberais. O motivo inmediato desta publicación de enorme éxito no seu tempo foi a supresión dos tribunais da Inquisición por parte das Cortes de Cadiz. O texto inscribíse no grupo de escritos do prerrexurdimento nos que a escolla do galego, lonxe de obedecer a unha opción ideolóxica ou estética, xorde dun evidente pragmatismo: teñen unha clara finalidade propagandística (os primeiros animan á loita contra os franceses; expulsados estes, céntranse na polémica entre absolutistas e liberais) e por iso optan por formas literarias sinxelas, personaxes populares con quen os lectores ou oíntes puidesen identificarse e, por suposto, pola lingua máis estendida e doada de comprender para o conxunto da poboación (Vilavedra, 2000).

O último dos textos mencionados nesta cita é a obra de teatro de Antonio Benito Fandiño *A casamenteira. Sainete en gallego para cuatro personas*, publicada en 1849, pero escrita polo autor estando no cárcere en Santiago en 1812 por mor das súas ideas liberais. A peza teatral está precedida dunha introdución titulada “Protesta” na que o editor da peza se queixa da falta de normativa para o galego e aclara os criterios lingüísticos da edición (Vilavedra, 2000).

C. Michaëlis (Vasconcellos, 1904a) indica que, durante a súa excursión ao noroeste peninsular, o vizconde de Porto Seguro estudou a lingua viva do país, cousa que, en principio, non deixa de sorprender nunha época e nun autor que orientan as súas pesquisas case exclusivamente cara ao texto escrito. Probablemente debamos entender, non que o autor estudou a fala espontánea dos galegoaparlantes do momento, senón que se interesou por textos literarios contemporáneos coma os que logo reproduciu no apéndice ao *Cancioneiro*. De todos os xeitos, se F. A. Varnhagen non estudou o galego oral, o máis probable é que cunha viaxe á nosa terra tivese múltiples ocasións de oílo e de fixarse nel. Foi este contacto coa lingua viva, oral e/ou escrita, do *Finis Terrae* o que provocou o seu cambio de opinión? Convenceuno o seu amigo Pedro José Pidal, que en 1851 publicará no prólogo ao *Cancioneiro de Baena* que as *Cantigas de Santa María* foran escritas en galego? Ou foi F. A. Varnhagen quen convenceu a P. J. Pidal? Falou o vizconde en Galicia con alguén que lle demostrou que estes poemas en honor á Virxe non eran portugueses? E, nese caso, con quen? Tal vez coa mesma persoa –ou persoas– que lle facilitou os textos do prerrexurdimento que se citan no anterior parágrafo, alguén pertencente aos círculos galeguistas progresistas da época, a xulgar polas obras que lle entregou. Ir máis alá sería nestes momentos especular sen fundamento, tendo en conta os datos con que conto, xa que nin sequera a consulta de parte do catálogo de obras da biblioteca de V. A. Varnhagen (repartido entre Brasil e Chile) mostrou referencias reveladoras verbo desta cuestión (s.a., 1904).

Con respecto á cita de F. A. Varnhagen reproducida máis arriba, cómpre aclarar que o autor non identifica en ningún momento as composicións a que se refire o marqués de Santillana co cancionero que el está a editar. Para el, aqueles textos están perdidos e non caben máis ca especulacións acerca deles. Segundo o brasileiro, o cancionero que hoxe coñecemos como de Ajuda é obra do conde de Barcelos, autor luso que, indiscutiblemente para F. A. Varnhagen, escribiu en portugués. O vizconde non só non asume as suxestións de autoría múltiple feitas por C. Lopes de Moura, senón que tampouco está disposto a aceptar a idea do seu amigo Alexandre Herculano, quen lle comunicara nunha carta a súa opinión de que “o cancionero nao’ é escripto em portuguez, isto é no portuguez falado; mas n’uma certa lingua *immoovel*, convencional e puramente litteraria” (Herculano en, s.a., 1849: 347). Estas palabras e, con elas, as dúbidas que a mediados de século suscitaba a lingua en que se escribira o cancionero

mariano de Afonso X serán recordadas polo marqués de Valmar na súa introdución á edición das *Cantigas de Santa María* feita pola Real Academia Española en 1889. O marqués, que é da opinión de que “la crítica no puede pararse mucho en tan extraña hipótesis”, conta que José Amador de los Ríos se dirixiu a A. Herculano para pedirlle directamente explicacións sobre a lingua en que se escribían os textos do rei sabio, “soprendido acaso (...) de aquel singular concepto histórico-filológico” (Valmar, 1889: 24). Velaquí a resposta de A. Herculano:

A minha opinião è que este Cancioneiro se não pode rigorosamente dizer escripto em portuguez, mas sim n'uma especie de lingoa, ou antes dialecto galliziano, que parece servir para estas composições mais ou menos liricas, como o castelhana servia para a poesia narrativa.

(Herculano, en Valmar, 1889: 24)

Recapitulando: a pesar de que F. A. Varnhagen coñece e cita, igual que o facía A. Ribeiro dos Santos, a Duarte Nunes de Leão, en 1849-50 non acepta a súa idea da unidade lingüística medieval de galego e portugués. Non está disposto a admitir que Portugal poida compartir a súa lingua con outra nación que non sexa ou fose colonia súa, porque unha cousa é afirmar que os lusitanos levaron o influxo civilizador do seu idioma polo mundo todo –ou, dende outra perspectiva, que os brasileiros herdaron a civilización europea das mans dos portugueses- e outra que as orixes del se atopan no país veciño. A pesar das semellanzas que, como dialectos latinos que son, os unen, galego e portugués son considerados como unidades diferenciadas dende a idade media.

Postas así as cousas, non cabe a posibilidade de que a literatura trobadoresca sexa compartida. Os textos que se conservan ou están escritos en galego ou están escritos en portugués e, por tanto, ou pertencen á literatura galega ou á portuguesa. F. A. Varnhagen inclíanse pola opción lusitanista e, de feito, a atribución galega das *Cantigas de Santa María* non deixa de ser fugaz. Cando en 1872 publica *Da litteratura dos livros de cavallarias* volve afirmar que as *Cantigas* de Afonso o Sabio están escritas en portugués, xa que o monarca preferiu cantar nesta lingua antes ca en castelán. Esta declaración áchanse nun contexto en que o autor se defende ante outro

dos problemas aos que se enfrontará a lingüística lusa, a saber: a independencia do portugués fronte ao español.

É comprensible que, nun contexto de afirmación do idioma de Camões fronte ao de Cervantes, se ignore o problema secundario do galego. A cuestión da borrosa delimitación entre un e outro percorre a idade moderna (cfr. Vázquez Corredoira, 1998 e Monteagudo, 1999a) e adéntrase no século XIX, tal e como demostra o feito de que F. Diez (1973), na edición francesa da súa gramática en 1874, xa no último terzo da centuria, aínda sinta a necesidade de aclarar que o portugués non é un dialecto do español. Tamén F. A. Varnhagen explica en *Da litteratura dos livros de cavallarias* que nin o portugués é dialecto do castelán nin o castelán do portugués, senón que estas son linguas irmás e “procedentes de quase identico romance” (1872: 142). Por se aínda así alguén ten tentacións de utilizar a semellanza e intercomprensibilidade dos dous idiomas para fins políticos, advirte o autor que a lingua non é o único carácter da nacionalidade.

Non se esqueza que F. A. Varnhagen, a pesar de que valora o idioma como un dos trazos definitorios da nación (tal vez porque Brasil está rodeado de Estados hispanofalantes), representa diplomaticamente unha ex-colonia que obtivo recentemente a súa independencia dunha metrópole coa que o comparte. Non pode, pois, defender unha correspondencia biunívoca lingua-nación. Para os promotores da independencia das colonias americanas, o compartir a lingua da metrópole adoitaba presentarse como un argumento a favor da independencia, por canto implicaba iguais orixes, igual desenvolvemento cultural e, xa que logo, iguais dereitos dos cidadáns americanos con respecto aos europeos. Amén diso, o contexto argumentativo favorece a minimización da importancia da conexión entre lingua e nación. Como proba da ausencia da relación biunívoca a que me referín, o vizconde de Porto Seguro explica que na Península hai outras linguas, ademais destas dúas:

Sem contar o vasconço, mais antigo, são linguas e não dialectos, o catalão e o valenciano, ambos com bons poetas, bons historiadores e bons romancistas, que nenhuma política será capaz de aniquilar.

(Varnhagen, 1872: 152-153)

Mentres que o vasco é considerado lingua pola súa antigüidade e, seguramente, pola súa distancia con respecto ás variedades romances, o catalán e o valenciano son así cualificados por razóns de elaboración (para os conceptos de lingua por distancia e por elaboración véxase Kloss, 1967 e Muljačić, 1986). Os motivos polos que o galego, igual que o asturiano, non aparece na lista das linguas peninsulares seguen sendo, pois, os mesmos de 1849. Probablemente, a literatura do século XIX non lle semella ao autor abonda para recoñecer a lingüicidade do vernáculo do *Finis Terrae* peninsular. Canto á medieval, é de novo integralmente adscrita ao portugués, sen mención sequera das falas galegas.

Se cadra, cabe unha segunda interpretación sobre a consideración do idioma de Rosalía nesta obra do vizconde de Porto Seguro: a de que F. A. Varnhagen siga crendo que as cantigas se compuxeron en galego, pero que agora estea considerando o noso idioma, non dialecto sen máis, senón dialecto pertencente ao dominio lingüístico portugués, co que cabería afirmar que o cancionero mariano foi escrito en lingua portuguesa. A tentación para facer esta interpretación non procede directamente da análise dos textos de Varnhagen, senón do feito de que esa será a visión que F. Diez, con quen o brasileiro nesta época se carteaba, presente na edición francesa da súa gramática en 1874 (máis adiante matizarei estas palabras).

Tamén foi nesta liña a opinión que J. Valera (1947) [1872] expresou en febreiro do mesmo ano en que se publicou *Da litteratura dos libros de cavallarias* no seu discurso ante a Real Academia de la Lengua Española titulado “Las cantigas del Rey Sabio”. Á lectura deste discurso asistiu o emperador do Brasil, o que nos dá indicios de como do outro lado do Atlántico se sentía como propia a tradición trobadoresca medieval. Aínda que F. A. Varnhagen non era xa diplomático en Madrid (cambiara de destino e de cargo en 1858 e, dende 1868, representaba o seu país en Austria), tal vez tivo noticia desta disertación académica sobre un asunto do seu interese a través dalgún dos amigos dos seus tempos madrileños.

No discurso de J. Valera, se ben se defendía a primitiva unidade lingüística galego-portuguesa e mesmo as orixes galegas do portugués, ao dar por feito que o vernáculo do noroeste peninsular non era máis ca un dialecto en tanto que o do sur do Miño era

unha lingua ligada a unha nación, o escritor cordobés considerou as *Cantigas de Santa María* como documento fundacional do idioma de Camões. Tal e como explica T. López (1991), iso permitiulle colocar con sutileza as orixes da literatura e do idioma lusos nas mans dun monarca castelán e, ademais, darlle prioridade cronolóxica á literatura e á lingua de Cervantes, co seu *Cantar de Mio Cid*, sobre as do país veciño. Aínda que non temos citas directas que nos autoricen a dar por segura a influencia de J. Valera, cabe a posibilidade de que certas afirmacións de F. A. Varnhagen estean influenciadas polas do autor de *Pepita Jiménez* e, ao mesmo tempo, sexan unha resposta a elas.

Con todo, e por moi suxestiva que resulte esta hipótese, hai que ter en conta as súas limitacións: se F. A. Varnhagen está seguindo a liña de J. Valera e de F. Diez -o que supón unha modificación, con respecto a 1849, do concepto de dialecto e das relacións entre galego e portugués-, ¿non resulta estraño que, a diferenza dos outros dous autores, non mencione en ningún momento o idioma galego, que en tal caso resulta ser, polo menos en parte, o obxecto da discusión?

2.1.4. Alexandre Herculano

Ata o momento ocupeime de autores que tocaron o tema do galego nos seus traballos verbo da lírica medieval do oeste peninsular. Trataréi agora dunha obra de historia política que, en realidade, apenas lles presta atención aos aspectos culturais (Mattoso, 1980): refírome á *História de Portugal* de Alexandre Herculano.

Xa falei deste escritor e deste mesmo traballo no capítulo dedicado ao celtismo lingüístico, acerca do cal, certamente, se estendeu máis A. Herculano ca sobre o asunto do galego. Iso si, a presenza de Galicia, xa que non a do seu idioma, é constante na obra arriba mencionada.

Se agora me intereso polas breves alusións á nosa lingua da *História de Portugal* é, por tanto, máis ca pola importancia que estas teñen no conxunto do traballo, a causa do peso intelectual do seu autor e do enorme éxito e proxección, nacional e internacional, desta publicación. Téñase en conta que nove anos despois da aparición

do primeiro tomo en 1843 xa se realizaran tres edicións do volume I e outras dúas dos tres seguintes en tiraxes de entre dous mil e tres mil cincocentos exemplares. A obra foi axiña coñecida en Irlanda, España, Francia, Italia, Alemaña, Brasil e EEUU e abriulle ao seu autor as portas das academias das ciencias de Lisboa, Turín e Baviera, da Real Academia da Historia de Madrid, do Instituto de Francia e da Sociedade Histórica de Nova York (Mattoso, 1980). Elías Torres (1995: 787-788) resume así o valor que lle deron os rexionalistas galegos á produción do insigne historiador:

Como é óbvio, a súa presenza [a de A. Herculano] não se produz por via da colaboração, dado que o escritor falecera já em 1877. Mas, já o indicamos, vai aparecendo nas revistas galegas como pano de fundo. E é talvez, junto com Camões, a referência habitual cujo conhecimento é sempre presumido. Nunca dele aparece um texto, mas com frequência é invocado como autoridade em matéria histórica, linguística e romancística. Dele toma-se sobretudo o seu crédito, porque sendo português (e aproveitando os galegos mais uma vez a imagem de zelosos nacionalistas dos portugueses), ‘reconhecia’ duas coisas fundamentais para a Galiza sob a óptica de alguns escritores regionalistas: ser o português o galego evoluído, e ser Portugal uma ‘consequência’ galega. (...) E assim vai Herculano figurar como referência clássica no sistema galeguista até à guerra civil.

A obra de Herculano non só suscitou a admiración, senón tamén as polémicas. Entre elas interesa aquí a reacción de membros da *geração nova* de que falaremos máis adiante (cfr. alínea 2.2.2.1), como T. Braga e A. Coelho (cfr., por ex., Coelho 1872). Algúns traballos de J. Leite de Vasconcellos, nomeadamente as súas *Religiões na Lusitania*, estiveron tamén orientados a desmentir presupostos básicos da *História* de A. Herculano.

Por que esa oposición da *geração nova* ou, polo menos, dalgúns dos seus membros? João Medina (1977) –nas súas argumentacións claramente partidario do autor romántico e contrario ao grupo de A. Coelho- coloca fóra da *História de Portugal* as razóns do enfrontamento. Estas sitúaaas nas diferenzas ideolóxicas que poñían o liberalismo cartista do historiador fronte a fronte coas posturas esquerdistas da nova xeración pero, sobre todo, en inxustas fobias persoais dos mozos cara a A. Herculano, cando non na incapacidade intelectual e no carácter difícil de autores como T. Braga, de quen di J. Medina (1977: 24) que foi “um dos mais detestados e [atención!] detestáveis literatos portugueses modernos”.

Independentemente do que poida haber de verdadeiro tras as afirmacións de J. Medina, o certo é que dentro da propia *História de Portugal* se atopan elementos abondos como para que un grupo de intelectuais que pretendeu fundamentar a consciencia nacional en factores orgánicos teña por inaceptables os presupostos de que parte a obra.

Inicialmente A. Herculano tamén defende, coma eles, unha concepción organicista da nación:

A palavra nação representa uma ideia complexa. Agregações de homens ligados por certas condições, todas as sociedades humanas se distinguem entre si por caracteres que determinam a existência individual desses corpos morais. Muitos e diversos são estes caracteres, que podem variar de uns para outros povos; mas há três pelos quais comumente se aprecia a unidade ou identidade nacional de diversas gerações sucessivas. São eles: a raça, a língua, o território.

(Herculano, 1980: 42)

Porén, axiña indica o autor que, por estraño que pareza, non se pode defender a continuidade de ningún deses tres elementos dende os primitivos poboadores do oeste peninsular ata os portugueses do século XII, século en que o condado cristián do sur do Miño se constituíu en reino independente. A nación xurdiu, pois, na idade media e non na prehistoria e orixinouse “em um ângulo da Galiza, constituído sem atenção às divisões políticas anteriores” (82). A que ata daquela fora provincia leonesa adquiriu a súa individualidade política “pelo esforço e tenacidade dos nossos primeiros príncipes e dos seus cavaleiros” (83).

Así pois, a pesar de que se parte dun concepto de nación como *Gemeinschaft* (Fishman, 1973) ou comunidade aglutinada por solidariedade mecánica (a derivada da semellanza de cultura, lingua, raza...), e a pesar da importancia que o *Volkgeist* portugués que se encontra tras o que Herculano chama “espírito público” (Catroga, 1993b) mantén ao longo de toda a obra, Portugal é definido aquí fundamentalmente en termos de vontade política, como asociación voluntaria de individuos, como *Gelleschaft* (Fishman, 1973). A cultura cédelle, pois, o seu lugar á política na definición da nación portuguesa.

O feito de defender que Portugal ten a súa orixe nunha Galicia da que apenas se diferenciaba inicialmente implica tamén asumir a comunidade lingüística medieval ao norte e ao sur do Miño e mesmo a orixe galega do idioma. Xa en 1845-46 o afirmara así A. Herculano na súa obra “O Galego. (Vida, ditos e feitos de Lázaro Tomé)” publicada por entregas no xornal *A Ilustração* (1981: 224-225):

É assim que historicamente o galego é ovo; ovo desta monarquia de Portugal. Afora o nome, ela herdou de Galiza bom quinhão de território, parte da população, os mais ilustres nomes da sua velha aristocracia, muitos costumes, e finalmente a língua, que hoje senhoril e desdenhosa olha com sobrançeria para o antigo dialecto que lhe deu origem, falta de piedade filial mais que muito repreensível, e que eu quisera ver bem zurzida pelos atravessadores, espevitadores e esfoladores da moral pública destes reinos e senhorios, onde nenhuma criatura, que saiba o nome aos bois em história, pode volver os olhos para o extremo horizonte do nosso passado, que não enxergue, ao cabo lá, a Galiza.

O que máis importa de todo isto é que A. Herculano relaciona as orixes galegas do portugués e de Portugal coa imposibilidade de definir a nación lusa mediante o que T. Braga chamou “caracteres positivos” (lingua, raza, crenzas, costumes, historia...). Así pois é de esperar que, ao reaccionar fronte ao concepto de nación portuguesa manexado polo historiador, a *geração nova* se atope con Galicia e co seu idioma. Será, pois, un mesmo punto da *História de Portugal* o que suscitará o orgullo e a admiración por A. Herculano dos rexionalistas galegos e a crítica da *geração nova* no país veciño.

Canto ao autor da *História de Portugal*, ten ben claro que colocar as orixes da nacionalidade na idade media e no reino de León non lle quita a esta méritos nin dereitos, nin impide defender un posterior desenvolvemento en sentido diferenciador. Obsérvese na seguinte cita como as explicacións acerca desta posterior distinción dos reinos veciños inclúen unha separación lingüística que se resolveu, como quedou expresado nun parágrafo anterior, en favor do portugués (Herculano, 1982: 221-222):

Interiormente, embora nas instituições e nos costumes da nação se revelasse a sua origem leonesa, tanto umas como outros tinham sido assaz modificados para constituírem uma autonomia diversa, e o próprio idioma, comum outrora à Galiza, se alterara bastante para formar uma língua à parte, que o progresso da civilização ia aperfeiçoando e dilatando, ao passo que a linguagem galiziana, abandonada na corte dos sucessores de Afonso VI pela

castelhana, e falada apenas numa província da vasta monarquia de Leão e Castela, não obstante ser ainda usada nas canções dos trovadores, se reduzia a obscuro dialecto.

De novo os argumentos de Duarte Nunes de Leão ecoan nas explicacións sobre a separación dos dous idiomas orixinariamente unidos.

2.2. O galego na reflexión lingüística portuguesa tras a introdución do novo paradigma

O que vimos ata aquí é unha mostra de como o galego mantén unha presenza, se se quere marxinal, pero en todo caso constante, na reflexión lingüística portuguesa dos dous primeiros terzos do século XIX. En ocasións, mesmo adquire unha posición máis central, ao relacionarse con polémicas que ligan lingua e/ou literatura primeiro con exaltación patriótica e, cara a mediados da centuria, coa definición da nación. Xa se dixo tamén que membros da *geração nova*, que, entre outras cousas, sería a responsable da introdución da nova ciencia lingüística en Portugal, se enfrontaron con Alexandre Herculano por cuestións dalgunha maneira relacionadas co asunto que nos ocupa. Así mesmo, convén lembrar que as opinións do resto dos eruditos mencionados ata aquí foron coñecidas polos estudiosos do portugués do último terzo do século, dado que aqueles se ocupaban de literatura antiga e o período medieval foi obxecto de interese para os lingüistas lusos que representarían o novo paradigma a partir da década dos setenta.

Ademais, ao longo destas páxinas puido comprobarse por alusións indirectas que do outro lado da fronteira (máis do centro peninsular ca da propia Galicia) foron chegando influencias de persoas que, dun xeito ou doutro, se ocuparon da lingua galega en relación co tema da lírica medieval. Aínda que exceda os obxectivos desta tese ocupámonos agora delas, cómpre cando menos apuntar que tamén na lectura de M. Milá i Fontanals, de M. G. Ticknor ou de J. Valera puideron descubrir os glotólogos lusos a inevitabilidade de abordaren a relación entre o galego e a súa lingua. Inevitabilidade, iso si, coa que habían bater en todo caso ao enfrontárense ás esixencias do paradigma histórico-comparatista, que se centraba na orixe das linguas e na relación entre elas.

De feito, tamén por alusións indirectas puido comprobarse que, antes ou ao mesmo tempo que a nova lingüística científica portuguesa se desenvolvía, investigadores europeos da talla e da influencia de F. Diez se ocuparon, certo é que con pouca demora, do galego. E, precisamente, en F. Diez me vou centrar a continuación, pois,

aínda que non é un lingüista portugués, ten un papel fundamental no cambio de paradigma que se produce ao sur do Miño na lingüística do último terzo do século.

2.2.1. Friedrich Diez e o dominio lingüístico portugués

Varios filólogos europeos, a miúdo ao fio das súas investigacións sobre a lírica medieval da península Ibérica, tocaron o tema do galego antes ou mentres se desenvolvía a moderna lingüística lusa (péñese en Wolf, d'Ovidio... e, dende outra perspectiva, Meyer-Lübke), pero só me deterei naquel que considero que influíu máis decisivamente nas opinións dos novos glotólogos do país veciño: Friedrich Diez. Analizando os seus escritos atoparemos algúns dos presupostos conceptuais e metodolóxicos da lingüística histórico-comparativa que convirá ter en conta, pois serán frecuentemente mantidos polos seguidores portugueses do autor alemán. Por algo F. Diez é considerado o pai da lingüística románica, o creador desta disciplina. A importancia da súa obra e a súa impronta na dos investigadores posteriores supoñen tamén que os seus comentarios verbo do galego tiveron que pesar sobre os glotólogos lusos que transitaron a vía aberta por Adolfo Coelho, independentemente de como fosen interpretados estes.

Por outra banda, poderíase pensar que esta mesma importancia da obra do alemán fai innecesario o seu tratamento aquí, dado que poucas novidades se darán achegado á análise duns textos tan coñecidos de todos. Aínda así, permítome recordarlle ao lector algúns datos de interese para o tema que nos ocupa e chamar a súa atención sobre outros que, na miña opinión, non foron resaltados de abondo.

2.2.1.1. Seis linguas románicas atraen a nosa atención

Resulta innegable que F. Diez non colocou o galego entre as seis linguas románicas que mereceron a súa atención, e tamén resulta innegable que incluíu o idioma de Rosalía no dominio portugués. Non é, pois, a miña intención cuestionar se o pai da lingüística románica considerou ou non o vernáculo do noroeste peninsular como un idioma autónomo. Está claro que non o fixo e así o interpretaron os seus contemporáneos. Pero abonda con isto para saber que pensaba o lingüista alemán do

galego?, ou máis ben chega unicamente para saber o que non pensaba? Parece pouco prudente deducir cos dous únicos datos presentados neste parágrafo que F. Diez considerou o galego como un dialecto subordinado á lingua portuguesa. Se cadra, despois dunha análise máis demorada chega o lector á mesma conclusión que agora poño en discusión, pero en todo caso chegará, espero, con máis fundamento ca no comezo desta alínea. Entre outras cousas, non o collerá de sorpresa un dato que non parece ser casual: a partir da segunda edición da súa *Gramática das linguas románicas* (Diez, 1856), Friedrich Diez evita empregar as palabras “dialect” ou “mundart” (“dialecte” ou “patois” na versión francesa de 1874, ambos os dous como posibles traducións de cada un dos vocábulos alemáns) para referirse á nosa lingua (na primeira edición empregara nunha ocasión “dialect”).

A pesar de que o primeiro tomo da *Gramática das linguas románicas* foi publicado en Bonn en 1836, a obra e, máis en concreto, a súa introdución, en que se achán expostas as ideas que aquí interesan, foi sendo modificada e enriquecida nas sucesivas edicións ata chegar á francesa de 1874 (que será a que siga eu aquí, en reprodución fac-similar, salvo indicación explícita do contrario). Xa que logo, podemos considerar que non é ata esta data cando nos encontramos co pensamento de F. Diez completa e definitivamente elaborado. Cómpre aclarar, porén, que os textos referidos ao galego non sofren alteracións da segunda para a terceira edición. Isto é importante porque os primeiros escritos lingüísticos de A. Coelho seguirán xa a segunda.

En 1836 o investigador alemán non incluía aínda na súa gramática as indicacións sobre os dialectos que, baixo o epígrafe “Domaines des langues romanes”, chegaron a ocupar máis de 60 páxinas do primeiro volume na terceira edición. Non é estraño, dado que o interese de F. Diez se centra en todo momento nas linguas. Iso converte en fundamental a distinción entre estas –obxecto da atención do investigador- e os dialectos -que non parecen considerarse relevantes para a ciencia.

Six langues romanes attirent notre attention, soit par leur originalité grammaticale, soit par leur importance littéraire: deux à l'est, l'italien et le valaque; deux au sud-ouest, l'espagnol et le portugais; deux au nord-ouest, le provençal et le français.

(Diez, 1874: 1)

Como vemos, F. Diez expón cáles son os criterios empregados para delimitar as variedades que deben ser obxecto da atención do glotólogo, aínda que, na práctica, o que está facendo tamén é establecer os criterios para diferenciar linguas –as seis mencionadas na cita anterior- e o que nesta mesma introdución vai normalmente considerar dialectos adscritos aos dominios desas linguas.

A. Vârvaro (1988: 52) pregúntase por que os dialectos non poden ser materia de interese para o glotólogo: “no hay ninguna razón teórica que justifique la exclusión de los dialectos a no ser que ésta sea su supuesta irregularidad gramatical (aunque no lo dice)”. En realidade si hai unha razón teórica ou, máis ben, metodolóxica: F. Diez ten que fragmentar o continuum que lle presenta a Rumania para poder analízalo e fai unha serie de cortes que dan como resultado seis sistemas distintos (portugués, español, provenzal, francés, italiano e romanés). Outra cousa sería imposible, porque ningún investigador pode dar conta de toda a inmensa variabilidade dun continuum dialectal. Ao lingüista non lle queda outro remedio que definir o que U. Weinrich (1954) chamou *diasistemas*; é dicir, construtos elaborados *ad hoc* con propósitos de análise a partir de *continua*.

Con todo, a pregunta de A. Vârvaro non vai desencamiñada e podería ser reformulada do seguinte xeito: pero por que fai F. Diez precisamente eses seis cortes e non outros? Tal vez porque, como indicou H. Monteagudo (1997), toda a lingüística histórico-comparativa tende a confundir o que E. Coseriu (1981: 302) chamou *lingua histórica* – lembremos, “lengua que se ha constituído históricamente como unidad ideal e identificada como tal por sus propios hablantes y por los hablantes de otras lenguas comunmente mediante un adjetivo «propio»; lengua *española*, lengua *italiana*, lengua *inglesa*, lengua *francesa*, etc.”- co que U. Weinrich (1954) chamou *diasistema*. Se o *diasistema* viña sendo un construto técnico, a *lingua histórica* é un construto ideolóxico en que non poden deixar de pesar factores de tipo político, xeográfico ou literario. Estes, precisamente, son os que F. Fernández Rei (1988) enumera como auténticos criterios de F. Diez –que sinalara o literario, pero non os outros dous- á hora de delimitar as linguas románicas. Así, o obxectivo do lingüista histórico-comparatista non é outro có de mostrar os “procesos de individualización de linguas en termos exclusivamente de ‘fractura’ de unidades orixinarias preexistentes, nun proceso de fragmentación que, ademais, se concibe teleoloxicamente, coma se as

novas entidades resultantes [neste caso, as seis linguas históricas de que parte o autor] estivesen pre-figuradas desde o comezo” (Monteagudo, 1977).

De todo o dito ata aquí deducirase facilmente que tamén no recoñecemento de dialectos e na determinación da súa adscrición aos dominios das diferentes linguas históricas pesan decisivamente os factores de tipo extralingüístico. En primeiro lugar, e aínda que o glotólogo non o recoñeza, só se mencionan como dialectos dun dominio aqueles que teñen ou tiveron manifestacións escritas (*scriptae* rexionais ou ben variedades que nalgún momento foron literarias, como o catalán ou o galego). Isto é así porque o que se estuda non é a lingua viva do século XIX, senón a súa evolución a través do tempo, e non é posible ter acceso a dialectos antigos exclusivamente orais (Baggioni, 1997). En segundo lugar, forma parte da construción -como dixeran, ideolóxica- dunha lingua histórica o delimitala e incluír no seu seo determinadas variedades que, normalmente, cederon ante o empuxe doutra de maior prestixio ou peso político e literario, a cal adoita ser considerada, mediante un proceso que J. Joseph (1987) denomina *sinécdoque*, como representante da lingua no seu conxunto. Ao estudar unicamente estas variedades preponderantes e adscribir o resto das variedades aos seus dominios, F. Diez delimita as áreas lingüísticas da Romanía cos mesmos criterios extralingüísticos con que o saber común determina as linguas (históricas).

A única lingua recoñecida por F. Diez que seguramente non o era polo saber común dos seus contemporáneos é o provenzal. Todos temos oído falar, porén, das razóns da consideración do lingüista alemán con esta variedade aparentemente dialectalizada (Muljačić, 1986) no século XIX. Friedrich Diez accedera ao estudo da gramática histórica románica a través das súas investigacións verbo da literatura dos trovadores occitanos e non podía deixar de considerar un idioma autónomo aquel que dera mostras dun xenio tan portentoso na idade media. A isto hai que sumar a importancia que o seu antecesor nos estudos románicos, F. Raynouard, lle concedera a este vernáculo (lembramos que F. Raynouard nacera na Provenza, pois non deixa de pesar no lugar que este autor lle concedeu ao vehículo de expresión dos trovadores certo chauvinismo do, polo demais, grande filólogo). Aínda que F. Diez non acepta xa a posición do occitano como lingua romana intermedia entre o latín e o resto dos

dialectos romances, herda do mestre a consideración deste como lingua, e lingua importante dentro da Romania.

2.2.1.2. *Criterios de adscrición*

Se os idiomas que estuda F. Diez e que definen as distintas áreas da Romania están máis próximos das linguas históricas ca dos diasistemas de U. Weinrich –é dicir, se o saber común sobre as linguas está pesando decisivamente sobre a súa descrición, digamos, científica- non debe sorprendernos que non haxa un único criterio, claro e distinto, para a adscrición dos diferentes dialectos a cada un dos dominios lingüísticos considerados. Trátase, máis ben, dun conxunto de valoracións –entre as que destacan a da dependencia política e a da literaria- relacionadas co prestixio dos distintos sistemas considerados. Por iso resultan infrutuosos os intentos de A. Várvaro (1988) de reducir as motivacións de F. Diez a un único trazo determinante. Segundo A. Várvaro, en principio o lingüista alemán considera dialectos dunha lingua todos os das rexións en que esa lingua é idioma de cultura, pero...

Este criterio no era aplicable, sin embargo, al provenzal, identificado como una lengua literaria muerta; al provenzal se le asigna el sur de Francia, Cataluña y Valencia en España, Saboya y parte de la Suiza francesa (Ginebra, Lausana y el Valais románico). Pero el catalán tuvo en el medioevo y a partir de 1800 una literatura propia, por eso su agrupación con el provenzal contradice sus mismos principios y Diez se ve obligado a concederle cierta autonomía aunque no llega a atribuirle un lugar aparte. Contrariamente, los dialectos romanches, es decir los dialectos románicos del cantón de los Grisons en la Suiza oriental, los hace dependientes del dominio francés: es evidente que no se trata de dialectos del francés ni es francesa la lengua literaria de la región, pero Diez no les reconoce un puesto autónomo, sea porque no tienen una completa originalidad debido a las influencias extranjeras (alemanas), sea porque no han dado lugar a ninguna lengua literaria. De cualquier modo, en su última sistematización, la clasificación de Diez presenta fisuras y contradicciones insalvables.

(Várvaro, 1988: 52-53)

Se -continuando coa suposición de A. Várvaro segundo a cal F. Diez emprega un só criterio para a súa clasificación lingüística- nos fixamos na situación do noso idioma no século XIX, podemos considerar que outra das fisuras está na adscrición do galego ao dominio portugués, pois é claro que nese momento a de Camões non estaba funcionando como lingua de cultura para os habitantes do Finis Terrae peninsular.

Pero é evidente que, neste caso, F. Diez está partindo da idade media e proxectando os resultados cara ao seu século. De aí que deduza o seguinte:

L'espagnol ne s'etend pas, comme langue populaire, dans tout le royaume: le nord-ouest appartient au rameau portugais, l'est au rameau provençal, et on parle basque en Biscaye, Guipuscoa, Alava, et dans une partie de la Navarre. En revanche, il a fait des grandes conquêtes dans le Nouveau-Monde.

(Diez, 1874: 87)

En nota a rodapé indica que o asturiano é, aínda nos seus días, máis semellante ao portugués ca ao castelán. De onde sae esta idea? De F. A. Varnhagen, con quen o alemán mantiña contacto epistolar. De feito, F. Diez remítenos ás *Trovas e cantares de um códice do XIV século* e mais ao estudo introdutorio da antoloxía de poesía asturiana publicada por primeira vez por J. Caveda en 1839. En troques, do dialecto de León di o ilustre lingüista alemán que “si on retranche de ce dialecte ce qui se rapproche de son voisin le galicien, il lui reste en propre bien peu de chose qu'on ne puisse retrouver dans d'autres ouvrages en vieux castillan, comme le *Poema del Cid*” (Diez, 1874: 90). Seguindo a Gessner, que publicara en Berlín en 1868 un estudo sobre o leonés antigo, atopa neste vernáculo trazos de mestura dialectal que o levan a consideralo o elo intermedio entre o portugués e o castelán. Non parece que F. Diez chegase a relacionar asturiano e leonés, xa que incluso os adscribe a dominios lingüísticos diferentes, o que semella derivarse do feito de que o autor consultase fontes distintas para o vernáculo dunha e doutra zona xeográfica.

En xeral, pode dicirse que F. Diez ten un coñecemento máis exíguo dos dialectos dos dominios ibéricos ca dos dos dominios italiano, provenzal, francés e mesmo válaco, acerca dos cales presenta unha información moito máis detallada. Obsérvese, por exemplo, que fronte á descrición dos trazos fonéticos que distinguen os dialectos italianos e franceses da lingua literaria representante do dominio en que se insiren, non hai apenas información sobre a fonética dos dialectos dos dominios portugués e español. Unicamente se indica a súa existencia e se mencionan textos que foron escritos nesas variedades. Tampouco os romanistas que seguiron o ronsel de F. Diez non sentiron a necesidade de completar estas lagoas:

A práctica totalidade dos romanistas límitase a salientar a existencia desa fase medieval *galego-portuguesa*, á vez que indica que o galego, falado no estado español, é un dialecto portugués, aínda que tamén hai quen o sitúa entre os dialectos do español. En todos os manuais hai unha ausencia de caracterización lingüística dese “dialecto portugués”, explicable polo descoñecemento xeral da situación lingüística de Galicia entre os romanistas. Téñase en conta que o traballo do alemán H. Schneider sobre a Limia Baixa, que marca o inicio das investigacións en profundidade dunha zona do territorio lingüístico galego, é de 1938; que os artigos de Zamora Vicente sobre o seseo, a gheada, a terminación *-ao/-án* e os grupos *-uit/-oit-* son de 1951, 1952, 1953 e 1963, respectivamente; e que a revista *Verba* da Universidade Galega, cos seus anexos, onde se publicou parte da investigación feita sobre o galego na Facultade de Filoloxía e no Instituto da Lingua Galega (fundado en 1971) é de 1974.

(Fernández Rei, 1988: 90)

Tendo isto en conta, semella claro que na adscrición do galego ao dominio portugués non puido pesar decisivamente a –por outra banda, innegable- proximidade lingüística co idioma do sur do Miño. Polo menos, non a súa proximidade no século XIX (outra cousa é a existente na idade media). Do mesmo xeito, non puido ser a ausencia de “orixinalidade gramatical” a que lle impediu a F. Diez incluír a de Rosalía entre as linguas románicas. Nin sequera na terceira edición da obra que estamos analizando cita F. Diez gramáticas ou dicionarios galegos de onde naquela altura xa podería tirar informacións sobre o vernáculo do noroeste peninsular. Tampouco non se lle ocorreu a solución de L. L. Bonaparte, que buscou datos de diversos dialectos europeos solicitando traducións do Evanxeo de S. Mateo a eruditos locais (do galego, segundo X. Alonso Montero, 1962, chegou a pedir tres; dúas, en opinión de Kabatek, 1992). Iso si, a partir de 1849 F. Diez tivo acceso a uns cantos textos galegos contemporáneos: os publicados por F. A. Varnhagen como apéndice ao *Cancioneiro da Ajuda*. Poucas páxinas, con todo, para poder extraer de aí ideas precisas sobre un idioma. De feito, cando F. Diez compare os dous sistemas lingüísticos farao só con referencia ao período medieval, do que ten máis datos:

En effet si on examine les rares monuments d'une date reculée qu'ont peut nommer avec certitude galiciens, c'est-à-dire les chartes de cette province, ainsi que les cantigas du castillan Alphonse X, et les chansons moins anciens de Macias, on trouvera bien peu de formes ayant quelque importance qu'on ne rencontre aussi dans les anciens textes portugais; mais l'idiome de cette province, politiquement unie à l'Espagne, s'est peu à peu éloginé de son ancienne forme.

(Diez, 1874: 91)

A afirmación referente á evolución posmedieval do galego, como vemos, non se fundamenta na análise de ningún tipo de escrito. Isto móstranos que, aínda que F. Diez apenas ten coñecemento sobre o vernáculo galego do seu tempo, si dispón dalgunha fonte da que tomou datos acerca da historia deste idioma. É moi importante saber de onde procede a información que ten o autor, tanto sobre o galego medieval coma sobre o contemporáneo, porque as súas fontes serán determinantes na clasificación deste entre os dialectos románicos. Pero antes de pasar a elas observemos como F. Diez indica que foi o galego o que se afastou da forma medieval que o aproximaba ao portugués na idade media, tal vez pola influencia do castelán. Do portugués, en cambio, non se di nada, coma se non se apartase do camiño trazado, coma se fose continuador lexítimo da variedade medieval.

O autor a quen F. Diez (1874: 91) remite directamente ao establecer a relación entre galego e portugués é Velázquez, sen máis aclaración, nin na bibliografía nin a pé de páxina:

Le portugais et le galicien (*galliziano, gallego*) sont une seule et même langue, comme les savants indigènes eux-mêmes l'ont reconnu et démontré avec ses chartes rédigées dans les deux pays (cf. Dieze, sur Velazquez, p. 96)".

Supoño que este autor é o ilustrado andaluz Luis Josef Velázquez de Velasco, marqués de Valdeflores, membro, entre outras, da Academia de la Historia. Coñecía a obra do Padre Feixoo e mesmo escribiu un traballo en defensa do seu *Teatro crítico*, traballo que permaneceu inédito ata hoxe (Álvarez Martí-Aguilar, 1996). En troques si se publicou, en 1754, unha obra súa titulada *Orígenes de la poesía castellana* en que L. J. Velázquez afirmou o seguinte (citarei pola segunda edición, de 1797, reformada só na ortografía, segundo declaracións do propio autor):

No es menos antigua [cá portuguesa] la poesía gallega, si se ha de creer á los que dicen que la lengua gallega y la portuguesa son una misma. Los cántares y canciones devotas de los peregrinos que iban de romería á visitar la Iglesia de Compostela, mantubieron [sic] en este país el gusto de la poesía en unos tiempos bárbaros.

(Velázquez de Velasco, 1797: 27)

Continúa L. J. Velázquez falando das *Cantigas de Santa María* e das de Macías. Ademais, remite o lector ao *Cancioneiro de Baena* e a unha serie de autores, contemporáneos do namorado –como Rodríguez de Padrón- ou posteriores –como Argote de Molina-, que se referiron á poesía de Macías. Tamén máis adiante, en relación coa literatura primitiva de España, citará a Silio Itálico, quen afirmara que os galegos cantaban versos na súa propia lingua baixo dominio romano⁴⁴. Lembremos o tan traído e levado, aínda no século XIX, *barbara nunc patriis ululantem carmina linguis*, unha mostra máis de como os argumentos sobre os idiomas se van transmitindo dunhas fontes a outras e, en moitos casos, convértense en tópicos que chegan case ata os nosos días⁴⁵.

Volvendo a F. Diez, non nos esqueza que o seu primeiro contacto co galego, igual ca co provenzal, non veu a través dos seus estudos lingüísticos, senón dos literarios. O seu interese pola poesía trobadoresca explica que a maior parte dos autores que cita ao tratar do dominio portugués (L. J. Velázquez de Velasco, F. A. Varnhagen, C. Lopes de Moura, V. Bellerman, A. Ribeiro dos Santos) se atopen entre os exhumadores ou entre os estudosos da lírica medieval do oeste peninsular. Nunha obra de 1826 en que se ocupa da poesía provenzal do medioevo, ao referirse á súa influencia noutros lugares de Europa, xa indicara F. Diez (cito pola edición francesa de 1845: 237; a cursiva é miña):

Mais le Portugal possédá, dès le milieu du XIII^e siècle, une poésie chansonnière émanée des grands, cultivée par eux, et qui ne saurait renier son prototype provençal. *Elle emploie l’idiome gallicien, également exploité par les poètes espagnols*, et nous a legué un spécimen de haut importance, un Cancioneiro (édité par le chevalier Charles Stuart, Fragmentos de hum cancionero inédito. Paris, 1823) recueil des chansons d’un seul et même poète contemporain d’Alphonse X. Les formes poétiques se [sic] sont pas rigoureusement celles des troubadours, accusent çà et là leur nationalité, mais n’en présupposent pas moins la connaissance familière de la forme provençale.

⁴⁴ Lendo os parágrafos que dedica á poesía galega e observando os autores que cita, parece estar seguindo moi de preto as *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* de Sarmiento, publicadas en 1775, aínda que non remite directamente a elas.

⁴⁵ Así, por exemplo, Henrique Monteagudo (2000b) sinalou na obra de Castelao a presenza de tópicos herdados do P. Sarmiento, entre os que se encontra o do lirismo do pobo galego, que o frade bieito e moitos seguidores seus (empezando por Manuel Murguía) basearon nas citadas palabras de Silio Itálico, ou a paternidade do galego sobre o portugués.

A mesma idea atópase na primeira edición da *Gramática das linguas románicas* (Diez, 1836). Dado o peso que F. Diez, coma o resto dos seus contemporáneos, lle concede á posesión de literatura á hora de determinar a lingüicidade dun sistema, non carece de importancia que inicialmente lle chame *galego* ao idioma en que se escribiron os primeiros textos literarios portugueses.

Tanto das fontes ata aquí mencionadas coma doutras ás que se vai referindo ao longo de toda a súa gramática (o P. Sarmiento, D. Nunes de Leão, o cancionero de Stuart, Milá i Fontanals...) puido sacar F. Diez unha idea que aquí expuxen por primeira vez ao referirme a A. Ribeiro dos Santos: a de que o galego (*galliziano* para A. Ribeiro) foi unha lingua antiga, común inicialmente a Galicia e a Portugal, que a partir dun determinado momento histórico se fragmentou en dous dialectos distintos: galego (*gallego* para A. Ribeiro dos Santos) e portugués. F. Diez, porén, non recolle a sutil distinción do erudito luso entre *galliziano* e *gallego*, senón que considera que estas son diferentes denominacións, sinónimas, para “le galicien” (Diez, 1874: 91). Tampouco non menciona en ningún momento o *portuguez galliziano*, variedade en que, segundo A. Ribeiro dos Santos, se escribira a lírica trobadoresca. De aí que na primeira edición da *Gramática* (Diez, 1836: 73) indique que tanto as *Cantigas de Santa María* coma o *Cancioneiro da Ajuda* están escritos en dialecto galego (*gallicische Dialect*) (en *idiome gallicien*, segundo Diez, 1845). Parece entender aquí o autor, tamén a diferenza do que facía A. Ribeiro dos Santos, que a separación entre as variedades galega e portuguesa foi máis serodia cá separación política de Galicia e Portugal. Así o viron outros autores contemporáneos ou posteriores. Cómpre indicar que a partir da segunda edición da *Gramática* F. Diez xa non incluíra os cancioneros profanos entre os textos literarios escritos en galego. Máis adiante darei unha posible razón para este significativo cambio.

Concluamos agora que as fontes que manexa F. Diez lle indican que, a pesar da situación xeopolítica da Galicia do século XIX, o galego forma parte do dominio lingüístico portugués, e non do español. Así mesmo, chaman a súa atención sobre a importancia deste vernáculo nun período histórico que é fundamental para os romanistas, por canto marca o nacemento das linguas que estudan: o medieval.

2.2.1.3. *A redacción*

Xa dixen que a partir da segunda edición da súa *Gramática das linguas románicas* F. Diez introduciu un capítulo titulado “Dominios” (“Gebiete”) que o obrigou a reflexionar sobre os dialectos en xeral e sobre o galego en particular. É interesante comparar a organización da información no dominio portugués coa do resto dos seis que distingue F. Diez para albiscar que pensaba o autor do noso idioma.

En tres destas áreas lingüísticas séguese o mesmo esquema. Tras o título da alínea, hai unha primeira parte en que se fala do dominio en xeral ou, máis ben, da lingua que se erixe no seu representante (italiano, español ou francés): idiomas de substrato e de superestrato, extensión xeográfica, etimoloxía do nome da lingua, primeiros monumentos... Tras un punto e á parte colócase en maiúsculas a palabra DIALECTOS e a partir de aí fálase de cales son os pertencentes ao dominio lingüístico considerado, infórmase das características que os diferencian da lingua tomada como representante dese dominio (no caso do leonés, dialecto do castelán, limitáanse a un comentario dun par de liñas), sobre cales son os primeiros monumentos de cada unha das variedades...

Na miña opinión este é o esquema que escolle F. Diez para os casos menos problemáticos, aqueles en que ten máis claro cal é a lingua que representa o dominio e cales os seus dialectos. A división da análise da área lingüística en dúas partes, porén, non se encontra nos casos do vólaco e do portugués. Obsérvase que o italiano, o español e o francés eran *linguas comúns* (Baggini, 1997) nos seus dominios (por adoptar unha expresión que nalgún momento emprega o propio F. Diez, 1874: 114); idiomas que, polo menos teoricamente, se falaban nos mesmos lugares en que se empregaban os respectivos dialectos, coa excepción do francés con respecto ao romanche, se aceptamos a eséxese máis estendida sobre a clasificación do glotólogo alemán (aínda que, ao meu ver, é discutible que o autor considerase esta variedade como dialecto francés). Usábanos as clases altas e tal vez medias desas zonas, eran idiomas vehiculares nas escolas e na administración, linguas literarias para os falantes de dialecto... constituíranse ao longo da idade moderna, como dixen, no que Baggioni (1997) denomina *linguas comúns* para todo o territorio do dominio e estaban transformándose en *linguas nacionais*. No resto dos casos, os sistemas en cuestión

(linguas ou dialectos) repartían o territorio da área lingüística, sen que un deles se impuxese sobre os outros.

A descrición do domino provenzal aseméllase á dos dominios español, francés e italiano, probablemente porque entre a lingua literaria provenzal e as variedades da Occitania (languedociens, limousins, de l’Auvergne...) pode establecerse unha relación equivalente á que hai entre o francés, por exemplo, e os patois do norte (Diez, 1874: 97). Mais, como quedou adiantado cunha cita de Vârvaro, este dominio esténdese por varios países distintos e iso provoca problemas. En primeiro lugar, F. Diez reconece as súas dificultades para elixir o nome do conxunto da área lingüística:

Il était difficile de trouver un nom caractéristique pour cette langue placée entre les domaines français, italien et espagnol, car il n’y avait pas de désignation géographique qui embrassât son territoire.

(Diez, 1874: 94)

No caso do francés, F. Diez (1874: 108) fala ás veces de “domaine de la langue française”, aínda que o título da alínea sexa “domaine français”, o que me fai pensar que o que lle falta ao autor é, non só un nome xeográfico que o englobe todo, senón tamén unha lingua de referencia para todos os dialectos, unha lingua que, de verdade, domine na extensión xeográfica onde as outras variedades son faladas.

Xa dentro da segunda parte das dúas en que F. Diez adoita organizar a redacción dos dominios, encontrámonos coa sorpresa de que, en realidade, a relación provenzal-catalán non é exactamente de lingua-dialecto:

La langue catalane (car on peut désigner ainsi, d’après la province la plus proche, la langue qui s’étend sur l’est de l’Espagne, les îles et le Roussillon) n’est pas exactement avec le provençal dans le rapport d’un dialecte; c’est plutôt un idiome original allié de près à celui-la. Dans le pays où elle se parle, malgré les nombreux poètes qui ont employé le provençal, on ne l’a jamais admis comme langue littéraire.

(Diez, 1874: 102)

Se non me engano, a consecuencia de todo isto é que temos dúas linguas moi próximas –pero, por outra banda, distanciadas abondo, dado que se lles reconece ás dúas orixinalidade gramatical- dentro do mesmo dominio.

Vexamos agora os casos en que a descrición da área lingüística non responde ao esquema dual descrito arriba. Comezamos polo válaco:

Le tout se divise en deux grands dialectes, celui du nord et celui du sud, autrement appelé daco-roman et macédo-roman. Le premier passe pour être moins mélangé, e est littérairement plus développé; le second a reçu plus d'éléments étrangers, particulièrement albanais, et surtout beaucoup plus de grecs, mais moins de slaves, et est resté à l'état de patois. Nous ne comprendrons que le premier sous le nom de *valaque*.

(Diez, 1874: 125)

Un dos dous dialectos é, por diversas razóns, o principal, polo que o seu nome coincidirá co do dominio. Porén, queda ben claro que nin sequera este pode identificarse co dominio en si, porque o todo está formado por dous membros que non se superpoñen na súa extensión pola área lingüística. Obsérvese que, neste caso, parece ser o dominio o que lle impón o seu nome (baseado na xeografía e na etnoloxía) á lingua, e non o dialecto principal o que lle dá o nome ao dominio. Compárese con outros casos, coma o do francés, en que resulta particularmente claro que o proceso é o contrario. Vexamos agora que sucede coa área lingüística portuguesa:

La langue a pour domaine le Portugal et, en outre, la Galice. Il a déjà été question de l'asturien; le portugais et le galicien (*galliziano, gallego*) sont une seule et même langue, comme des savants indigènes eux mêmes l'ont reconnu et démontré avec des chartes rédigées dans les deux pays. (...)

Pour désigner cette langue, le nom de portugaise, *lingua portuguesa*, est seul demeuré en usage, et n'a jamais été sérieusement compromis par ceux de *hespanhola* ou *lusitana*.

(Diez, 1874: 91)

Está claro que o do galego non é o caso do catalán: non se fala aquí de dúas linguas pertencentes ao mesmo dominio. Pero, fálase dun dialecto dependente dunha lingua? Daquela, por que se di que “o galego e o portugués son unha soa e mesma lingua” e non que o galego é un dialecto portugués? Por que non se organiza a alínea en dúas

partes, unha para o portugués e outra para o dialecto galego? Por que a partir da segunda edición, cando se introduce un capítulo titulado “Dominios” que obriga a unha reflexión máis profunda sobre as variedades románicas inicialmente excluídas da atención do glotólogo, desaparece a palabra *dialecto* en referencia ao galego? F. Diez usa directamente o nome “galicien” ou ben o pouco comprometido –por menos técnico- “idiome”, que tamén lle aplicara ao catalán, ao aragonés (que, só a partir da terceira edición, Diez, 1874: 102, “n’a jamais été essentiellement différent du castillan”) e ás linguas prerromanas do dominio italiano, por exemplo.


Na miña opinión, galego e portugués son consideradas dúas variedades da mesma lingua, a cal ao final recibiu o nome dunha soa delas. Por dicilo cunha terminoloxía máis actual e, por tanto, máis clara para nós, galego e portugués son dous sistemas pertencentes ao mesmo diasistema, entendido –á maneira de Coseriu, 1981- como abstracción que engloba un conxunto de variedades lingüísticas internamente homoxéneas dende un punto de vista ben xeográfico, coma neste caso, ben cronolóxico, ben estilístico...

Mais no paradigma da lingüística histórico-comparativa non se fala de sistemas e de diasistemas, senón de linguas e de dialectos. F. Diez non pode, nin quere, chamarlle dialecto ao portugués máis ca nun sentido xenético-estrutural –todas as linguas romances son dialectos latinos- porque é o idioma dun Estado-nación contemporáneo, pero seguramente lle parece demasiado darlle ao galego o nome de lingua porque este termo ten implicacións sociolingüísticas que non lle acaen a un idioma sen Estado. Por outra banda, dicir que o galego é dialecto do portugués sería ignorar o seu importante papel nun momento da evolución do dominio lingüístico que é fundamental para os romanistas por ser o do nacemento dos idiomas latinos: o da idade media. É, ademais, o momento sobre o que F. Diez ten información, pois apenas sabe nada do galego do seu tempo. Lembremos tamén que a alta valoración da literatura románica arcaica levara o lingüista alemán a distinguir un dominio provenzal para un idioma dialectalizado e mais a recoñecer a lingüicidade do catalán. Como consecuencia, F. Diez só pode falar dun dominio que ten no seu seo unha lingua e un dialecto; pero un dialecto, non nun sentido diatópico-estrutural, nin sequera no de ‘variedade subordinada á representante do dominio’, senón


simplemente no de ‘variedade non-elaborada, subordinada a outra calquera e de funcionalidade restrinxida’.

Coido que todo o que vin expoñendo ata agora (as fontes de F. Diez, a importancia que o autor lles concedía ás linguas e ás literaturas medievais, a comparación entre edicións e entre a redacción dos distintos dominios na mesma edición...) confirman a miña interpretación. Atrévome agora a ir un pouco máis alá ao fixarme na maneira en que se presentan os monumentos do dominio lingüístico portugués. En ningunha outra área se unen na mesma lista os primeiros textos da lingua representante do dominio e os escritos noutros dialectos (ou linguas, no caso do catalán) a el asociados. Por que , en cambio, se fai así na área lingüística lusa?

Se as fontes de F. Diez, e F. Diez mesmo nos seus primeiros escritos, a miúdo entendían a evolución do dominio portugués de acordo co seguinte esquema:



A partir da segunda edición da *Gramática*, creo que F. Diez manexa tamén outra posibilidade:



É dicir, non se trata de que se producise a fragmentación dun dialecto románico unitario nos tempos dos trobadores, senón que xa daquela existían dúas variedades dentro do dominio luso. Iso si, no século XIX estas están menos próximas entre si ca na idade media, cando o galego presenta “bien peu de formes ayant quelque importance qu’on ne rencontre aussi dans les anciens textes portugais”. De aí que poida falar de textos medievais galegos (como as *Cantigas de Santa María*) en comparación con outros portugueses (como os cancioneros profanos) e que isto non lle impida meter uns e outros nunha mesma lista de monumentos para toda a área lingüística en cuestión.

Non debe sorprendernos atopar unha visión tan actual nun autor do século XIX. Xa a principios da centuria J. C. Adelung e J. S. Vater, no seu *Mithridates*, distinguiran como terceiro dialecto principal de España (ao lado do castelán e dos dialectos orientais) o galego-portugués [Gallizisch-Portugiesische], do que fan un esbozo histórico para continuar coa historia da elaboración e rematar co esbandallamento do galego (Niederehe, 1998). É verdade que F. Diez non cita estes autores, que non lle interesan especialmente por traballaren nun paradigma científico diferente, pero non esquezamos tampouco que en realidade, e como xa vimos, tamén é propio da lingüística histórico-comparativa dividir os *continua* lingüísticos en áreas formadas por distintos dialectos que derivan directamente do latín. O que xa resulta máis estraño é que non se escolla un deses dialectos como lingua que unifica o dominio e cara á que todos os outros conflúen, xa que, en palabras de Baggioni (1997: 86):

Dans la mythologie néogrammairienne [e, en xeral, histórico-comparatista], la représentation du processus qui fait passer de la fragmentation dialectale à l'imposition d'une langue unificatrice est simple: un dialecte, pour des raisons variées, s'impose par son prestige et, par des modalités historiques diverses, d'ordre socio-historique et/ou politique, finit para s'étendre comme véhiculaire sur un ensemble géolinguistique correspondant *grosso modo* à une «aire linguistique» que ne demandait qu'à trouver sa «langue commune».

Pero como facer iso no caso que nos ocupa, cando a separación política impedía que o galego sufrise as influencias do portugués?

Convido o lector a mirar unhas páxinas máis abaixo e comprobar como A. Coelho e L. L. Bonaparte chegaron a conclusións parecidas con respecto ao galego do seu tempo e expresaron máis claramente os seus resultados, de xeito que non hai dúbidas sobre a súa interpretación. Nesa maior claridade expositiva inflúe seguramente unha maior claridade das ideas. Estes dous autores puideron ter máis seguridade nos seus resultados porque contaban con máis información acerca do galego (textos literarios, gramáticas e dicionarios do Rexurdimento galego, cancións populares, traducións do Evanxeo de San Mateo...) e cunha metodoloxía ancorada, polo menos no caso de A. Coelho, na ideoloxía positivista. Tratábase dunha metodoloxía que os obrigaba –aínda que só fose teoricamente- a ignorar os factores literarios, políticos, xeográficos... á hora de facer as súas clasificacións. A consideración da situación sociolingüística da Galicia decimonónica non lles facilitaría a posición que lle outorgaron ao idioma do noroeste peninsular.

En conclusión, o que me interesaba resaltar nestas páxinas era o seguinte: cando se di que F. Diez presentou o galego como un dialecto do portugués rara vez se menciona o feito de que a redacción da alínea dedicada ao dominio luso, en relación coa doutros dominios, suxire –ademais dunha certa prudencia do autor motivada pola súa desinformación- que o creador da lingüística románica non se atreveu a poñer o noso idioma nunha posición de total subordinación con respecto ao de Camões. Se a miña interpretación é correcta, e dada a autoridade de F. Diez sobre os novos glotólogos portugueses, estaríamos ante un precedente importante da futura consideración que os nosos veciños tiveron co malfadado vernáculo do norte, o que nos axudaría a explicar a súa actitude. Emporiso, dado que o investigador alemán nunca dixo explicitamente que o galego lle merecese unha apreciación distinta á doutros dialectos romances (como si fixo, en cambio, co catalán), é lexítima e esperable a postura dos romanistas que se limitaron a tomar nota de que F. Diez incluía o galego no dominio portugués, sen máis análise. Iso permitiu que tamén os glotólogos e filólogos que subordinaron o noso idioma ao do país veciño se apoiasen para facelo na autoridade do pai da lingüística románica.

2.2.2. Consideracións xerais sobre o novo paradigma na lingüística portuguesa

Nas páxinas que seguen voume ocupar de seis autores lusos do último terzo do século XIX que tiveron presente o galego nas súas obras e aludiron a el e mais á súa relación co idioma de Camões. Só dous deles, A. Coelho e J. Leite de Vasconcellos, son glotólogos propiamente ditos, se temos en conta que ‘glotoloxía’ e ‘glotólogo’ son palabras que se adoptaron para distinguir os traballos e os investigadores que asumiron o novo método fronte a aqueloutros que reflexionaban sobre cuestións lingüísticas dende perspectivas non actualizadas ou non dominantes na disciplina a finais do século XIX. C. Michaëlis, fiel tamén aos novos métodos científicos, podería sumarse a este selecto grupo, aínda que as súas preocupacións principais discorren polo eido da literatura.

Estudoso tamén da literatura, pero menos rigoroso nos seus achegamentos á lingua, foi T. Braga, a quen, con todo, non podemos deixar de ter en consideración. Entre outras razóns que se irán presentando nas páxinas seguintes, convén recordar que formou parte, xunto con C. Michaëlis e J. Leite de Vasconcellos, da primeira Academia Galega e que a súa influencia no galeguismo progresista do século XIX foi considerable. De feito, foi moito maior cá dos lingüistas propiamente ditos, como adoita suceder nos autores que se sitúan no campo da divulgación ou, como neste caso, da intelectosfera, máis ca na reflexión científica sobre a lingua propiamente dita. No mesmo grupo, o dos autores pertencentes a ambientes non especializados, pero, precisamente polo mesmo, moi coñecidos, valorados e influentes do outro lado da fronteira, podemos incluír a F. Oliveira Martins, o último dos escritores de quen me vou ocupar neste capítulo.

En fin, se todos teñen presente o galego nas súas obras e aluden a el e á súa relación co idioma de Camões, uns destacan pola súa continuidade no interese polo idioma de Rosalía, outros pola súa relación con intelectuais galeguistas, uns terceiros polo seu peso na creación e no desenvolvemento dunha moderna glotoloxía portuguesa.

Antes de determe a analizar as obras máis significativas de cada un deles en relación coa lingua galega, farei unhas consideracións xerais sobre o novo paradigma científico para a lingüística que chega a Portugal a finais dos anos sesenta da man de Adolfo

Coelho. Aínda que se adiantaron xa algúns aspectos que caracterizan a lingüística histórico-comparatista ao analizar a obra de F. Diez, hai outros puntos importantes que cómpre destacar. Centrareime no nacionalismo, no positivismo e, en relación con el, no darwinismo para, a continuación, sinalar, aínda que sexa brevemente, algúns datos relativos á institucionalización da glotoloxía en Portugal.

2.2.2.1. *Lingua, lingüística, nación*

No derradeiro terzo do século XIX penetrou na lingüística portuguesa o que T. S. Kuhn (1970) chama un novo paradigma científico, entendido, entre os diversos sentidos con que o autor emprega esta expresión ao longo do seu traballo *The structure of scientific revolutions*, coma o conxunto de crenzas recibidas e que autorizan preguntas lexítimas e técnicas para respondelas.

Adolfo Coelho aplicoulle ao estudo do portugués os conceptos e os métodos da lingüística histórico-comparada, tal e como no seu día fixera F. Diez para o conxunto do dominio románico. Con tales conceptos e métodos, inspirados nos das ciencias naturais, a nova glótica adquiriu un rigor e un prestixio descoñecidos no período inmediatamente anterior e os glotólogos unha grande confianza e seguridade no seu labor investigador, así como a consciencia de seren eles as únicas voces autorizadas para dilucidar cuestións lingüísticas e para desterrar preconceptos verbo dos idiomas estendidos entre os seus concidadáns, ignorantes dos últimos avances na materia.

F. Adolfo Coelho –xunto con outros intelectuais como Teófilo Braga ou F. Oliveira Martins- formaba parte da chamada *geração nova*, que, por volta de 1870, comezou a pesar na opinión pública do país veciño. Trátase, segundo R. Ramos (1994), da primeira xeración de intelectuais portugueses, da primeira *intelligentsia* no sentido que lle deron á palabra os escritores rusos do século XIX: un grupo de homes de letras definido por unha autoatribuída misión de guía, de crítica e de reconstrución da sociedade e da política do seu tempo.

O núcleo da xeración integrábano mozos procedentes das clases medias que medraran no Portugal da “regeneração” posterior á guerra civil do 46-47; é dicir, nun Portugal liberal, en calma política e en progreso material, en que a facilidade de comunicación,

dentro do propio país e con Europa, medrara a un ritmo sen precedentes. Estes novos intelectuais formáranse durante os anos 60 nas escolas superiores de Coimbra, Porto e Lisboa e comezaran a escribir na prensa da esquerda democrática de mediados da década. Foi durante a conxuntura revolucionaria de 1867-71 –nun tempo en que os acontecementos políticos de España e de Francia exaltaron as esperanzas republicanas en Portugal- cando os seus nomes se fixeron coñecidos, pero os seus traballos e as súas opinións terían un éxito e un peso social extraordinarios polo menos durante dúas décadas máis (Ramos, 1994). Aínda que algúns destes intelectuais abandonaron co tempo as filas do socialismo ou do republicanismo en que arrolaran as súas primeiras inquiredanzas políticas, todos mantiveron o nacionalismo como parte central da súa ideoloxía.

Nas conferencias democráticas que membros desta *geração* organizaron no Casino de Lisboa en 1871, quedou patente o obxectivo que os unía:

A história, a política, a literatura, a pedagogia, a linguística, a religião deviam pasar pelo crivo das novas correntes filosóficas e científicas, a fim de se modernizar a «opinião pública» portuguesa e de, finalmente, se atrelar Portugal ao comboio progresista de Europa.

(Catroga, 1993a: 571)

Aquí están presentes dous ingredientes fundamentais do pensamento da *geração nova*: por unha banda, a necesidade de actualización científica e, por outra, a proxección da ciencia actualizada cara á sociedade co obxectivo de formar cidadáns críticos e interesados na súa transformación. Pero hai máis: a moderna ciencia debía valer para establecer o que T. Braga chamou as “bases positivas da nacionalidade” (Braga, en Ramos, 1994: 65). A *geração nova* consideraba que “não há nação, no rigor filosófico do termo, sem que o povo que habita o país tenha a consciência da sua unidade moral” (Sampaio Bruno, en Ramos 1994: 65). Porén, o Estado liberal devaluara ou suprimira como tales os que ata as invasións napoleónicas foran os aglutinantes da nación portuguesa: a monarquía e a Igrexa. Cumpría, xa que logo, construír unha nova identidade baseada noutros elementos de unión:

Uma nação não é mais que uma agregação insignificante de individuos quando ela não baseia a consciencia de si no estudo da sua historia, da sua litteratura, das suas crenças, dos seus costumes, do seu direito, da sua lingua

(Coelho, 1872: 8)

Téñase en conta que, tal e como explica E. J. Hobsbawm (1992²), a partir dos anos 70 e sobre todo 80 do século XIX, o nacionalismo europeo entrou de cheo nunha nova fase cara á que viña camiñando aproximadamente dende a década dos 30, en que se iniciara un xiro orientado á *etnicización* do Estado (Gellner: 1988). Esta fase caracterízase polo intento de reforzar as fidelidades e o patriotismo da cidadanía mediante a identificación do Estado cunha comunidade imaxinada (Anderson, 1991), cunha nación conceptual construída sobre elementos como os citados no parágrafo anterior por Adolfo Coelho e entre os que a lingua chegaría a ocupar un lugar central (Fishman, 1972). A extensión desta nova imaxe do Estado-nación e dos sentimentos e símbolos a ela asociados intentaríase fundamentalmente, aínda que non unicamente, a través do aparato escolar.

Non é, pois, de estrañar que en Portugal, e en consonancia co clima político europeo, a geração nova considerase que, como parte da conformación dunha opinión pública transformadora, a ciencia debía ocuparse de mostrarlle ao pobo a historia, as crenzas... a lingua que o singularizaban e lle daban unidade. Sobre estas bases positivas construíriase a consciencia nacional lusa e, con ela, Portugal convertiríase nunha nación capaz de contribuír co seu acervo común ao progreso da humanidade. Neste marco non pode tampouco sorprender que, nunha recensión da Revista Archeologica e Historica, J. Leite de Vasconcellos lamente que esta non se ocupe unicamente de temas nacionais (1887-89a: 188):

Por outro lado eu quizera que a *Revista* fosse exclusivamente portuguesa, porque entre nós ha tanta cousa que estudar, que não nos cresce tempo para estudarmos as cousas alheias senão nas suas relações com as nossas, a fim de explicarmos éstas.

O que ata aquí se dixou das ciencias en xeral é aplicable á ciencia lingüística en particular. Quen máis claramente insistiu na misión nacionalizadora da nova glótica foi, precisamente, José Leite de Vasconcellos, pois, se ben este autor é máis novo ca A. Coelho e T. Braga, participa das inquedanzas e da ideoloxía da xeración que estes

representan. De feito, se quixésemos resumir todo o que se expuxo ata agora nesta alínea, non teríamos máis que copiar integramente o prólogo de dúas páxinas con que J. Leite abriu en 1887 o primeiro número da *Revista Lusitana*, por el creada. Trátase dunha declaración de intencións, dunha exposición dos fins da publicación que se estaba inaugurando.

Comeza o texto (Vasconcellos 1887-89b: 1-2) cunha aclaración: o obxectivo da *Revista Lusitana* non é “uma simples curiosidade de colleccionadores”, senón que a publicación persegue, tanto servir “aos altos intereses da ciencia”, coma a “fins perfeitamente praticos”. Canto á ciencia, a revista proponse contribuir á renovación intelectual que todos os países están experimentando no século XIX. Dentro de Portugal, son obxectivos da nova publicación a “propagação dos bons methods da Philologia e da Ethnologia no nosso país” e o avance destas disciplinas “pelo que respeita ás cousas portuguesas”. Verbo dos obxectivos que José Leite de Vasconcellos chama “praticos” sinálase, ademais do ensino escolar, o de espertar a consciencia nacional:

É claro que uma nação não póde ter uma vida completa e independente, se desconhecer a sua historia, na mais larga accepção d’este termo: d’onde provirá pois a consciencia da nacionalidade, senão da investigação dos elementos que a constituem? E quem póde negar que no estudo das linguas, das tradições populares e das raças se encôntrão muitos d’esses elementos? De mais a mais, pondo-os a descoberto, e resolvendo até onde fôr possivel os problemas ethnicos, fornecer-se hão á litteratura e á arte valiosos materiaes em que se ellas inspirem e fecundem, para produzirem obras primas, tanto mais verdadeiras, quanto mais nacionaes.

(Vasconcellos, 1887-89b: 2)

Un ano despois de publicado este artigo, J. Leite de Vasconcellos volvería sobre o tema no opúsculo *A filologia portuguesa e a reforma do «Curso Superior de Letras»* (cito pola edición de 1929a: 841-842). Se o prólogo á *Revista Lusitana* era importante por canto mostraba os obxectivos dunha publicación fundamental para a lingüística do período, este artigo refírese directamente á conformación dunha nova ciencia filolóxica e revela, xa que logo, unha clara intencionalidade na súa orientación, unha clara consciencia da necesidade de nacionalizar a filoloxía (os subliñados son meus).

Numa reforma bem pensada das cadeiras de Filologia não pode deixar de passar pela mente do legislador *a criação de uma Filologia portuguesa*, por isso que a base de toda a educação deve ser profundamente nacional, e sem o conhecimento científico da língua, que é o órgão principal das nossas ideas e um dos meios mais fáceis de expressão dos nossos sentimentos, essa educação fica incompleta.

(...)

No seu sentido mais usualmente aceito a Filologia, seguindo o desenvolvimento das línguas desde a origem em determinado grupo, mostrando as influências diversas a que estas obedecem, e descobrindo as leis de transformação, dá ao literato a consciência do instrumento que maneja, mostra ao historiador uma das fases mais instrutivas da vida do homem, *e ajuda a despertar ou a afirmar no público o espírito sempre fecundo da nacionalidade*.

No seu “Curso de lingua portuguesa arcaica” insistirá unha vez máis J. Leite de Vasconcellos no mesmo tema. Publicado en 1895, este artigo recolle leccións impartidas en 1891 na Academia de Estudos Livres de Lisboa. Alí explícase que o coñecemento da lingua arcaica ten seis utilidades distintas. A nós interésanos especialmente a quinta: “utilidade para firmar o sentimento da nacionalidade” (Vasconcellos, 1895: 24-25):

D’entre os diversos elementos que concorrem para constituir uma nacionalidade, a lingua é um dos de maior valor, porque faz que aqueles que a fallão traduzão por fôrma semelhante a comunidade do sentimento, o que avigora este. E já na antiguidade assim se julgava. A palavra *barbaro* o mostra. O estudo theorico de uma lingua assegura-nos melhor na posse d’ella. E como uma lingua não teve sempre a fôrma que nos apresenta em dado momento, mas teve outras que explicão esta, fica entendido que o conhecimento das phases antigas da lingua portuguesa, habilitando-nos, como disse ha pouco, para nos inteirarmos melhor da lingua moderna, fortalece *ipso facto* o sentimento nacional.

Todo este programa de nacionalización da lingüística como vía para a nacionalización da sociedade atopou atrancos no seu camiño. Un deles consistiu en que ese elemento positivo da nacionalidade que debía ser o idioma, a lingua nacional de Portugal, tiña a súa orixe parcialmente fóra dos límites do Estado, nunha Galicia que estaba na órbita da coroa de Castela xa dende a idade media. Ademais, a pesar desa continuada pertenza a “nacións” distintas, tanto Galicia coma Portugal mantiveran vivo o idioma orixinal. Ambos os reinos compartían tamén unha rica lírica medieval -orgullo dos filólogos lusos, obxecto de investigación de nacionais e de estranxeiros por canto estaba sendo redescuberta e estudada por primeira vez- que, para ben ser, debería

constituír a base dunha moderna literatura nacional, expresión do xenio da lingua e da raza.

En principio, a solución máis fácil ante esta dificultade semella ser a de ignorar totalmente o galego, opción a primeira vista viable por canto apenas se tiña en conta a súa existencia fóra dos ámbitos académicos. Con todo, o rigor demostrado polos glotólogos portugueses do derradeiro terzo do século XIX impedía eludir esta cuestión dende un paradigma científico que, precisamente, entendía que o obxectivo da investigación lingüística consistía en establecer as orixes e a evolución dos idiomas, así como as relacións de parentesco entre diferentes dialectos provenientes dun tronco común. Por parte, dende os tempos de João de Barros (cfr. Vázquez Corredoira, 1998) -a quen os glotólogos que nos ocupan coñecen e citan- e, moi especialmente, dende que a principios do século XIX, como tivemos ocasión de comprobar, comezaran a publicar eruditos interesados pola literatura medieval, as mencións ao galego e ás súas relacións co portugués foran, se non abundantes, si frecuentes e relevantes dabondo como para que un investigador serio e fiel ao novo método puidese eludir sen máis o problema.

2.2.2.2. O positivismo

A inclusión de T. Braga neste traballo de investigación a carón de autores como A. Coelho, J. Leite de Vasconcellos e C. Michaëlis podería sorprender a calquera que coñeza a obra deste polifacético autor. Teófilo Braga non pode considerarse un glotólogo pois, en primeiro lugar, apenas se interesa polas linguas en si: case sempre presenta as súas reflexións sobre o portugués como apoio ou como parte dos seus estudos literarios. C. Michaëlis, J. Leite de Vasconcellos e A. Coelho, aínda que destacaron tamén como investigadores da literatura medieval, da literatura popular, da etnografía portuguesa... teñen máis traballos enteiramente dedicados a cuestións lingüísticas e as súas achegas neste campo son de indubidable importancia. Estes autores merecen, xa que logo, a carón do nome de etnólogos, de filólogos..., tamén o de glotólogos. En todo caso, convén lembrar que as disciplinas centradas nas linguas europeas modernas foron durante moito tempo “sciences duales” (Hülltenschm 82) que englobaban dúas subdisciplinas autónomas: a historia literaria e a lingüística

histórica, o que explica que autores como F. Diez ou a mencionada C. Michaëlis traballasen en historia literaria e en lingüística. En cambio, T. Braga é recoñecido polos seus propios colegas unicamente como especialista en literatura, non como glotólogo:

Em 1876 deu a estampa o S.^{or} D.^{or} Th. Braga a sua *Grammatica port. elementar, fundada sobre o methodo historico-comparativo (...)*; mas o conspícuo Professor do Curso Superior de Letras foi menos feliz nesta tentativa, do que na com que implantou cá, ou desenvolveu, o estudo crítico da História literária, que constitue pròpriamente a especialidade dêle.

(Vasconcellos: 1929a: 889)

Por outra banda, como pode verse pola cita anterior, os contemporáneos de T. Braga expresaron en ocasións, con máis ou menos delicadeza, a súa prevención fronte ao traballo, considerado acientífico, do seu colega. Sobre todo no campo da lingüística, aínda que non faltaron críticas para os seus estudos literarios (cfr. Vasconcellos, 1904a e Coelho 1887-89). En efecto, a pesar da alta valoración que a ciencia, co seu método empírico e indutivo aplicado aos estudos humanísticos e sociais, espertou en T. Braga, este non quixo ou non puido asumir o camiño aberto por A. Coelho no ámbito da investigación lingüística.

Con todo, nun traballo como este T. Braga non pode ser ignorado. Dos catro investigadores que mencionei no primeiro parágrafo da presente alínea foi el quen mantivo un contacto máis estreito con autores galegos, demostrou a miúdo a súa preocupación pola nosa lingua e pola nosa literatura e, se non se mostrou capaz de adoptar a metodoloxía científica da nova glotoloxía, parece que tivo un papel importante na implantación da cadeira de Filoloxía Comparada no Curso Superior de Letras e na súa ocupación por Adolfo Coelho (vid. alínea seguinte). Por outra banda, T. Braga contribuíu decisivamente a divulgar en Portugal a filosofía e a ideoloxía positivistas que, en parte, lle abriron o camiño á glotoloxía.

Cando a lingüística que hoxe se adoita chamar científica naceu en Europa a comezos do século XIX, non estaba, obviamente, imbuída de principios positivistas, senón de principios de tipo romántico (Coseriu, 1981). Ben é verdade que, tal e como explica Schmitter (2000), algúns autores, como F. Bopp, logo derivaron por roteiros afastados

do espiritualismo inicial, e mesmo outros tan románticos como F. Schlegel poden cualificarse de positivistas dende o momento en que consideran indispensable a análise detallada dos datos, aínda que os consideremos idealistas porque para eles eses datos non son o obxectivo prioritario nin o fin último da investigación; ao contrario, a análise empírica dos fenómenos lingüísticos está orientada nos traballos dos primeiros glotólogos a descubrir como os diferentes medios de expresión son modelados polo pensamento e polos sentimentos humanos e en ningún momento se considera a posibilidade de que a evolución da lingua poida ser independente dos falantes. Aspectos deste romantismo ligados ao nacionalismo dominante na glotoloxía lusa pervivirán en Portugal máis alá do período estudado neste traballo. Mais en todo caso, as tendencias dominantes na glotoloxía no momento en que A. Coelho a introduciu no seu país xa marcaran distancias coa primeira etapa romántica e caracterizábanse fundamentalmente polo peso que nelas tiña a ideoloxía positivista. Obsérvese que falamos de *ideoloxía*, e non de *filosofía* positivista:

Aclaremos, ante todo, que «ideología positivista» no significaba necesariamente «filosofía positivista» (que, por outra parte, en cuanto concepción filosófica, dista mucho de ser unitaria). Por «ideología» entendemos la forma –reducida, esquemática y, por lo general, carente de fundamentación cabal- en la que una concepción filosófica se adopta en las disciplinas particulares y en la cultura corriente y, muy en especial, el modo como una filosofía determina los planteamientos y métodos de una disciplina particular, por ejemplo, de la psicología, de la ciencia de la literatura, de la historia literaria o de la lingüística.

(Cosériu, 1981: 37)

O positivismo, convertido en ideoloxía dominante na Europa da segunda metade do século XIX, levaba aparellada unha supervaloración da ciencia e do seu método empírico-indutivo, o cal se considerou aplicable aos estudos de humanidades. De aí que o interese de T. Braga por divulgalo en Portugal tivese repercusións na aceptación social dunha nova lingüística que, deixando a un lado as especulacións filosóficas, se esforzaba en deducir leis xerais a partir dos datos obtidos por observación e experiencia. Nalgúns casos, coma o de J. Leite nos primeiros anos da súa produción glotolóxica, a influencia positivista foi moito máis aló da xustificación dunha metodoloxía empirista e levou á asunción de posturas marcadamente bioloxistas e evolucionistas na interpretación da natureza das linguas e das súas posibilidades de desenvolvemento (a cursiva está no orixinal):

Como os seres orgânicos, vegetais ou animais, as línguas têm também o seu *struggle for life*, como acontece em tôdas as nações onde há diversas línguas ou dialectos: assim, mais cedo ou mais tarde, o mirandês e os outros falares da raia de Trás-os-Montes hão de desaparecer, com bastante custo dos filólogos, diante do português; a *luta pela existência* [sic] nota-se ainda em factos mais simples da vida das línguas, como quando um objecto recebe diferentes denominações, uma das quais luta com as outras antes de se lhes impor por *selecção natural*.

(Vasconcellos, 1928a: 118) [1886]

Téñase en conta que, tal e como explica J. L. Abellán (1988: 92) para os derradeiros vintecinco anos do século XIX en España, “una de las consecuencias más importantes que va a traer el positivismo es la difusión y arraigo de las doctrinas de Darwin sobre la evolución de las especies, hasta tal punto que positivismo y evolucionismo vienen a identificarse”. A pesar desta identificación, a crítica ao positivismo por parte dos intelectuais de principios do século XX normalmente non supuxo un rexeitamento paralelo do evolucionismo, plenamente aceptado no ámbito científico e apoiado polas novas filosofías vitalistas noutras esferas do coñecemento e da existencia. En lingüística, en cambio, cuestionouse tamén a aplicación do darwinismo á análise do cambio lingüístico, así como outros aspectos da ideoloxía que subxacía na glótica decimonónica. Con todo, mantívose unha orientación globalmente positivista – consonte coa admiración do conxunto da sociedade polos progresos da técnica e mais das ciencias naturais- ata os nosos días (Coseriu, 1981).

O darwinismo e o positivismo pesaron, pois, na intelectosfera da época de tal xeito que, sen necesidade de ler a A. Schleicher (responsable fundamental da súa aplicación ao campo da lingüística), sen necesidade sequera de ler a A. Comte, a H. Spencer ou a Ch. Darwin, moitos contemporáneos de J. Leite, glotólogos e profanos, mantiveron con respecto á lingua posturas semellantes ás que se expresan na cita anterior. Mediante o que J. L. Abellán (1988: 80) chama “falacia ontolóxica”, os europeos da segunda metade do século XIX asimilaron ás ciencias humanas as conclusións referidas á natureza e avalaron así ideas verbo dos máis diversos ámbitos da vida e do coñecemento que, dende o punto de vista actual, resultan sorprendentes e, a miúdo, interesadas. Indica este autor, por exemplo, que a lectura máis frecuente foi a realizada pola burguesía capitalista, que quixo xustificar no evolucionismo o espírito individualista e competitivo da nova Europa ao identificar a selección dos máis aptos na loita das especies co éxito ou triunfo dos mellores na sociedade. Tratábase dunha

lectura moi fácil de facer, dado que, en realidade –e como nova mostra da interrelación entre ciencia e opinión- estaba no punto de partida da propia teoría darwinista. Como di R. Ch. Lewontin (2000: 16-17):

Darwin era consciente de onde proviñan as súas ideas sobre a loita pola existencia. Declaraba que a idea da evolución por selección natural lle ocorrera despois de ler o famoso *Essay on Population* de Thomas Malthus, un sacerdote e economista de fins do século XVIII. Este ensaio argumentaba contra a vella Lei inglesa dos Pobres, que Malthus consideraba demasiado liberal. Defendía unha regulación dos pobres ben máis severa para impedir que se reproducisen e xerasen axitación social. De feito, toda a teoría da evolución de Darwin está impregnada dunha estraña semellanza coa teoría económica do primeiro capitalismo tal como foi desenvolvida polos economistas escoceses. Darwin algo sabía da sobrevivencia económica dos máis aptos porque gañaba a vida investindo na Bolsa e seguía diariamente as cotizacións nos xornais. O que fixo Darwin foi tomar a economía *política* de comezos do século XIX e xeneralizala ata incluír toda a economía *natural*.

Por outra parte, lecturas da teoría darwinista semellantes á arriba exposta empregáronse “para aplicarlas al ámbito de los pueblos o de los estados, defendiendo así intereses nacionalistas o imperialistas, con lo que legitimaban su política de conquista o dominación” (Abellán, 1988: 80).

Algo hai disto nas palabras antes citadas de J. Leite de Vasconcellos, publicadas por primeira vez en 1886. A reedición sen modificacións, en 1928, do artigo en que estaban inseridas provocou a crítica de Alfredo Pimenta, a quen J. Leite lle contestou lembrándolle que xa no volume I dos *Opúsculos* explicara as razóns polas que non revisaba os seus estudos para adecualos aos avances e novos coñecementos en lingüística, pero tamén defendendo a corrección e actualidade de moitas das asercións de 1888, como o criterio da progresión xeral das linguas ou a clasificación schleicheriana dos idiomas en monosilábicos, aglutinantes e flexivos. Con todo, hai que recoñecer que as opinións de J. Leite -autor que, non o esquezamos, procedía do campo das ciencias naturais, pois estudara medicina no Porto (Alonso Montero, 1960-61)- foron moito máis matizadas no novo século do que no dezanove. Así, por exemplo, se na *Esquisse d'une dialectologie portugaise* (1901) mantén o seu prognóstico negativo para os que el chama dialectos e co-dialectos portugueses, a

xustificación da súa opinión xa non é tan claramente bioloxista coma trece anos antes (cito pola edición de 1987a, coincidente neste punto coa de 1901):

Le galicien disparaîtra tôt ou tard, repoussé par l'espagnol, à moins que les conditions politiques de la Galice ne changent. Le mirandais a perdu du terrain, depuis le moyen âge jusqu'à présent, et il sera un jour supplanté par le portugais. Au riodonorais et au quadramilais arrivera la même chose, e encore plus tôt, parce qu'ils occupent de tout petits territoires. Si ces idiomes ont résisté jusqu'aujourd'hui, c'est à cause de certaines conditions sociales de l'ancien temps. La civilisation maintenant envahit tout: les communications entre les peuples sont plus faciles; des écoles se créent; des journaux et des livres se répandent. (...) Il est donc urgent de recueillir et d'étudier les matériaux dialectologiques avant que les dialectes ne cessent tout à fait d'être parlés.

(Vasconcellos: 1987a: 174)

Non esquezamos que a lingüística máis avanzada de finais do século XIX e de principios do XX, entre a que se encontraba a nacente dialectoloxía á que J. Leite dedicaría a súa vida, rexeitaba o darwinismo lingüístico outrora imperante e valorara novos factores (fisiolóxicos, psicolóxicos, estéticos) para comprender a evolución das linguas. Así, se por unha banda o evolucionismo continuaba pesando na intelectosfera da época, apoiado polas novas filosofías e polos intelectuais dos máis diversos ámbitos, por outra banda a vangarda da lingüística europea viña intentando, timidamente dende os tempos dos neogramáticos e cada vez con máis interese, desprenderse de tan pesada carga ideolóxica⁴⁶.

2.2.2.3. *O Curso Superior de Letras*

Dos cinco autores que imos estudar a continuación, tres foron profesores no Curso Superior de Letras de Lisboa: A. Coelho, T. Braga e J. Leite de Vasconcellos.

Dende a súa posta en funcionamento en 1861 ata a súa conversión en facultade en 1911, o Curso foi o máis parecido a unha carreira universitaria de letras que existiu en Portugal. En contra do que esperaban os seus impulsores, porén, nunca chegou a funcionar como unha verdadeira escola normal para o ensino secundario. De feito, tal

⁴⁶ Para unha interesante visión da crítica da lingüística francesa e italiana dacabalo entre os séculos XIX e XX á lingüística alemana imperante en Europa dende principios da primeira das centurias, véxase Baggioni, 1997.

e como indica Torgal (1993: 648), o Curso Superior de Letras estaba ligado á Academia das Ciéncias de Lisboa e, nunha primeira fase, “o seu funcionamento lembrava mais uma sessão académica do que uma verdadeira escola”, o que explica que nas aulas se reservasen cadeiras, non só para os alumnos, senón tamén para os membros da corporación. En 1901 levouse a cabo unha reforma proposta por Jaime Moniz e orientada a permitir que o Curso cumprise a función de escola normal superior para a que fora concibido (Prista e Albino, 1996).

Con respecto á Academia das Ciéncias, convén deixar constancia das queixas de Teófilo Braga -enfasiado tras os seus vans intentos de conseguir que esta acometese a tarefa de elaborar unha edición crítica do Cancioneiro da Vaticana- pola inutilidade e mais o esclerosamento do traballo que na institución se desenvolvía:

Os excerptos extrahidos por Lopes de Moura, por Grüzmacher, por Wolf, por Diez, por Varnhagen e por Monaci, nunca conseguiram despertar o minimo interesse na Academia das Sciencias de Lisboa, cuja dotação annual de mais de *doze contos de réis* era dispendida em comissões litterarias ficticias, porque o trabalho effectivo resumia-se na reproducção typographica de alguns documentos com poucas linhas de prologo historico. (...) N'esta collecção dos *Portugaliae monumenta historica* resolvêra o seu fundador e director incluir na Secção dos Scriptoros o Cancioneiro da Ajuda e o Cancioneiro da Vaticana; como estas reproducções não consistiam em simples copias, mas em restituções de texto e interpretações historicas, encobriu-se a impossibilidade com a reproducção de um desgraçado texto do Codigo wisigothico, e assim se ficou servindo a algibeira sem servir a sciencia.

(Braga, 1878: III)

Das informacións de T. Braga (e das de Vasconcellos, 1904a) podemos deducir que a creación do Curso Superior de Letras foi unha illa no mar da despreocupación (da Academia e mais dos distintos gobernos portugueses) pola nova ciencia lingüística e filolóxica. Braga refírese á desidia dos uns e dos outros, así como ao desinterese de libeiros e editores pola publicación do *Cancioneiro V*, consecuencia á súa vez do pouco entusiasmo dun público entre o que non abundaban os especialistas na materia. De aí que, tres anos despois da súa chegada a Portugal, unicamente fosen vendidos quince exemplares da edición paleográfica do *Cancioneiro da Vaticana* que preparara E. Monaci. De aí tamén os problemas aos que se enfrontou o mesmo T. Braga na súa busca de apoios para editar a súa propia edición crítica do mesmo texto.

No medio desta pobreza, a existencia do Curso Superior de Letras debe entenderese, xa que logo, como un paso fundamental para a institucionalización dos estudos filolóxicos en Portugal, sobre todo porque a relevancia tanto dos seus profesores coma das materias que estes impartían acabou por concederlle unha importante proxección social. Por outra parte, coa entrada de profesores como T. Braga ou J. Vasconcellos Abreu, o Curso Superior de Letras converteuse en foco de irradiación das novas ideas positivistas, o que non poucas veces provocou o escándalo e a polémica. Canto á orientación dos estudos lingüísticos alí impartidos, os títulos das dúas materias do primeiro ano que aparecen en negra a continuación revelan a opción de estender a través das clases o coñecemento da nova glotoloxía. A lista de materias corresponde aos programas elaborados tras a reestruturación de 1878, pois antes só se proveran as cadeiras de Literatura Antiga, Literatura Moderna e Historia (Prista e Albino, 1996):

- 1º ano: Historia Universal e Patria;
Lingua e Literatura Sánscrita, Védica e Clásica;
Filoloxía Comparada.
- 2º ano: Literatura Grega e Latina;
Literatura Moderna, especialmente a portuguesa;
- 3º ano: Filosofía;
Historia Universal Filosófica.

A cadeira de Filoloxía Comparada fora solicitada nun escrito asinado por un grupo de intelectuais entre os que se encontraban Carolina Michaëlis, Joaquim de Vasconcellos, Sousa Viberbo, Teófilo Braga (sen dúbida o que con máis interese loitou por conseguila), etc. O primeiro en ocupar esta cadeira foi Adolfo Coelho e o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Sánscritas foi Guilherme de Vasconcellos Abreu. Este último protagonizara anos antes outra tentativa notable de difusión da nova lingüística ao fundar a Associação Promotora dos Estudos Orientais e Glóticos. Prista e Albino (1996, 15) informan, empuriso, de que esta asociación tivo vida efémera e pouco activa “porque Vasconcellos Abreu adoeceu e nada se fez durante meses”.

Dez anos, pois, mediaron entre a publicación da que se considera obra inaugural da moderna lingüística lusa, *A língua portuguesa. Phonologia, etymologia, morphologia e syntaxe* (1868) de Adolfo Coelho, e a institucionalización dos estudos glotolóxicos en Portugal. A ausencia dese respaldo institucional que só a finais da década dos setenta se fai realidade, explica en parte que o citado estudo de A. Coelho fose no seu día mal acollido e mesmo se atopase cunha dura oposición da revista coimbrá *O Aristarco Portuguez*. Digo que o explica só en parte porque non se poden deixar de considerar as razóns de tipo persoal. O daquela mozo A. Coelho tivera o atrevemento de criticar con dureza a algunhas personalidades con opinións lingüísticas ata o momento xeralmente aceptadas e respectadas entre o público da época (Prista e Albino, 1996).

En 1871, os editores Chardron & C^a quixeron editar o *Tesouro da língua portuguesa* de Frei Domingos Vieira e convidaron a T. Braga e mais a A. Coelho para facer os estudos literario e lingüístico do prefacio:

Adolfo Coelho aceptou o encargo com entusiasmo e propôs-se reunir os elementos que andavam dispersos sôbre gramática histórica e sôbre a história da língua. A novidade dos estudos não agradou à maioria dos assinantes, o que levou o autor a ter de apressar o seu trabalho com sério gravame para o admirável estudo que se estava publicando. É o próprio autor quem nos elucida o facto dizendo que os assinantes acharam o trabalho «inútil e julgaram especulação fazer-lhes pagar quando muito 1200 reis, o que um editor alemão não venderia por menos do quádruplo». Éste lamentável facto revela apenas o atraso em que estavam em Portugal os estudos lingüísticos. Foi Teófilo Braga que a muitas instâncias conseguiu que o marquês de Ávila e Bolama criasse uma cadeira de Filologia Comparada no Curso Superior de Letras e que fôsse nomeado para a sua regência Adolfo Coelho.

(s.a., s.d. b: 41)

Fóra do Curso, houbo outros lugares de divulgación da nova ciencia lingüística, como por exemplo a Biblioteca Nacional de Lisboa, onde se instituíu en 1903 a aula de filoloxía portuguesa para a que J. Leite de Vasconcellos recolleu os seus *Textos archaicos* (1905). Este profesor explicou en 1911 que, a pesar de que podía considerarse xeral a escaseza de obras de lingüística e de filoloxía no conxunto das bibliotecas públicas de Lisboa, na Nacional comezaran a esforzarse por paliar tal carencia dende vinte anos atrás. Lembremos tamén o papel dos liceus, para os que A.

Coelho preparou a súa obra *A lingua portuguesa. Noções de glottologia geral e especial portuguesa* e, por suposto, as Faculdades de Letras creadas en Coimbra –en substitución da de Teoloxía- e en Lisboa –a partir do Curso Superior- en 1911 (Prista e Albino, 1996). Se a este tipo de iniciativas sumamos outras de índole editorial, como a *Revista Lusitana*, comprenderemos que dende o ano de publicación da primeira *A língua portuguesa* ata comezos da segunda década do século XX, a situación da lingüística lusa (actualización, institucionalización, proxección social...) mellorou de maneira considerable. Así valora Gonçalves Viana o progreso da filoloxía en 1912 (en Prista e Albino, 1996: 51):

A única das ciencias em que se patenteia progresso visível, com relação aos períodos anteriores, é a filologia, representada em Portugal por nomes conhecidos e respeitados fóra dele: D. Carolina Michaëlis de Vasconcellos, Vasconcellos Abreu (orientalista hoje substituído por Sebastião Rodolfo Dalgado), Francisco Adolpho Coelho, Leite de Vasconcellos, David Lopes, Esteves Pereira, Epifânio Dias, José Maria Rodrigues, A. A. Cortesão, Pedro de Azevedo, Joaquim Nunes, etc.; e ainda há bem pouco tempo por Julio Moreira, já falecido. (...) Este progresso inegável, porém, é lento e talvez menos esperançoso actualmente do que já foi.

2.2.3. Adolfo Coelho

O profesor Elías Torres, na súa tese de doutoramento *Galiza em Portugal, Portugal na Galiza através das revistas literárias (1900-1936)* (Torres Feijó, 1995)⁴⁷, indica que, se ben o interese dos lingüistas portugueses por Galicia e dos rexionalistas galegos pola filoloxía portuguesa fora desenvolvéndose a medida que se avanzaba no estudo e na divulgación da lírica medieval, a finais dos anos 80 do século XIX os contactos intelectuais entre os primeiros e os segundos experimentaron un renovado impulso. Iso significa tamén que cando Adolfo Coelho⁴⁸ publicou *A lingua*

⁴⁷ Agradézolle ao profesor Elías Torres as facilidades que me deu para consultar este traballo.

⁴⁸ Adolfo Coelho (Coimbra, 1847 – Carcavelos, 1919) foi home de formación fundamentalmente autodidacta. Aínda que aos 15 anos de idade frecuentou a Universidade de Coimbra, a decepción co tipo de ensino alí ofrecido animouno a continuar estudando pola súa conta e influíu nas súas teses pedagóxicas. O ensino foi, xunto coa lingüística e a etnografía, outro dos seus grandes centros de interese. Tamén parece que estivo matriculado no Curso Superior de Letras nos anos académicos 65/66 e 68/69. En 1868 publicou o seu primeiro traballo de lingüística: *A língua portuguesa. Phonologia, etymologia, morphologia e syntaxe* que, dende que Leite de Vasconcellos así o fixera, adoita considerarse o acontecemento que marca o nacemento da glotoloxía en Portugal. Polo demais, “os seus estudos não são polarizados pelas fontes de primeira mão, nem fez a chamada “pesquisa de “campo”; o

portuguesa. Phonologia, etymologia, morphologia e syntaxe, en 1868, aínda faltaban unhas dúas décadas para chegar a esa fase de intercambio e de maior coñecemento mutuos. Tal vez isto explique por que nesta ocasión a única referencia que o autor fixo ao galego consistiu nunha categórica negación da súa lingüicidade; é dicir, na súa decidida inclusión no dominio portugués a carón de dialectos coma o de Ceilán:

Um appendix á obra tractará dos dialectos portuguezes, porque ha verdadeiros dialectos portuguezes; o gallego, por exemplo, não é um dialecto hespanhol, mas sim um dialecto portuguez, mais proximo do fallar de D. Diniz que a nossa linguagem de hoje, assim como o dialecto de Ceylão, que é não como se imaginou uma corrupção da nossa lingua, mas no essencial bom portuguez archaico.

Nesse appendix, que é trabalho inteiramente novo, teremos occasião de aplicar observações que se têm feito sobre dialectos d'outras linguas e que os fazem olhar como de sua natureza conservadores.

(Coelho, 1868: IV)

O anunciado apéndice, por desgraza, nunca chegou a publicarse (Vasconcellos, 1929a), así que toda a información que temos sobre o galego neste primeiro *A lingua portuguesa* está contida no parágrafo que acabo de reproducir. Toda a información directa, claro, porque se o galego é considerado dialecto portugués, é esperable que o que se di sobre a orixe deste, por exemplo, lle afecte igualmente a aquel. Deste xeito, tamén resulta de interese para nós o afán con que A. Coelho, nesta obra fundacional da moderna glótica lusa, se esforza por aclarar conceptos e por desterrar erros correntes na reflexión lingüística previa.

Na cita anterior puidemos ver como insistía en que o portugués ten “verdadeiros dialectos”. Do mesmo xeito, aclara que este idioma non é dialecto do español nin, como pensaba Raynouard, do provenzal. A continuación fai o autor unha dura crítica da teoría das orixes celtas do portugués e defende, pola contra, a procedencia latina, ou máis ben latinovulgar, do idioma de Camões, que coloca así no lugar que lle corresponde dentro da familia aria ou indoeuropea. Como idiomas irmáns do

seu papel foi o da introdução das informações teóricas (...). E mesmo essa catequese teórica foi conseguida mais pela recensão do que pela construção própria de grande fôlego” (web do Centro Virtual Camões <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biografias/index.html>). Como xa se dixo, foi profesor no Curso Superior de Letras, onde ensinou Filoloxía Románica Comparada e Filoloxía Portuguesa, e asistiu á súa transformación en Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa. Tamén ensinou na Escola Normal Superior (s.a., s.d. b).

portugués reconece os cinco que distinguira F. Diez: español, francés, provenzal, italiano e válaco. A pegada do pai da lingüística románica déixase ver por todas partes nesta obra de A. Coelho, tal e como o seu mesmo autor reconece na “Prefação”. Coelho segue xa a segunda edición da gramática de F. Diez.

Vexamos outro punto en que se nota a forte e non negada influencia de F. Diez. Con respecto aos primitivos idiomas peninsulares, os que se falaban antes da chegada dos romanos, aclara Adolfo Coelho (1868: 8):

Muitas tribus, alem dos propios celtiberos, eram mixtas, como os lusitanos, propriamente iberos (Diodoro Siculo liv. V, 34), mas, por assim dizer absorvidos por uma mais forte camada de celtas: Como determinar qual das linguas dos povos misturados tinha cedido? Da mistura de povos não se poderia concluir para a mistura das linguas (...) a glottica não admite a possibilidade d’uma grammatica mixta.

A. Coelho nega, xa que logo, que as linguas románicas evolucionasen por mestura con outras. O que sucedeu cos idiomas prerromanos non foi que se transformaron ao contacto co latín, senón que se extinguiron e foron substituídos por el. Tras a fin do Imperio, nin godos nin árabes deron imposto o seu idioma sobre o dos hispanorromanos nin o alteraron substancialmente. Iso si, polas súas importantes achegas de vocabulario, as súas linguas poden considerarse tamén fontes do portugués.

Trece anos despois da aparición da obra fundacional da moderna lingüística portuguesa, A. Coelho publica outra, cun título parcialmente coincidente, que coñecería sucesivas edicións: *A lingua portuguesa. Noções de glottologia geral e especial portugueza*.

Castro (2002: 14) di con respecto a este libro que o capítulo titulado “Portuguez e gallego” non existía nesta primeira edición (Coelho, ca. 1881), senón que só foi introducido a partir da segunda (Coelho, 1887²), publicada seis anos máis tarde, xunto con outro capítulo dedicado ás variedades dialectais do portugués: “ou seja, a necessidade de falar do galego não surgiu imediatamente a Adolfo Coelho, mas só na reformulação do seu livro”.

En realidade, xa en 1868 tiña pensado A. Coelho, como dixemos, dedicarlle parte dun apéndice ás falas do noroeste peninsular, apéndice en que proxectaba amosar “os monumentos gallegos, tanto antigos como modernos” (Coelho, 1868: 28). Ademais, xa naquela primeira edición de *A lingua portuguesa. Noções de glotollogia...* hai algunhas referencias ao idioma de Rosalía. Así e todo, o que si é certo é que na reformulación de 1887 A. Coelho móstrase máis interesado e máis considerado co galego ca en 1868 e mesmo ca en 1881.

Vexamos que é o que se di sobre o galego en 1881. Como quedou exposto, non se lle dedica nesta ocasión un capítulo á parte, senón que os comentarios acerca del xorden a teor doutras cuestións de índole máis xeral. Na “Secção I” da obra, A. Coelho reflexiona sobre a influencia que teñen na evolución das linguas condicións externas como o clima, a raza, as expansións por conquista, as condicións sociais, a posesión de literatura... Moito máis prudente cá maioría dos seus contemporáneos, e nunha liña propia dos chamados neogramáticos, o autor argumenta en contra do papel do clima na transformación dos idiomas, aínda que acaba concedendo que “não se [lle] deve porém negar toda a influencia (...) conquanto essa influencia seja assaz obscura”. Tamén indica que “é innegavel que as differenças intellectuaes das raças humanas se manifestam nas linguas; mas o facto que individuos, povos inteiros d’uma raça, falar linguas que originariamente não pertenciam a essa raça prova que não se póde admitir, senão com restricções, a influencia da raça sobre a lingua”. Estas opinións explican por que entre as diversas posibilidades de clasificación lingüística existentes (morfolóxica, xenealóxica, en idiomas literarios e populares...) non escolle a etnolóxica, argumentando que lingua, raza e pobo non sempre coinciden (Coelho, 1881: 14):

Os gallegos, por exemplo, fallan um dialecto que é fundamentalmente o mesmo que o portuguez, de que quase não se distinguia na idade media, mas formam parte integrante do povo hespanhol, e o hespanhol é a sua lingua litteraria usual.

Poucas liñas antes (13-14) dixera dos vascos que “não teem nenhuns caracteristicos ethnicos que os separem profundamente dos hespanhoes, excepto a lingua; se esta, como é de esperar, desaparecer completamente, os bascos ficarão tão hespanhoes como os asturianos, navarros, castelhanos, andaluzes, etc.”. Non deixan de sorprenden

estas afirmacións nun autor que, á parte de propoñer fundamentar a consciencia nacional portuguesa en factores orgánicos, era lingüista e valoraba, xa que logo, o papel dos idiomas nesa fundamentación. Tal vez hoxe agardaríamos que A. Coelho agrupase nun mesmo pobo os grupos que tivesen o mesmo idioma e que puxese en grupos distintos os pobos que non o compartisen. Pero está claro que A. Coelho non parte dos “caracteres positivos”, como os chamou T. Braga, para decidir cales son as distintas nacións europeas, senón que parte da identificación dos Estados coas nacións e a partir de aí propón buscar elementos de cohesión para eles.

Polo demais, aquí interésanos tamén o feito de que A. Coelho variou xa aquí, con respecto a 1868, a súa visión da condición dialectal do galego: o que daquela era un *verdadeiro dialecto portugués*, a carón doutros dialectos coma o de Ceilán (e, probablemente, os do portugués peninsular) agora convértese nun “dialecto que é fundamentalmente o mesmo que o portuguez”, cunha formulación que se achega a aquela de F. Diez (1874: 91) “o galego e o portugués son unha soa e mesma lingua”. É dicir, que por unha parte está o dialecto galego e por outra o portugués, constituído á súa vez por distintas variedades.

Obsérvese tamén que introduce unha alusión á maior proximidade medieval entre eles. Páxinas máis adiante, na sección dedicada á historia externa do idioma, dirá tamén (ca. 1881: 129-130):

Neste periodo teve a lingua a sua primeira grande epocha litteraria representada principalmente nos Cancioneiros do Vaticano e de Ajuda, comprehendendo as composições dos poetas do tempo de D. Afonso III, D. Diniz e D. Afonso IV. O dominio da lingua comprehendia a Galliza, cujo dialecto offerecia então poucas particularidades que o affastassem da linguagem de Portugal, e que ainda hoje diverge muito pouco do portuguez.

Non resoa aquí o parágrafo de F. Diez (1874: 91) que empeza “La langue a pour domaine le Portugal et, en outre, la Galice” en que se comparan os monumentos medievais galegos e portugueses para concluír que poucas formas lingüísticas os diferenciaban? A sospeita de que a postura de A. Coelho vai cambiando na dirección dun progresivo recoñecemento do galego, na liña en que un pouco máis atrás interpretei a F. Diez, confirmase, tal e como mostra I. Castro, na segunda edición de

1887² (e na terceira, de 1896³, en que xa non se alteran as opinións do autor acerca da lingua de Rosalía):

Então [en Coelho, 1887²], claramente distingue o galego dos dialectos portugueses: o capítulo a estes consagrado [refírese ao titulado “Variedades dialectaes do portuguez”, que segue ao capítulo “Portuguez e gallego”,] abre com as palavras «No dominio portuguez propriamente dito», em clara separação de matérias, e prossegue dizendo que as variedades portuguesas são «menos intensas entre si que a do gallego comparada com o portuguez».

(Castro, 2004: 14)

Vexamos directamente as palabras de Adolfo Coelho no capítulo titulado “Portuguez e gallego”, en que se resume de xeito moi claro a súa postura con respecto á nosa lingua (os subliñados son meus):

Nos seculos XIII e XIV os dialectos fallados na Galliza e em Portugal divergiam muito pouco, segundo póde julgar-se pela comparação do Cancioneiro de Affonso X de Castella, escripto em gallego, e das composições encerradas nos Cancioneiros portuguezes das bibliothecas do Vaticano, da casa Brancuti e da Ajuda, nos quaes collaboraram muitos poetas da Galliza. Os documentos de Lugo publicados por Flores na *España Sagrada* e outros confirmam essa quasi completa identidade de linguagem do reino de Portugal e da provincia do noroeste da Hispanha. No seculo XV o gallego, como se acha em documentos de Santiago de Compostella, tem as mesmas feições que o portuguez do seculo anterior, abstrahindo d’algumas raras fórmulas particulares. Portuguez e *gallego* foram todavia diferenciando-se cada um do seu lado de modo que o primeiro se acha em frente do segundo como um *dialecto perfeitamente definido, não porque o portuguez seja um dialecto do gallego ou o gallego dialecto do portuguez, mas porque portuguez e gallego saíram d’uma mesma base commum*, a lingua gallecio-portuguesa dos seculos XII a XIV.

(Coelho, 1887²: 132)

Vese que, agora xa con claridade, A. Coelho considera o galego e o portugués como dous dialectos dun mesmo diasistema (na acepción do termo que se encontra en Coseriu, 1981). Esta consideración igualitaria –que leva a I. Castro (2002: 16) a congratularse da equidade e da perspicacia do seu compatriota, por canto a “equidistância” e o “nivelamento” entre as dúas linguas era “seguramente menos visíbel então que hoje”- pode estar tomada de F. Diez, se é que o autor portugués interpretou o seu mestre do mesmo xeito en que o fixen eu. Así e todo, a exposición e a argumentación a favor desta postura por parte do glotólogo luso son reveladoras da

seriedade dun investigador fiel ao novo paradigma, coas implicacións positivistas que presentaba no momento, e consecuente na súa aplicación; un investigador que, como A. Coelho, considera que a clasificación en linguas literarias e populares non é válida porque se basea “apenas sobre um facto de civilização (...); facto que influe sem duvida sobre a lingua, mas em geral só exteriormente; é muito mais uma distinção secundaria que se debe fazer dentro de grupos classificados em virtude de principios d’outra ordem do que uma verdadeira classificação” (Coelho, 1881: 14).


Independentemente das opinións que hoxe poidamos ter sobre a importancia de factores que, como os culturais, sociais ou políticos, eran secundarios para a lingüística da segunda metade do século XIX, hai que recoñecerlle a A. Coelho a súa coherencia á hora de aplicar os principios dunha escola que entende a lingua como un organismo autónomo, organismo que pode e debe ser estudado en si mesmo e nas súas leis de evolución interna. Noutros autores menos consecuentes con este principio, a existencia dun Estado portugués e o desenvolvemento da literatura que nel se produciu interferirán cos factores estritamente lingüísticos á hora de xustificar a clasificación do galego entre as variedades romances. As definicións de ‘dialecto’ como ‘variedade sintópica’ non impedirán que, no fondo, siga pesando o concepto de ‘dialecto-vernáculo sen cultivo escrito’ que encontrabamos, por exemplo, en F. A. Varnhagen.

Seguramente non pasaría desapercibido para o lector outro aspecto importante da cita de A. Coelho que estamos analizando: a distinción entre os planos temporais medieval e contemporáneo, que xa apuntaba en edicións anteriores e que agora se mostra en contraste. Para a idade media fálase de “lingua gallecio-portuguesa” porque as diferenzas entre as falas dos dous lados do Miño eran mínimas, pero tal denominación non semella aplicable no século XIX, tras o distanciamento que se foi operando na evolución dos dous idiomas. A. Coelho explica en que consistiu ese distanciamento: nuns casos o galego conserva formas medievais que o portugués alterou e noutros transforma formas medievais que mantivo o portugués; ademais, o galego incorporou moitos castelanismos e deulles a diversas palabras que comparten o seu significado con vocábulos portugueses significados inexistentes no veciño idioma. Por último, o galego ten “formas e palavras especiaes que parecen desconhecidas do portuguez nas suas diversas epochas” (Coelho, 1887²:133). Xa que logo, parece que Adolfo Coelho

tamén revisou a vella idea de que a separación de galego e portugués se debe ao estancamento do primeiro fronte á progresión, á mudanza, á evolución do segundo.

Con todo, A. Coelho non se resiste a indicar que aínda hoxe hai frases, períodos e ata estrofas galegas que apenas diverxen do portugués pola “coloração particular da pronuncia (variantes phoneticas secundarias)” (1887²: 132). Para probalo, introduce tres coplas populares que, desprovistas en efecto da fonética galega por seren lingua escrita, e grafadas con ortografía lusa, resultan practicamente portuguesas. Xúlguese, se non: “o amor da costureira / era papel e molhou-se; / agora, (agora) costureirinha, /o teu amor acabou-se” (1887²: 132).

Resumindo, aínda que o recoñecemento da autonomía do galego e do nivelamento entre este e o portugués poida responder inicialmente á influencia de F. Diez (quen, como vimos, se apoiaba sobre todo en factores de tipo literario, político...), A. Coelho fundamenta na distancia lingüística; é dicir, en factores exclusivamente internos, e nunca noutros externos como a existencia de lírica medieval ou dun rexurdimento decimonónico. Ao mesmo tempo, a relación que establece entre a lingua de Rosalía e a de Camões, máis estreita que a que mantén o portugués con outros idiomas románicos, apóiaa principalmente na orixe medieval común, pero tamén nesa mesma mínima distancia lingüística que é consecuencia dela: se os dialectos que conforman o “dominio portuguez propriamente dicto” (Coelho, 1881: 134) están máis próximos entre eles ca do galego, tamén é verdade que están máis próximos do galego ca do castelán, por exemplo. Iso parece deducirse das citas ata agora recollidas da edición segunda de *A lingua portuguesa. Noções de glottologia...* e semella ser o mesmo que quere reflectir o seguinte cadro xenealóxico (Coelho, 1881: 136):



2.2.4. José Leite de Vasconcellos

2.2.4.1. O interese polo galego

O interese de J. Leite de Vasconcellos⁴⁹ polo galego é moito maior có que demostra A. Coelho, entre outras posibles causas pola súa dedicación á dialectoloxía. Esta

⁴⁹ José Leite de Vasconcellos Cardoso Pereira de Melo (Ucanha, 1858 – Lisboa, 1941) estudou medicina no Porto, aínda que xa nos seus tempos universitarios manifestou seren outros os seus centros de interese, pois presentou como tese de licenciatura un traballo titulado *Evolução da linguagem*. En contrapartida, a súa formación influiría e sería aproveitada sempre nos seus traballos filolóxicos e etnolóxicos. Exerceu como delegado de saúde no Cadaval unicamente durante o ano 1887, pois axiña cambiaría este posto polo de conservador da Biblioteca Nacional. Isto supúxolle o abandono definitivo da medicina para concentrarse nas obrigas do seu cargo e mais nos seus estudos etnolóxicos e lingüísticos. En 1887 fundou a *Revista Lusitana*, dedicada á etnografía e á filoloxía protuguesa. Exerceu como profesor da cadeira de Numismática e do curso de Bibliotecario Arquivista, así como do Liceu Central de Lisboa e da Academia de Estudos Livres. En 1893, por proposta súa, fundouse o Museu Etnolóxico, do que asumiu a dirección e no seo do cal fundou en 1895 a revista *Arqueólogo português*. En 1901 doutorouse en París coa tese *Esquisse d'une dialectologie portugaise*. De regreso a

disciplina obrígaos a enfrontarse á cuestión de que falas deben considerarse dialectos do portugués e cales non.

Tanto C. Hermida (1987) como E. Torres Feijó (1995) destacaron os contactos persoais que o lingüista portugués mantivo cos rexionalistas galegos, nomeadamente co grupo liberal da Coruña. Así, Elías Torres Feijó (1995: 801) indica:

Leite é pois um dos primeiros elementos do polissistema português que participa no sistema regionalista. Se em ocasiões são reproduzidos textos dele, noutras é pedida a sua colaboração; o filólogo português aplica as suas investigações à questão galega, e algum caso há em que, como qualquer regionalista ou simples utente do sistema da época, escreve para os jornais galegos a intervir na vida literária do momento. Com respeito, mas sem excessivas atenções.

C. Hermida (1987: 489), pola súa parte, reproduce a seguinte cita de J. Leite, tomada dos *Estudos de philologia mirandesa* (Vasconcellos, 1900:59):

Em virtude da bondade da que tem usado para comigo os escriptores gallegos, sobretudo os Srs. Martínez Salazar, Galo Salinas, Carré Aldao e García Ferreiro, posuo na minha livraria particular grande numero de trabalhos litterarios gallegos.

Literarios e lingüísticos: ao longo da súa obra, e a carón das citas de M. Curros Enríquez ou Rosalía de Castro, son continuadas as demostracións do seu coñecemento das gramáticas e dicionarios de F. J. Rodríguez, F. Mirás, A. Besada, J. Cuveiro, V. García de Diego, J. A. Saco Arce... De todos os autores con que tivo contacto, persoal ou literario, con quen mantivo máis continuada correspondencia, troca de información e mesmo amizade foi co que el mesmo chamou “douto arquivista da Coruña” (1908²: 71), co creador da Biblioteca Gallega e editor da *Crónica troiana* Andrés Martínez Salazar.

Lisboa impartiu dous cursos gratuítos de filoxía, un deles na Biblioteca Nacional. A súa chegada ao ensino superior non se produciría ata 1911, coa creación da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa, onde ensinaría Filoxía Clásica e, a partir de 1914, Románica. Tamén se ocuparía da docencia de Literatura Francesa, Arqueoloxía e Epigrafía (s.a., s.d. b). A diferenza do que sucedía co labor de Adolfo Coelho, “os seus trabalhos privilegian o severo escrutínio de fontes e o arquivo de datos, obtidos ora em digressões pelo país, ora até por simples contacto informal por quem se ia cruzando mesmo em Lisboa” (web do Centro Virtual Camões <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biografias/index.html>)

Por parte, os traballos literarios interésanlle moito máis como documentos para as súas investigacións dialectolóxicas ca como manifestacións estéticas, aínda que tamén saiba apreciar o que de fermoso hai neles. Grazas á amabilidade do profesor I. Castro tiven ocasión de ver en Lisboa un exemplar de *Espiñas, follas e frores*, de A. Lamas Carvajal, pertencente á biblioteca de J. Leite e anotado a lapis polo seu dono. Nestas notas queda patente o interese lingüístico, e non literario, de J. Leite de Vasconcellos polo texto⁵⁰. Ademais, o iniciador da dialectoloxía científica portuguesa declara en diversas ocasións a necesidade de recoller datos acerca de dialectos que, con seguridade, desaparecerán baixo o peso da civilización e/ou vencidos na loita pola existencia. Por iso anima os escritores galegos a plasmar nos seus libros os testemuños que precisa e precisará o estudoso da súa fala no futuro. É nesta liña como hai que entender os primeiros parágrafos do artigo “Lingua é litteratura gallega” que publicou no xornal *El País Gallego*, de Santiago de Compostela, en 1888 (cito pola reprodución do artigo en Vasconcellos, 1987b: 490):

É digno do maior elogio o desenvolvemento litterario que últimamente se tem manifestado na Galliza. A parte ilustrada d’este país, cada vez mais ciosa do sentimento nacional, busca os meios, o jornal, a poesia, o romance, para dar ao seu idioma patrio, -o gallêgo- a maior vida e o maior impulso.

Claro está que a Philologia Romanica ve isto com os melhores olhos, porque será ella uma causa de grande aquisição de materiaes, que de outro modo havia risco de se perderem.

O obxectivo final do estudo dos dialectos é o mesmo que vai levar a J. Leite, polo menos de principio, a interesarse polo galego. Como se ve pola seguinte cita da *Revue des patois*, que o autor portugués asume como aplicable ao dominio luso, ese obxectivo está en consonancia co seu interese por poñer a glotoloxía e a filoloxía ao servizo da nación (Vasconcellos, 1887-89c: 288):

«Il est inutile d’insister sur l’interêt qu’offrent les patois et dialectes, et en eux-mêmes, et par les éclaircissements qu’on en peut tirer pour l’étude scientifique des langues officielles. Nous ajouterons qu’il est urgent d’entreprendre une enquête sur les patois de France; car le développement si heureux de l’instruction primaire tend à leur enlever une grande partie de

⁵⁰ Por certo que E. Torres Feijó, 1995 puxo en dúbida que o dialectólogo portugués posuise esta obra e aventurou a hipótese de que J. Leite citase os poemas de A. Lamas a través doutras publicacións; evidentemente, neste punto equivocábase.

leur originalité en y introduisant chaque jour un plus grand nombre de formes et de tournoures françaises» (Pg. 1). Estas palabras podem aplicar-se tamén a Portugal.

Os dialectos son para J. Leite interesantes en si mesmos, pero tamén -e atreveríame a dicir que, polo menos no principio da súa carreira, sobre todo- como apoio para o mellor coñecemento e estudo da lingua nacional portuguesa. Véxase, por exemplo, como explica a comezos da década dos noventa a necesidade de ocuparse desas falas populares. Aínda que a cita resulta un pouco longa, coido que paga a pena reproducila, pois é especialmente expresiva nas súas comparacións:

Por outro lado as linguas populares, como terei ocasión de mostrar adeante, ajudam não raro a explicar as linguas litterarias, porque conservam fôrmas anteriores de expressões que aqui se acham num estado mais afastado da origem. Ninguém dirá que um mato silvestre é mais bello do que um jardim rico em flores preciosas e adornado com todos os encantos da arte; e apesar d'isso o botanico preferirá o primeiro para os seus estudos. É certo que todos detestam as doenças, e que existem certos casos pathologicos que, pelo que teem de repellente e medonho, mortificam os olhos das pessoas mais insensíveis que haja; e comtudo o clinico, o anatomo-pathologista, a despeito dos seus sentimentos humanitarios, folga de os encontrar, porque elles o ajudam na resolução de um problema, lhe estabelecem um elo que lhe faltava num systema. O mesmo acontece na Linguistica: o que não quer dizer que todos entremos a fallar dialecto; mas ponhamos as cousas nos respectivos logares. Para os livros, para a tribuna, para as salas, para a sociedade culta, em fim, -a lingua litteraria; para os campos, para a cozinha, numa palavra, para o povo, -a lingua popular. E assim como ao botanico não fica mal estudar as humildes hervas que jazem esquecidas ao sopé das grandes arvores; assim como o medico tem obrigação restricta de investigar tudo o que na regra geral se desvia do que se considera bello e agradável: assim tambem ao linguista compete analysar e classificar a linguagem do vulgo, os dialectos provincianos, os idiomas selvagens, -todas essas multiplas fôrmas em que, pelo que respeita á manifestação vocalica do pensamento, se revela o espirito individual e social.

(Vasconcellos, 1890-92a: 17)

Estas palabras lévanme a pensar que, por moito que J. Leite diga, non sen diplomacia, no artigo publicado en 1888 na *Revista gallega*, o cultivo e estudo dos vernáculos non lle interesan fundamentalmente como medios para a súa promoción e revitalización. Como pode verse por varias das citas reproducidas ata aquí, J. Leite repite unha e outra vez que os dialectos desaparecerán e que isto será unha mágoa unicamente dende o punto de vista científico, porque se perderá material interesante. De feito, semella que a desgraza sería moito menor se, con anterioridade á súa morte,

lográsemos recoller toda a información que nos cómpre para describilos. Por iso me pregunto se a profesora Hermida (1987) non pecará de optimismo cando di que, xa por volta de 1888, J. Leite de Vasconcellos intentaba co seu artigo na *Revista Gallega* apoiar a tarefa de normalización do galego. A esas alturas, ao lingüista portugués, como á maior parte dos seus contemporáneos, tal vez nin se lle pasase pola cabeza que un vernáculo coma o noso puidese nin debese ser normalizado, é dicir, promocionado para o seu uso en todos os ámbitos posibles, públicos e privados, por todas as clases sociais (Ninyoles: 1991). A “maior vida”, o “maior impulso” que J. Leite de Vasconcellos dicía querer para a nosa lingua seguramente non chegaba tan lonxe.

A actitude que mostra aquí o glotólogo portugués pode poñerse en relación coas explicacións que dá E. J. Hobsbawm (1992) sobre a invención do folclore na Europa do século XIX. Este historiador explica que, alí onde a supremacía da nacionalidade estatal e mais o idioma do Estado eran fortes e seguros, as grandes nacións podían fomentar as variedades lingüísticas menores e as tradicións históricas e folclóricas das pequenas comunidades que contiña, aínda que só fose como proba da *gama de cores da súa paleta macronacional*.

Pero si el único nacionalismo historicamente justificable era el que encajaba en el progreso, es decir, ampliaba, en vez de restringirla, la escala en que funcionaban las economías, sociedades y cultura humanas, ¿cuál podría ser la defensa de los pueblos pequeños, las lenguas pequeñas y las tradiciones pequeñas, en la inmensa mayoría de los casos, sino una expresión de resistencia conservadora al avance inevitable de tal historia? La gente, la lengua o la cultura pequeña encajaban en el progreso sólo en la medida en que aceptara la condición de subordinada de alguna unidad mayor o se retirase de la batalla para convertirse en depositaria de nostalgia y otros sentimientos: en pocas palabras, si aceptaba la condición de mueble de la familia que le asignó Kautsky. (...). Y si, andando el tiempo, el idioma local se retiraba ante el nacional, o incluso se desvanecía, (...), entonces, sin duda, era lamentable, pero quizá no podía evitarse. No morían si que nadie las llorase, pero una generación que inventó el concepto y el término de «folclore» podía distinguir la diferencia entre lo presente y vivo y las reliquias del pasado.

(Hobsbawm, 1992: 51)

É verdade que non é o artigo comentado por Carme Hermida o único en que J. Leite anima os galegos a escribir no seu idioma. Hai polo menos outro caso, e nel resulta

máis difícil rexeitar a idea de que J. Leite non busque coas súas palabras fomentar a promoción do que el chama *co-dialecto* portugués. Na recensión da revista *Galicia* que o lingüista de quen nos ocupamos (1887-89d) escribe para a *Revista Lusitana*, non só non se menciona a necesidade de recoller materiais para as investigacións dialectolóxicas, senón que se anima os autores da publicación á redacción da parte ensaística da mesma en galego, co que se mantén unha posición moito máis avanzada da que ousarían adoptar a maioría dos galeguistas:

Tambem me parece que toda a revista devia ser escrita em gallego; os auctores reservão o seu idioma regional apenas para a poseia, empregando para o mais o castelhano.

(Vasconcellos, 1887-87e: 95-96).

J. Leite defende aquí, non só o galego, senón o dominio lingüístico luso fronte ao castelán, o que xustifica en parte a súa actitude. Pénsese que, neste mesmo artigo, o autor clama pola separación de Galicia “da Hispanha” (95) e pola unión política entre dous pobos, o portugués e o galego, irmáns pola lingua, pola raza, pola historia e pola xeografía. Con todo, e aínda que me parece que este contexto abonda para xustificar unha actitude que non considero que sexa a máis representativa do pensamento de J. Leite con respecto aos dialectos e co-dialectos nestas súas primeiras décadas de andaina científica, hai que considerar tamén a posibilidade de que estean pesando na argumentación algúns factores que detallaremos máis adiante e que inclinan o autor cara a unha valoración positiva do galego como sistema lingüístico autónomo.

Polo demais, a primeira e única vez que J. Leite vacila nos seus mouros agoiros para o futuro do galego é en 1908, cando publica a segunda edición, ampliada, dos *Textos archaicos* (na terceira, de 1923, manterá tamén as súas afirmacións de 1908). Nesta obra fai o autor un percorrido pola historia externa do galego, que pode dividirse en tres etapas:

- unha primeira, que vai dos séculos XIII ao XVI, chamada “do galego antigo”, “em que o gallego, como idioma regional, com todos os seus direitos, é usado abundantemente nos documentos públicos, ao mesmo tempo que nelle se fazem muitas traducções e se escrevem obras originaes” (Vasconcellos, 1908²: 86-87);

- unha segunda época, que vai do século XVI ao XVIII, en que “a acción centralizadora, exercida progressivamente por Castella, faz que o gallego deixe de ter a importancia que primeiro teve” (Vasconcellos, 1908²: 88);
- unha terceira etapa de renacemento (Vasconcellos, 1908²: 89), “o qual começa com a guerra peninsular: o idioma gallego torna-se orgão das ideias políticas. Depois da morte do nefasto Fernando VII, o movimento litterario activa-se, e hoje está em bastante esplendor”.

En realidade, como vemos, J. Leite non se refire explicitamente ao futuro do galego, pero semella que o seu presente non lle resulta demasiado escuro (obsérvese que emprega o substantivo “esplendor”, aínda que sexa matizado polo indefinido “bastante”). Con todo, a esta apreciación só chega en 1908, cando o lingüista luso é membro dunha Academia Galega, acabada de constituír, que supón un paso fundamental na institucionalización da nosa lingua; cando anos de continuidade no cultivo escrito do galego poñen en dúbida a inminencia da súa desaparición e colocan claramente este vernáculo en camiño de constituír de novo unha lingua literaria; cando novos textos medievais especificamente galegos descubertos nestes anos se sumaron ás *Cantigas de Santa María* como patrimonio da literatura galega; tras unha viaxe a Galicia que estreitou a súa relación con algúns dos intelectuais rexionalistas máis destacados.

A visita de J. Leite de Vasconcellos a Galicia en 1902 merece atención. Segundo información do propio autor, estivo en Ourense, onde tivo ocasión de falar cun rapaz de Lobios (Vasconcellos, 1902), e mais na cidade do Lárez, onde visitou a Sociedade Arqueolóxica e Histórica de Pontevedra, o que lle permitiu ver manuscritos do P. Sarmiento (Vasconcellos, 1929b). Elías Torres Feijóo (1995) indica tamén que parou en Ferrol e na Coruña. O seu anfitrión en Ferrol foi Federico Maciñeira Pardo, quen un ano antes fora recibido por J. Leite en Lisboa no curso dunha viaxe por Portugal que cristalizaría nunha serie de artigos costumistas para a *Revista Gallega*. Neses artigos, dixeran F. Maciñeira Pardo do coñecido lingüista (en Torres Feijóo, 1995: 946):

Este muestra por Galicia, y todo cuanto á ella atañe, gran predilección, considerándola en el orden moral integrante de su país, tanto que entre las obras que ahora tiene en preparación, ocúpale una de filología, en que trata con algún detenimiento del gallego.

Esta obra son os futuros “Estudos de philologia gallega” que aparecerán na Revista Lusitana en 1902 (Vasconcellos, 1902b). Aínda que na referida publicación se anuncian unha serie de artigos baixo este título, só se chegou a publicar o primeiro, en que se reproduce un vocabulario que o autor atopou na Biblioteca Nacional de Madrid en 1880. Leite explica que durante a súa viaxe a Galicia solicitou información sobre moitas das palabras que nel aparecen. O obxectivo de conseguir datos acerca do galego e de escribir estes estudos longamente proxectados foi o que guiou os seus pasos cara á terra de Breogán. Non pensemos, porén, que a excursión do dialectólogo portugués ao noso país lle permitiu facer unha análise profunda da lingua viva. Non tivo tempo para iso (permaneceu aquí apenas uns días) nin, seguramente, medios. De aí que os seus “Estudos de philologia gallega” non resulten especialmente reveladores e que decepcionen a quen espere encontrar neles, por exemplo, unha clasificación dialectal das falas galegas que corrixa aquela errada de Saco Arce que J. Leite reproducira sen crítica na *Esquisse...* Como se sabe, Saco Arce (1868) pensaba que as isoglosas que dividían o territorio lingüístico galego seguían a dirección leste-oeste e partían Galicia nunha metade meridional e noutra setentrional. En realidade, as isoglosas seguen a dirección norte-sur e, segundo Fernández Rei (1990), dividen Galicia en tres grandes zonas: unha occidental, outra central e unha última oriental. Pero como ía corrixir J. Leite, que coñecía o galego fundamentalmente a través de textos literarios, ou de dicionarios e gramáticas elaboradas dende unha Galicia falta de lingüistas, as apreciacións dos que convivían co idioma a cotío?

Non quere isto dicir que o autor non demostrase interese pola lingua oral e que non aproveitase as semella que escasas posibilidades que tiña de investigala. O seu breve estudo “Pronuncia galega” (1887-89e: 381) é, neste sentido, revelador:

A um rapaz, guardasoleiro ambulante, que andava por Portugal havia dois meses, e era natural de Galliza, de uma localidade cujo nome elle pronunciava *Riba d'Abia*, a 4 leguas de Orense, pude apanhar em 1887 os seguintes factos phoneticos.

A través deste informante constatará J. Leite anos antes da súa visita a Galicia a existencia de vocais nasalizadas ante consoante nasal no idioma do país e, crendo ver confirmado máis tarde este dato por unha parella de Entrimo con quen falou na fronteira portuguesa, recomendoulles aos galegos a substitución neste punto da pouco

adecuada ortografía castelá que manexaban por outra portuguesa que non contradixese a natureza do idioma:

A ortografía galega, moldada pela hespanhhola, desfigura a pronúncia, pois *-an, -en, -in, -on, -un*, assim ortografados, soam nasais: *-ã, -ẽ, -ĩ, -õ, -ũ*. Os escritores galegos deviam adoptar a ortografía portuguesa: *-ã* ou *-am*, etc.

(Vasconcellos, 1929c: 667)

Aínda que non sería estraño que J. Leite de Vasconcellos fose partidario de que o galego no seu conxunto adoptase a ortografía portuguesa, penso que isto non se pode deducir de afirmacións como a que acabamos de reproducir. Por unha banda, o dialectólogo estase referindo a un aspecto moi concreto da ortografía e, por outro, xustifica a súa proposta, non na condición dialectal do galego con respecto ao portugués, senón no que el pensa que é unha característica fonética do idioma rosaliano. Non se perda de vista que J. Leite demanda, aquí e noutros textos semellantes, a adecuación da ortografía galega á súa fonética. Así pois, só con estes datos non podemos saber se J. Leite vería con bos ollos que os galegos diferenciasen <s> de <ss> ou <x>, <j> e <g>.

Que a estadía de J. Leite de Vasconcellos en Galicia non lle fornecese abundancia de datos directos sobre a dialectoloxía do país non lle quita importancia ningunha, porque o fundamental dela é, como quedou dito, que posibilitou o estreitamento de relacións cos intelectuais galeguistas. Torres Feijó (1995) insiste en que a escala máis importante desta viaxe de J. Leite foi A Coruña, xa que era co grupo rexionalista liberal desta cidade co que os portugueses T. Braga e J. Leite –progresistas– tiñan un contacto máis estreito. Dende logo, é a escala sobre a que temos máis coñecemento, pois a *Revista Gallega* informa cumpridamente do acontecemento. Parece ser que foi a redacción desta publicación a que convenceu o estudoso luso de que prolongase unha estadía que, en principio, só ía durar un día; un día que J. Leite dedicou a visitar bibliotecas e tomar apuntamentos para a súa futura obra sobre Galicia, os seus costumes e a súa lingua. Co alongamento da estadía, fíxose posible unha reunión á que acudiu a plana maior do rexionalismo liberal da Coruña:

Na casa de “Manecho Lugris” reúne a intelectualidade galeguista da época: “os Sres. Manuel Murguía, D. Eduardo Pondal, D. Andrés Martínez Salazar, D. Urbano González Varela, D. Florencio Vaamonde, D. Manuel Lugris, D. Francisco Tettamancy Gastón, D. Eugenio Carré Aldao e D. Galo Salinas Rodriguez”. Eis a prova mais clara da diferente consideração sistémica das viagens, se, no caso de Maciñeira [na súa viaxe a Portugal] (...) este é cumprimentado por Leite e pela sua intermediação conhece outros investigadores, acabando em casa de um amigo a brindar pela Galiza e Portugal, a visita de Leite mobiliza a centralidade do movimento regionalista, historiadora e literária, situada na Corunha.

(Torres Feijó, 1995: 1152-1153)

2.2.4.2. *O co-dialecto galego*

Que o galego para J. Leite é un problema que non sabe moi ben como encaixar e harmonizar coa lingua nacional portuguesa queda patente no seu artigo “Curso de lingua portuguesa arcaica” (1895). Aquí podemos ler unha afirmación que o etnólogo e dialectólogo non se atreverá a repetir e que, de feito, eliminará da segunda edición do artigo en 1928 (Vasconcellos, 1928b²):

Ha razões para crer que a lingua não foi formada no Norte, e depois propagada para o Sul com a reconquista do territorio aos Arabes.

(Vasconcellos, 1895: 48)

En contra da opinión dos lingüistas máis serios da súa época e mais das súas propias afirmacións futuras (cfr. Vasconcellos [J. Leite], 1911), argumenta nesta ocasión que o romance falado baixo dominio musulmán no sur do país era xa portugués. Iso permítelle –para os efectos que aquí interesan– poñer o berce do idioma nacional dentro do propio Estado e derrubar sen reservas o galego do glorioso pedestal de pai do portugués a que algúns pseudolingüistas gallizianos quixeran elevalo. Así o fixera, lembremos, Augusto González Besada, que, coa súa Historia de la literatura gallega (1887), provocara a airada reacción de J. Leite de Vasconcellos uns anos atrás. A pesar de que, na súa recensión do libro de A. G. Besada, o lingüista portugués afirmara que a el non o cegaba o amor á patria e que “a ciencia está superior a todos os preconceitos” (Vasconcellos, 1887-89f: 185), e a pesar tamén de que a obra do galego era ben merecente de todas cantas críticas lle fixo Vasconcellos (vid. alínea 1.5.2.), o enfado do glotólogo parece revelar que se sentiu ferido en fibras máis sensibles cás da metodoloxía científica.

No mesmo “Curso de lingua portuguesa archaica” (Vasconcellos, 1895: 29), J. Leite reacciona ante a incomodidade que lle provoca o idioma rosaliano afirmando que tras o parentesco lingüístico se agocha a unidade étnica de Galicia e Portugal, recoñecida polos romanos ao estableceren unha única provincia, a Lusitania, para as dúas rexións peninsulares.

Atendendo pois a que, com excepção de um pequeno territorio betico no Alemtejo, alem-Guadiana, o conjunto dos dois países Galiza e Portugal, que ethnologica e lingüisticamente se não podem separar, teve em diversas epochas o nome de *Lusitania*, eu aqui, como em diversos estudos meus, emprégo por comodidade essa palavra para designar de modo geral, á falta de outra mellor, e a fim de evitar periphrases, a epocha antiga de Portugal e Galliza.

Se J. Leite de Vasconcellos ten un concepto organicista da nación e, como bo lingüista e etnólogo, ve no idioma e na etnia as súas bases fundamentais, non resulta estraño que, ante isto, en ocasións reclame a reintegración política de Galicia en Portugal. Este é tamén un xeito de solucionar o problema que lle presenta o galego: a orixe da lingua lusa non está fóra da nación, senón nun anaco dela que, por circunstancias históricas pasaxeiras, forma parte do reino veciño, pero que debe ser devolto aos brazos da patria. De aí que ás veces afirme J. Leite que o galego será asimilado polo castelán se non cambian as circunstancias políticas; é dicir, se Galicia non pasa a formar parte de Portugal. De aí tamén outras declaracións máis explícitas, como as seguintes. A primeira foi publicada en 1888 (cito pola edición de 1929a: 848) e a segunda apareceu na *Revista Lusitana* en 1887 (Vasconcellos, 1887-89d: 95):

Não se estranhe que eu considere assim subordinado ao português o idioma galego. De facto, éste mantém parentesco íntimo com aquele, e ambos na idade-média serviram de órgão a uma mesma literatura; além disso a Galliza é um apenso natural de Portugal: estas duas regiões faziam outr’ora parte da Lusitânia. Como seriam fecundas as tentativas daqueles, que, já por vias diplomáticas, já por propaganda científica, se esforçassem para outra vez reconstruir essa *unidade lusitana* quási perdida, e tão mal precizada!

No movimento separatista que se observa em algumas das provincias hispanholas, a Galliza occupa um lugar muito sympathico para nós portugueses, que temos nella um povo nosso irmão pela lingua, pela raça, pelos costumes e ainda pela historia e pela geographia, e com o qual muito bem e muito naturalmente, separados da Hispanha, podiamos outra vez tornar a constituir uma só nação, se a actividade dos nossos politicos se dirigisse neste sentido.

Como dialectólogo, porén, a J. Leite de Vasconcellos non lle chegaba con ningunha das respostas anteriores. O galego seguía estando vivo a finais do século XIX e, ademais de constatar as razóns étnicas, políticas e xeográficas que o ligaran e o ligaban ao portugués, o autor da *Esquisse...* debía situalo no entramado de falas vernáculas do dominio luso. É así como adopta o termo de *co-dialecto*.

O termo *co-dialecto* parece ter a súa orixe remota no *con-dialecto* do P. Sarmiento, sobre o que chamou a atención Monteagudo (1999a). Nas súas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* (1775), Sarmiento aplica esta denominación a catro variedades romances peninsulares (non se inclúe, pois, o vasco) cubertas polo castelán: catalán, asturiano, galego e portugués. Nos dominios destas variedades non é vulgar o castelán, pero este enténdese e escríbese (en Portugal unicamente se entende). Parece que na consideración destes idiomas como *con-dialectos* inflúe, pois, que todos sexan derivados do latín e estruturalmente próximos –o bieito fala de (case)intercomprensibilidade- e mais que sexan xeneticamente independentes do castelán (el mesmo un dialecto latino), pero social, política, culturalmente... subordinados a el en maior ou menor medida.

Emporiso, J. Leite de Vasconcellos non tomou o termo *co-dialecto* directamente do P. Sarmiento. O seu intermediario foi o príncipe Luís Luciano Bonaparte, con quen o autor luso mantivo correspondencia. Treitos desta foron publicados na *Revista Lusitana* baixo o título “Notas sobre a classificação de alguns dialectos románicos” (Bonaparte, 1890-92). As cartas reproducidas datan dos anos 1884 e 1885. Nelas L. L. Bonaparte define os *co-dialectos* como variedades independentes dunha lingua. Son independentes porque presentan con respecto ao dialecto literario da mesma unha serie de variantes que se consideran fundamentais para marcar a distancia entre unhas falas e outras. Se as variantes que separan as distintas falas son poucas ou de terceira orde, estas constitúen *subdialectos* do dialecto literario. L. L. Bonaparte recoñece que non todos os investigadores lle conceden o mesmo valor, a mesma importancia delimitadora, a cada un dos trazos das falas que estudan, o que dá lugar a clasificacións glotolóxicas diversas.

O importante para nós é que son criterios de distancia lingüística os que definen os *co-dialectos* fronte aos *sub-dialectos*, sen que entren no xogo –como si entraban para o P. Sarmiento– os criterios políticos ou os culturais. Iso explica que o autor francés coloque en pé de igualdade os *dialectos literarios* e os seus *co-dialectos*, que, unidos a el, constitúen unha *lingua* (entendida como diasistema na acepción de Coseriu, 1981). L. L. Bonaparte semella entender que a variedade que goza de cultivo escrito non pode identificarse coa lingua en si, senón que constitúe un *dialecto* máis dela. No caso do que poderíamos chamar dominio luso, por exemplo, temos como *dialecto literario* o portugués, que é, ao mesmo tempo, *co-dialecto* doutros dous vernáculos, o mirandés e o galego:

Je crois que portugais ordinaire (avec ses sou-dialectes), mirandes et gallego sont trois dialectes bien distincts de la même langue. Je veux dire trois co-dialectes indépendants comme dialectes, mais aucun des trois ne constituant une langue indépendante.

(Bonaparte, 1890-92: 345)

Como veremos a continuación, ben que J. Leite toma o termo de *co-dialecto* de L. L. Bonaparte, non pode dicirse con rotundidade que tome o concepto. Semella que para o lingüista luso *co-dialecto* non é, ou non é sempre, o mesmo ca para o francés. Ata certo punto, o concepto retoma, probablemente sen que J. Leite o saiba, parte do sentido que tivera orixinariamente nos textos de Sarmiento.

I. Castro (2002: 17), que ten en conta textos de tres momentos distintos da produción do autor que nos ocupa, acerta na súa análise cando constata, por unha parte, as vacilacións de J. Leite á hora de darlle ao galego o nome de *dialecto* ou o de *co-dialecto* e, por outra, a escasa concreción na definición do segundo dos termos, “que não é dos conceitos mais claros da dialectologia portuguesa, se calhar porque nunca foi muito claro para o próprio autor”.

Canto ao primeiro dos problemas, unha revisión coído que bastante ampla da produción de J. Leite de Vasconcellos (vid. bibliografía) lévame a conclusións parellas ás da breve cala que no seu día realizara o profesor I. Castro: J. Leite presenta “constantes oscilações de opinião ou, mais exactamente, de formulação de opinião” (Castro, 2002: 19) que en principio despistan o investigador actual. Vexamos algúns

exemplos na seguinte táboa. Aclaro, antes de nada, que nos casos en que J. Leite non empregou directamente as palabras *dialecto* ou *co-dialecto* para definir o galego ou en que, por calquera outra razón, puidese haber algunha ambigüidade, reproducín a cita enteira a fin de que o lector xulgase por si mesmo. Pola contra, nos casos en que a adscrición non deixaba lugar a dúbidas limiteime a sinalalo cun X na columna correspondente. Aínda que hai unicamente dúas columnas, en ocasións as palabras do autor non me permiten inclinarme por unha delas, polo que neses casos a cita ocupou os dous espazos:

	galego = dialecto	galego = co-dialecto
1881 <i>Á Galliza</i> (cito pola edición de 1977: 234)	X	
1882 “Poesía popular gallega” (cito pola edición de 1938: 758)	“Essa simpática provincia que, se pela política é hispanhola, pela língua é portuguesa”	
1882 “O dialecto mirandés” (cito pola edición de 1929d: 680)		“Aos dois grandes territórios governados por Henrique e Raimundo correspondem dois dialectos românicos, primeiro pouco ou quâsi nada distintos, o <i>português</i> ao Sul do Minho, e o <i>galego</i> ao Norte. Cada um destes mostra-se ainda scindido, porventura mais ou menos segundo divisões territoriais secundárias, em sub-dialectos: o galego em dois, um setentrional e outro meridional”.
1883 “Literatura popular galega” (cito pola edición de 1929e: 646)	“Galicia, por la poesia de sus costumbres é independencia de su idioma, que es un dialecto del portugués, pero no del castellano, como muchos lo consideran”	
1886 “A evolução da linguagem” (cito pola edición de 1928a: 121 e 115)	Grupo lingüístico “lusitânico”: “A) PORTUGUÊS, idioma principal, e galego, B) falares raianos: a) mirandês (terra de Miranda) b) riodonorês (concelho de Bragança) c) quadramilês (ibidem)” No mesmo artigo define os dialectos como “linguas irmãs doutra principal que as mantén máis ou menos subordinadas”	
1887 “Galicia” (1887-89d: 95)		X

1887 “ Historia de la literatura gallega, por A. Besada ” (1887-89f: 185)		X
1887 “ Varia quaedam ” (1887-89g: 192-94)		X
1888 “ Lingua é litteratura gallega ” (cito pola edición de 1987b: 490)		X
1888 “ A filologia portuguesa e a reforma do Curso Superior de Letras ” (cito pola edición de 1929a: 848 e 895)	“junto do portugués está o <i>galego</i> , como seu co-dialecto ou dialecto principal (...) Não se estranhe que eu considere assim subordinado ao portugués o idioma galego” “o galego é um dialecto ou co-dialecto portugués”	
1890-92 “ Gallegos e ingleses ” (1890-92b:72)		“Essas variedades locais, a principio leves, augmentaram com o tempo, a ponto de o gallego ser hoje antes um co-dialecto do que um dialecto do portugués”
1893 “ Portugal glottológico ” (s.d.: 16)		X
1895 “ Curso de lingua portuguesa archaica ” (1895: 45)		X
1897 “ Portugal dialectológico ” (1897:15-16)		X
1900 <i>Estudos de philologia mirandesa</i> (1900: 75)		X
1901 <i>Esquisse d'une dialectologie portugaise</i> (cito pola edición de 1987a: 29)		X
1905 “ Aula de philologia portuguesa ” (1903-05b: 160)	“A par d’estes idiomas ha muitos outros que estão para com elles na relação de dialectos e de co-dialectos: como o mirandês e gallego a par do portugués; o asturiano a par do castelhanao ou o hespanhol; o catalão e o gascão a par do provençal, etc.”	
1908 <i>Textos archaicos</i> (1908 ² : 86)	“Por causa das vicissitudes politicas da Galliza e de Portugal, da idade-media em diante, essas particularidades foram augmentando com o tempo, e constituíram depois o <i>gallego</i> e o <i>portugués</i> ”.	
1911 <i>Lições de filologia portuguesa</i> (1911: 20)	“Conjunto com o portugués pròpriamente dito, temos o já referido idioma da Galliza, e alem d’isso, em relação um pouco mais remota, o mirandês, o quadramilês, e o riononorês”	
1923 <i>Textos archaicos</i> (1923 ³ : 120)	“Por causa das vicissitudes politicas da Galiza e de Portugal, da idade-media em diante, essas particularidades foram augmentando com o tempo, e constituíram depois o <i>galego</i> e o <i>portugués</i> , embora o <i>portugués</i> seja fórma principal, como lingua de nação autónoma, e orgão de rica literatura.” [Compárese coa edición de 1908]	
1926 <i>Lições de filologia portuguesa</i> (1926: 20-21)		idem 1911

<p>1928 “Curso de lingua portuguesa archaica” (1928b²: 275)</p>	<p>“O galego pode figurar na nosa carta dialectolóxica, senón como <i>dialecto</i> português, ao menos como <i>co-dialecto</i>”</p> <p>[Compárese coa edición de 1895]</p>	
<p>1928 (conferencias impartidas en 1899) “Curso de filología portuguesa em Paris” (1928c: 578)</p>		<p>X</p>
<p>1929 “Português e galego (A propósito da «Hist. da literat. gallega» de A. Besada) (1929f: 624)</p>		<p>idem 1887-89c</p>
<p>1929 “Mapa dialectolóxico” (1929g: 793)</p>	<p>“Á Galiza pertence o <i>galego</i>, que nao é mais que um dialecto português, ou, se se quiser, um seu co-dialecto”.</p> <p>[Compara con 1897 “Portugal dialectologico”]</p>	

Obsérvese como os textos que se reeditan a partir dos anos 20 son mostra do asistematismo de J. Leite á hora de denominar o galego. Algúns son reproducidos sen cambio ningún, tanto se orixinalmente se dicía neles que as falas do noroeste peninsular constituían co-dialecto coma se non. Noutros casos, en cambio, os artigos son revisados antes de publicarse de novo e a corrección adoita subliñar a importancia do portugués fronte ao galego e/ou engadir a posibilidade, inicialmente non-contemplada, de que esta última lingua poida ser considerada dialecto. De aí que, co profesor Castro (2002: 18-19), poidamos dicir que “até ao fim da sua vida Leite de Vasconcellos não parou as tentativas de melhorar a sua conceituação do caso do galego, embora pareça ter dado uma grande curva para voltar ao ponto de partida”.

Tal vez botemos algunha luz sobre a cuestión se descubrimos que entendía J. Leite por *co-dialecto*. I. Castro (2002: 17) resume as distintas definicións que este lle dá ao termo afirmando que J. Leite non consideraba que a nosa lingua “fosse uma variedade ou uma subdivisão do português, mas sim que, sendo ambos línguas muito próximas, esta é mais «importante» que aquela devido à sua história”. Se isto é así, por que nalgunhas das citas que reproducimos no cadro anterior se lle chama *dialecto* ao galego?, por que noutras se lle chama *co-dialecto*, pero dando a entender que iso significa case o mesmo ca *dialecto*?

Fóra das súas clases e conferencias, J. Leite de Vasconcellos non adoita deterse moito en cuestións de teoría. A miúdo dá por coñecidos o método e a terminoloxía da nova lingüística ou define nun par de liñas os conceptos que vai manexar. Con todo, nos *Estudos de philologia mirandesa* (1900) dedica varias páxinas a dilucidar que é unha *lingua*, que é un *dialecto* e que un *co-dialecto*.

Seguindo a G. I. Ascoli, comeza J. Leite por indicar que método se emprega para delimitar sistemas lingüísticos distintos: cómpre, non só constatar a presenza de determinados fenómenos illados, senón tamén observar como se combinan estes fenómenos entre si. J. Leite exemplifica a cuestión considerando catro trazos distintos: a evolución de –N-, –L-, –CE- e –CI- latinos. Argumenta o autor:

Se ouvirmos um individuo dizer avulsamente *salir* e *rana*, sabemos que não está fallando português, mas não podemos distinguir se está fallando hespanhol, se mirandês; se o ouvirmos dizer, tambem avulsamente, *fazendo* e *rezar*, sabemos que não está fallando hespanhol, mas não podemos distinguir se está fallando português, se mirandês: todavia, se o ouvirmos dizer concomitantemente *salir*, *fazendo*, *rana* e *rezar*, ficamos conhecendo que a falla de que se serve é a mirandesa, porque d'entre os tres idiomas, hespanhol, português, mirandês, é este o unico em que *rezar* e *fazendo* coincidem com *salir* e *rana*.

(Vasconcellos, 1900: 68)

Para explicarmos de que maneira procede J. Leite á hora de delimitar sistemas lingüísticos, convén ter en conta os termos de *agrupación monotética* e de *agrupación politética* que P. Burke (1993) empregou para o estudo das sociedades e que H. Monteagudo (1997) aplicou á descrición e conceptualización das linguas.

En consonancia coa glotoloxía do seu tempo (e con boa parte da do noso), J. Leite de Vasconcellos entende as linguas (ou os dialectos) como agrupación monotética; é dicir, como agrupación “so defined that the possession of a unique set of attributes is both sufficient and necessary for membership” (Burke, 1993: 32). Outra posibilidade non contemplada polo paradigma en que traballaba J. Leite, pero tal vez máis acertada, sería a de entender as linguas en termos de agrupación politética: agrupación conformada “in terms of a set of attributes such that each entity possesses most of the attributes and each attribute is shared by most of the entities” (Burke, 1993: 32).

A lingüística estrutural, o mesmo cá histórico-comparada, pensaba nas linguas en termos de agrupación monotética (a serie de atributos esenciais formaría o núcleo da lingua, o seu *tipo ideal*), sendo que todo parece indicar que as linguas constitúen máis ben agrupacións politéticas. Por iso, mesmo as agrupacións en diasistemas [na acepción deste termo en Weinrich, 1954], cando se realizan entre grupos de variedades que forman un continuum (como no caso das linguas romances) teñen, á derradeira, un carácter relativo e convencional.

(Monteagudo, 1997: 12-13)

A convencionalidade sinalada por H. Monteagudo era percibida polos autores do XIX, os cales admitían que distintos lingüistas podían chegar a clasificacións glotolóxicas diferentes en función dos trazos que valorasen como fundamentais á hora de delimitar sistemas. Xa vimos máis atrás que L. L. Bonaparte era consciente desta dificultade e teremos ocasión de comprobar como J. Leite de Vasconcellos se enfrenta a unha cuestión ben parecida, aínda que no seu caso non se tratará xa de recoñecer sistemas distintos, senón de decidir cales dos sistemas recoñecidos alcanzan a categoría de *linguas* e cales non. E é que J. Leite de Vasconcellos parece concederlle unha alta fiabilidade ao procedemento de G. I. Ascoli para facer cortes no continuum lingüístico románico. E iso que se trataba dunha cuestión que non era universalmente aceptada pola dialectoloxía do seu tempo, como mostra Engler (2000) ao referirse á polémica xurdida entre o propio G. I. Ascoli e P. Meyer arredor da posibilidade/imposibilidade de establecer dialectos romances. En todo caso, o problema para o dialectólogo portugués reside máis ben en clasificar as variedades distinguidas mediante o infalible método científico do investigador italiano, en decidir se debemos darlles o nome de *lingua*, o de *dialecto*, o de *sub-dialecto* ou o de *co-dialecto*.

O termo *lingua*, segundo J. Leite de Vasconcellos, pode empregarse con dous sentidos, un xeral e outro particular. Na acepción xeral, *lingua* é calquera xeito de falar, calquera sistema. A acepción particular, a *lingua* propiamente dita, delimitase en base a dous criterios. O primeiro, e semella que fundamental, é o de distancia: “quanto maior fôr o número e importancia dos phenomenos que formam uma unidade linguistica, tanto mais razão haverá para que ella represente uma lingua propriamente dita” (70). A importancia dun fenómeno lingüístico decídese en función de dous factores: a) será máis relevante canto máis estendido estea dentro da unidade lingüística en cuestión; b) considerárase máis relevante canto máis raro sexa encontralo no resto dos idiomas.

Nalgúns casos, coma o do vasco, este primeiro criterio abonda para decidir sen lugar a dúbidas que un sistema é *lingua*. Noutros, en cambio, isto resulta máis complicado e cómpre botar man dun segundo criterio:

Comprehede-se, porém, que para avaliar a importancia de um phenomeno linguistico variem os criterios, e que o que baste a uns philologos para elles chamarem *lingoa* a certa unidade linguistica não baste a outros. E isso dá-se effectivamente. As dúbidas cessam no entanto, em casos, como o do português e o do hespanhol, porque, alem de o número e importancia dos seus respectivos phenomenos caracteristicos serem grandes, cada uma d'essas lingoagens serve de orgão a uma litteratura rica, e a uma nação autonoma.

(Vasconcellos, 1900: 70)

O segundo criterio depende, pois, de dous factores que poderíamos chamar sociolingüísticos. Pasemos agora a ver que é para J. Leite (Vasconcellos, 1900: 70) un *dialecto*. Igual que o termo *lingua*, este pode ter varias acepcións:

- Variedade sintópica ou, en palabras do propio autor, “particularidade local de uma lingoa nacional”.
- “Resultante da transformação de uma lingoa, como o português a respeito do latim” ou, como dirá noutra ocasión (Vasconcellos, 1928a: 115) [primeira edición 1886], “fase [histórica] da evolución dunha lingua”.
- “Lingoa irmã e vizinha de outra que, por circunstancias politicas, etc., se tem como principal”. Téñase en conta que lingua irmã é para Leite aquela que está na mesma relación co latín cá principal (cfr. Vasconcellos, 1887-89f e Vasconcellos, 1887-89g). Esta terceira acepción parece diferenciarse da segunda, xa que logo, porque nela se atende á relación entre distintos sistemas lingüísticos xa delimitados, todos considerados no mesmo momento histórico, mentres que no caso anterior se trataba dun único sistema lingüístico en distintas fases temporais.

Interesan aquí sobre todo a primeira e a terceira acepción de *dialecto*. A primeira responde ao que Montes Giraldo (1986: 32) denomina “el uso de ‘dialecto’ en sentido sincrónico-estructural” ou, dito coas palabras que citamos na alínea dedicada a F. A.

Varnhagen, á acepción de dialecto como variedade “diatópico-estructural” (Montes Giraldo, 1986: 24) . Advirte o mesmo lingüista:

A pesar de ser evidente la relación estructural de los idiomas comparados, su carácter de dialectos en el plano histórico-estructural, no es fácil definir su status idiomático sincrónico, fundamentalmente por las susceptibilidades idiomáticas nacionalistas de las comunidades respectivas. De modo que parece necesario aceptar que en el uso sincrónico *dialecto* ha de definirse no exclusiva ni preferentemente con base lingüístico-estructural sino fundamentalmente desde la perspectiva idiomático-normativa [é dicir, tendo en conta factores como a norma literaria, a conciencia idiomática e o ideal de lingua cara ao que converxen as variedades consideradas].

Canto á terceira acepción, responde ao que J. J. Montes Giraldo (1986: 31) chama “el uso de *dialecto* en sentido histórico-estructural”. Trátase, en principio, dunha acepción propia dos estudos diacrónicos histórico-comparativos, dun “sentido puramente técnico, académico, para nombrar una variedad lingüístico-estructural que junto con otras variedades similares se supone derivada de un tronco común o protolengua”. Segundo o mesmo autor, este é o uso máis tradicional do termo *dialecto*, un uso que non adoita suscitar conflitos, “puesto que las susceptibilidades nacionalistas dificilmente se proyectan hacia el pasado” (Montes Giraldo, 1986: 32). Así e todo, no caso de J. Leite este concepto supostamente neutro tinguése de conflictividade potencial cando se engade o trazo da subordinación sincrónica a outra lingua irmá e principal. Entra en xogo, así, un terceiro uso dos definidos por J. J. Montes Giraldo (1986: 32-33): o de *dialecto heteroxéneo, por subordinación ou por converxencia*.

Na miña opinión, será a terceira das acepcións de *dialecto* propostas por J. Leite de Vasconcellos, unha acepción que combina o criterio xenético-estructural co da subordinación sociopolítica, a causante de que ás veces o lingüista portugués identifique *dialecto* con *co-dialecto*, tal e como imos ver ao tratarmos da definición deste último. Antes diso, aclaremos que *sub-dialecto* é unha unidade lingüística “de terceira e cuarta ordem” (Vasconcellos, 1900: 71) constituída por peculiaridades pouco importantes que se dan dentro dun *dialecto*.

De todos os termos que J. Leite de Vasconcellos define nos *Estudos de philologia mirandesa*, o que presenta caracteres máis borrosos, o que está peor delimitado é o de

co-dialecto. Como no caso do termo *lingua*, funcionan tamén dous criterios para decidir se unha unidade é ou non é *co-dialecto*:

O primeiro criterio volve ser o da distancia lingüística. Semella que tamén neste caso pretendía J. Leite que fose o fundamental, pois noutras ocasións, cando explica brevemente o significado do termo *co-dialecto*, limítase a enuncialo sen facer mención do segundo (cfr. Vasconcellos, s.d. e Vasconcellos, 1897). Para ser considerada *co-dialecto*, unha unidade lingüística precisa de “certa independencia glottologica”. Pero, canta independencia é “certa independencia”? J. Leite presenta aquí a mesma concreción que, xa entrado o século XX, se lle apoñerá ao concepto de lingua *abstand* de H. Kloss (cfr., por exemplo, Muljačić, 1986; Muljačić, 1995; Joseph, 1980), e é que, para estes dous autores coma para calquera outro, resulta moi difícil definir os sistemas dun continuum en termos de distancia lingüística.

Kloss espérait en 1952 qu'un linguiste vrai et propre pourrait un beau jour préciser le *Mindestabstand* («le minimum de distance structurales») suffisant pour distinguer les systèmes linguistiques entre eux (LD, LE et dialectes). On a compris avec le temps que la solution de ce problème n'est pas possible avec les purs moyens linguistiques. (...) Le quantum de distance nécessaire ne peut être défini car il est très relatif.

(Muljačić, 1986: 59)

O glotólogo portugués ten que conformarse con indicar que a distancia dun *co-dialecto* con respecto ás outras variedades con que se compare ten que ser maior cá que presentan os *dialectos* e menor cá que presentan as *linguas*:

O gallego, o mirandês, o riodonorês e o quadramilês são propriamente codialectos, isto é, idiomas que, com quanto, pelos seus caracteres grammaticaes se avizinhem do português mais que outras quesquer linguas romanicas e lhe sejam em parte ligados na obediencia ás mesmas leis especiaes, não estão com tudo numa relação tão intima com elle, considerado lingua litteraria e nacional, como por exemplo os fallares da Beira ou do Algarve.

(Vasconcellos, s.d.: 16)

Así e todo, J. Leite de Vasconcellos parece ser consciente da concreción deste criterio e, igual que fixera á hora de delimitar linguas, propón un segundo: o *co-dialecto* non ten literatura –ou non ten unha rica literatura- nin é o idioma nacional de ningún Estado.

De todo o tratado ata aquí podemos deducir que concepto de *lingua* e de *co-dialecto* en L. L. Bonaparte é diferente ao que manexa J. Leite. Como vimos, L. L. Bonaparte entendía a lingua como unha abstracción, como un diasistema integrado por distintos *co-dialectos* entre os que se encontraba a variedade con cultivo escrito. Así, o portugués era, á vez que *dialecto literario*, *co-dialecto* do mirandés e do galego. Ao aplicar J. Leite criterios diferentes ao da distancia e identificar a *lingua*, por contraposición a *co-dialecto*, coa variedade que ten recoñecemento político e cultivo escrito, conclúe que o portugués é *lingua*, pero nunca *dialecto* ou *co-dialecto*. Así, o prefixo *co-* perde o seu valor, pois o galego é *dialecto* co portugués, pero o portugués non é *dialecto* co galego.

Vê-se pois que estão ambos nas mesmas relações com o latim, e que se não deve dizer nem que o gallego provém do português, nem este d'aquelle. Mas, na vida social e litteraria, qual das duas linguas é mais importante? A que se tornou orgão de um povo independente e progressivo, senhor de uma litteratura riquissima, collaborador activo e fecundo da civilisação, ou a que pouco mais serve do que para os usos domesticos de uma provincia annexada a um reino, e cuja litteratura, vida e influencia social se não podem comparar com as da outra? Evidentemente a primeira. E' por isso que eu digo que o português é propriamente uma *lingua* e o gallego um *co-dialecto português*, pois na classificaçã dos idiomas románicos da peninsula estes dois idiomas hão-de forçosamente ficar juntos e numa certa relação, que não póde de modo algum deixar de ser aquella.

(Vasconcellos, 1887-89f: 184-85)

Outras consecuencias do proceso de *sinécdoque* (Joseph, 1987) consistente en identificar a variedade literaria do portugués coa *lingua* en si residen en que se destaca a inferioridade do galego, que se entende derivada de factores políticos ou culturais, e en que J. Leite vacila en concederlle, a este e ao resto dos *co-dialectos*, a independencia que –en principio, e segundo a súa mesma definición- estes deberían ter. As variedades non-literarias pasan a ser entendidas como *dialectos* ou *co-dialectos* da que ten cultivo escrito e recoñecemento político, e non como manifestacións concretas dunha abstracción que é a lingua. Iso explica tamén que o galego e o mirandés non sexan vistos como *co-dialectos* entre eles, senón sempre como *co-dialectos* do portugués. Así, o *co-dialecto*, que á hora das definicións de termos se concibe como unha variedade autónoma en base a certa distancia

lingüística, pasa na aplicación práctica e/ou cando se manexa tamén o concepto de *lingua* a resultar dependente do idioma literario.

Podemos dicir destes presupostos de J. Leite de Vasconcellos o mesmo que J. J. Montes Giraldo (1980: 239) escribiu a propósito do pensamento de Manuel Alvar: “se encuentra plenamente dentro de la ideología del universalismo lingüístico que tan bien ha caracterizado Luigi Rosiello como la identificación del concepto de ‘lengua’ con el de «lengua culta, literaria, escrita»”. Tal universalismo supón a pervivencia e aplicación aos idiomas modernos dun concepto medieval: o dunha realidade lingüística estática, conxelada –o latín, coa súa gramática supostamente universal, lóxica e racional- en que non cabe a variación ou, como moito, en que esta se contempla como aberración ou corrupción. En J. Leite de Vasconcellos os *co-dialectos*, e atreveríame a dicir que mesmo os *dialectos* en sentido sincrónico-estrutural, son sistemas máis ou menos próximos e máis ou menos dependentes da *lingua*, pero nin sequera os últimos acaban de ser claramente concebidos como parte integrante dela. Os *co-dialectos*, en concreto, está claro que son vistos como sistemas distintos nunha área xeográfica común, os cales teñen na que hoxe chamariamos *variedade literaria* o seu punto de mira e de confluencia (lembramos que así conceptuaba F. Diez os *dialectos* dunha área lingüística, vid. alínea 2.2.1.1.). É verdade que semellante visión estática da *lingua* acabaría por verse afectada polos estudos levados a cabo en disciplinas como aquelas en que traballaba J. Leite de Vasconcellos, nomeadamente a dialectoloxía, pero tamén é certo que os froitos destes traballos, o definitivo rexeitamento da “ilusión de la lengua como sistema único y sin fisuras” e a súa conceptualización como “abstracción cómoda y necesaria” (Montes Giraldo, 1980: 240-241), non se consolidarían –se é que se consolidaron- ata o derradeiro terzo do século XX.

Tal vez o lector xa se decatase de que, se xunto ao concepto de *lingua* consideramos tamén a terceira das posibles definicións de *dialecto* –‘variedade que está nas mesmas relacións ca outra co latín, pero que se encontra subordinada a ela por razóns políticas, sociais, literarias...’-, achamos que un *co-dialecto* é practicamente o mesmo ca un *dialecto*. De feito, nalgunha ocasión J. Leite define *co-dialecto* como “*idioma irmão*” (1887-89g: 194) e o autor insistirá en varias ocasión en que non debemos considerar os *co-dialectos* como variedades derivadas da *lingua* literaria. O galego e o mirandés

proceden directamente do latín e o portugués non constitúe de ningunha maneira un paso intermedio na súa evolución. Nesta perspectiva diacrónica, J. Leite si mantén sempre a independencia e a igualdade dos *co-dialectos* con respecto ao portugués.

En definitiva, J. Leite non dubida, como a primeira vista podería parecer, na súa consideración do lugar que debe ocupar o galego no entramado do dominio portugués. Tanto cando lle chama *dialecto* como cando lle chama *co-dialecto* está mantendo a mesma idea acerca da nosa lingua. Quero dicir que non pensa un día que o galego poida poñerse no mesmo grupo e ao mesmo nivel có beirão e o trasmontano e outro día que deba ocupar lugar á parte e a carón do mirandés, o guadramilés e o riodonorés. Para el está sempre claro que existen dous conxuntos distintos, con características distintas, un de *dialectos* e outro de *co-dialectos*. A alternancia na denominación do galego reside, xa que logo, en que o concepto de *co-dialecto* non é claro e preciso e, ao entrar en xogo cos de *lingua* e de *dialecto*, aproxímase tanto a este último na súa acepción 3 que pode practicamente identificarse con el. O beirão e o trasmontano, pola contra, máis ca *dialectos* na acepción 3, sono na 1: ‘variedades sintópicas do portugués’.

Postas así as cousas, semella que J. Leite de Vasconcellos recoñece unha distancia considerable entre galego e portugués xa que, como vimos ata agora, é precisamente isto o que define os *co-dialectos* como o mirandés fronte aos *dialectos*. De feito, cando na *Esquisse d'une dialectologie portugaise* (Vasconcellos, 1987: 163-164) [1901] presente sucintamente as características que unen e as que separan o galego e o portugués contemporáneos, explicará que estas últimas son fundamentais:

Le galicien traite les voyelles latines comme le portugais, et non pas comme l'espagnol: E, O, par exemple, restent *e, o*, au lieu de se diphtonguer *ie, ue*, comme dans l'espagnol; l'-L- est traitée de la même façon dans le galicien et dans le portugais, c'est-à-dire qu'elle tombe, tandis que l'espagnol la conserve (...); le groupe CL- est devenu *ch-* en galleco-portugais, tandis qu'en espagnol il est devenu *ll-*, par ex. dans *c l a m a r e* > gal.-port. *chamar*, esp. *llamar*. Il y a cependant des circonstances où le galicien, du moins aujourd'hui, se distingue du portugais: en regard du portugais *j* et *-s-* (=z), le galicien offre *x* et *-s-* (=ss-), ex. gal. *xá* < port. *já*, gal. *cousa* (=cousa) < port. *cousa* ou *coisa*; ces différences sont fondamentales. Il n'y a pas en galicien certaines diphtonges portugaises, par ex. *ão, ões*, ex. gal. *man* et *mao (mau)*. (...) Alors que le port. dit *afêiã, creias*, le Galicien dit *aféan, créas*. Dans la morphologie, le

galicien a, para exemplo, *ti* au nominatif, où le portugais a *tu*; il a *che* où le portugais a *te*; au pronom portugais *ele* correspond le galicien *il* (à côté de *el*, qui est aussi port. pop. et arch.); au parfait, la 2^e pers. sing. se termine par *-che*, tandis qu'en portugais elle se termine par *-ste*; il y a en galicien des prétérits fortos en *-o*, qui, en portugais littéraire, se terminent par *e*, par ex. *houbo-houve* <l. habit; à la particule *se* correspond en galicien *xe*. Dans la syntaxe, il n'y a pas de différences considérables, mais il y en a de très grandes dans le lexique.

Máis atrás expliquei xa que J. Leite de Vasconcellos coñecía o galego fundamentalmente a través de textos escritos, sobre todo antes da súa viaxe pola nosa terra en 1902. De aí que dea unha información máis completa e axustada dos aspectos morfolóxicos ca dos fonéticos. Chama a atención, por exemplo, a afirmación de que o resultado de CL- latino é igual en galego e en portugués, cando o portugués estándar ten a solución [ʃ] e o galego a solución [tʃ], aínda que nos dous idiomas se grafen estes sons con <ch>.

De acordo co que fomos vendo ata aquí, no xogo de conceptos que manexa J. Leite entran en funcionamento dúas forzas de sentido contrario: unha que o leva a destacar a autonomía e mesmo a igualdade dos *co-dialectos*, e moi especialmente do galego, co portugués e outra que o conduce a subliñar a súa dependencia e inferioridade. Segundo isto, na primeira das consideracións influirían:

- O lugar que tal vez F. Diez e, con toda seguridade, L. L. Bonaparte e A. Coelho lle concederon ao galego no dominio lingüístico lusitano.
- O método suxerido polo positivismo imperante, que levaba ao lingüista a sacar as súas conclusións de datos obtidos a partir da observación do obxecto de estudo, o que puido acentuar en J. Leite a valoración dos factores intralingüísticos. De acordo con este método, tería moito menos sentido argumentar a lingüicidade do portugués, fronte á dos *co-dialectos*, en base á posesión de literatura ou de recoñecemento político.
- A ideoloxía positivista pesou noutros lingüistas, como A. Coelho, G. I. Ascoli ou W. Meyer-Lübke, que tamén puideron servirle de exemplo a J. Leite no que se refire ao escaso peso dos factores político-culturais na delimitación de sistemas lingüísticos ou na escolla das variedades obxecto de atención do glotólogo.
- A crítica da glotoloxía máis moderna ao darwinismo lingüístico, xa que unha consecuencia lóxica da aplicación do evolucionismo á dialectoloxía é a de pensar

que son superiores, pois mostraron estar mellor dotados para a loita pola existencia, aqueles sistemas lingüísticos que acadaron maior éxito nos planos político e cultural.

- As relacións de J. Leite de Vasconcellos con intelectuais galeguistas e a conseguinte constatación da cada vez máis clara vitalidade da literatura galega contemporánea.
- O papel do galego como vehículo da literatura medieval. Ás Cantigas de Santa María, que inicialmente J. Leite de Vasconcellos reconece como único monumento galego, íranse sumando co tempo novos textos, como a *Crónica troiana* e a *General hestoria*. Nalgún caso é o propio J. Leite quen se ocupa de defender a galegitude de obras que os filólogos do ámbito castelán consideraran portuguesas (cfr. Vasconcellos, 1908²). Teñamos en conta que J. Leite admite en diversas ocasións que a unidade lingüística medieval de galego e portugués non debe empecer o recoñecemento de características dialectais exclusivas dos falares, ben do norte, ben do sur do Miño, características que permiten distinguilos, individualizalos, xa dende as primeiras fases da evolución destes idiomas (cfr., por exemplo, Vasconcellos, 1908²). Doutro xeito non tería sentido discutir se un texto medieval debe ser considerado, pola lingua en que está escrito, galego ou portugués.

Se nunha recensión da *Grammatica historica da lingua portuguesa* de Antonio Garcia Ribeiro de Vasconcellos, J. Leite (Vasconcellos, 1902c) pode obxectarlle ao autor –neste punto, seguidor de W. Meyer-Lübke (1890)- que considere lingua o provenzal antigo e non o moderno, sendo como é este continuación daquel e sen que deba importar que no século XIX xa non conte o idioma cunha literatura tan rica coma na idade media, non sería lóxico que, aplicándolle ese mesmo razoamento ao galego, valorase a súa independencia e a súa importancia como idioma continuador do medieval?

Na afirmación da dependencia e/ou inferioridade do galego poderían pesar:

- Os lingüistas que, como Monaci e d'Ovidio (d'Ovidio, 1881), interpretaron a F. Diez de xeito distinto a como, segundo eu penso, o fixo A. Coelho; é dicir, aqueles que entenderon que o investigador alemán subordinaba o galego ao portugués.

- Os conceptos de lingua e de dialecto propios da reflexión lingüística non científica e aceptados pola opinión pública contemporánea a J. Leite. Era considerado dialecto aquel vernáculo que non tiña cultivo literario e lingua o sistema que constituía o vehículo dunha rica literatura escrita e/ou o idioma da corte real. Lembremos que estes conceptos aínda pesaron en autores tan influíntes en J. Leite de Vasconcellos como Friedrich Diez.
- O darwinismo lingüístico, que J. Leite de Vasconcellos chegou a suavizar considerablemente pero que, por ser parte integrante da súa formación inicial, tal vez nunca abandonou por completo.
- Os argumentos dos primeiros dialectólogos, contemporáneos de J. Leite, que en ocasións xustificaron o interese do seu obxecto de estudo apelando, non á súa importancia intrínseca, senón á súa contribución para o coñecemento da evolución das linguas nacionais.
- O nacionalismo lingüístico de J. Leite de Vasconcellos, que favoreceu a exaltación, a alta consideración do propio idioma ou da variedade literaria con que este se identificaba.
- O peso dunha historia –lingüística, literaria, política...- que amosaba as afinidades e os puntos de unión orixinarios entre Galicia e Portugal. Como di I. Castro (2002: 18): “nada há de surpreendente em que um homem que iniciava sempre os seus raciocínios com base na documentação antiga, na história remota e na etnografia fosse mais atraído pelas afinidades originárias entre galegos e portugueses que pelas suas diferenciações adquiridas”.

Observemos que, segundo isto e en contra do que sucede hoxe en día, J. Leite de Vasconcellos debería ser en xeral máis proclive a considerar a autonomía e equidade do galego cando ten en conta unicamente factores intralingüísticos ca cando considera tamén os sociolingüísticos. A situación social do idioma rosaliano é hoxe considerablemente distinta á de hai unha centuria, o que explica que a súa análise leve a conclusións diferentes no século XIX e no XXI. O que, porén, resulta máis sorprendente é que o estudo da gramática histórica sexa o punto de apoio tanto de A. Coelho como de J. Leite de Vasconcellos á hora de excluír o galego da relación de dialectos propiamente portugueses, cando hoxe os mesmos fenómenos analizados por estes ilustres pioneiros da glotoloxía lusa constitúen o argumento fundamental para defender a dependencia do galego con respecto ao portugués ou, visto dende

outra perspectiva, a pexa fundamental para defender a súa independencia (Hoinkes, 1995).

Emporiso, con respecto a A. Coelho xa vimos que, mesmo se o autor buscaba xustificacións acordes co paradigma positivista en que traballaba, puido ser determinante na consideración equitativa de galego e de portugués a influencia de F. Diez, que si tiña moi en conta factores como a posesión de literatura ou a pertenza dos falantes das distintas variedades dun dominio á mesma unidade política. Algo semellante sucede con J. Leite de Vasconcellos: unha cousa é que o glotólogo propoña como criterio fundamental para a determinación de *co-dialectos* a distancia lingüística e outra que, na súa exclusión do galego do grupo dos dialectos portugueses, non estean pesando decisivamente circunstancias como a pertenza de Galicia a unha unidade politicamente distinta a Portugal. Se Galicia formase parte do Estado portugués, seguiría figurando o seu idioma no grupo do mirandés, para o que J. Leite elaborou –non o esquezamos- as definicións que estivemos analizando?, ou sería considerado dialecto, xunta ao beirão, por non cumprir o criterio da “certa” distancia lingüística necesaria?

Se cadra é un erro tratar de aplicar as definicións de *co-dialecto* en abstracto ou en relación co mirandés ao galego. E é que, de feito, o mirandés e o galego, a pesar de seren os dous *co-dialectos*, poden considerarse como casos contrarios na súa relación co portugués. Observemos que o mesmo criterio sociolingüístico que J. Leite empregara para distinguir *co-dialectos* de *linguas* –o de dependencia literaria e política- é o que lle permite decidir que *co-dialectos* deben ser adscritos a cada *lingua*:

Com a expressão co-dialecto português quero significar que a unidade linguística chamada mirandês goza de certa independencia glottológica, a bastante para que ella ocupe lugar entre as fallas de Hespanha e as de Portugal, e não seja mero dialecto nem do português nem do hespanhol, mas que ao mesmo tempo, em virtude principalmente de causas de ordem geographica e sociologica, está mais subordinada á lingua nacional de Portugal, do que á de Hespanha.

(Vasconcellos, 1900: 72-73)

A cita anterior autorízanos a preguntarnos por que o galego é considerado *co-dialecto* do portugués e non do español, cando xeográfica e politicamente depende Galicia de

Castela. Seguramente pesan na adscrición, tanto a distancia lingüística –menor entre galego e portugués ca entre galego e castelán-, coma as orixes literarias e políticas – lembremos a provincia romana que aglutinaba os territorios do norte e do sur do Miño, lembremos a primitiva unidade medieval... Por outra banda, se o criterio da distancia lingüística se aplicase ao caso do mirandés, este non debería ser *co-dialecto* da mesma lingua có leonés?

Probablemente J. Leite de Vasconcellos ignoraba a proximidade entre as dúas variedades mencionadas cando presentou por primeira vez a súa clasificación dialectolóxica de Portugal, pois daquela aínda non había estudos profundos sobre o leonés, que virían da man de R. Menéndez Pidal. No entanto, o dialectólogo portugués tampouco non alterou a súa consideración do mirandés cando chegaron ás súas mans os novos datos acerca das falas veciñas do leste. Facer iso supoñería cercear a área lingüística lusitana tal e como fora concebida por J. Leite anos atrás, renunciar, por así dicilo, a unha parte do territorio.

O certo é que o propio J. Leite parece decatarse das incongruencias, das pequenas trampas que debe cometer para traer ao dominio portugués tanto o galego coma o mirandés. Se o mirandés pode ser considerado *co-dialecto* luso, a pesar da distancia lingüística que se lle recoñece, por estar cuberto polo portugués, o galego é un *exodialecto*, é dicir, unha variedade lingüística cuberta por un teito externo. Por iso, aínda que normalmente J. Leite defende que o idioma do noroeste peninsular debe ser obxecto de atención da filoloxía lusa, en ocasións vacila:

O galego é um dialecto ou co-dialecto português; todavia, como a Galiza pertence politicamente à Hespanha, é preciso que a Filologia galega ocupe lugar à parte.

(Vasconcellos, 1929a: 895) [primeira edición, 1888]

Pola contra, cando R. Menéndez Pidal -seguramente non menos empeñado có seu colega luso en engrandecer o tesouro dialectal da lingua nacional do seu país-, lle chame a atención por incluír o mirandés no dominio lingüístico portugués, J. Leite concederalle que “a expressão co-dialecto convém melhor a galego” (Vasconcellos, 1929d: 688).

En conclusión, J. Leite, que distinguira dúas acepcións posibles do termo *lingua* e tres do termo *dialecto*, non explicitou máis ca unha para o termo *co-dialecto*. Esta, que pode identificarse tamén coa terceira das acepcións de dialecto, implica unha maior independencia estrutural con respecto ao portugués da que presentan as variedades diatópicas propiamente ditas (beirão, trasmontano...) e unha dependencia equivalente no plano sociolingüístico (co portugués *padrão* como teito). Resulta evidente que, en base a esta definición, non se pode considerar o galego *co-dialecto* do portugués. Así pois, J. Leite manexa un segundo concepto, non-explicitado, de *co-dialecto*.

Dado que os admirados Adolfo Coelho e L. L. Bonaparte basearan a súa consideración autónoma do idioma de Rosalía en aspectos estruturais é posible que J. Leite de Vasconcellos, seguindo os seus pasos, recoñecese no galego distancia lingüística abonda como para consideralo *co-dialecto* e, neste sentido, que non houbera diferenza conceptual entre o *co-dialecto* mirandés e o galego. Con todo, hai que recoñecer que na exclusión do galego do grupo dos dialectos propiamente ditos tamén debeu de pesar a dependencia política de Galicia con respecto a Castela, así como –secundariamente– outros factores como a existencia de literatura galega medieval e contemporánea. En definitiva, non cabe a posibilidade de que J. Leite de Vasconcellos non se decatase de que, a diferenza do mirandés, o galego non se achaba cuberto polo portugués, senón por un teito externo ao dominio lingüístico considerado. Por iso podemos dicir que, nesta segunda acepción, un *co-dialecto* é o que hoxe chamariamos un *exodialecto*, un vernáculo pertencente a unha área lingüística e cuberto por unha variedade pertencente a outra área diferente.

En calquera caso, para J. Leite está clara a exclusión do galego do grupo dos dialectos portugueses propiamente dito, o que non implica unha defensa automática da súa lingüicidade nin, necesariamente, o desexo de fomentar o seu cultivo e o seu desenvolvemento autónomo para convertelo finalmente nun idioma literario coa mesma importancia có portugués. Lembremos que, no mellor dos casos, un *co-dialecto* é un idioma case-autónomo polo que se refire ás súas características internas, pero carente de cultivo escrito e de recoñecemento político.

2.2.5. Carolina Michaëlis de Vasconcellos

Carolina Michaëlis de Vasconcellos, filóloga de orixe alemá e portuguesa de adopción, profesora da Universidade de Coimbra, é unha das figuras máis importantes do período aquí tratado, tanto polo que se refire aos estudos lingüísticos coma, sobre todo, polo que se refire aos literarios. É este peso da autora que agora nos ocupa na filoloxía da época o que xustifica o espazo que a partir de aquí se lle vai dedicar⁵¹.

A diferenza de J. Leite de Vasconcellos e, sobre todo, de T. Braga, a produción de C. Michaëlis é estritamente científica e as súas publicacións aparecen sempre en medios académicos. Iso explica que, sendo como era coñecida en Galicia, fose menos admirada e tivese contactos menos estreitos ca eles cun rexionalismo que non abundaba en figuras cun mínimo de preparación lingüística que favorecese o interese polos traballos de dona Carolina nin unha adecuada recepción dos mesmos. Con todo, foi elixida membro da Academia Galega a canda os outros dous estudosos mencionados.

Pola súa banda, C. Michaëlis coñecía as obras dos rexionalistas, aínda que en moitos casos non valorase como científica a produción referida a temas de lingüística. Mesmo así tívoos en conta, á beira doutros autores, cando intentou fornecerse, e fornecernos, de datos sobre historia medieval de Galicia, sobre o rexurdimento

⁵¹ Carolina Wilhelma Michaëlis de Vasconcellos (Berlín, 1851-Porto, 1925) recibiu unha educación tan completa como estraña para unha muller da súa época. Filla dun profesor universitario de taquigrafía, ortografía e fonética, estudou na Escola Superior Municipal para mulleres berlinesa dirixida polo filólogo E. Maetzner. Posteriormente, e dado que a educación superior non era accesible para as mulleres na Alemaña do seu tempo, aplicouse na súa propia casa ao coñecemento das linguas e literaturas clásicas, románicas, eslavas e semitas baixo a dirección do romanista K. Goldbeck, profesor daquela escola. Con só 16 anos iniciouse na publicación de traballos sobre literatura medieval peninsular e en 1872 foi nomeada intérprete do Ministerio do Interior alemán para os asuntos da península Ibérica. O crecente prestixio do seu nome lévaa a colaborar con importantes revistas do seu tempo e a establecer correspondencia con Ascoli, Gaston Paris, Schuchardt, Musafia e Diez. Pouco a pouco, o círculo dos seus intereses (románicos primeiro, peninsulares depois...) vaise estreitando arredor da cultura portuguesa. Como consecuencia, establece correspondencia con T. Braga, A. Coelho e Joaquim de Vasconcellos, con quen casaría en 1876. A raíz do casamento, establecería a súa residencia en Portugal e dedicaría o resto da súa vida á investigación erudita, minuciosa e constante da cultura portuguesa, con traballos de etnografía e de folclore, así como de historia, literatura e lingua fundamentalmente centrados nos períodos medieval e quíñentista. Entre eles, ocupa un lugar destacado a súa magnífica edición do *Cancioneiro da Ajuda*, que lle levou 27 anos preparar e que saíra finalmente do prelo en 1904. En 1911 foi nomeada profesora da Facultade de Letras de Lisboa, onde non chegou a exercer, pois trasladouse a Coimbra, onde lle resultaba máis doado dar clases mantendo a súa residencia no Porto (s.a., s.d. b e mais Centro Virtual Camões <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biografias/index.html>).

decimonónico ou sobre algunhas evolucións do latín con representación no galego vivo do seu tempo.

C. Michaëlis chegara nos anos setenta do século XIX a Portugal, un país que estaba entrando de cheo, como dixemos, nunha fase nacionalista etnicizante. Ademais, non debemos esquecer que a autora nacera e se formara en Alemaña, berce da lingüística científica e nacionalista (cfr. Baggioni, 1997). En Alemaña, pero non nas súas aulas universitarias: “no tempo da minha juventude a entrada das Universidades ainda estava rigorosamente vedada às estudosas do sexo feminino, mesmo em Berlim”, (Vasconcellos, s.d.: 5).

Se nalgo coinciden os autores lusos mencionados nesta alínea con Carolina Michaëlis, cando ela non os excede en patriotismo, é precisamente no valor que lle dan ao idioma como elemento fundamental do ser portugués e á filoloxía como empresa de construción nacional. A dedicación, o constante traballo da autora na lingua e na literatura do seu país de adopción, así o testemuñan. Tamén dan fe del afirmacións románticas salpicadas aquí e acolá na obra desta filóloga -como a de que a “língua nacional” é “um tesouro sacrossanto” (Vasconcellos, 1969a: 9) [1913]- así coma o uso constante do termo “nacionalización” para se referir a evolucións fonéticas de palabras latinas (Vasconcellos, 1970: 21) [1899] ou a traducións de textos estranxeiros (Vasconcellos, 1910: 149):

Duas obras em prosa arcaica, relativas a passatempos cavalhérescos, tão importantes e tanto do agrado da aristocracia como a falcoaria e o hipismo, recheadas naturalmente de noções muito positivas e de termos técnicos curiosos, merecem a atenção de todos quantos se ocupam da língua, da literatura e da civilização pátria. Merecem-na, mesmo no caso de elas revelarem pouquissimo do espírito português, por não serem mais do que nacionalizações livres de outras obras, originariamente redigidas por estrangeiros, quer no latim medieval, quer no romance de qualquer dos países mediterrâneos mais adeantados.

Obsérvese que o estudo da lingua e da literatura patrias parecen ser interesantes, segundo a autora, fundamentalmente porque revelan o espírito nacional. Descubri-lo debe ser o obxectivo dos filólogos e glotólogos. Na mesma liña, cualifica os textos do *Cancioneiro da Ajuda* de “monumentos nacionais, de importância psicológica” (Vasconcellos, 1904b: IX). A autora vai combinar ao longo de toda a súa obra este

romantismo nacionalista de fondo cunha enorme seriedade, exhaustividade e sistematicidade na aplicación do método empírico-indutivo ás súas investigacións lingüísticas.

Así pois, para C. Michaëlis, como para o resto dos autores vistos ata aquí, a preocupación fundamental é a lingua e a literatura portuguesas, e só secundariamente, cando se precisa para explicalas, se toca o tema do galego. Por iso, aínda que hai moitas alusións ao idioma de Rosalía en artigos variados da autora, é na súa edición do *Cancioneiro da Ajuda*, publicada a principios do século XX, pero elaborada ao longo dos 27 anos anteriores, cando se fala con máis vagar del. O galego aparece a raíz das explicacións sobre as orixes da literatura portuguesa.

2.2.5.1. *O galego-portugués*

Ao longo deste capítulo fomos encontrando nas obras de distintos estudosos palabras compostas *-portuguez galliciano, galliziano-portugués, gallezio-luzitano* ou *gallecio-portuguez-* que poden considerarse os antecedentes do termo *galego-portugués* que emprega Carolina Michaëlis. Estes antecedentes apareceran asociados ao estudo da lírica trobadoresca do oeste peninsular, en autores que trataban de explicar cal era o idioma en que se achaban escritos os textos medievais que se estaban descubrindo. Ademais, nas súas primeiras aparicións, o termo designaba só a variedade romance empregada na parte setentrional de Portugal e excluía, xa que logo, as falas que se usaran naqueles tempos máis ao norte do río Miño. Porén, en A. Coelho encontramos o uso do termo *lingua gallecio-portuguesa* para designar un cronolecto: unha fase antiga dos idiomas galego e portugués en que, pola grande proximidade das variedades que o integraban, podía falarse de unidade lingüística. Xa vimos (alínea 2.2.1.3.) que tamén na glotoloxía alemá de principios de século se manexaba este termo composto, aínda que cun significado distinto ao que tiña daquela en Portugal e máis próximo do que ten actualmente: o *galego-portugués* era, polo menos para J. C. Adelung e J. S. Vater, un diasistema que englobaba as variedades portuguesa (promovida ao estadio de lingua grazas ao seu cultivo e elaboración) e galega (progresivamente convertida en patois).

Ignoro se C. Michaëlis coñecía xa o termo *galego-portugués* –que, no seu significado, coincide co de J. C. Adelung e J. S. Vater máis ca coas fórmulas dos seus parentes lusos- antes da súa chegada a Portugal ou se o descubriu a raíz da lectura dos autores ata aquí vistos, pero non cabe dúbida de que, ao longo de toda a súa obra, o empregará no sentido de cronolecto con que se usa en Coelho (1887: 132) *lingua gallegio-portuguesa*. A autora aplicarao, por tanto, a unha variedade sincrónica medieval; máis exactamente, á da época trovadoresca que ela delimitou por parecerlle demasiado amplo o período normalmente chamado do *português arcaico*. Este período (1185-1500) foi dividido pola alemá en trovadoresco (ata 1350) e “da prosa histórica verdadeiramente nacional” (1350-1500) (Vasconcellos, s.d.: 19):

Na época trovadoresca a lingua fóra galego-portuguesa, isto é, substancialmente igual (se abstraímos de algunhas particularidades dialectais), á que se desenvolvera paralelamente do outro lado do Minho.

Na época da prosa nacional, afastou-se dela mais e mais, ao passo que o galego ou galiziano se ia aproximando mais e mais, do castelhanao, por causa de vicissitudes históricas que fixeran castelhanao o que fora hispánico ou español. Repetiremos agora brevemente quais as principais características do portugués arcaico na fase galego-portuguesa.

(Vasconcellos, s.d.: 20) [1911-13]

Canto ao idioma en que se escribiron os cancioneiros, trátase dunha variedade dese galego-portugués “mais unitaria e mais escolhida do que a empregada na prosa dos documentos, e na fala de todos os días” (Vasconcellos, s.d.: 18) [1911-13], variedade que foi adoptada como vehículo de toda a lírica peninsular, agás da catalá. Iso non quere dicir que a lingua dos cancioneiros fose artificial: non se trata dun dialecto construído *ad hoc* para a poesía, senón da forma coidada, escrita, culta, dunha lingua viva usada, con pequenas variacións dialectais, ao norte e ao sur do Miño. Nada que ver, por tanto, con aquel “latim bárbaro que nunca teve vida e nunca foi falado, (...) inorgánico; obra artificial dos referidos tabeliães que sendo obrigados a servir-se da lingua latina, a ignoravam todavia, cometendo por isso as maiores irregularidades” (Vasconcellos, s.d.: 17) [1911-13].

A variedade galego-portuguesa fixada pola escrita foi, co tempo, distanciándose máis e máis do idioma falado:

A linguajem dos trovadores é um *português ilustre*, selecto, convencionalmente unitário e arcaico, mas perfeitamente orgánico e coerente, claramente determinado nas suas formas e tendências, caracterizado por todas as feições peculiares que o distinguem do castelhano. *Português* ou *galego-português ilustre*, pois havia identidade quási completa entre a língua da provincia do Noroeste da Hespanha e a do reino de *Portugal*. Mas português que naturalmente era o da provincia de Entre Doiro e Minho, e não o de Lisboa, é bom não esquecer isso. As alterações sucessivas que a língua experimentou em sete séculos de vida histórica, distançam bastante a que hoje é normal em Lisboa e toda a sociedade culta do país, da que se fala na Galiza, e ambas da que foi usada em tempos de D. Sancho I. Creio que já no reinado de D. Denis, que residia a miúdo na capital, muitas formas e pronúncias galego-portuguesas seriam pouco usadas entre os cortesãos e desconsideradas pela jeração nova como arcaísmos e galeguismos.

(Vasconcellos, 1904b: XIX)

Esta cita merece algún comentario máis. Chamo a atención do lector, en primeiro lugar, cara ao interese que pon C. Michaëlis en resaltar que o portugués arcaico xa estaba claramente diferenciado do castelán. Case dende o principio, vén dicindo dona Carolina, castelán e portugués son linguas diversas, mentres que galego e portugués son unha soa lingua. Isto ten relación coa secular dificultade de delimitación dos dous idiomas mencionados en primeiro lugar -dificultade a que aludimos ao falarmos de F. A. Varnhagen- e co feito de que a lingüística histórico-comparada conciba teleoloxicamente os procesos de fragmentación lingüística, como se as entidades resultantes estivesen predeterminadas (Monteagudo, 1997: 8) –concepción a que aludimos ao falarmos de F. Diez. En efecto, C. Michaëlis parte da base de que no momento en que ela escribe existen dous sistemas lingüísticos autónomos, o castelán e o portugués, e que cómpre explicar de que maneira se produciu a fragmentación do latín que levou a este resultado coñecido de antemán.

Dende que F. Diez así o afirmara, estaba claro para os romanistas que portugués e castelán eran linguas distintas. O mesmo autor colocara o galego e o portugués nun só dominio lingüístico. C. Michaëlis, por tanto, non facía outra cousa ca seguir os pasos do mestre ao establecer os cortes que lle parecían pertinentes no que de feito era un continuum dialectal románico. Pero, ademais, hai que ter en conta que para esta investigadora España e Portugal eran e foran sempre dúas nacións distintas e que a ela non lle resultaban admisibles veleidades iberistas coma as dun J. P. Oliveira Martins, poñamos por caso, que, aínda recoñecendo as dúas nacionalidades mencionadas, non

tivera mellor idea que a de facer a historia dunha suposta civilización ibérica común (aclaremos, con todo, que en moitos puntos C. Michaëlis acepta opinións sobre a nación portuguesa que defendera J. P. Oliveira Martins na súa *História de Portugal*). De aí que ela insista en que “os modernos estudos anthropologicos e ethnologicos demonstram que o lusismo tem base segura e não é producto illusorio da vaidade patrioteira dos eruditos da Renascença” (Vasconcellos, 1904a: 780). Se Portugal e España compartisen a mesma lingua, tal vez a irredutibilidade das dúas a unha mesma nación non sería tan doadamente defendible.

Vexamos agora cal é a posición de Michaëlis con respecto a esa Galicia con que Portugal e mais a súa lingua comparten, como pouco, as orixes. Seguiremos para iso a exposición do segundo volume do *Cancioneiro da Ajuda* (Vasconcellos, 1904a).

Comeza a autora preguntándose por que os casteláns dos tempos medios non compuxeron a súa poesía no propio idioma e preferiron, pola contra, cantar en *galego-português*. A resposta parece atoparse en que en Galicia existía xa unha tradición lírica derivada dunha primitiva literatura popular sagrada e profana que se desenvolvera, tal e como indicara M. Menéndez Pelayo –e, moito antes, autores ilustrados como J. P. Velázquez de Velasco, que C. Michaëlis non parece coñecer-, ao compás das peregrinacións ao grande centro relixioso e cultural de Compostela. En cambio -contra a opinión do mesmo M. Menéndez Pelayo, de A. López Ferreiro e mais de T. Braga- C. Michaëlis rexeita a idea de que nesa Galicia houbera con anterioridade ao período propiamente trobadoresco (1189-1334) unha poesía culta imitadora da provenzal.

Esta filóloga aclara que cando fala de Galicia non se refire só ao territorio que, no seu século, leva ese nome, senón á “Galliza maior e antiga”, “tal e como existia nos principios da vida histórica da Hespanha moderna, e havia existido durante o imperio visigodo, na dominação sueva, e no imperio romano” (Vasconcellos, 1904a: 778). É dicir, á franxa occidental da península Ibérica que chega dende o mar Cantábrico ata o río Douro ou mesmo ata o Mondego, pois, dado que na extensión situada entre estes dous cauces fluviais case desapareceron por completo os vestixios da invasión musulmana, esta pode considerarse unha prolongación da Gallaecia cristiá ou

“romano-gothica” (Vasconcellos, 1904a: 779). Todo isto explica que C. Michaëlis fale ás veces dunha Galicia de *aquém-Minho* e doutra de *além-Minho*.

A sólida formación lingüística da autora que nos ocupa impídelle defender teorías coma as que veremos ao falar de T. Braga, segundo as cales o portugués posterior á reconquista era unha lingua híbrida de galego e mozárabe ou de galego e árabe. Mais, hai algunha dificultade para trasladar ese mesmo hibridismo ao terreo da etnia, ou do sangue, ou da construción nacional? Semella que non (fíxese o lector especialmente no segundo parágrafo da cita):

Ao tocar em assuntos anthropologicos, ethnologicos, lingüísticos e folkloricos cumpre todavia alargar ainda mais a vista até abranger [dentro da Galliza] em direcção leste as Asturias, o viridente Bierzo, e a planicie de Leão. Em direcção sul devemos então incluir as regiões lusitanas, ou romano-arabicas, além do Mondego, reconquistadas pelos portugueses depois da separação: Estremadura, Alemtejo, Algarve e tambem as comarcas montanhosas da Beira.

(...)

Assim integrado com o sangue mozarabico, Portugal, gallego-português nas suas origens, viu formar-se lentamente uma nacionalidade nova, com genio seu e missão individual, á qual a sciencia concede o nome ponderativo e um tanto pomposo de *lusa* ou *lusitana*, sem se importar com a opposição dos que tenderam e tendem a estabelecer a unidade de todos os povos hispanicos.

Tal extensão de sentido justifica-se pela uniformidade da lingua desde o extremo da Galliza até o extremo do Algarve, apenas com algumas variantes provinciaes, dentro de um typo commún; e tambem pela grande semelhança, nos modos de viver, sentir, pensar, poetar – uniformidade e semelhança que fallam eloqüentemente a favor da afinidade primitiva de lusitanos e gallaicos.

Quanto á inclusão do Bierzo, de Leão e das Asturias, não é ocioso notar que desde a Beira até o Algarve a passagem de Portugal a Hespanha se faz sentir notavelmente, ao passo que no Minho, Tras-os-Montes e na Galliza nem os costumes nem a linguagem fazem alterações sensiveis de ambos os lados da fronteira.

(Vasconcellos, 1904a: 780-781)

Á parte de deixar caer que o iberismo é nada menos que acientífico, a autora entende que as orixes comúns con Galicia non empecen a formación dunha nacionalidade distinta en Portugal. É verdade que aínda hai restos daquela antiga unidade, o que se cadra dificulta a definición da nova nación en termos de etnia, lingua... e facilita que se fale, por esta vez, de Portugal como comunidade de destino (“uma nacionalidade

nova com genio seu *e missão individual*”). Así se autodefiniron as nacións iberoamericanas tras a súa independencia de metrópoles coas que compartían a lingua; nacións mestizas, brancas e indias que non podían apelar á cultura, á raza ou ao idioma común. Así se definiu a Austria multilingüe e multicultural de principios do século XX. Este mesmo concepto manexouno, combinándoo con outros, J. P. Oliveira Martins e usaríao máis adiante R. Ortega y Gasset. Con todo, non pensemos que a idea de nación como comunidade de destino é unha constante en Carolina Michaëlis. Xa nesta mesma cita se ve que a autora se sente cómoda manexando un concepto organicista e, por iso, será frecuente nela tomar o camiño que xa antes transitaran J. Leite de Vasconcellos, T. Braga...: as semellanzas étnicas, lingüísticas e culturais entre galegos e portugueses explícanse porque Galicia é un anaco irredento da nación portuguesa que debe ser devolto ao fogar da patria.

[Portugal] é uma faixa estreita do território hispânico, nem mesmo completa, porque não lhe foi dado incorporar-se a Galiza, que é mero prolongamento seu e foi outrora parte da Lusitânia.

(Vasconcellos, 1969a: 8) [1913]

No *Cancioneiro da Ajuda* volverá insistir na comunidade de destino formada por Portugal cando de novo se refira ao progreso lusitano fronte ao estancamento galego (incluído o lingüístico). Véxase, en primeiro lugar, como se presentan os tres conceptos de nación que se manexaban na Europa do momento: nación-vontade política, nación-etnia, nación-comunidade de destino. En segundo lugar obsérvese como, ao igual có resto dos portugueses vistos ata aquí, Michaëlis elabora un discurso en que Castela se presenta como opresora e anuladora de Galicia. Moitos galegos da época (cfr. López Aydillo, 1914) manexaban aínda unha visión histórica, promovida dende o centro da Península, segundo a cal Galicia cedera voluntariamente a súa singularidade política, lingüística, etc. en favor da construción nacional española, pero tal vez non deixou de animar aos que pensaban doutro xeito e de influír na conformación dun discurso galeguista anticastelán a opinión de portugueses tan ilustres como dona Carolina:

Mas na essencia a desmembração de Portugal significava incorporação no reino de Leão, e d’este na monarquia central; anulação da vitalidade popular, quebra das tendencias

separatistas dos nobres godos, conquanto a resistencia d'estes se prolongasse por seculos, sendo precisa toda a energia dos reis catholicos para a extirpar. Significava reduccion á posicao subalterna de provincia. (...)

Este condado, reino desde 1139, conseguiu pelo contrario, tornar-se independente dos hespanhoes, não sem luctas e guerras. Segundo uns, graças apenas ao merito pessoal do longo Conde D. Henrique de Borgonha e seus successores. Segundo outros, porque assim o exigiam o territorio, a raça, um ideal commum e uma vontade collectiva, a pesar da não-existencia de fronteiras naturaes e da semelhança de clima, raça, lingua, leis, costumes e caracter. A meu ver, graças principalmente á possibilidade de se dilatar por conta propria e direito de conquista, em guerra contra o Islamismo, até occupar toda essa orla atlantica. Attrahido pouco depois pela immensidade fluctuante do mar, de modo diverso dos Gallegos do Norte, Portugal levou a termo a sua missao historica com heroica audacia, chegando a sua grandeza surprehendente na era dos descobrimentos maritimos (já preludiados no reinado de Affonso IV e principiados com a tomada de Ceuta) e das conquistas ultramarinas.

O idioma separou-se e nobilitou-se, *pari passu*, como direi mais tarde.

(Vasconcellos, 1904a: 784)

Outras consecuencias negativas da incorporación de Galicia a Castela foron o esquecemento, a pesar dos esforzos do marqués de Santillana e do P. Sarmiento, do seu papel no nacemento da lírica peninsular, e mais a ridiculización da lingua e do tipo galegos (por exemplo, no teatro ou nos refráns) tanto en España coma en Portugal:

A situação dubia em que o Noroeste ficou, suspenso entre dois polos de atracção, provocou malevolencia de ambas as partes. Castella, considerando Portugal como um fragmento ficado *por nefas* fóra da nacionalidade hespanhola, nunca viu com bons olhos os hespanhoes da Galliza, atreitos á lingua do bello mas perfido reino vizinho que se havia subtrahido á soberania de Leão. Portugal, por sua vez, considerava e considera a Galliza como um “territorio que ethnicamente lhe pertence”, “fragmento ficado *por nefas* fóra da nacionalidade lusitana”. Por isso mostra ora afeição ostensiva, ora desprezo aos que, irmãos pelo sangue e pela lingua, lhe eram politicamente adversos e se deixaram immobilizar pela absorção castelhana.

(Vasconcellos, 1904a: 785)

Contra o centralismo castelán reaccionou o xa dende a prehistoria lírico pobo galego, de xenio inconfundible co do resto de España e irreductible a el, cos seus cantos populares: queixas chorosas, diabribas tipo “castellanos de Castella”, vilancicos... A dor do pobo galego exacerbouse nos círculos literarios “desde que os cancioneros

revelaram o glorioso pasado lyrico da Galliza” (Vasconcellos, 1904a: 790) e instigou os intelectuais a recoller o folclore, a sacar á luz documentos antigos, a estudar a historia e a cultivar a poesía, a prosa e mais os estudos gramaticais e lexicográficos: “desencadeou, numa palabra o movimento regionalista que o mundo official observa com sentimentos contraditorios. Ainda hoje, como no sec. XIII, as manifestações do genio galliziano melhor acolhidas são as musicaes e lyricas” (Vasconcellos, 1904a: 791).

Como se ve, para C. Michaëlis, xunto a unha causa remota de tipo político hai un desencadeante inmediato do Rexurdimento e mais do rexionalismo galegos (que, polas obras e revistas que cita, parece coñecer ben) que é de tipo literario. Aínda que, en realidade, non se pode considerar o descubrimento da lírica medieval como factor iniciador do galeguismo (pois este comezou o seu camiñar antes de que os textos trobadorescos se difundisen en Galicia) este feito puido ter importancia decisiva nos avances finiseculares en canto á valoración da nosa lingua, no papel que se lle atribuíu a esta na construción nacional galega e no progreso do rexionalismo.

Por outra banda, eses mesmos sentimentos contraditorios con respecto a Galicia que C. Michaëlis detecta no pobo portugués aparecen tamén en parte nas súas argumentacións. Así, se por un lado canta as excelencias da terra de Breogán e dos seus heroes nun discurso que a bo seguro soaría a mel aos oídos dos galeguistas, por outro insiste na superioridade de Portugal e da súa lingua sobre a irmá pobre do norte. Vexámolo cun exemplo:

Ao comezo da argumentación, C. Michaëlis advertira que, tratándose de xeografía, o termo *galliziano* era sinónimo de *gallego-português*: “devo dizer em que sentido emprego os termos *Galliza* e *galliziano*, e com que direito os troco a miudo com o vocabulo *gallego-português* (ou *gallaico-lusitano*), uma vez que esses nomes geographicos teem significação variada segundo as épocas e conforme o ponto de vista do investigador” (Vasconcellos, 1904a: 778). Permítome agora repetirle ao lector parte dunha cita reproducida máis arriba, a que deu lugar a todos estes comentarios: “*Português* ou *gallego-português ilustre*, pois havia identidade quási completa entre a língua da provincia do Noroeste da Hespanha e a do reino de

Portugal” (Vasconcellos, 1904b: XIX). Tratándose de lingua, e non de xeografía, *galego-portugués* é sinónimo de *portugués*, non de *galego*. É dicir, o continuador lexítimo do *galego-portugués* medieval, a lingua en que escribiron os trovadores, non é o dialecto do noroeste de España, por moito Rexurdimento que se estivese producindo dende o século XIX, senón o idioma de Camões, de Garret, de Herculano... O *galego-português* interesa unicamente como fase evolutiva dunha lingua nacional constituída e recoñecida á que lle hai que buscar as orixes. C. Michaëlis só utilizará a palabra *galego* para referirse a unha variedade medieval cando teña que contraponer solucións diverxentes a partir do mesmo étimo latino en distintos dialectos romances: portugués, castelán, galego...

Nótese tamén como C. Michaëlis de Vasconcellos alterna o termo *galego-português* con outros que remiten con maior viveza á arcaicidade da fase lingüística a que se refiren, especialmente *galaico-portuguez*. Observemos que a primeira parte do composto establece un corte maior coa lingua da Galicia novecentista (o galaico é un pobo prerromano, os galegos son un pobo contemporáneo) cá segunda parte do composto con respecto á lingua portuguesa de principios de século XX. Outra cousa sucede co termo *galaico-lusitano* que, en troques, non adoita utilizar a autora para referirse a cuestións lingüísticas.

Como vemos, C. Michaëlis emprega o termo *galego-português*, igual que no seu día fixera T. Braga con outros termos semellantes (vid. infra), aplicado a realidades distintas das lingüísticas. Fala dona Carolina de territorio galego-português, ou tamén de “lírica galego-portuguesa” (Vasconcellos, 1969a: 15) [1913], música, danza ou poesía galego-portuguesas (Vasconcellos, 1969b) e mesmo de “povo galego-português”: “já tinha raízes fundas e uma eflorescência nacional magnífica, no povo galego-português quando com o bom senso e bom gosto democrático dos meridionais, os reis e os seus próceres a introduziram na corte, regularizando-a e enobrecendo-a” (Vasconcellos, 1969a: 16) [1913]. E é que, segundo un ideoloxema da época, que ten a súa orixe na filosofía alemá e que perdurou ata a actualidade, onde hai unha lingua (o *português* ou *galego-português*) ten que haber unha, e só unha, nación (a *portuguesa* ou *galego-portuguesa*). Por suposto, Carolina Michaëlis non se diferencia da maioría dos seus contemporáneos na súa concepción primordialista da nación: esta adoita ser vista polos nacionalistas como unha realidade intemporal e, así, fálase como

se as sociedades europeas estivesen agrupadas neste tipo de entidades pouco menos ca dende o principio dos tempos.

2.2.5.2. *Ortografía polémica*

Saíndo un pouco dos límites cronolóxicos deste traballo (cousa inevitable por canto os autores estudados non interrompen drasticamente a súa produción chegado o comezo do século XX), mencionaei unha polémica xurdida en parte como consecuencia da publicación da edición do *Cancioneiro da Ajuda* preparada pola autora alemá e, xa que logo, reveladora das súa concepción das linguas galega e portuguesa, por outra banda, claramente forxada na ideolingüística decimonónica. Trátase dun enfrontamento moi suave e indirecto, pero especialmente interesante porque opón a dona Carolina co rexionalismo que a fixera académica da Galega uns anos antes precisamente por ser responsable desa edición do cancionero.

Se ben C. Michaëlis, como dixemos, non tivo un contacto moi estreito co rexionalismo galego, si trocou algúns artigos cos seus representantes a raíz do descubrimento do que hoxe coñecemos como *Pergamiño Vindel*. Esta folla voante que contén as sete cantigas de Martin Codax hoxe conservadas -as cales tamén se atopan no *Cancioneiro da Ajuda* que C. Michaëlis publicou en 1904, no *da Vaticana* e no *Colocci-Brancuti*- foi descuberto e dado a coñecer en 1914 polo libreiro e anticuario madrileño Pedro Vindel.

A ortografía dos textos do pergamiño difería en varios puntos da dos cancioneros mencionados. O que máis lle interesou a Vindel, e o que nos interesa agora a nós, foi o da representación das consoantes lateral e nasal palatais. No *Cancioneiro da Ajuda* as grafías <ll> e <nn>, que son as únicas que aparecen no *Pergamiño*, alternaban con <lh> e <nh>, as cales se xeneralizaban nos dous cancioneros restantes. Estes últimos eran copias feitas en Italia xa no século XVI e procedentes dun arquetipo portugués de mediados do século XIV, segundo Tavani, 1991; é dicir, cando xa <nh> e <lh> se impuxeran na escrita do portugués.

Á hora de facer a súa edición, Carolina Michaëlis decidira regularizar as grafías neste punto; e iso por dúas razóns: a primeira ten que ver con argumentos que poderíamos chamar técnicos, co que para a autora era o sistema ideal de representación escrita do portugués. C. Michaëlis, que a partir de 1911 formaría parte da comisión de lingüistas encargada polo goberno de fixar as bases dunha ortografía oficial e única (Castro/Leiria, 1987), xa por estas datas andaba preocupada pola cuestión da súa homoxeneización e simplificación. A autora encontrou na ortografía do *Cancioneiro da Ajuda* a conxunción entre etimoloxía e fonoloxía da fala viva que ela mesma demandaba para o portugués do seu tempo, a claridade e a inambigüidade que preconizaban as propostas de A. Gonçalves Viana, que ela asumía como propias (cfr. Vasconcellos [C. Michaëlis de], 1911):

Creio que, pelo menos, os beneméritos reformadores das ortografias portuguesas verão com prazer, até que ponto os primeiros autores galego-portugueses que se serviram do idioma pátrio, criando obras de arte, se aproximaram do ideal de simplicidade e de clareza, a favor do qual vão lutando indefessos –ideal de que infelizmente os representantes do saber escolástico, - primeiro so escrivães em chancelarias régias, conventos e cabidos, posteriormente na época do Renascimento, poetas e eruditos humanistas, e nos últimos séculos os sócios das Academias– se afastaram, empenhados em regular artificialmente a fala e a escrita por modelos latinos.

(Vasconcellos, 1904b: XXVII-XXVIII)

G. Tavani (1987: 203), de feito, opina que a reforma ortográfica aplicada en Portugal a partir de 1916 a raíz das propostas da comisión de lingüistas mencionada constitúe un retorno parcial á ortografía fonemática (el di “fonética”) da idade media, coa diferenza de que a do século XX foi aplicada con moita máis uniformidade debido á intervención do poder político central. Pero a ortografía trobadoresca tampouco non era perfecta e, alí onde dona Carolina considerou que fallaba, emendou e homoxeneizou igual que gustaría de emendar e homoxeneizar as escollas do seu propio tempo.

A pesar d’isso, a não quererem inventar sinaes novos, faltavam-lhes os meios de atinjr o ideal de simplicidade e clareza a que visava. Nalguns pontos até foram ben infelizes. Principalmente na escolha dos sinaes representativos de *n*, *l* palataes. Conquanto conhecesseem várias grafias, tentadas pelos outros povos neo-latinos, e empregadas também durante o século XIII nas chancelarias e nos escritórios de Portugal, a saber *ni*, *ny*, *in*, *yn*, *ñ*, *~n*, *nn*, *nh* e *li*, *ly*, *il*, *yl*, *ll*, *lh*, deram a preferéncia não ao *nh*, *lh*, que se vulgarizou ainda na época trovadoresca, nem a

ny, ly, mas antes aos símbolos muito menos apropiados *nn, ll*, provàvelmente por os verem utilizados em Castela e Leão. Não repararam que, se lá eram verdadeiramente etimolóxicos, não tinham razão de ser no òcidente.

(Vasconcellos, 1904b: XV)

Así pois, C. Michaëlis rexeitou <nn> e <ll>, que lle parecían “estranjeirismos anti-etimolóxicos, não sòmente inúteis, mas enganadores” (Vasconcellos, 1904b: XXVII). Anos despois aclararía por que <nn> e <ll> lle merecían semellantes cualificativos:

Devo lembrar-lhe que o arcaico *nn ll mia*, usado no *Cancioneiro da Ajuda*, foi substituído com vantagem em princípios do século XIV, pela grafia nova (de origem provençal) a fim de se evitarem ambigüidades: dúvidas, p. ex., sobre se *penna* é *pena* (*poena* e *pinna*); ou *penha* (*pinnea*); *nulla* se deva pronunciar *nula* ou *nulha*; e *mia* seja *miá* (em próclise) ou *mía* (posposto e absoluto)

(Vasconcellos, 1969b: 89-90) [1915]

A segunda razón para a homoxeneización ortográfica practicada na edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda* ten que ver co nacionalismo lingüístico da autora, quen rexeita <nn> e <ll> por parecénlle grafías castelás (Vasconcellos, 1904b: XV):

Não se póde duvidar de que a escolha de *nn, ll* fosse devida á influéncia de Castela na Galiza. –O emprego d’esses símbolos não basta todavia de modo algum, para prova de que o Códice da Ajuda fosse escrito por um artista espanhol.

Ben sabe C. Michaëlis, e así o indica en varias ocasións, que <nh> e <lh> eran dígrafos orixinariamente provençais que a finais do século XIII e a principios do XIV (época en que se copiaron tanto o *Pergamiño Vindel* coma o *Cancioneiro da Ajuda*) aínda se estaban difundindo por Portugal e substituíndo outras solucións primitivas (entre elas <nn> e <ll>). Pero a Provenza non é un referente de oposición para o nacionalismo portugués e Castela si. De aí que se rexeiten as solucións consideradas castelás como estranxeiras e se xustifique a *portuguesidade* das orixinalmente occitanas:

Modificações incisivas [na ortografia da súa edición do *Cancioneiro da Ajuda*] são apenas a introdução de *j* e *v*, que não precisa de justificação, e a substituição de *nn, ll* por *nh, lh*. Bani os símbolos *nn, ll* por serem estranjeirismos anti-etimolóxicos, não sòmente inúteis, mas

enganadores. Escolhi *nh*, *lh* porque vingaram ainda na época trovadoresca, e arraigaram tão profundamente que hoje constituem um dos traços mais característicos da escrita portuguesa. Assim foram ortografados os diplomas réjios já no sec. XIII. Assim também –no tempo do reitrovador e seu filho, o conde de Barcelos, –os Cancioneiros jeraes de que os apógrafos italianos foram tresladados. Há vantajem, evidentemente, em empregarmos a mesma grafia para todos os textos coevos.

(Vasconcellos, 1904b: XXVII)

De certo que <lh> e <nh> se afirmaron na ortografía portuguesa, mentres que <nn> e <ll> desapareceron para representar as palatais. De certo que <lh> e <nh> constitúen un dos trazos máis característicos da ortografía lusa, o cal permite distanciar os textos portugueses dos seus veciños próximos casteláns (e tamén, quéirase non se queira, dos galegos). Precisamente por iso Pedro Vindel considerou as escollas ortográficas de Carolina Michaëlis como intolerables aportuguesamentos dos textos. A súa queixa recollérona os rexionalistas galegos que, dende que T. Vesteiro publicara a súa *Galería de gallegos ilustres*, comezaran unha inicialmente tímida pero cada vez máis decidida reivindicación dos cancioneiros medievais para a literatura galega (López, 1991), reivindicación que os coñecedores de Sarmiento viron apoiada nos escritos do frade bieito. De feito, a propia C. Michaëlis protestara na súa edición do *Cancioneiro da Ajuda* contra “a natural propensão de escritores modernos, oriundos da Galliza, para reivindicarem para a sua patria todos os trovadores e jograes com nomes e appellidos que de facto nella ocorrem ou pelo menos ahi podiam muito bem ter havido curso” (Vasconcellos, 1904a: 610).

Á reivindicación xeográfica os galeguistas puideron engadir a lingüística unha vez que a publicación do *Pergamiño Vindel* lles presentou a ocasión adecuada. Así, un dos rexionalistas máis preparados polo que se refire a cuestións filolóxicas, Andrés Martínez Salazar, “no seu breve artigo «Por la lengua gallega», publicado en *Galicia Histórica*, tomo II, pp. 809 a 910, defende que o texto «que lleva el número 3.746 en el catálogo del inteligente librero de Madrid, Sr. Vindel», está escrito em «lengua gallega» e não na «portuguesa»” (Torres Feijó, 1995: 914). Do mesmo xeito, no *Boletín de la Real Academia Gallega* (s.a., 1915 320) publicouse un artigo comentando o descubrimento de Pedro Vindel en que o anónimo autor se fixo eco das queixas do libreiro:

Es ello una gran hoja membranacea escrita a fines del siglo XIII o a comienzos del siguiente, que contiene en perfecta grafía gallega de aquel tiempo, las siete lindas barcarolas del poeta Martín Codax, de Vigo, que empiezan:

Ondas do mar de Vigo

y que ya conocíamos en la grafía aportuguesada del Cancionero galaico-portugués de la Biblioteca Vaticana, y en la arbitraria interpretación de algunos críticos lusitanos, que tienen más de lusitanos que de críticos [en nota a rodapé indica o autor do artigo que se refire, en concreto, “al Sr. D. Joaquím Nunes, quien en su obra *Chrestomathia Archaica* sostiene que el verso copiado en el texto debe interpretarse: *Ondas do mar salido*].

C. Michaëlis responderíalle a Pedro Vindel, e indirectamente tamén a este artigo publicado no boletín da douta corporación galega a que ela mesma pertencía (tal vez por iso o seu nome e o cancionero que esta filóloga editou non se mencionan, a pesar de que o artigo constitúe unha clara crítica a escollas ortográficas que ela mesma realizou), insistindo na superioridade técnica das variantes <lh> e <nh> e mais na concordancia dos textos así grafados cos apógrafos italianos, pero tamén asumindo a culpa da lectura incorrecta de J. J. Nunes:

Em uma nótula do meu ‘*Cancioneiro da Ajuda*’ (II, 928) pode ver-se contudo, que eu sou a verdadeira culpada. Não houve todavia capricho, e muito menos o propósito de aportuguesar o que é galiziano. Se o houvesse, não teríamos conservado *lo, la, salido, yrmana, sano*. A hipótese baseava-se no traço que já aponteí como distintivo dos *Cantares de amigo*, paralelísticos: na sinonímia das palavras rimantes das duas redacções concatenadas que as constituem. Se a *amigo* corresponde *amado, a vivo, sano, e coidado a sospiro*, deveria em rigor corresponder a *levado* o sinónimo *salido*. (...) Confesso ainda assim que, se já em 1904 tivesse estudado com particular atenção os versos desse jogral, não me teria escapado o que reconheço agora: que Martim Codax, muito poético, mas pouco correcto, se afasta das regras consagradas em mais de um ponto.

(Vasconcellos, 1969b: 90) [1915]

Con respecto aos problemas ortográficos non estará de máis lembrar que C. Michaëlis se suma ao resto dos autores lusos vistos ata o momento ao transcribir os cantos populares galegos contemporáneos con ortografía portuguesa, cousa que nunca fai, por exemplo, cando reproduce composicións en castelán. Pode haber varias razóns detrás desta actitude: unha delas, que o castelán ten unha ortografía asentada e recoñecida mesmo por institucións como a Real Academia de la Lengua Española e o galego non; outra, que a adaptación do castelán á ortografía portuguesa podería

resultarlle máis difícil e unha última, que queira marcar unha distancia interlingüística que non reconece entre galego e portugués. O galego, como dialecto que é, debe escribirse coa ortografía da variedade de referencia.

2.2.6. Teófilo Braga

2.2.6.1. Reintegracionismo iberista

Elías Torres Feijó (1995) considera que T. Braga⁵² é o intelectual portugués do período aquí estudado que mantivo máis estreitas relacións cos círculos galeguistas da época. Estableceu correspondencia con M. Murguía (a quen lle enviou un exemplar da súa edición do *Cancioneiro da Vaticana*, a quen admirou e de quen tomou datos sobre historia de Galicia que inseriu en varias das súas obras), con A. Martínez Salazar, con E. Pondal... e adheriuse a homenaxes aos dous primeiros –tamén o fixeron J. Leite de Vasconcellos e C. Michaëlis- e mais ao músico Valera Silvari. Pola súa banda, o galego M. Curros Enríquez –quen, por certo, conta que tivo o pracer de asistir a algunhas das leccións de T. Braga no Curso Superior de Letras en Lisboa (Curros Enríquez, 1908)- participou nun volume conmemorativo “das *Bodas de Ouro* (1858-1908) de Teófilo Braga na Litteratura portugueza” (Braga, 1908: 1). Segundo información de Pilar Vázquez Cuesta (1975), o autor luso correspondía ao galego lendo os seus poemas. Lembremos tamén que T. Braga foi un dos portugueses que entrou a formar parte da Academia Galega constituída en 1906 e que xa en 1883 pasara a ser membro da Española, por obra e graza de Juan Valera, daquela ministro plenipotenciario de España en Portugal que, segundo P. Vázquez Cuesta, emprega estes nomeamentos para atraer a intelectualidade lusitana:

«Oliveira Martins é um homem notabilissimo pela sua produção, pelo seu talento de escritor didáctico e pelos seus variados conhecimentos. Merece, a todos os respeitois, que o elejam vocês rapidamente *correspondente*» -lemos numa carta ao autor de *Los Heterodoxos*, de 22 de

⁵² Joaquim Teófilo Fernandes Braga (Ponta Delgada-Azores, 1843 – Lisboa, 1924) foi escritor, político e profesor. Axiña comezou a publicar os seus poemas (o primeiro libro, *Folhas verdes*, saíu do prelo en 1859). Pasando penalidades económicas logrou acabar a carreira de Dereito en Coimbra no ano 1866. Entre 1870 e 1872 publicou os 14 volumes da súa obra non literaria máis importante *História da literatura portuguesa*. Daquela tivo lugar o concurso á cadeira de Literaturas Modernas do Curso Superior de Letras, á que se presentaron tres candidatos: Manuel Pinheiro Chagas, Luciano Cordeiro e Teófilo Braga. Este último, tras as probas públicas, gañou a praza. Republicano federalista, dende 1872 tivo tamén un papel activo na vida política portuguesa. De feito, chegou a ser presidente do país (en 1910 e 1915) cando se proclamou a república.

Novembro de 1882. «Embora lle escriba num outro dia com mais vagar, faço-o hoje para não adiar dizer-lhe que Teófilo Braga, a que eu não conheço, e que consultei através de um amigo está encantado de ser escolhido para académico da Espanhola, desfazendo-se em elogios de todos nós e espantado da nossa ilustrada e superior tolerância, já que Cánovas, Você e eu o queremos como colega, apesar do seu republicanismo, enquanto por aqui, apesar dos seus altos merecimentos, lle fecham as portas da Academia. Proceda-se, pois, à eleição de Teófilo Braga, que será um golpe político, sem ter querido dá-lo» -em outra dirigida ao mesmo destinatário em 23 de Fevereiro de 1883.

(Vázquez Cuesta, 1975: 193)

A importancia da relación de T. Braga coa intelectualidade rexionalista, de que os datos anteriores non son máis ca unha pequena mostra, déixaa patente T. López (1991) ao informarnos, coa publicación dun epistolario entre o polígrafo portugués e o galego Antonio de la Iglesia, do decisivo papel do autor que nos ocupa na difusión da lírica trobadoresca en Galicia. Foi T. Braga quen lle facilitou a A. de la Iglesia o acceso ás cantigas medievais de que o compostelán presentaría unha escolma no seu libro *El idioma gallego* (1886). A través da mencionada escolma, a poesía trobadoresca deixaría de ser unha referencia de que apenas se tiñan no noso país noticias esvaídas, pois permitiría o acceso do público lector da época a bo número de textos. Para as repercusións fundamentais que a difusión da lírica medieval tivo para a valoración da lingua galega, véxase T. López (1991).

Tamén C. Michaëlis (Vasconcellos, 1904a: 777) dá noticias acerca da influencia de T. Braga sobre os autores galegos que se ocuparon da poesía medieval. Lembremos, de paso, o papel fundamental que esta autora lle atribúe ao descubrimento dos cancioneiros no renacemento literario de Galicia:

Accuso-me de ter excluído da *Resenha Bibl.* os auctores gallegos que se occuparam dos Cancioneiros e divulgaram as mais bellas e melhor conservadas composições archaicas. Para sanar a omissão, não inteiramente justificada pelo character pouco scientifico de alguns, nem pela sua dependencia de Th. Braga, vou citá-los neste capitulo. Provisoriamente. De futuro, conto fallar nas *Notas Marginaes* do curioso renascimento lyrico da Galliza, promovido pelo apparecimento do *Cancioneiro da Vaticana*.

Froito importante da relación de T. Braga coa intelectualidade de Galicia foi tamén o prólogo do portugués ao *Cancionero popular gallego* de J. Pérez Ballesteros (Braga, 1885) en que o autor fixo afirmacións coma as seguintes:

A Galliza é a provincia mais duramente submettida á unidade política e mais sacrificada pelo centralismo administrativo; ella resiste pela sua tradição lyrica em que conserva a sua feição ethnica e esse espirito local a que chama *soidade*, especie de nostalgia que em Madrid se denomina a *morrinha gallega*. Em relação á nacionalidade portugueza, a Galliza é um fragmento que ficou fóra da integração política de um Estado gallecio-portuguez, desmembrado pelo interesse de Affonso VI para fazer o casamento das suas duas filhas com Raymundo e Henrique de Borgonha. A Galliza seguiu a sorte da unificação asturo-leoneza, perdendo cada vez mais os seus elementos de cultura e de vida nacional.

(Braga, 1885: IX-X)

T. Braga rexeita a idea de A. Herculano segundo a cal a nación portuguesa existiu unicamente dende a idade media, pois continuamente defende a persistencia dos mesmos caracteres étnicos determinantes dende o principio dos tempos. Por iso, na carta de adhesión á homenaxe a M. Murguía, escribe (Braga, 1913: 31):

Don Manuel Murguía ergueu na súa *Historia da Galliza*, o monumento imperecível, em que pelo criterio científico reconstitue esse estado iniciador da civilização peninsular, tão cedo abafado pela incorporação castelhana. Em Portugal a obra de Murguía correspondía a obra de Alexandre Herculano na forma, mas não no espírito; na sua *Historia de Portugal* considera a nacionalidade formada pola implantación de colonias de asturo-leonezas [sic], desprezando os elementos anthropológicos e ethnicos do territorio luso.

Con todo, dado que considera a terra de M. Murguía como unha parte da nación lusa que debería pertencer ao mesmo Estado có resto do territorio portugués, en moitas ocasións T. Braga non ten maior problema en aceptar a idea de A. Herculano segundo a cal o seu país naceu como fragmentación de Galicia. Iso si, como fragmentación “artificial” (1871: 73), dado que o adecuado sería que esta división entre dous territorios etnicamente homoxéneos nunca se chegase a producir.

Na *Historia da poezia popular portugueza* (1902: 212), T. Braga parece antepoñer o seu reintegracionismo nacionalista ao seu iberismo republicano cando afirma que “a desmembración d’esse territorio, que ethnicamente nos pertence e tem permanecido

para nós estranho a tantos seculos, patentêa a irracionalidade política dos nossos chefes temporaes sempre preocupados com a unificación *iberica*”.

Infórmanos F. Catroga (1993c) de que T. Braga, líder da corrente republicano-federal, criticara en 1880, na súa *História das ideas republicanas em Portugal*, os excesos iberistas e internacionalistas de finais dos anos 60 e principios dos 70 manifestados por autores como Joaquim Pedro Oliveira Martins, António Enes e, sobre todo, Antero de Quental, quen, baixo o impacto da revolución española de 1868, chegara a afirmar que o verdadeiro patriotismo consistiría en renegar da nacionalidade. Fixérao T. Braga en nome dun nacionalismo cara ao que, segundo P. Vázquez Cuesta (1875), se volcaran plenamente os republicanos tras o seu distanciamento dos posicionamentos socialistas. A citada autora sinala que a idea dunha federación peninsular desaparecera do programa do partido durante a década dos oitenta. A pesar de todo, temos que recoñecer que T. Braga nunca abandonou os seus ideais federalistas e iberistas, que lle parecían compatibles co seu fondo nacionalismo (Catroga, 1993c) e que, con máis ou menos prudencia en función da conxuntura política, volvería a expresar noutras ocasións, especialmente tras o cambio de século. Coido, xa que logo, que máis ca un rexeitamento do iberismo, detrás destas palabras está a idea da existencia de diversas nacionalidades peninsulares, entre elas a catalá, a castelá e unha nacionalidade portuguesa que incluíría Galicia. Estas nacionalidades, e non unicamente España e Portugal, son as que deberían pactar a confederación peninsular. Por tanto, en realidade o recoñecemento da unidade nacional galego-portuguesa é un paso cara ao iberismo.

X. M. Núñez Seixas (1992) mostrou como os rexionalistas e primeiros nacionalistas galegos, desexosos de defender a especificidade do seu país, nunca compartiron unha visión iberista que considerase unha nación galego-portuguesa única. Pola contra, o catalanismo de principios do século XX si adoptou esta orientación e buscou o establecemento de contactos coa intelectualidade portuguesa co fin de acadar un consenso que conducise á consecución dos obxectivos federalistas na Península.

O iberismo defendido por estes [galeguistas] era en todo inre pentanacional: enxergaba a federación de cinco entes nacionais disterados, a saber, Galicia, Portugal, Castela, País Basco, Cataluña. En troques, o catalanismo político, sen ningún vencello “étnico” co país luso,

dirixira a súa ollada a Portugal se cadra desde bastante antes có galeguismo. (...) Un expoñente claro dese iberismo visto desde a ourela mediterránea son as obras do catalanista republicano e lusófilo Ribera i Rovira, quen en varios opúsculos entre 1905 e 1911 afirmou a necesidade dunha reorganización vindeira da Península en base á federación das “tres nacionalidades ibéricas: Portugal, Castilla y Cataluña”. Segundo o catalán, que mantiña relacións especialmente co grupo da *Renascença Portuguesa* (Guerra Junqueiro, Teixeira Pascoães, Alvaro Pinto, Leonardo Coimbra, etc.), Galicia e Portugal habían formar no futuro unha mesma nacionalidade, sendo mesmo un algutinador común o elemento céltigo...

(Núñez Seixas, 1992: 69-70)

Teófilo Braga prologou en 1907 o libro *Iberisme* de Ribera y Rovira e o autor catalán -que tamén cita frecuentemente ao portugués na obra que leva o significativo título de *Portugal y Galicia nación. Identidad étnica, histórica, literaria, filológica y artística* (Ribera y Rovira, s.d.) [1911]- refírese naquel texto ás “declaracións de T. Braga a *The Times*, nas que este afirmaba o seu ideal de conquistar unha «federación ibérica» de catro ou cinco repúblicas, unha das cales sería Portugal con Galicia” (Núñez Seixas, 1992: 70).

Catroga (1993c) indica que no iberismo portugués do século XIX, sempre restrinxido a unha minoría entre a elite intelectual, hai dúas tendencias que podemos considerar fundamentais. A primeira, que el denomina *unitarista*, era a dos que vían na unión ibérica a salvación para a institución monárquica; a segunda, a *federalista*, a dos demócratas e republicanos que poñían como modelo os EUA ou a Confederación Helvética.

Logicamente, o modo como os unitaristas conceberam a Europa não coincidía com o modelo propugnado pelos federalistas. De certa maneira, essa diferença era análoga à que existia entre a Jovem Itália de Mazzini e o ideal europeu de um Proudhon. Os primeiros sustentavam que o reequilíbrio e a cooperação pacífica entre os povos requeriam que se edificassem Estados extensos e fortes, o que implicava, em última análise, a condenação das pequenas nacionalidades. Para os federalistas, regra geral, a harmonia e a paz universais passavam, ao contrário, pela garantia da autonomia das pequenas nações, o que só seria viável se a Europa nacesse de pactos federais selados livremente pelos povos segundo as suas afinidades objectivas.

(Catroga, 1993c: 565)

É verdade que Teófilo Braga expresara tempo atrás a súa opinión de que na Península había máis nacións -pequenas nacións- cá española e a portuguesa. Por exemplo, no xa mencionado prólogo ao *Cancionero popular gallego* de J. Pérez Ballesteros, afirmara que a persistencia de dialectos diferentes do idioma de Cervantes no país veciño a Portugal revelaba a supervivencia doutras tantas nacionalidades semiapagadas polo centralismo castelán e en constante loita con el. Entendía Braga que só co rexurdimento do espírito popular e local, manifestado nos dialectos e nos costumes de cada rexión, podería renacer o conxunto de “Hespanha” e ocupar “o grande logar que lhe compete na Civilização occidental” (Braga, 1885: IX).

Isto non significa que o polígrafo portugués defendese a “normalización” da lingua galega. Aínda que T. Braga non se detivo a aclarar o seu punto de vista sobre esta cuestión, podemos deducir das súas palabras que se estaba referindo a un renacemento do folclore na fala do pobo. Non parece considerar en ningún momento a posibilidade de promover un galego autónomo como lingua literaria para todos os efectos, e moito menos como vehículo de expresión das clases instruídas ou como idioma normal de certos dominios reservados na época ao castelán. Outra cousa é que, herdanza do romantismo, lle dese á manifestación lírica popular un valor e unha proxección política considerables. Obsérvese que T. Braga nunca se refire ao galego do seu tempo como unha lingua, senón como un dialecto. Aínda que parece manexar o concepto de *dialecto* no sentido de ‘vernáculo sen cultivo’ e non no de ‘variedade diatópico-estructural’, iso non lle impide adscribilo á área da lingua nacional portuguesa, pois o que predomina é a idea de subordinación, de ausencia dun desenvolvemento lingüístico autónomo e completo (Braga, 1875: 10-11):

E até o *portuguez*, cuja extensão e vida historica não foi tão vasta como qualquer das outras linguas, apresenta os seus dialectos importantissimos, como o *gallego*, que estacionou por não ter tido o desenvolvimento da forma escripta e da vida politica; o *indo-portuguez*, fallado nas relações commerciaes em Columbo, capital de Ceylão; o *brazileiro*, tanto o que fallam os antigos colonos internados ou fazendeiros, como os da capital que praticam insensivelmente a degeneração phonetica; finalmente no proprio territorio portuguez existe uma linguagem archaica, na povoação de Suajo, tambem notavel pela sua orgaisação social, aonde se diz em vez de *vosso*, *bostro*, em vez de *senhoria*, *senhorença*.

Con todo, o eloxio de T. Braga ao rexurdimento do galego non deixou de molestar a algúns intelectuais españois susceptibles co tema das nacionalidades e sempre dispostos a interpretar no, para eles, peor sentido, as palabras de alento ás literaturas minorizadas. Ata certo punto, con razón, pois seguramente T. Braga entendía que o rexurdimento das letras galegas achegaba a terra de Breogán a Portugal ao tempo que a afastaba de Castela, e iso era algo que molestaba no outro lado da fronteira. A pesar dos eloxios que o azoriano lle dedicou no mesmo prólogo ao cancionero de Pérez Ballesteros á presidenta da asociación El Folk-Lore Gallego –con quen mantíña amizade e correspondencia-, Emilia Pardo Bazán, máis costumista ca rexionalista, non dubidou en responder a estas ideas dende as páxinas do seu libro *De mi tierra*:

No por eso transíjo con que juzgue que se han modificado mucho ciertas ideas mías desde el año de 1883, época en que tuve el gusto de departir con el en Lisboa, y de pasada, porque el punto no requiere tocarlo de propósito ni con gran copia de argumentos, repito aquí lo que entonces dije: que *no hay nacionalidades peninsulares*, ni quiera Dios que se sueñe en haberlas, ni permita, si llega este caso inverosímil, que lo vean mis ojos. Ahora añado que la opinión anterior no me impide estimar cumplidamente la genialidad propia y las buenas letras de cada país, ni deleitarme muchísimo con las poesías regionales, si son bonitas, ni reconocer gustosa el parentesco de consanguinidad que existe entre Galicia y Portugal. Me obliga á estas indicaciones la mención honorífica que hace de mi persona el erudito portugués en el prólogo ya citado, y la importancia que atribuye á la Sociedad del Folk-lore gallego (que tuve la honra de fundar) considerándola base del renacimiento de esta tierra. Eso quisiéramos todos cuantos nos hallamos al frente del Folk-lore (...); pero lo del *renacimiento* lo entendermos de la misma manera la fundadora y la Junta directiva del Folk-lore, y mi disolvente y sapientísimo amigo Braga? Apostaría que no.

(Pardo Bazán, 1985: 100) [1888]

Tal vez perdesse a aposta. Pardo Bazán non acababa de ver con bos ollos o avance funcional da lingua galega, que ela quería limitar á produción de literatura de tipo costumista e folclorizante, e andaba preocupada con ese tema polo menos dende que Rosalía de Castro publicara as súas *Follas novas*, pois esta obra superaba os moldes previstos pola condesa. Braga non expresara a súa oposición á promoción do galego simplemente porque non se referira a ese asunto, así que, como vimos máis arriba, tampouco se pronunciara ao seu favor, como parece entender E. Pardo Bazán, seguramente confundida polas implicacións políticas que o polígrafo portugués encontraba nese renacemento folclórico que os dous preconizaban. No que,

efectivamente, non coincidía dona Emilia co seu amigo luso era en que a persistencia dos dialectos, independentemente de ata onde se fixese chegar a súa promoción ou cultivo escrito, fose indicativo de ningunha vitalidade nacional distinta da castelá. De resto, a crítica da escritora non parece que influíse moito no literato portugués, que seguiu expresando do mesmo xeito as súas ideas –ás veces, incluso copiando fragmentos do seu propio prólogo de 1885- nas obras que publicou nos anos seguintes:

Na península hispanica a constituição das novas nacionalidades depois da reconquista cristiã está intimamente ligada aos seus dialectos; aqueles territorios que alcanzaram autonomia ou que a souberam sustentar desenvolveram com a cultura litteraria os seus dialectos locais. Muitas d'essas nacionalidades, como a Galliza, a Catalunha e Aragão foram incorporadas na unidade politica de Castella, mas o seu espirito autonomista sobreviveu e luctou sempre com a vitalidade dos seus dialectos *gallego, catalão, aragonez*, contra o uso official do castelhano.

(Braga, 1896: 149)

Braga non sempre se mostrou tan positivo na súa avaliación da vitalidade da lingua e da nacionalidade galegas. Se cadra porque, cando escribía sobre lírica trobadoresca, o que lle tocaba explicar non era o rexurdimento da nosa cultura, senón o avance do idioma portugués sobre o galego a finais da idade media. Con respecto a isto, nos primeiros tempos sumouse ás explicacións de D. Nunes de Leão, A. Ribeiro dos Santos... verbo da existencia dunha Corte que promoveu e puliu o portugués mentres que, pola súa ausencia ao norte do Miño, non remediou o estancamento do galego (Braga, 1870). En 1875 (Braga, 1875:21), porén, decidiu matizar:

Nunes de Leão confunde o facto exterior e accidental de realeza e de côrte com a causa organica de nacionalidade e de vida historica.

É dicir, a inexistencia de Corte é só unha manifestación superficial da verdadeira causa que reduciu o galego a simple dialecto: a incapacidade intrínseca de Galicia para formar por si mesma unha nacionalidade con condicións de vida histórica e de independencia. Galicia e o galego non poden existir baixo o dominio de Castela, pero tampouco demostraron capacidade para seren sós. A súa solución está en Portugal.

Outra contestación ás súas ideas sobre Galicia recibíraa T. Braga, anos antes da de E. Pardo Bazán, do político andaluz Emilio Castelar. Foi no prólogo que este escribiu para as *Follas Novas* de Rosalía (Castelar, 1880). O republicano moderado E. Castelar mostrábase prevenido fronte aos rexionalismos, especialmente tras a amarga experiencia das insurreccións cantonalista, carlista e cubana que intentara atallar sendo presidente do goberno español durante o sexenio revolucionario. Como consecuencia, non vía con bos ollos certas correntes de simpatía entre galegos e portugueses, correntes que, na liña de dona Emilia, interpretaba nun sentido separatista máis ca como tendencia iberista unificadora. Isto levouno a polemizar con M. Murguía, con J. P. Oliveira Martins e mais con T. Braga. Nesta ocasión, a queixa responde á inclusión da poesía galega no *Parnaso portuguez moderno*⁵³ publicado por este último autor en 1877:

No olvidemos que hace poco un escritor insigne del vecino reino trazaba una especie de nacionalidad literaria compuesta por portugueses, brasileños y gallegos. Estas cosas podían pasar por juegos de la imaginación cuando no habían transcurrido horribles crisis, y no se habían visto ciertas tendencias que podrían reaparecer mañana, ora bajo la bandera del absolutismo, ora bajo la bandera de la demagogia que tantos desastres han derramado en nuestros territorios y tantas amarguras en nuestros corazones. Para matar el provincialismo exagerado no hay medio como satisfacer las justas exigencias provinciales.

(Castelar, 1880: XXI-XXII)

E é que T. Braga insistira tamén no estudo preliminar do *Parnaso portuguez moderno* na pertenza étnica de Galicia a Portugal:

E a desmembración d'esse territorio, que ethnicamente nos pertence e tem permanecido para nós extranho durante tantos seculos, é que prova a falta absoluta de plano na nossa vida politica.

(Braga, 1877: XXXVIII)

⁵³ Esta obra é unha escolma de poesía portuguesa do século XIX precedida dun amplo prólogo de Braga. A selección de poemas divídese en tres partes: a primeira dedicada aos poetas portugueses, a segunda dedicada aos brasileiros e a terceira aos “lyricos gallegos” (Braga, 1887: 241). Nesta última inclúense varios textos dos *Cantares gallegos* de Rosalía e de *Espiñas, follas e frores* de Valentín Lamas Carvajal, así como “O desconsolo” de Alberto Camino. Reproduce, ademais, moitos poemas populares e anónimos, entre eles, os mesmos que Rosalía incorporara aos seus *Cantares* e o vilancete de Nadal que F. A. Varnhagen reproducira no apéndice do cancionero (vid. alínea 2.1.3.2.).

Portugal, Galliza e Brazil tão separados pelas vicissitudes políticas, conservam ainda inteira a sua unidade ethnica na tradição litteraria. É o que pretendemos fazer sentir n'este livro.

Pelo estudo da sua tradição é que as nacionalidades revivem. (...) No seculo passado começou na Galliza um movimento nacional da tradição, pelos eruditos Feijó, auctor do *Theatro critico*, Sarmiento, o que até então melhor estudou as origens litterarias de Hespanha, e Sobreyra, que deixou os manuscriptos *Ideia [sic] de un Diccionario de la lengua gallega*. No entanto as agitações napoleonicas embaraçaram esse progresso local, e a Galliza annullada pela centralisação castelhana, perdeu a sua lingua. (...)

O afastamento da Galliza de Portugal provém do esquecimento da tradição nacional e da falta de plano politico, em todos os que nos tem governado. Em Portugal o espirito moderno penetra, mas ainda, é considerado como revolucionario. Na Galliza o estudo da tradição recomeçou já.

(Braga, 1877: LX)

Polemizou T. Braga unicamente con autores españois? Como veremos, C. Michaëlis, J. Leite de Vasconcellos e A. Coelho non aforraron críticas á acientificidade dos seus traballos lingüísticos e literarios. J. Palma-Ferreira (1984) dá tamén conta das emitidas por J. P. Oliveira Martins, Antero de Quental e M. J. Pinheiro Chagas tras a publicación do primeiro tomo da súa *Historia da litteratura portugueza* en 1870. Delas interésanos agora a do último dos autores mencionados (competidor con T. Braga por un posto de profesor de literatura no Curso Superior de Letras e, previamente, contrario a el na chamada “questão coimbrã” xurdida coa introdución do realismo literario en Portugal) quen rexeitou aquelas afirmacións do futuro presidente da República Portuguesa que lle parecían menos patrióticas por lle daren a Galicia certa preponderancia, como foco cultural, na idade media (Palma-Ferreira, 1984).

É certo que T. Braga lle concede á Galicia medieval máis importancia da que estaban dispostos a recoñecerlle moitos dos seus contemporáneos. Así, distingue un primitivo “periodo galeziano” da lírica trobadoresca, aínda que axiña indica que non nos quedaron probas directas (textos) da actividade poética desta etapa; é dicir, todos os cancioneros conservados pertencen ao período “provençal-português” (Braga, 1871). Porén, tamén afirma en ocasións (vid. Braga, 1878) que este segundo período foi frutífero como consecuencia da inspiración recibida de formas populares galegas levadas á corte por trobadores chegados do noroeste peninsular. Ademais, o galego – “confundido” primitivamente co portugués (vid. máis abaixo)- ten recoñecemento na obra de Braga como vehículo da lírica medieval. Pero nin con esas é posible poñer en

dúbida o patriotismo de Teófilo Braga, pois este, ao exaltar Galicia e as realidades galegas, non está facendo outra cousa que loar os méritos dun fragmento irredento da nación lusa. M. J. Pinheiro Chagas non reparou, ou non quixo reparar, en canto amor a Portugal había tras o afecto de T. Braga por Galicia.

2.2.6.2. *Unidade e separación do portugués e do galego*

Non adoita ser tarefa doada descubrir que ideas se agochan tras os textos do prolífico Teófilo Braga. Unha e outra vez, en distintas obras e en distintos capítulos dun único libro, volve o autor sobre os mesmos temas, pero en cada ocasión expresa as súas opinións de maneira diferente. O investigador que se achegue á súa produción encontrará parágrafos contraditorios que deberá atribuír, se non á súa propia incapacidade para comprender o fondo do pensamento de T. Braga, á volubilidade deste autor ou á embrollada redacción dos seus traballos. O único, aínda que triste, consolo que lle queda ao estudoso é o de que os contemporáneos do pai da historiografía literaria portuguesa revelan nas súas queixas contra T. Braga, e mesmo nas súas gabanzas, idénticas dificultades có esexeta actual. Do polígrafo portugués dixo M. Curros, por exemplo, que “es incorrecto en la manera de producir su pensamiento; mas á cada paso se corrije [sic] hasta decir aquello que intenta exponer del modo más adecuado y asequible á sus oyentes” (Curros Enríquez, 1908: 5). No mesmo sentido, aínda que con intención máis crítica e en descrición máis completa, se expresou C. Michaëlis de Vasconcellos (Vasconcellos, 1904a: 30-31):

Todos os que se ocupam de Portugal conhecem as qualidades e os defeitos do incansavel historiador da litteratura patria: a rapidez com que Theophilo Braga trabalha, como verdadeiro repentista, combinando com facilidade extrema noções de historia, philosophia, litteratura, ethnographia e lingüística, sem as joeirar; o modo como transforma pallidos indicios em provas inconcussas; o seu patriotico empenho de revelar manifestações caracteristicas do genio nacional; o *quid divinatorum* de poeta, que o inspira e torna ás vezes singularmente perspicaz nesta empresa; a sua ancia impulsiva de affirmar, mesmo á falta completa de dados seguros; o costume de synthetisar e tirar corollarios de proposições não demonstradas; a sua desordenada exposição, cheia de repetições e contradicções, mal dissimulada sob um simulacro de plano; a sua indiferença contra a arte de compôr e limar; o costume de entremear observações justas e plausiveis com hypotheses surprehendentes pela sua ousadia; a desharmonia curiosa que lavra, não raro entre a these geral e os exemplos elucidativos; e ainda

a franqueza com que regeita opinións menos justificadas, substituindo-as por outras, logo que reconece o erro.

Moitas das contradicións e dos cambios de opinión de T. Braga son, sen dúbida, atribuíbles á impaciencia e á precipitación que lle apuxeron os seus contemporáneos; no entanto, tal e como sinalou J. Palma-Ferreira (1984), e tal e como adiantamos coa anterior cita da sempre perspicaz Carolina Michaëlis, tamén ten parte importante neles a converxencia de influencias dispares nos escritos do autor: Vico, Hegel, Michelet, Schlegel, Comte, Spencer, Littré, Bernard, Herculano... por non falar doutras figuras non sempre mencionadas entre os modelos de T. Braga, pero importantes para o tema da lingua galega, que aquí nos ocupa, tales como A. Ribeiro dos Santos ou M. Murguía. Non é o meu obxectivo aquí internarme en tan difícil rede de nomes e de idearios. Conformareime con sinalar cales son as dúas grandes liñas de forza que parecen determinar o pensamento de T. Braga e, en realidade, de toda a súa xeración (Lopes/Saraiva, s.d.), aínda que tal vez no autor que nos ocupa poidamos atopalas dun modo menos matizado e harmonioso ca noutros investigadores máis temperados, como A. Coelho. Esas dúas grandes liñas ideolóxicas son o positivismo e o romantismo.

Un punto fundamental en que conflúen as dúas correntes sinaladas, en moitos aspectos contrarias, é o peso que ambas lle atribúen á raza como factor determinante na conformación das distintas culturas e, xa que logo, das súas manifestacións. Certo é que, en principio, unha raza tal e como a entende un científico (un biólogo de formación darwinista ou un paleoantropólogo decimonónico, empeñado en medir e comparar cranios humanos) non debería ser o mesmo ca unha raza para un romántico buscador de caracteres nacionais. Non debería, se cadra, pero o certo é que T. Braga non se erixe en excepción cando aúna as dúas concepcións de partida e afirma que a influencia da poesía provenzal puido exercerse nas penínsulas Ibérica e Itálica grazas á común base étnica dos habitantes do sur de Europa (Braga, 1902), base étnica que explica tamén que “o norte da Hespanha, e principalmente a Galiza” -primitivamente iberas, igual cá Provenza- “se tornassem para a Peninsula, uma região com uma lingua intermediaria para o sul da França e para a Hespanha, do mesmo modo que o Poitou, entre o provençal e o francez”. A proximidade das linguas do sur de Europa no tempo da expansión da lírica provenzal preséntase agora baixo unha xustificación étnica,

pero é unha idea vella: atopámola, por exemplo, na “Advertencia” que T. Lecussan Verdier introduciu arredor de 1824 no cancionero de Stuart. Outra explicación distinta, pero tamén baseada na raza, acerca da adopción do galego como lingua literaria na Península é a seguinte:

Os Vandalos e Suevos haviam occupado a Galiza e o que hoje tem o nome de Castella Velha; dava-se uma quasi unidade de raça. Isto fez com que no seculo XII viesse a Castella a receber a tradição provençal da Galiza, em vez de a receber das escholas da Catalunha ou de Aragão, de que estava desunida. Esta conformação da raça, fazia com que os fidalgos asturo-leonezes que vinham desempenhar a homenagem dos castellos que recebiam nas regiões do noroeste da Peninsula, achassem uma lingua em um estado quasi analogo áquella que haviam conservado durante o seu retiro das Asturias. O dialecto galeziano com leves modificações tornava-se intelligivel em todas as capitaes christãs da Peninsula, e principalmente em Castella e Leão.

(Braga, 1871: 44)

A maior parte da información que temos sobre o que T. Braga pensa acerca do galego procede dos volumes de historia da literatura que este autor lle dedica á idade media, pois é esta a etapa en que van unidos os pasos das linguas de Galicia e de Portugal, e é o desenvolvemento desta última a que en realidade lle interesa ao polígrafo luso.

Xa nos comezos da súa produción como investigador en literatura se refire T. Braga a unha época en que a lingua portuguesa andaba aínda “confundida” coa galega (Braga, 1871: 59), segundo se deduce do testemuño do marqués de Santillana: “no ha mucho tiempo cualesquier decidores é trovadores d’estas partes, agora fuesen *Castellanos, Andalusés*, é de la *Extremadura*, todos sus obras componían en *lengua galega o portuguesa*”. Por estas palabras conclúe T. Braga que existiu “un dialecto, que se poderá chamar galecio-portuguez” (Braga, 1871: 60), en que se escribiron as trobas e cantares de Galicia e de Portugal. En 1870, na súa obra *Historia da litteratura portuguesa. (Introducción)*, parecía identificar ese dialecto –ao que naquela ocasión lle dera o nome de *gallezio-luzitano*- co galego anterior á fragmentación lingüística que se produciu, segundo T. Braga (seguidor neste punto de A. Ribeiro dos Santos) a partir da independencia portuguesa do século XII. Este galego comunicárase por conquista ao norte do país veciño e, máis en concreto, á zona de Entre Douro e Minho, pero a transmisión da lingua vírse favorecida, ou posibilitada, polo fondo étnico común dos dous territorios, que non en van formaran parte da antiga Lusitania.

De aí que noutro parágrafo indicase T. Braga, non sen leves variacións na extensión xeográfica do romance en cuestión, que “a lingua em que estão escriptos os primitivos monumentos poeticos portuguezes é a lingua *galleziana*, fallada ao Norte de Portugal, desde o Minho até Coimbra” (Braga, 1870: 121). Curiosamente, isto non lle impedira afirmar, páxinas atrás, que “a linguagem dos Cancioneiros por certo que nunca foi falada” (Braga, 1870: 116).

Aínda que a argumentación non é moi clara, e probablemente tampouco non resulte moi coherente, semella que detrás destas palabras temos a teoría seguinte: o galego estendeuse ao norte de Portugal e converteuse en idioma común para os habitantes dos territorios veciños do norte e do sur do Miño; cando máis tarde se iniciou a separación lingüística entre eles, continuou empregándose esa variedade noutro tempo compartida, pero xa non falada en Portugal (nin en Galicia?), nas primeiras composicións líricas dos trobadores.

Durante canto tempo seguiu empregándose? T. Braga non manterá o mesmo criterio nas súas distintas obras. Nesta ocasión (Braga, 1870) e nalgunhas outras (por exemplo, Braga, 1871) parece que ata a decadencia definitiva da poesía trobadoresca, de xeito que podemos dicir que todos os cancioneiros se escribiron en *lingua galeziana*; noutras (1875), semella que ata o tempo de Afonso X, co que, se *as Cantigas de Santa María* están escritas en *dialecto gallego* (cousa que tamén se nega nunha ocasión, seguindo a F. A. Varnhagen, sen importar que se afirmase o contrario unhas páxinas atrás), os cancioneiros profanos encóntranse compostos en *portuguez*.

Mentres que na parte setentrional do país se empregara primitivamente o *galleziano*, o idioma do sur ocupado polos musulmáns fora, en cambio, a *lingua aravia*, que se escolleu como dialecto da prosa. Por iso, se o *galleziano* se pode poñer en paralelo coa lingua poética d’oc, a *aravia* pode equipararse á lingua d’oil. Esta comparación dos dialectos do norte e do sur de Portugal cos franceses encóntrase xa en escritores anteriores, como A. Soromenho (1867). Igual que o francés xurdiu, di T. Braga, da unión das linguas d’oc e d’oil, o portugués naceu da fusión do *galleziano* e do *algarvio ou lingua aravia*. O portugués recibiu do *galleziano* as palabras abstractas propias para expresar necesidades sentimentais e do *algarvio* os vocábulos técnicos.

A *aravia* era o dialecto empregado polos mozárabes (1871). Por iso podemos dicir que esta teoría acerca da orixe da lingua portuguesa se enmarca perfectamente no esquema ideolóxico xeral de T. Braga nesta primeira etapa da súa produción como historiador da literatura:

O quadro em que esquematizou a história nacional da literatura portuguesa (p. 340 da edição de 1870), é exemplo vivo e claro do Teófilo dessa grande fase. Os elementos rácicos (I- Os Moçárabes; II- Asturo-Leoneses; III- Colónias francesas e judaicas) motivam criações originais ou imitações que os documentam. Assim, os moçárabes, elemento popular ou nacional, formado pela aliança do «godo-lite» com o árabe, dará, como criações originais, em religião, o rito moçárabe, em arte o ornamento do bizantino, em direito os forais, em poesia os romanceiros. O elemento asturo-leonês, por seu turno formado pelos descendentes do godonobre, modificados ao contacto das povoações ibéricas de fundo aristocrático, leva à extinção do elemento moçárabe na religião pelo catolicismo, na arte pela Renascença, em direito pela tradição dos Romanistas, na poesia pelo Classicismo e tem como resultado cultural prático a ausência de gestas nacionais e a aspiração pelo passado. Não tem, o núcleo asturo-leonês, criações originais mas motiva imitações constantes das epopeias da língua de Oil (séc. XII), das canções da língua de Oc (séc. XIII), das ficções inglesas (séc. XIV), dos cancioneros espanhóis (séc. XV)...

(Palma-Ferreira, 1984:10)

No caso da lingua, porén, o elemento aristocrático non deu acabado co popular, senón que se fundiu con el. Obsérvese que esta fusión se produciu só no portugués, pois o galego non chegou a ter contacto coas poboacións mozárabes.

A Braga chégalle con afirmar que a *aravia* constituíu o elemento popular vivificador e autenticamente nacional que entrou a formar parte da lingua portuguesa e inicialmente non sente necesidade de explicar se aquela era un vernáculo romance ou árabe. Aínda que a teoría que acabo de expoñer non se volve repetir, polo menos con claridade, nas obras posteriores a 1871, é en 1896, e a teor doutras cuestións, cando encontramos as definicións máis completas de *aravia*:

A aravia significou um dialecto vulgar das classes que estavam em contacto com os Arabes ou propriamente com Berberes; esta classe sendo constituída com as populações hispanicas preexistentes á invasão arabe, facilmente assimilou a si o elemento mauresco determinando a reviviscencia do typo iberico.

(Braga, 1896: 87)

A *aravia* era um dialecto indistincto tanto de romanico como de arabe com que se entendiam com elles [cos árabes] os Mosarabes e os Mulladies (...). Quando se pôde examinar nas linguas peninsulares as palavras arabes, escriptas nos documentos mais antigos, reconheceu-se que eram palavras romanicas modificadas pelos arabes e recebidas d'elles por segunda via.

(Braga, 1896: 147)

Parece que a *aravia* é un dialecto híbrido ou, máis ben, de confluencia entre os falados polos musulmáns e pola poboación cristiá conquistada por estes. A coincidencia entre os dous vernáculos é posible grazas a unha base étnica común a mozárabes e bérberes: a ibérica. Non nos sorprendamos: tamén no *Parnaso* (Braga, 1877) se explicaban as analoxías entre as literaturas neolatinas e as destas cos cantos tupís do Brasil por un fondo étnico turaniano (é dicir, íbero) que ademais era común co dos antigos acadios, exipcios e asirios. Destes últimos herdaron os actuais semitas os seus caracteres ibéricos e dos exipcios tomáronos os bérberes.

Todas estas ideas acerca dos íberos non son invención de T. Braga, quen unicamente é responsable de aplicalas ao campo dos estudos filolóxicos portugueses. Véxase, en proba, a exposición que fai J. P. Oliveira Martins (1994: 46) [1879] das teorías dominantes na época verbo das orixes dos pobos europeos, teorías que intenta matizar e das que se quere desmarcar, pero nas que acaba caendo cando busca o “cunho particular” da civilización peninsular “na combinação dos caracteres das populações primitivas [iberas] e das ideias indo-europeias [celtas]”:

As observações de Broca mostraram nos bascos da França uma braquicefalia que não existe do lado oposto dos Pirinéus. Além disso, o carácter dolicocefalo, comum aos habitantes da Córsega e às raças da África setentrional, foi encontrado por Morton nas populações americanas. Daí a hipótese de uma identidade de origem entre iberos e americanos, comprovada para alguns lingüistas por analogias que acham nos idiomas.

(Martins, 1994: 38)

Dizem-nos os escritores antigos que esse povo ou povos, designados sob o nome de iberos, ocuparam não só a Espanha mas também as ilhas do Mediterrâneo, a Itália, e a costa meridional da França. Fantasiam-se as viagens dos *turanianos* asiáticos pela costa setentrional da África até à Europa; mas se foi um ramo dessa suposta população (que teria precedido na Europa a indo-europeia) quem deixou no Atlas os berberes, não vem isto em abono da hipótese da afinidade de iberos e africanos setentrionais?

(Martins, 1994: 40)

Quase idéntica ao tuaregue e aos idiomas saarianos, desde o Senegal até à Núbia, para aquém dos negróides do Sudão, a lingua cabila ou berbere é afim da do Egipto, o [sic] copta; e se se provasse que também o é do basco, desaparecería a singularidade deste fenómeno lingüístico, esclarecendo-se definitivamente a cuestión da origem das populações ibéricas.

(Martins, 1994: 42)

Por parte, para comprendermos que lingua confluía na *aravia* coa bérbere hai que ter en conta que, en 1896, T. Braga parece suxerir nalgún momento a teoría de que o latín é só o molde sintáctico sobre o que se acomodaron os idiomas falados polo elemento popular da Península antes da conquista romana:

A creación das linguas románicas provém mais da persistencia dos caracteres communs dos povos conquistados pelos romanos do que da descomposición do latim literário. (...) Uma mesma lingua, o latim, presta os seus moldes de construción syntaxica a esta diversidade de dialectos, dos quales os mais desenvolvidos se tornarão linguas nacionaes.

(Braga, 1896: 60)

En 1870, pola contra, aínda non puxera en dúbida –ou polo menos non o expresara con claridade- a latinidade das linguas romances, pero seguramente pensaba xa que a *aravia* era un dialecto, se non en que coincidían, si en que se mesturaban o árabe ou o bérber e mais o romance.

Na separación de galego e de portugués influíron outros factores, ademais do decisivo da lingua *aravia*. En 1870 sinálanse a influencia francesa, a influencia da lírica provenzal (T. Braga defende a teoría de que a prosodia das linguas vén determinada pola poesía), a xa comentada existencia dunha Corte en Portugal e o establecemento de mestres estranxeiros na universidade lusa. En 1871 referírase á chegada a Portugal de cabaleiros francos, alemáns e ingleses; en 1875 –como quedou dito- á incapacidade orgánica de Galicia para crear unha nación independente e, xa no ano 1896, á castelanización do galego. Estoutros factores serán, pois, os que expliquen o distanciamento do portugués e do galego, estancado, cando a idea da mestura coa *lingua aravia* perda forza.

Máis dunha vez falará T. Braga dun intento fallido de renacemento da literatura do país situado ao norte do Miño no século XV (con Macías e outros poetas da que hoxe

coñecemos como escola galego-castelá), así como da emigración de fidalgos galegos a Portugal a finais da idade media, unha emigración con consecuencias ben positivas para a literatura lusa: “Aquelles poetas quinhentistas portugueses, Sá de Miranda e Camões, que ligaram ao nome de gallego um sentido de desprezo, eram oriundos d’esta emigração politica do fim do seculo XIV; e foram elles que acharam a feição nacional da nossa poesia e nos libertaram da subserviencia litteraria de Castella, em que estavamos, como se vê pelo Cancioneiro geral, de Resende” (Braga, 1877: LI). A idea de que Camões pertencía a unha familia galega (manifestada por Faria e Sousa no seu estudo sobre *Os lusíadas*; reproducida por Sarmiento nas súas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*; amplamente aceptada en Galicia e defendida en ocasións por outros autores portugueses, como José Leite de Vasconcellos, 1881) levou a T. Braga a asumir outra tese segundo a cal o autor dos *Lusíadas* compuxera dous sonetos en galego.

Canto á teoría da formación do portugués pola fusión do *galiziano* coa *aravia*, T. Braga cita como antecedente a A. Ribeiro dos Santos (vid. infra), aínda que non será infrecuente atopala, dun xeito ou doutro, en diversos autores (Soromenho, Oliveira Martins...). A influencia de A. Ribeiro dos Santos déixase sentir tamén noutros momentos, sen que T. Braga o recoñeza explicitamente ou se decate sempre. Así, por exemplo, en 1878, no estudo preliminar que encabeza a edición crítica do *Cancioneiro da Vaticana*, T. Braga non só empregará o termo *portuguez-galleziano* que o *Cancioneiro de Stuart* recollera de A. Ribeiro dos Santos, senón que tamén distinguirá, polo menos inicialmente, entre *galiziano* e *gallego* (Braga, 1878: XX):

São tres esses dialectos principaes, que se desenvolveram ou paralyzaram em consequencia de causas historicas: a) o *Catalão*, que se subdivide no *Valenciano* e *Malhorquino* e que pertence á poesia trobadoresca da escola de Barcelona e de Aragão; b) o *Galleziano*, ao qual pertence o *Bable*, apenas fallado, o *Gallego* que estacionou e o *Portuguez* que progrediu, e servindo essa lingua para a linguagem poetica da Galliza e de Portugal, de Leão e de Castella; c) o *Castelhano*, por effeito da tardia unificação politica, só teve o seu verdadeiro desenvolvimento litterario no seculo XV.

Parece claro: o *galleziano* subdivídese en tres dialectos dos que só un, o *portuguez*, progresou e se converteu en variedade literaria na idade media. O *gallego*, debemos deducir, non correu esa mesma sorte. Emporiso, na páxina seguinte T. Braga

(1878:XXI) di: “o uso do gallego ou portuguez-galleziano na poesia de Leão e de Castella, tornando-se assim un dialecto intermediario, á maneira do *poitevin* para o sul e norte da França, tambem se explica de una maneira natural pelas orixens ethnicas”. E, máis adiante, engade: “todas as obras de Affonso o Sabio foram escriptas em castelhano, á excepção das suas *Cantigas*, redigidas em dialecto galleziano. (...) A imitação provençalesca foi una moda palaciana em Castella, e por isso a lingua em que essas canções eram escriptas, o galleziano ou o portuguez, era preferida para esse artificio” (Braga, 1878: XXII).

Ao final, non nos queda máis remedio que concluír que, ao longo da introdución, Braga alterna en contextos semellantes os termos *gallego*, *galleziano*, *portuguez-galleziano* e *portuguez* e úsaos como sinónimos para referirse á lingua poética de toda a idade media. Non será esta a única publicación en que o autor manexe os termos *gallego* e *galliziano* sen que quede moi claro se os contrapón ou os emprega como sinónimos.

Outra desas obras é a *Theoria da historia da litteratura portuguesa*. Hai nela un parágrafo en que T. Braga (1896) parece distinguir entre *galleziano* e *lingua gallega*: o primeiro é unha variedade escollida como dialecto literario e que, precisamente como consecuencia desta escolla, se fixou e se artificializou dando lugar a unha especie de koiné lírica de uso entre os xograres peninsulares establecidos na corte portuguesa. Tal vez se trate desa lingua antiga, común a galegos e portugueses, para a que A. Ribeiro dos Santos creara, precisamente, este termo; pero máis ben parece que non se pode aplicar o nome de *galleziano* máis ca a esa koiné literaria unha vez conformada e de uso exclusivamente escrito. En calquera caso, ao mesmo tempo que xurdía o *galleziano* como dialecto da lírica, a variedade lingüística falada en Galicia que, coa definitiva perda de independencia política deste reino, estaba deixando de escribirse, estancábase e entraba en decadencia. Camiño xustamente contrario ao que seguiría a variedade viva do portugués falada no novo reino creado por Afonso Henriques. Pero deixemos que o diga o propio Teófilo Braga, a fin de que o lector poida xulgar e interpretar mellor (Braga, 1896:152-153):

Desde Fernando o Magno o territorio portugalense formava parte da Galliza (...). A vinda dos cavalleiros frankos á península, que ajudaram o monarca leonez na batalla de Zalaca em

1086, influiu no acto de desmembración de Portugal, por que as cidades livres ou *Behetrias* esparsas n'este territorio e a sua situación na proximidade do mar, provocavam á creación d'esse organismo nacional. Á medida que a vida de côrte actuava no desenvolvemento da lingua portuguesa, a paixón pola poesía trobadoresca forçava a imitar esas novas fôrmas lyricas, apropiando-se de elementos provençaes, e creando un dialecto en parte artificial, o *galleziano*, em que versejavam todos os jograes que vinham a Portugal de Aragón, Valencia, Castella, Galliza e mesmo do Béarn. Certos provençalismos e italianismos dos antigos Cancioneiros portugueses são consecuencia de uma necessidade de artifício prosódico. Pela situación da Galliza como provincia submissa, a lingua *gallega* deixou de ser *escripta*, cahindo assim com o tempo na espontaneidade popular, e na sua immobilidade archaica. (...) Em consecuencia da actividade de um organismo político nacionalista, o portuguez torna-se *escripto*, e este facto determina o proceso de um constante *neologismo* no seu léxico (...) e pela fôrma escripta foi continuamente a separar-se da corrente popular ou das fôrmas vulgares, por um excesso tal que chegou a ser reconhecido.

Se algo parece claro con respecto a Teófilo Braga é que, tanto cando acepta a distinción de A. Ribeiro dos Santos entre *galliziano* e *gallego* como cando non o fai, o conxunto da súa produción está máis preto das teorías e das preocupacións deste autor de finais do século XVIII e principios do XIX ca dos seus contemporáneos A. Coelho ou J. Leite de Vasconcellos. En boa parte isto é debido a que o seu centro de interese non é a lingua, senón a literatura. Tamén era este o tema que ocupaba a A. Ribeiro dos Santos, mentres que J. Leite de Vasconcellos e A. Coelho se enfrontaron a problemas de tipoloxías lingüísticas, clasificacións dialectolóxicas, etc. que esixían focaxes e respostas diferentes. Por parte, os instrumentos e as vías de análise que lle brindan a T. Braga dúas correntes ideolóxicas plenamente contemporáneas como o positivismo e o romantismo (importancia da raza, importancia do elemento popular, nacionalismo, metodoloxía científica, evolucionismo e historicismo...) non fan, na aplicación por parte de T. Braga á historia das linguas, senón maquillar as vellas ideas de rabiosa actualidade.

2.2.7. Oliveira Martins

Unha vez vistos estes catro autores que podemos considerar, coas reservas comentadas para o caso de T. Braga, se non lingüistas, si cando menos filólogos, dirixo a atención do lector cara a un historiador da *geração nova* que xa foi nomeado en varias ocasións antes de chegarmos aquí. Refirome a Joaquim Pedro Oliveira Martins⁵⁴, que debe ocupar un lugar neste traballo aínda que só sexa pola cálida acollida e pola influencia que tivo en España a súa *História da civilização ibérica* (1994) [1879].

É coñecida a admiración que o autor suscitou na xeración do 98 en xeral e en Miguel de Unamuno en particular, pero non se pense que hai que esperar aos albores do século XX para que J. P. Oliveira Martins sexa valorado ao leste da fronteira luso-española. Ao relatar Pilar Vázquez Cuesta (1992) a viaxe do historiador luso a Madrid en 1891, indica que xa naquela altura era sumamente popular nos medios intelectuais españois grazas a unha longa serie de contactos establecidos dende anos atrás: compartira as páxinas da *Revista Occidental* con F. Pi i Margall, A. Cánovas, Rafael de Labra...; fora visitado no Porto por Benito Pérez Galdós e por José María Pereda (que levaban carta de recomendación de M. Menéndez Pelayo); os seus traballos foran recensionados e recomendados en diferentes medios por personalidades como A. Fernández de los Ríos, E. Castelar, J. Valera, R. M. de Labra... e tamén por M. Curros Enríquez:

O dez de xuño dese mesmo ano 1890 Curros Enríquez terá que facer verdadeiros malabarismos para xustificar a aparición de Oliveira Martins en *El Album del País*, onde durante case un ano (de 1 de febreiro a 8 de novembro) van publicarse pequenos artigos con retrato de “celebridades portuguesas contemporáneas”. A devandita sección do xornal estaba normalmente destinada a presentar aos lectores as personalidades mais ilustres do republicanismo tanto nacional como estranxeiro (...). Pero Oliveira Martins había moito que

⁵⁴ Joaquim Pedro Oliveira Martins (Lisboa, 1845-1849) foi historiador e político. Ao ter que abandonar prematuramente os estudos pola situación económica en que quedou a familia tras a morte do pai, foi esencialmente autodidacta. Entre 1869 e 1874 foi administrador das minas de Santa Eufemia, en España. En 1874 regresou a Portugal para traballar, ata 1888, na Compañía Ferroviaria Porto-Pova. Sentiu sempre un grande aprezo por España e avogou polo entendemento entre este país e o seu. Ese feito explica que en 1875 fundase a *Revista Occidental*, bilingüe en castelán e portugués, co obxectivo de promover a aproximación espiritual dos dous pobos peninsulares. A partir de 1885 entregouse á acción política. Derrotado nas súas candidaturas a deputado polo Partido Socialista, foi elixido nas lexislaturas do 86 e do 93 polo Partido Progresista. En 1892 foi ministro de Facenda.

deixara o republicanismo e agora defendía ata tal punto a monarquía que trataba de convencer á opinión de que constituía a mellor salvagarda da independencia do país.

(Vázquez Cuesta, 1992: 54-55)

De todas as personalidades españolas con quen se relacionou J. P. Oliveira Martins, con quen parece que atopou maior afinidade foi con Juan Valera, a quen en 1881 lle enviou a *História da civilização ibérica* á súa residencia de Lisboa –onde daquela ostentaba o andaluz o cargo de ministro plenipotenciario do goberno español– iniciando así unha relación de amizade e de admiración mutuas que duraría moitos anos. A partir da súa terceira edición, publicada en 1885, a *História da civilização ibérica* estaría dedicada ao autor de *Pepita Jiménez*.

Da popularidade de J. P. Oliveira Martins nos medios intelectuais españois dan fe tamén os seus nomeamentos como membro da Real Academia de la Historia e como socio honorario do Ateneo de Madrid, así como a súa condecoración coa Gran Cruz do Mérito Naval. Por certo que a raíz dun incidente co impulsivo A. Sánchez Moguel de que tamén dá conta P. Vázquez Cuesta (1992: 57) e que non interesa agora ao noso propósito, estivo a piques de devolver “todas as condecoracións e diplomas españois que posuía, coidando que lle terían sido outorgados na crenza de que abxurara do seu patriotismo”⁵⁵.

Da cita reproducida máis arriba a propósito da admiración que polo historiador luso sentía M. Curros, pódese deducir xa que J. P. Oliveira Martins foi variando o seu posicionamento político ao longo dos anos dende o republicanismo socialista inicial ata a defensa da monarquía. Tamén o seu iberismo foi cambiando de orientación dende as súas propostas primeiras de federación de repúblicas en pé de igualdade ata a súa fórmula de *unidade de pensamento e de acción, independencia de goberno* (Vázquez Cuesta, 1992), que reflicte un obxectivo máis cultural ca político.

P. Vázquez Cuesta fixo fincapé na importancia da estadía de J. P. Oliveira Martins en Andalucía como administrador das minas de Santa Eufemia (Córdoba), tanto para entender o interese que sempre demostrou polo país do seu amigo Juan Valera como

⁵⁵ informacións máis detalladas sobre o contacto de J. P. Oliveira Martins e doutras personalidades da súa xeración con intelectuais españois, como J. Valera, M. Menéndez Pelayo ou E. Pardo Bazán, poden encontrarse en Vázquez Cuesta (1975).

para comprender a evolución política do autor portugués, pois este permaneceu en España durante uns anos en que se viviron neste Estado acontecementos fundamentais: subida ao trono e posterior abdicación de Amadeo de Savoia, Primeira República coas súas flutuacións entre o federalismo e o centralismo, guerra de Cuba, insurrección cantonal (que afectou á provincia en que el moraba), golpe de Estado do xeneral Pavía...

É natural que teña que ver coas súa vivencias españolas o feito de que na súa proudhoniana *Teoría do Socialismo*, aparecida en 1872, Oliveira Martins se mostre desilusionado do federalismo republicano. Mentres outros membros da Xeración do 70 se manteñen fieis ata finais de 1873 á primitiva simbiose ideolóxica republicano-socialista (...) Joaquim Pedro afirma na referida obra que “o federalismo, sem uma revolução social que destrua as criações deste meio Século e dê uma forma adequada ao novo mundo da indústria, é uma volta aos períodos primitivos da história porque é a organização das oligarquias locais”.

(Vázquez Cuesta, 1992: 33)

A estes acontecementos habería que sumar outros, como o fracaso da comuna de París –os intelectuais da *geração nova* vencellaban o futuro de Portugal ao do resto de Europa, polo que este era, dalgunha maneira, tamén un fracaso propio- ou, nun terreo máis próximo, o do grupo do Cenáculo, grupo de inspiración filosófica proudhoniana, organizador das Conferencias Democráticas, de que formaron parte, ademais de J. P. Oliveira Martins, moitos membros da *geração nova* ou *dos 70*, como T. Braga, Antero de Quental, Eça de Queirós, Adolfo Coelho, Augusto Soromenho..., e que acabou por dividirse entre os que defendían a primacía da loita pola igualdade política, republicanos, e os que, como J. P. Oliveira Martins, antepoñían a loita pola igualdade económica, socialistas (Lopes/Saraiba, s.d.).

Aínda que a evolución do republicanismo á monarquía semelle, a primeira vista, un cambio ideolóxico radical, o feito é que J. P. Oliveira Martins mantén os fundamentos da súa ideoloxía durante toda a vida. Entre eles destaca a súa preocupación por Portugal como nación autónoma e pola súa decadencia, así como a crítica ao liberalismo e un marcado progresismo social. O que vai variando co tempo non é tanto o ideal ao que o autor aspira, senón os medios que mellor lle parecen para acadalo.

2.2.7.1. *Historia de Portugal e da civilización ibérica*

Da obra de J. P. Oliveira Martins interéсанos sobre todo aquela que tivo unha maior repercusión deste lado da fronteira: a *História da civilização ibérica*. Porén, este traballo non se pode comprender sen termos en conta outra complementaria, publicada no mesmo ano de 1879: a *História de Portugal* (Martins, s.d.). Se no primeiro dos libros o autor analiza “o sistema de institucións e de ideas da sociedade peninsular considerada como un todo” (Vázquez Cuesta, 1992: 37), no segundo ocúpase dos feitos que fan do seu país unha entidade diferenciada dentro do conxunto ibérico, das razóns que garantiron a independencia do Estado portugués tras a unificación do resto dos reinos peninsulares espontaneamente xurdidos na idade media.

Tanto a *História da civilização ibérica* como a *História de Portugal* forman parte dun importante proxecto de divulgación da cultura sociolóxica, a Biblioteca das Ciencias Sociais, “que, comezando pola antropología, abrangia a evolución das institucións e das sociedades desde as súas formas primitivas até o Estado moderno” (Lopes/Saraiva, s.d.: 878). Á mesma biblioteca pertenceron outros títulos deste autor, como *Elementos de antropología*, *As raças humanas e a civilização primitiva*, *O sistema dos mitos religiosos*, *História da República Romana*, *Portugal Contemporâneo...* Segundo Lopes/Saraiva (s.d.) estaban previstos máis volumes dos finalmente publicados, entre eles un sobre lingüística que o autor pretendía escribir en colaboración con Adolfo Coelho. A Biblioteca, con todo, veríase interrompida en 1885 coa entrada de J. P. Oliveira Martins na política activa. Como consecuencia, o volume de lingüística non chegou a saír á luz e temos que conformarnos cos comentarios do autor verbo do portugués, do galego... espallados nas súas obras de historia.

Non lle sorprenderá ao lector que as apreciacións sobre a lingua do sociólogo-historiador que nos ocupa estean estreitamente relacionadas coas súas disquisicións verbo da nación. A obra en que se encontra máis claramente explicitado o concepto de nación portuguesa que manexaba J. P. Oliveira Martins é, tal vez, a *História de Portugal* (Martins, s.d.) [1879]. Para comentar este traballo seguirei

fundamentalmente a F. Catroga (1993b), quen con breve claridade espuxo o pensamento do autor.

Como tivemos ocasión de comprobar na alínea dedicada a T. Braga, os membros da *geração nova* desenvolveron teses iberistas que apareceran por primeira vez a principios dos anos 50 do século XIX e que ata certo punto supoñen, segundo F. Catroga (1993b: 552), o cuestionamento dos límites do nacionalismo por canto implican que “a comprensión do destino da nosa historia sería imposible sem o *equacionamento* da sua dimensão peninsular”. Foi precisamente Oliveira Martins o autor que sistematizou esta postura, resituando Portugal en relación co seu propio pasado, co da Península e co de Europa.

Oliveira Martins pretendeu corrixir o concepto de nación portuguesa manexado por Herculano dándolle máis peso aos factores orgánicos, igual que fixeran A. Coelho, T. Braga e J. Leite de Vasconcellos. Porén, o autor da *História da civilização ibérica* deixouse influír grandemente polo admirado amigo e mestre a quen pretendía emendar. Como consecuencia, acabou por compaxinar as ideas de A. Herculano coas da *geração nova* –aínda que, como se verá, dándolle ao final clara primacía ás do primeiro- e distinguiu os antecedentes históricos da nación portuguesa –baseados na raza, na xeografía...- dos factores da súa independencia –fundamentalmente, a vontade política. Os primeiros, de feito, non abondarían para garantir a persistencia de Portugal como nacionalidade autónoma.

Polo que respecta á xeografía, unha ollada ás fronteiras entre o seu país e España permitía constatar que os príncipes da idade media dividiran artificialmente o que a natureza inicialmente unificara. Non en van, os mesmos tipos delimitados pola xeografía e/ou pola raza podían atoparse a un e ao outro lado da fronteira, mentres que no mesmo país se apreciaban diferenzas considerables entre os habitantes dunhas zonas e doutras. Con respecto aos caracteres étnicos en concreto, “se estes são decisivos na definición da tarefa histórica das diversas raças primordiais, a verdade é que no caso dos povos nacionais modernos, importava não esquecer que estes constituem apenas subgrupos nascidos de entrecruzamentos e geralmente com grandes afinidades com os povos vizinhos” (Catroga, 1993b: 553). Por iso Oliveira Martins

concluía que a raza era o máis tenue dos lazos á hora de garantir a independencia dun pobo.

No caso concreto do pobo portugués, este non constituía unha entidade étnica distinta dos do resto da Península, senón que, dentro da civilización ibérica, unicamente se distinguía por caracteres secundarios; a saber, polo peso do sangue celta propio de Galicia e do norte de Portugal (ata o Mondego) na raza resultante da mestura co elemento íbero-africano propio do sur do país e que dominaba no resto da Hispania. Así, se por unha parte o sangue celta demostraba que en Portugal non había primitivamente unidade de raza, pois contrapoñía os habitantes do norte aos do sur (íberos), por outra parte o seu peso na mestura resultante da unión dos uns cos outros determinou a especificidade do carácter lusitano (en sentido amplo, incluíndo os calaicos):

Há no genio português o que quer que é de vago e fugitivo, que contrasta com a terminante afirmativa do castelhana; há no heroísmo lusitano uma nobreza que difere da fúria dos nossos vizinhos; há nas nossas letras e no nosso pensamento uma nota profunda ou sentimental, irónica ou meiga, que em vão se buscaria na história da civilização castelhana, violenta sem profundidade, apaixonada mas sem entranhas, capaz de invectivas mas alheia a toda ironia, amante sem meiguice, magnânima sem caridade, mais que humana muitas vezes, outras abaixo da craveira do homem, a entestar com as feras. Trágica e ardente sempre, a história espanhola difere da portuguesa, que é máis propriamente épica: e as diferenças da história traduzem as dissemelhanças do carácter.

(Martins, s.d.: 22) [1879]

Probe o lector a substituír na anterior cita portugués/portuguesa por galego/galega. Non lle parece estar oíndo a Manuel Murguía (cfr., por exemplo, “La raza céltica y su poesía popular”, Murguía (1998) [1866]) ou a Vicente Risco? É ao primeiro destes autores ao que lle debemos “case en exclusiva” a “imaxe fundamentadora canónica” dos galegos, que será “un dos alicerces do pensamento rexionalista e nacionalista posterior”. Esta imaxe elabórase por volta de 1865 e supón o recoñecemento dun *Volkgeist* ou personalidade colectiva de características unicamente positivas, como esixe a fundamentación organicista dunha nación, que se fan derivar, maioritariamente, do herdo dos nosos antepasados celtas (G. Beramendi, 1999: 10).

Abandonemos agora a exposición de F. Catroga para centrámonos en cuestións lingüísticas. Comezarei por sinalar que o recoñecemento da importancia do elemento céltico de que vimos falando (e que achamos tamén, por exemplo, en *As raças humanas e a civilização primitiva*, cfr. Vázquez Cuesta, 1992) na conformación dun *Volkgeist* portugués se viu freado, segundo J. P. Oliveira Martins, polo lóxico rexeitamento do celtismo lingüístico, rexeitamento que se fixo inxustamente extensivo a toda influencia deste antigo pobo.

É esperable nun autor que tiña en mente escribir unha obra de glotoloxía con Adolfo Coelho a defensa da latinidade do portugués e doutras linguas emparentadas. Con todo, non parece que en 1879 J. P. Oliviera Martins tivese ben asimiladas as doutrinas do seu colega de xeración, pois na *História da civilização ibérica* (1994) presenta unha teoría en principio un pouco sorprendente para alguén que adoita parecer ben informado en materia filolóxica.

As novas línguas peninsulares não são pois uma continuação do latim, nem um latim barbarizado; mas sim espécies diversas formadas orgânica e espontaneamente com os restos dispersos da antiga língua latina da Espanha.

(Martins, 1994: 156)

A razón desta afirmación reside na estreita relación que, para o autor, existe entre lingua e pobo, entendido como etnia. Se xorden linguas diferenciadas na Península tras a conquista romana é porque existen pobos ou razas, con potencialidades protonacionais, nela. Onde hai unha raza diferente xorde unha lingua diferente e orixinal. A combinación deste principio coa evidencia da orixe latina de case todas as linguas hispanas ten como consecuencia a teoría olivariana: estas son vernáculos orixinais e independentes, pero creados a partir de elementos latinos (Martins, 1994: 156):

A formação de todas é porém o melhor documento para a observação do verdadeiro carácter de espontaneidade com que surgem. Os povos têm uma plasticidade natural que forma seres novos com os materiais dispersos e com os materiais desconexos de antigos seres donde a vida fugiu.

Das primeiras liñas que J. P. Oliveira Martins lle dedica ao tema da relación entre lingua e nación na *História de Portugal* xa se deduce a estreita relación que o autor ve entre elas, pois principia citando a F. A. Coelho para afirmar que “a Galiza, que tem conosco de comum a língua, que é uma continuação natural da zona geográfica portuguesa, podia muito melhor formar com Portugal uma nação do que Portugal com Castela” (Coelho, en Martins, s. d.: 26).

Significa isto que o idioma pesa na conformación de Portugal? En realidade, non. Esta é unha idea inaceptable para un J. P. Oliveira Martins que parte da base de que, tal e como indica “o falecido Soromenho (*Origem da Língua Portuguesa*): «entre a língua usada na província de Entre-Douro-e-Minho e a que mais tarde aparece nas terras de Cima Coa e na Estremadura há uma diferença bastante sensível. Pode sem receio dizer-se que, à semelhança do que sucedia além dos Pirinéus, em Portugal havia também uma *langue d’oc* e uma *langue d’oil*, a língua do Norte e a língua do Sul... O Mondego é a linha divisória... ainda um século depois de D. Dinis ter abandonado o latim como língua oficial»” (Martins, s.d.: 26). Se en Portugal non existía, no momento da independencia, unidade lingüística, esta non puido ser causa, senón consecuencia do seu desenvolvemento como nación autónoma.

O lector lembrará que a comparación da situación lingüística do Portugal medieval coa da Francia daqueles tempos xa a atopamos en Teófilo Braga (del a recollería tamén, para aplicala á raza, Carolina Michaëlis). Porén, J. P. Oliveira Martins non acepta a idea da confluencia ou da mestura entre os idiomas do norte e do sur que propugnaba o seu compañeiro de xeración, senón que defende a teoría, que puido ver apoiada por Adolfo Coelho, da desaparición dun deles e da imposición do outro:

É conhecido o papel da política no sentido de unificar as línguas de uma nação; abundam os exemplos de línguas substituídas, e nem sempre a língua denuncia a estirpe. (...)

Não se pretenda por forma alguma dizer, contudo, que ao sul do Mondego houvesse uma língua diversa; diga-se, porém, que o argumento da unidade actual da língua, depois de sete séculos de vida nacional, não tem valor. Todos vêem ainda hoje como é rara a população do Sul, menos densos portanto os laços colectivos; e todos sabem como essas regiões, sujeitas por séculos a guerras exterminadoras, habitadas por Moçárabes, invadidas por Berberes, taladas pelo fanatismo almoravide passaram para sob o império da monarquia nascida na Galiza portuguesa. Como não receberiam a língua do vencedor? Não podia haver luta entre duas

línguas románicas, porque a arabización do Sul fora completa: podê-la-ia haver entre o árabe e o portugués, quando a população cativa passava à condição de escrava?, quando as novas terras conquistadas eram povoadas por colónias francas, ou pelos cavaleiros hierosolimitanos?

Así pois, con sorprendente lucidez conclúe o autor que non é a unidade lingüística a que determina a unidade da nación, senón que son sete séculos de unidade nacional os que conforman a unidade da lingua lusa. Oliveira Martins lembra a este respecto, con palabras de Adolfo Coelho, o papel da Corte real na difusión do portugués.

Na *História da civilização ibérica* (1994: 156) [1879], o autor tamén vencella o desenvolvemento das distintas variedades románicas da península Ibérica á súa independencia política:

As línguas neolatinas peninsulares são a princípio diversas. Muitas atrofiam-se no seu desenvolvimento pela perda da independência política dos povos, passando à condição de dialectos; outras, como o catalão e o galego actuais, mantiveram-se num estado de cultura literária; duas apenas, a castelhana e a portuguesa, correspondentes a duas nações independentes, a cuja sombra se criaram duas literaturas distintas, conservam autonomia completa.

De feito, J. P. Oliveira Martins refírese a dous movementos diverxentes na conformación e consolidación dos vernáculos neolatinos. Hai un primeiro movemento espontáneo que leva os diferentes pobos peninsulares a crear cadanseu dialecto diferenciado e un segundo movemento de consolidación daqueles que teñen detrás unha monarquía que os promove e apoia (Martins, 1994: 156):

A formação espontânea das línguas romanas ou neolatinas da Península prova-nos o carácter não tradicional da reconstituição da nacionalidade peninsular; facto que de resto é comum a toda a Europa latina, onde um movimento análogo ao da Espanha se efectuava. (...) Isto caracteriza os movimentos espontâneos, ao contrário dos tradicionais que procedem de um modo consciente ou erudito, propondo-se restaurar ou restabelecer um antigo tipo bem definido, embora obliterado.

Unhas liñas máis adiante, ao insistir J. P. Oliveira Martins no peso dos factores políticos na evolución das línguas, establecerá a relación histórica entre galego e

portugués dun xeito en que o primeiro dos idiomas adquire unha relevancia que non se sospeitaría lendo unicamente a cita anterior:

O castelano e o galeciano desde o principio aparecen como idiomas diversos; mas além destes formaram-se outros, especialmente no Sul da Espanha, com maior ou menor pecúlio de elementos árabes. Reduzidos pelos casos da história política à condição de dialectos, a máxima parte deles sem literatura que os fixasse e cultivasse, esses esboços de línguas não chegaram a adquirir importância histórica nem autonomia política. Não foi assim com o galego e o castelano –línguas nacionais das duas monarquias peninsulares- embora o primeiro nos apareça hoje, de um lado como dialecto da parte da província que ficou incorporada na monarquia espanhola, do outro como língua fixada e culta da monarquia portuguesa, cujo núcleo foi a Galiza, de entre Minho e Douro.

A importância do galego na Espanha dos séculos XI e XII é preponderante: é a língua da corte de Oviedo; e a independência ocasional, em que por certos períodos a Galiza se achou perante as monarquias de Leão e Castela, tinha dado à língua um forte impulso de constituição também independente. Hoje, ao observar os monumentos dessas idades, reconhece-se a possibilidade de o galego ter sido adoptado pela monarquia de Leão-Castela, suplantando o castelano. Se isso tivesse acontecido, poderíamos observar agora as diferenças que a independência política das duas nações peninsulares teria exercido sobre uma mesma língua popular.

(Martins, 1994: 157-158) [1879]

Nesta cita atópanse recollidos, da man dun autor tan influínte na intelectualidade española como J. P. Oliveira Martins, argumentos importantísimos para os galeguistas na defensa da súa lingua. Para empezar, non se dubida en afirmar que o galego e o castelán foron dende sempre idiomas claramente distintos. Para o autor, que ve o portugués dos seus días como continuación do galego medieval, dicir iso é o mesmo que dicir que o portugués e o castelán foron sempre independentes; para os galeguistas significa negar a posibilidade de considerar a súa lingua como dialecto do idioma de Cervantes. En segundo lugar, os rexionalistas poderían moi ben entender esta cita como afirmación da paternidade do galego sobre o portugués, aínda que non sexa iso exactamente o que defende J. P. Oliveira Martins. Este máis ben entende que dunha lingua medieval común –chamada galego- se desenvolveron o galego e o portugués actuais, igual que da Galicia medieval proceden a actual Galicia e o actual Portugal. Pero ademais toda a cita insiste en que a situación de dependencia e de subdesenvolvemento do idioma de Rosalía responde, non a limitacións estruturais,

senón a causas políticas, o que para os galeguistas supón o mesmo que afirmar a posibilidade de cambio, de intervención para a promoción do idioma. Obsérvase que xa non se trata só de que o galego demostre en Portugal a onde podería chegar en caso de ser lingua dun Estado –nesa liña van máis outras afirmacións como “A Galiza, cuja língua se tornou literária sob o nome de português”... (Martins, s.d.: 26)-, senón que mesmo se afirma que o pobre idioma labrego do noroeste peninsular estivo en posición de suplantar o castelán e converterse en lingua nacional de España⁵⁶. Tendo todo isto en conta non resulta estraño que J. P. Oliveira Martins fose un dos autores lusos máis citados polos rexionalistas (Torres Feijó, 1995).

Se o idioma non determina a nación, que lóxica ten a inclusión, nun texto en que se argumenta neste sentido, da cita de A. Coelho antes reproducida en que se alude á posibilidade de que unha Galicia que comparte lingua con Portugal teña máis facilidade para formar unha nacionalidade con este país ca Castela? O feito de que J. P. Oliveira Martins negue que a etnia ou o idioma sexan abondos para garantir a formación e permanencia de Portugal non obsta para que pense que a unidade lingüística e racial primitiva entre Galicia e o seu país puxo as bases dunha nacionalidade que, por razóns políticas, non chegou a callar. De igual xeito que o autor acaba por concluír que a nación portuguesa non existiría sen a vontade dunha serie de individuos, admite con Alexandre Herculano que Portugal ten o seu berce en Galicia; é dicir, que Portugal -pertencente inicialmente a unha Galicia con que compartía xeografía, lingua e raza- foi separado dela por razóns políticas e a partir de aí tomou un camiño distinto, iniciou unha historia propia cun destino peculiar –a conquista das Indias, a expansión polo mundo da civilización indoeuropea- que o levaría a constituírse en nación diferenciada.

Qualquer que fosse o valor dado no XI século à expressão geográfica de Portucale, é facto provado, por todas as memórias e documentos desses tempos, que para ninguém deixava de considerar-se o território de entre Minho e Mondego como parte da Galiza. O facto da constituição do condado de nada vale contra esta opinião; porque demasiado se sabe que a formação dos Estados medievais, na Península e fora dela, jamais obedecia às prescrições geográficas ou etnológicas. Não se atribua pois a causas desta ordem, nem à consciência de

⁵⁶ A conclusións semellantes chegará, xa no segundo terzo do século XX, Castelao, que coñece e cita frecuentemente a Oliveira Martins. Farao partindo das teses castelanistas de Menéndez Pidal e revirándoas para xustificar as súas posicións galeguistas (Monteagudo, 2000b).

uma solidariedade nacional, o facto da desmembración da Galiza dos fins do XI século. A cisão que o Minho demarcou obedeceu apenas a motivos de ordem política.

(Martins, s.d.: 57) [1879]

As afinidades étnicas, xeográficas... determinaron que, nos primeiros pasos de Portugal como nación independente, a política estivese guiada polo intento de recuperación de Galicia, sentida como parte do novo reino.

Nacionalidade propriamente dita, não a há; ou pelo menos não no-la revelam os monumentos históricos, unânimes, também, em revelar uma ambição colectiva ou social que se estende a toda a Galiza. Ao merecimento pessoal reúne-se, nos primeiros monarcas portugueses, a circunstância de serem os intérpretes deste sentimento. Por isso a tendência permanente e o princípio claramente definido da política portuguesa, nos primeiros séculos, é unificar a Galiza, consituindo a noroeste da Península um Estado tão homogéneo como o Aragão ou a Navarra a nordeste. (...) Não quis a sorte que chegasse a realizar-se este primeiro pensamento político, a que chamaremos hegemonia de Portugal na Galiza, para usarmos de expressões modernas, antes ordenou que os limites convencionais do condado portucalense apenas inscrevessem o ponto de partida da formação de uma nação, cujo carácter, ulteriormente definido, proveio principalmente da fisionomia geográfica da região; de uma nação, repetimos, que veio a perder a tradição dessa primitiva origem, desde que o génio das populações de entre Mondego e Tejo sobrepujou o das do norte, na direcção e impulso dados à vida colectiva portuguesa.

(Martins, s.d.: 58-59)

2.2.7.2. *Cartas cruzadas*

Na mesma liña ideolóxica vista ata aquí, J. P. Oliveira Martins redactará no ano 1891 unha carta de resposta ao convite de Salvador Cabeza de León para contribuír cun texto á homenaxe que o xornal *La Patria Gallega* lle tributou a Rosalía de Castro con motivo da translación dos seus restos ao panteón de San Domingos de Bonabal, en Santiago (Martins, 1891). Vou reproducir aquí toda a epístola porque constitúe un magnífico resumo das opinións de J. P. Oliveira Martins ata o momento presentadas (subliño con negriña para distinguir as oracións que eu marco da cursiva orixinal). A transcripción do texto portugués por lectores galegos e nunha tipografía que tal vez non contase con signos ortográficos coma o til de nasalidade trouxo consigo algúns erros (*una, uniao...*) que non sinalarei por seren tan abundantes como pouco significativos:

Lisboa 2 de Junho 1891

Emo. Sr. D. Salvador Cabeza León

Só hoje recebo a sua carta de 28 de maio que me enviam de Coimbra, e sinto por isso nao poder contribuir para á apotheose de Rosalia Castro, á admiravel poetisa gallega. E teria tido summa honra em o facer, **porque portugueses e gallegos somos um e o mesmo povo na lingua e no sangue**. A sua carta era dirigida para Coimbra que os diplomas da Edade Media dao ainda como situada *in finibus Galleciae*. **Desde o Finisterra pelo menos até ao Mondego, o povo é absolutamente o mesmo, e se nao tivesse sido o facto da scizao politica pelo Minho, a lingua seria absolutamente identica**. O portuguez nao é outra cousa senao o gallegiano que tomou caracteres proprios com a cultura principalmente quinhentista. Antes, as duas fallas nao se distinguem. Tenho aquí, sobre esta mesa, as *Cantigas de Santa Maria* de Alfonso o Sabio, na magnifica edição da Real Academia española, e, collacionando esse monumento com os cancioneros e chronicas coevas de Portugal, ve-se a identidade da linguagem.

Portugal, porem, tornou-se independente e progrediu aparte, emquanto á Galliza como provincia da monarquia hespanhola ficava com a sua linguagem adstrita ás condições de um dialecto pela primasia dada ao castelhano.

Essa independencia portugueza, ninguem o ignora, largos tempos, porem, aspirou á ser a autonomia de todo o oeste e noroeste da peninsula, e ainda hoje, no entrelaçamento das familias é propiedades dos dois lados do Minho vemos os restos de una historia antiga. **As primeiras epochas da historia portugueza teem como idea constante a uniao gallega ou portugueza contra Castella**. No seculo XIV quando foi á crise que implantou aqui á dinastia de Avis, volta a resuscitar esse pensamento; e ainda nos episodios da guerra da independencia, no meiado do seculo XVII, o pensamento do nosso conde de Castello Melhor era unificar a Galliza.

As empresas navaes que tao grande fizeram Lisboa, preparam-se no Porto e a semente da força maritima do norte portuguez ha de ir encontrar-se nos armamentos do bispo de Compostella Gelmires durante o periodo da reconquista.

Gallegos somos pois, cualquier que seja o aspecto por onde nos observemos quando olhamos para as nosas origens historicas. E para se ver como o povo conserva ó deposito d'esta verdade nao me leve á mal contar-lhe uma anecdota. Ha annos, residindo eu na Mancha, regioa onde se confundem os estremehos e os andaluzes limitrophes, succedia ter sob as minhas ordens mineiros gallegos e mineiros beiroes portuguezes. Pois a gente da terra denominava-os a ambos gallegos –gallegos de España e gallegos de Portugal.

Ja V. E. ve, portanto, como eu folgaria em me associar a celebração merecidissima que a sua sociedade tem a peito effectuar. O nome da autora dos *Cantares gallegos*, esse livro em que vibrantemente pulsa a alma nacional, acode a ideia de quantos respiram os *Ayres de miña terra* do seu patricio Curros Henriques.

Ja expuz a V. E. o motivo que me impede; mas se entender que esta carta pode ter logar na sua publicação, claro está que V. E., como dono d'ella, lhe dará o destino que quizer.

Permita V. E. Mto. que me assigne com a mais subida consideração.

De V. E. Mto. respeitador e obrdo.

OLIVEIRA MARTINS

Foi esta a carta que provocou a resposta pública de don Emilio Castelar a que aludín na alínea 2.2.6.1. Ao longo do ano 1891 -tan importante e tan activo na vida do galeguismo decimonónico e, ao mesmo tempo, momento dos de maior estreitamento das relacións de amizade entre as intelectualidades española e portuguesa, a raíz da recente crise do *Ultimato*⁵⁷- xa o político andaluz mantivera con Manuel Murguía unha polémica que, na miña opinión, ten na contestación a J. P. Oliveira Martins o seu derradeiro acto.

Indica Raimundo García Domínguez (2001) -que tivo a amabilidade de pasarme copia do número de *La Patria Gallega* en que se insire o texto reproducido- que os dous historiadores se coñecían tal vez dende só uns meses antes do intercambio de cartas públicas. J. P. Oliveira Martins visitara Madrid en febreiro de 1891, convidado polo Ateneo daquela cidade a participar no *Ciclo de Conferencias Preparatorio do IV Centenario do Descubrimiento de América* organizado pola Sección de Ciencias Históricas que dirixía o catedrático de literatura A. Sánchez Moguel. Durante a súa estadia na capital de España, foi invitado por A. Cánovas del Castillo a un xantar en que participaron tamén Emilio Castelar, G. Núñez de Arce, M. Menéndez Pelayo e o mesmo A. Sánchez Moguel. Di tamén R. García Domínguez que seguramente os dous políticos e historiadores simpatizaron. En realidade os dous políticos xa se coñecían

⁵⁷ A crise do Ultimato pode verse como unha mostra (ao tempo ca un acicate) da extensión do nacionalismo portugués propugnado polos intelectuais das décadas precedentes a capas cada vez máis amplas da poboación. Así resume Ramos (1994: 38-39) os acontecementos:

O ultimato consistira numa nota entregue ao ministro dos Negócios Estrangeiros português pelo embaixador de Inglaterra em Lisboa exigindo que Portugal ordenasse imediatamente a retirada de uma expedição militar que atacara alguns indígenas protegidos pelos Ingleses na África Oriental, no Chire (actual Malawi). O Governo português cedeu, protestando, embora, que o território africano em que o confronto se dera pertencia a Portugal. Desde a década de 1830, pelo menos, que os conflitos com a Inglaterra por motivo das colónias eram pretexto para afirmações de patriotismo dos governantes (...). Em Janeiro de 1890 não só os ministros se indignaram. Na noite do dia 11, um milhar de pessoas percorreu as ruas de Lisboa e apedrejou as janelas da casa do ministro dos Negócios Estrangeiros. Era a primeira vez que a população ameaçava membros do Governo desde os boatos sobre as acusas da morte de D. Pedro V em 1861. O governo demitiu-se.

Para as reaccións suscitadas en España por esta crise e o mencionado estreitamento de relacións entre intelectuais dos dous lados da fronteira, véxase Vázquez Cuesta (1975).

dende antes: P. Vázquez Cuesta (1975) dá conta, por exemplo, doutro xantar que compartiron E. Castelar e o daquela delegado do rei de Portugal na Conferencia da Propiedade Industrial celebrada en Madrid un ano antes. Canto á simpatía mutua, cómpre tamén matizala, pois xa no ano 1883 se referira J. P. Oliveira Martins ao republicano español con palabras pouco eloxiosas nunha carta dirixida ao seu amigo Juan Valera:

Castelar faz o efeito de Góngora vestido à Victor Hugo como sobrecasaca democrática, engravatado em lugares comuns liberais.

(Vázquez Cuesta, 1992: 45)

En calquera caso, non parece que se encontren neste tipo de simpatías persoais as razóns polas que E. Castelar respondeu á epístola de J. P. Oliveira Martins no xornal galeguista con outra publicada en *La Nación* de Bos Aires o 22 de agosto do mesmo ano (Castelar, en Durán, 1999: 202-203)):

Me duele que un hombre tan eminente como el entrañable amigo mío del alma Oliveira Martins haya escrito a los gallegos, con motivo del aniversario de Rosalía de Castro, una carta inconveniente, convidándoles a común inteligencia literaria, fundada en la identidad de sus dos idiomas, contra la lengua y la literatura nacionales nuestras. En su temeridad increíble de pensamiento y de propósito evoca Martins recuerdos arqueológicos respecto de regionales odios durante la triste atomización de la Edad Media, en que había Estados pero no Naciones, y dice que se dirigieron contra Castilla las dos literaturas de Portugal y de Galicia en sus primeros vagidos.

Non deixa de ser curioso, polo menos a primeira vista, que E. Castelar se sentise atacado pola carta de J. P. Oliveira Martins ata o punto de verse compelido a responder e, aínda así, non entendese ou non quixese decatarse de que as implicacións que o portugués lle atribuíu á unidade étnico-lingüística do seu país con Galicia eran directamente políticas, e non literarias. O historiador luso falara de auténticos afáns de anexión da provincia do norte por parte da nacente monarquía portuguesa. Quixo o político andaluz quitarlle peso ás palabras do influínte escritor luso?, ou é que tiña en mente a polémica que anos atrás mantivera co tamén portugués Teófilo Braga a teor dunhas afirmacións deste sobre temas literarios no *Parnaso portuguez moderno* (vid. alínea 2.2.6.1.)? En calquera caso, lembremos que naquel enfrontamento ideolóxico o autor español manifestara que o clamor pola unidade literaria non podía considerarse

inocente nunha época en que os rexionalismos, os federalismos e os carlismos ameazaban España.

Porén, realmente tiña que preocuparse E. Castelar polas intencións anexionistas de J. P. Oliveira Martins? Seguramente non. As evocacións medievais dos tradicionalistas respondían a un desexo de reimplantar no presente un sistema sociopolítico inspirado no daqueles tempos. Pola contra, J. P. Oliveira Martins consideraba máis ben, como dixemos, que xa non se lle podía dar a volta a sete séculos de historia que fixeran de Portugal unha nación distinta, polo que en ningún momento suxire un regreso ás orixes. As referencias medievais de J. P. Oliveira Martins semellan ser, máis ben, recordos do pasado que provocan en galegos e portugueses unha sentimental solidariedade presente, pero parece que nunca proxectos de reintegracionismo futuro. De todos os xeitos, seguramente a E. Castelar lle preocupaba, máis cás intencións de J. P. Oliveira Martins, a recepción das súas palabras, e mesmo deses sentimentos de solidariedade interestatal, polos galeguistas, que non publicarían a carta se non entendesen que se encontraba na achaba liña ideolóxica que eles defendían.

Conclusións

Neste capítulo reunirei as conclusións máis relevantes que poden extraerse do traballo que vin facendo ata agora. En realidade, a maior parte foi aparecendo xa nas distintas alíneas desta tese, como colofón de cada unha delas ou ao fío da análise dos textos, polo que o labor que emprendo agora consiste máis ben en destacar as fundamentais e, nalgún caso, amplialas ou comentalas brevemente.

Este traballo centrouse nun século, o XIX, fundamental na historia da lingüística e, xa que logo, especialmente atractivo para o investigador. Fundamental porque se produce nel un cambio de paradigma que supón a constitución da lingüística en disciplina independente, cos seus propios profesionais, obxectivos e métodos. A glótica ou glotoloxía, tal e como gustaron de chamala os que se dedicaron no século XIX ás linguas dende a perspectiva histórico-comparatista, naceu en Alemaña por ser este un país que daquela uniu á súa necesidade de afirmación nacional unha pioneira reforma dos estudos universitarios auspiciada pola súa puxante burguesía (Auroux, Bernard e Boulle, 2000). A dita reforma supuxo, entre outras cousas, a institucionalización da unidade de investigación e docencia, unidade que derivaría, a partir dos anos 20, nunha clara preponderancia do primeiro dos seus elementos: o labor do profesor universitario pasaría a centrarse na propia investigación orixinal, na que basearía a súa carreira, e na actividade de guiar os estudantes nas súas pescudas (Hültenschmidt, 2000). Só esta profesionalización do lingüista-profesor, os anos de dedicación exclusiva que trae consigo, permitirá manexar a inxente cantidade de datos que require a orientación histórico-comparatista da disciplina e o coñecemento cada vez máis especializado que ela mesma suscita.

As condicións de institucionalización que favorecerían a difusión da lingüística a outros países tardaron en producirse na Romanía. En Portugal, en concreto, empezaron a gañar terreo no último terzo do século, con posterioridade á publicación da obra fundacional da nova ciencia, *A lingua portuguesa* de Adolfo Coelho, o que explica en parte o receo con que esta foi recibida (a outra parte é debida ás maneiras do autor á hora de criticar os seus predecesores) ou a persistencia das ideas celtistas,

aínda que esta será maior na opinión pública. Non é estraño, xa que logo, que os eruditos que na primeira metade do século se ocuparon da orixe e evolución dos idiomas sexan persoas cunhas condicións especialmente favorables para acceder aos fondos antigos das bibliotecas (bibliotecarios como A. Ribeiro dos Santos; diplomáticos como Varnhagen, encargado polo seu goberno dun labor que requiría a consulta de arquivos, documentos e mapas do Renacemento), que non estaban ao alcance nin eran o centro de preocupación dunha universidade orientada á docencia e afastada da investigación. Tampouco estrañará que en moitos casos estes eruditos estivesen ligados á Academia das Ciéncias de Lisboa, que ofrecía espazo para o debate, aínda que non proporcionaba as condicións de dedicación profesional necesarias para levar adiante a nova disciplina.

A Academia das Ciéncias foi unha institución nacida do iluminismo portugués e, polo menos durante as primeiras décadas do século XIX, fiel ao seu espírito, o que seguramente influíu para que algúns dos seus membros aceptasen e adaptasen á realidade do seu país as teorías celtistas do enciclopedismo francés. Aínda que, como outras academias doutras latitudes, ao longo do século foi quedando anquilosada, inicialmente debe considerarse o seu papel de introdutora en Portugal das ideas filosóficas máis avanzadas de Francia, potencia cultural do momento e, dende a gramática de Port Royal ata a irrupción de Alemaña no panorama internacional, pasando polos enciclopedistas e os *ideologues*, líder tamén na reflexión lingüística europea.

As condicións de institucionalización en España e, sobre todo, en Galicia, que non contou con licenciaturas en linguas na súa universidade ata finais do século XX, foron máis precarias cás portuguesas, o que determinou a serodia recepción da glotoloxía e das concepcións sobre as linguas que esta implicaba. Paradigmático é o caso de Manuel Murguía, que se configura en autoridade cunha enorme influencia sobre os círculos galeguistas progresistas, entre os que fará valer as súas teorías celtistas, baseadas en visións da lingua especulativas e claramente precomparatistas. Isto non chamaría a atención —e, en realidade, non debe chamala na Galicia decimonónica, en que a reflexión sobre os idiomas dista de ser ciencia glotolóxica— antes da constitución da lingüística nunha disciplina independente e da súa profesionalización. No século XVIII, calquera home de cultura como o era M. Murguía podería perfectamente

dedicar algunhas páxinas dunha obra, ou mesmo un ou dous opúsculos enteiros, a reflexionar sobre a que non tería por que ser a súa preocupación central. Dende o momento en que a lingüística se constitúe en disciplina e os lingüistas se dedican a producir coñecemento especializado, é cada vez máis esixente co produtor e mais co receptor dos discursos académicos: establécese unha terminoloxía difícil de comprender para o profano, aumenta o número e a profundidade dos coñecementos que cómpre manexar para asimilar os novos descubrimentos e avances, etc.

When the individual scientist can take a paradigm for granted, he need [sic] no longer, in his major works, attempt to build his field anew, starting from first principles and justifying the use of each concept introduced. Given a textbook, however, the creative scientist can begin his research where it leaves off and thus concentrate exclusively upon the subtlest and most esoteric aspects of the natural phenomena that concern his group. And as he does this, his research communiqués will begin to change in ways whose evolution has been too little studied but whose modern end products are obvious to all and oppressive to many. No longer will his researches usually be embodied in books addressed, like Franklin's *Experiments... on Electricity* or Darwin's *Origin of Species*, to anyone who might be interested in the subject matter of the field. Instead they will usually appear as brief articles addressed only to professional colleagues, the men whose knowledge of a shared paradigm can be assumed and who prove to be the only ones able to read the papers addressed to them.

(Kuhn, 1970: 20-21)

Ata certo punto, a mesma reflexión podería aplicarse aos celtistas portugueses. Canto a M. Murguía, o seu caso ten algo de particular con respecto a estes, pois cómpre lembrar que, sen ser un lingüista nin estar capacitado para facer achegas de importancia a unha disciplina xa consolidada na segunda metade do século XIX, demostra ter acceso a algunha que outra obra de divulgación da glotoloxía, pois cita a Max Müller e a Adolfo Coelho (aínda que este último dunha maneira moi puntual), autor do “libro de texto”, como diría T. S. Kuhn, que introduciría o novo paradigma en Portugal.

Máis ben parece que en M. Murguía se une aos seus febles coñecementos lingüísticos a necesidade de casar a teoría sobre o galego coa súa teoría sobre a nación, baseada na existencia dunha raza galega diferenciada, celta e, por tanto, aria e tan europea como a francesa. Volverei sobre este asunto. Limítome agora a sinalar que, de paso que se facía cadrar un elemento identificador da importancia da lingua no edificio da

fundamentación nacional deseñado e construído por M. Murguía sobre os alicerces da raza, o idioma desprestixiado que as clases altas ían abandonando a un ritmo cada vez máis acelerado (cfr. García Turnes, 2000) defendíase co argumento da súa mesma orixe aria, o que o convertía en lingua superior e con futuro.

Con todo, semella claro que canta maior é a especialización dos traballos lingüísticos que se producen ao sur do Miño menor é a súa difusión en Galicia e que son os non-especialistas -autores que, igual ca M. Murguía ou M. Curros, navegan nos límites ou claramente fóra das marxes da glotoloxía- os máis coñecidos polos rexionalistas galegos. Iso explica a ausencia de citas de C. Michaëlis ou dos artigos de J. Leite consagrados a cuestións lingüísticas (outra cousa son as etnográficas) e mesmo a case nula presenza de A. Coelho nos textos galegos (con excepcións, coma a dalgúns traballos de A. Martínez Salazar, non en van o galeguista da época máis informado en asuntos de glotoloxía). Isto último non carece de importancia, xa que de todos os autores estudados, e dende logo de todos os lingüistas propiamente ditos, foi A. Coelho quen recoñeceu con maior claridade a autonomía do galego con respecto ás outras linguas románicas.

J. Leite de Vasconcellos aplicoulle a denominación *co-dialecto*. Esta, independentemente de que supoña recoñecerlle unha certa independencia con respecto ao portugués, agocha un concepto demasiado complexo para lectores non-especializados coma os galegos e, se cadra, soa demasiado a *dialecto*. Iso si, en certos textos menos profundos e máis retóricos pode mostrarse J. Leite diplomático e insistir, fundamentalmente, nos lazos –étnicos, históricos, lingüísticos...- que unen a galegos e portugueses.

C. Michaëlis, a pesar de non dedicarlle atención directa á clasificación do galego entre as falas románicas e en relación ao portugués, considérao un dialecto deste último idioma, igual que considera Galicia un fragmento perdido de Portugal; en contrapartida, valora o rexurdimento literario galego e o papel da lingua do norte do Miño durante o período medieval, en que o pon en igualdade co portugués. Paradoxalmente, como outros dos autores vistos ata aquí, isto fornece argumentos para os galeguistas que queiran defender que a decadencia do galego foi consecuencia de factores políticos e non da súa incapacidade intrínseca para constituírse en lingua

ou, dito doutro xeito, que o galego non debe ser considerado un dialecto. Dende a banda de Portugal, quen defenderá esta idea con toda claridade será, porén, J. P. Oliveira Martins.

Entre os trazos que caracterizan o novo paradigma histórico-comparatista que se implanta ao tempo que a lingüística se constitúe en disciplina independente destaquei neste traballo dous: o positivismo e o nacionalismo.

O positivismo, ou máis exactamente a ideoloxía positivista imperante entre a burguesía europea da segunda metade do século, implicaba a aplicación do método empírico-indutivo propio das ciencias naturais ao estudo das linguas. Este método, por unha banda promoveu unha observación detallada de textos e falas que deu magníficos resultados; por outra, contribuíu á lexitimación da nacente disciplina por canto a aproximou ás que eran ciencia-modelo na Europa e no Portugal do século XIX, as naturais, e, dunha maneira especial, á bioloxía. De feito, autores que quedaron á marxe do novo paradigma e que non asumiron os seus presupostos, si se identificaron cun positivismo que implicaba a supervaloración do método científico e a súa aplicación ás linguas, aínda que a forma en que a levaron a cabo, como pode verse en casos como os de T. Braga e, sobre todo, J. Bonança, fose moi particular e levase a conclusións igualmente peculiares. A miúdo, o que tratan de facer estes autores é maquillar de nova ciencia as ideas do vello paradigma suplantado polo histórico-comparatista, cando non simples prexuízos ou crenzas arraigadas en determinados ambientes. Nova ciencia, pero non necesariamente nova ciencia lingüística á maneira dun A. Coelho. En todo caso, os autores que ficaron á marxe da glotoloxía buscaban para as súas teorías o prestixio que cun método supostamente semellante conseguira para si o paradigma lingüístico xa imperante.

Polo que se refire á concepción do galego que manexaron os lingüistas portugueses, o intento de aplicar ás linguas os métodos das ciencias naturais levou nalgúns casos a desconsiderar deliberadamente os aspectos sociolingüísticos á hora de situar este vernáculo na rede de falas románico-occidentais. Mais, curiosamente, esta desconsideración dos aspectos externos ao propio sistema da lingua produciu resultados diverxentes en autores como A. Coelho e J. Leite de Vasconcellos. Se no

primeiro conduciron ao xa comentado recoñecemento da independencia do galego, no segundo parecen pesar en favor da súa dependencia do portugués, lingua literaria e nacional dun Estado.

Para entender este paradoxo, cómpre ter en consideración, non só os factores que estes autores declaran ter en conta, senón tamén aqueloutros non explícitos que, con todo, hai detrás. Tivemos ocasión de velo claramente no caso do romanista F. Diez, que non declaraba na alfándega das clasificacións lingüísticas o factor político, aínda que, como soubo ver F. Fernández Rei (1988), este fose o que máis pesase na súa distinción entre linguas e dialectos. Vímolos no caso de A. Coelho, que non consideraba válida unha clasificación que tivese en conta se as linguas eran literarias ou populares, senón que avogaba por atender unicamente ao que F. Diez chamaría “orixinalidade gramatical”, é dicir, a factores intralingüísticos. Con todo, non podemos saber ata que punto non pesou no seu recoñecemento da independencia do galego a influencia doutros autores ou o feito de ser un idioma falado fóra dos límites do Estado portugués. Do mesmo xeito, se nun principio semella que son os factores intralingüísticos os que pesan a favor da independencia do galego na balanza de J. Leite de Vasconcellos, ao final parece que na súa clasificación como *co-dialecto*, e non como dialecto, pode ter un peso determinante o feito de estar o vernáculo do norte cuberto por un teito diferente do portugués.

Por parte, en todos os autores estudados se detecta, en maior ou menor medida, o peso do saber común sobre as linguas e da intelectosfera da época. Se ben isto pode apreciarse con máis claridade en escritores máis próximos ao ámbito da opinión pública, como T. Braga, a análise das obras de C. Michaëlis, J. Leite de Vasconcellos ou A. Coelho mostra ata que punto se producen interferencias entre o coñecemento científico e o coñecemento popular.

Velaquí unha mostra: a aproximación á bioloxía que supuxo o intento de converter a lingüística nunha disciplina co prestixio das ciencias naturais foi máis aló da extensión do seu método de traballo e posibilitou a aplicación ás linguas da teoría da evolución de Charles Darwin. Igual que entre as especies animais hai unha loita pola supervivencia que se resolve no triunfo do máis apto, as linguas do mundo compiten polo dereito á vida. Aquelas que se presentan como máis fortes demostran a súa

superioridade e, xa que logo, o seu dereito a impoñerse ás máis débiles, irremediamente condenadas a desaparecer. Claro que se ven as relacións entre a puxanza dunha lingua e o seu uso nos centros de poder, pero interprétase, non que un determinado idioma é máis forte porque se asociou ao poder, senón que se asociou ao poder porque era máis forte ca outros posibles competidores.

Evidentemente, esta interpretación pode poñerse en relación co nacionalismo que tamén caracteriza o novo paradigma lingüístico dende as súas orixes alemás, pero que, dende logo, pesa decisivamente á hora da súa implantación en Portugal, onde o estudo “científico” das linguas, orientado a descubrir a súa orixe, historia e características determinantes, está vencellado á fundamentación nacional. Por suposto, este nacionalismo filolóxico non xorde da nada, senón que se ve apoiado no proto-nacionalismo anunciado polos primeiros autores estudados neste traballo. De feito, a liña que traça o peso da lingua na definición de Portugal como nación e o interese do seu estudo para a fundamentación nacional vai engrosándose progresivamente dende A. Ribeiro dos Santos ata José Leite de Vasconcellos ou Carolina Michaëlis, pasando antes por F. A. Varnhagen ou A. Herculano.

Unha mostra da mencionada evolución pode verse no número de linguas obxecto de mención ou de atención. Se os autores precomparatistas se referían ao galego, ao valenciano, ao vasco ou ao asturiano, o novo paradigma, nacido para consolidar o prestixio das linguas destinadas a ser “nacionais” dun Estado, tenderá a restrinxir as linguas románicas ás seis sinaladas por F. Diez na súa gramática e a desconsiderar a atención ao resto. A nacente dialectoloxía, chegada a Portugal da man de J. Leite de Vasconcellos, acabará por contrarrestar esta tendencia, aínda que inicialmente non consegue desembarazarse desta visión monolítica e teleolóxica que concibe a fala culta dos centros de poder como única e auténtica representante das linguas en favor da que as outras variedades que se encontran baixo o seu dominio, pero que non se conciben realmente como parte dela, acabarán inclinando a cabeza ata desapareceren. Se isto sucede entre os lingüistas, non cabe esperar unha situación mellor no ámbito da opinión pública: o recoñecemento da realidade lingüística plural do veciño Estado español por parte dos eruditos de principios de século dará lugar á súa ocultación en

favor do castelán, que acaba sendo o único idioma coñecido e mencionado fóra dos ámbitos académicos.

Emporiso, se o novo paradigma trae consigo a invisibilización dos dialectos en xeral ao centrarse nas linguas estatais, obriga polo mesmo os glotólogos portugueses a abordar o problema do galego en particular e a situar este vernáculo no entramado de falas románicas, pois é imprescindible para entender cabalmente o portugués.

Co novo paradigma, o galego interesa como variedade idiomática, dado que a lingüística histórico-comparada se ocupa da orixe das linguas e das súas relacións xenéticas. En cambio, A. Ribeiro dos Santos ou F. A. Varnhagen chegaban ao galego a través da literatura. A orientación literaria dos autores do vello paradigma contiña elementos prestixiadores para o galego, dado que o presentaba como axente da creación e difusión dunha rica lírica medieval. Mais ao mesmo tempo, enfatizaba dun xeito negativo a súa evolución posterior, concibida como anquilosamento fronte ao perfeccionamento do portugués. Só Oliveira Martins, xa contra o final do século, sacará conclusións diferentes dunha análise de longa tradición, pois arranca do Renacemento.

O nacionalismo intrínseco á introdución do novo paradigma en Portugal determina tamén a supervivencia de certo espiritualismo que, en principio, podería esperarse incompatible co positivismo dominante. A valoración da lingua e, xa que logo, do seu estudo, como elementos de afirmación nacional prodúcese porque se entende que esta revela e/ou sustenta e transmite o *Volkgeist*, a alma do pobo portugués. Dío con toda claridade Carolina Michaëlis, pero a mesma idea está detrás de moitas afirmacións de J. Leite de Vasconcellos ou de Adolfo Coelho.

A relación entre a fala e a maneira de ser dun pobo lévanos a unha cuestión do máximo interese, a do xenio das linguas, que se encontra tras o debate acerca do celtismo lingüístico en Portugal e en Galicia. Este xa é un concepto importante na lingüística do século XVIII, en que se pon en relación coa clasificación dos idiomas en distintas familias, unha clasificación que pretende ser á vez tipolóxica e xenética, precisamente porque se entende que non poden estar emparentadas linguas de xenio diverso e, xa que logo, que lingua nai e lingua filla deben ter idéntico xenio. Isto é así porque o xenio das linguas, para os enciclopedistas, reside na súa estrutura gramatical

e porque se entende que a lingua filla é a mesma lingua nai das orixes, aínda que transformada (concepción fixista da evolución dos idiomas). O que está claro é que a do xenio é unha cuestión morfosintáctica que non afecta no fundamental ao pensamento, cunhas categorías únicas expresadas de forma diferente en cada vernáculo.

As primeiras fisuras nesta concepción abriunas, sen chegar a romper con ela, E. B. de Condillac ao situar o xenio das linguas no terreo da semántica. No seu *Ensaio sobre a orixe dos coñecementos humanos* -en obras posteriores, como a *Gramática* (Condillac, 1775), parece resituarse con claridade o xenio das linguas lonxe do terreo dos significados léxicos- explica que as ideas simples son iguais en todas as linguas porque proceden directamente das sensacións que a realidade externa aos individuos provoca neles; mais cada pobo, en función do seu carácter e grao de evolución cultural, pode combinar esas ideas básicas dun xeito diferente e crear así ideas complexas parcialmente distintas.

Aínda que algúns autores falan dunha auténtica revolución para se referir a esta visión de E. B. Condillac (cfr. Formigari, 1992), J. Trabant (1986) opina que a súa concepción de fondo non difire da dos ilustrados que o precederon: o que varía son as ideas accesorias, o que hoxe chamariamos *connotacións*, que se xuntan ás principais, pero estas continúan sendo iguais en todos os idiomas. O primeiro en ver claramente que tamén as denotacións difiren dunha lingua a outra sería W. Humboldt, e non o faría partindo da filosofía sensualista do francés, senón da de E. Kant, como J. Trabant mostra claramente.

Sen negar isto, si podemos afirmar que a reflexión lingüística de E. B. Condillac supón novidades con respecto a un racionalista coma N. Beuzée, por exemplo: a primeira, xa adiantada, consiste en desprazar o xenio das linguas cara ao terreo dos significados e, mesmo cando abandona este eido, a negar o papel da sintaxe e asentar o da morfoloxía, camiño que seguirían posteriormente, non só W. Humboldt, senón F. Schlegel, F. Bopp e mesmo Schleicher; a segunda, máis importante para o que aquí interesa, recoñecer que a lingua ten un papel na configuración do pensamento, pois

para E. B. Condillac non existen combinacións prelingüísticas de ideas, senón que estas só se establecen na medida en que se ligan a significantes.

A primeira das novidades terá implicacións relevantes para o desenvolvemento da lingüística histórico-comparada, pero non se presenta como especialmente interesante para entender o concepto de xenio das linguas nun celtista como M. Murguía, por exemplo, a quen as clasificacións morfolóxicas lle importan dun xeito marxinal. Certo é que moitas das implicacións ideolóxicas que acompañarán estas clasificacións, a miúdo orientadas a distinguir as familias lingüísticas máis perfectas ou, no caso de A. Schleicher, evolucionadas, foron axiña transmitidas á opinión pública europea e ao debate nacionalista-identitario que dominou o século. Algo diso vemos en M. Murguía cando se refire ao semitismo do castelán fronte ao arianismo do galego, mais o fundamental para entender o importante papel que lle outorga á esencia celta do idioma do pobo reside na segunda das novidades condillacianas.

Cómpre volver os ollos a J. G. Herder para entender o concepto de xenio da lingua que latea no pensamento murguiano. Partindo do sensismo gnoseolóxico (de E. B. de Condillac e, xa que logo, en última instancia, de Locke), J. G. Herder abre as portas ao romantismo imperante na primeira lingüística decimonónica e no galeguismo de mediados de século. É máis, as súas ideas formarán parte da intelectosfera de todo o século XIX e sobrevivirán a ese romantismo que elas mesmas contribúen a xerar influíndo na política, na literatura e na lingüística. Como di Monteagudo (1999b: 711), Herder sistematizou e, polo mesmo, transmitiu ás xeracións seguintes ideas que outros pensadores do seu tempo tamén tocaran e tivo tanto éxito ao facelo que estas se diluíron “na corrente cada vez máis caudalosa do nacionalismo histórico-organicista”, de xeito que “moitos pensadores desta tendencia son profundamente herderianos sen ter lido unha liña de Herder nin mesmamente oído pronunciar o seu nome”. Así pois, J. G. Herder anuncia unha maneira de entender as linguas e a relación co pobo que as fala que encontramos en W. Humboldt e en F. Schleicher, pero tamén en C. Michaëlis ou en J. Leite de Vasconcellos. No caso de Manuel Murguía, as ideas de Herder presentes na intelectosfera do seu tempo puideron verse reafirmadas coa lectura do seu autor de cabeceira, o nacionalista italiano G. Mazzini, moi influído polo pensamento do alemán.

Segundo Monteagudo (1999b: 696), a quen seguirei neste punto, o que fai J. G. Herder é aplicar a tese condillaciana da relación lingua-pensamento ao plano da experiencia histórica para concluír que, se a lingua condiciona o pensamento, cada idioma nacional é un xeito diferente de articulación daquel.

O proceso de formación e transmisión da lingua é inseparable do desenvolvemento da sociedade en xeral. (...) De xeito imperceptible, a lingua liga os individuos co pasado, pois ponos en comunión co modo de pensar e os sentimentos dos seus proxenitores, e desta maneira fainos partícipes dunha cadea de pensamentos e emocións de raíces ancestrais. Pola súa banda, cada persoa, por medio da lingua, perpetúa e arrequeña pensamentos, sentimentos e prexuízos dos devanceiros e transmítellelos ás xeracións futuras.

Así, a lingua dun pobo (*Volk*), división natural da humanidade, é a súa posesión máis sagrada porque se constitúe en expresión máis acabada da súa personalidade única e individual, do seu carácter ou alma, na materialización do *Volkgeist*, por empregar un termo de grande fortuna no pensamento nacionalista posterior (pero que Herder mesmo non usou). Abandonar a propia lingua supón abandonar a propia identidade, en tanto que manter unha lingua diferente revela unha identidade nacional diferenciada.

A idea expresada no parágrafo anterior é, fundamentalmente, o que asumirá o nacionalismo decimonónico en xeral, e Manuel Murguía en particular, do pensamento de Herder. Se esta visión romántica latexa nos máis positivistas dos lingüistas portugueses, non pode deixar de interesar aos defensores dun pobo sen Estado propio. O Discurso dos xogos florais de Tui, entre outros textos, revela ben ás claras que esta é a concepción de M. Murguía.

O galego é o que nos dá dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos dí que pois somos un povo distinto debemos selo. (...) Léngua distinta –dí o aforismo político- acusa distinta nacionalidade

(Murguía, 1891: 84)

De aí que non lle sexa admisible independizar a raza histórica que para el deriva nos galegos actuais, a celta, da lingua que estes falan. M. Murguía sabe que o idioma galego ten a súa orixe no latín e non o nega, como en cambio fixeran os seus

predecesores celtistas en Portugal ou en Francia, e como farán outros galeguistas, como M. Curros Enríquez. O que fai é argumentar que a orixe da lingua é independente do seu xenio, e para iso aproveita os recursos dun vello paradigma que lle permite identificar evolución con mestura de linguas (modelo difusionista). O galego actual parte do latín, pero tan alterado polo substrato e adstrato celta e, sobre todo, alterado en aspectos tan esenciais, que é realmente un idioma celta.

No recoñecemento do papel do latín na orixe do galego tras a introdución do celtismo no ideario de Manuel Murguía puido ter un papel relevante o coñecemento que tiña o historiador da obra do padre Sarmiento, tan influínte na reivindicación lingüística galeguista e asturianista do século XIX. Influínte tamén en autores portugueses da primeira metade da centuria, ben directamente (caso de Antóníu Ribeiro dos Santos), ben indirectamente (caso de F. A. Varnhagen, en quen pesa sobre todo Caveda, que aproveitara a exaltación da pureza e o inmovilismo dos vernáculos sen cultivo feita polo frade Bieito).

Estas son algunhas fontes do ideario lingüístico de M. Murguía. Mais nesta tese exploráronse fundamentalmente as posibles influencias dos celtistas portugueses. É evidente, porque o cita, que coñece a Francisco de San Luiz e que se basea na súa autoridade para buscar probas de que o galego é esencialmente celta; é dicir, probas de que a súa estrutura gramatical é diferente da do idioma traído polos romanos. A estas une outras, nomeadamente os aspectos fónicos, que permiten explicar a súa teoría sobre a celticidade da lingua ao poñer en paralelo o que sucede cando un galego fala castelán con marcado acento do país co que sucedería cando os celtas falaban latín. De aí que, a diferenza de contemporáneos seus para quen o idioma do pobo se perfeccionaba en contacto co castelán das clases instruídas (Valladares, 1884:VII) e que criticaban en cambio con dureza as interferencias dos galegófonos que pretendían expresarse en español, M. Murguía faga unha valoración contraria: falar castelán con acento e xiros galegos é inevitable, porque os galegos trasladamos o xenio da nosa lingua e impregnamos da alma do pobo todo canto idioma tocamos, tan forte é a nosa personalidade; en cambio, son claramente condenables as interferencias da lingua da Corte no galego:

Una nueva barbarie, hablando en nombre de la civilización, quiere que las lenguas no oficiales se extingan a mano airada. ¡Imposible empresa! ¡Deseo cruel que no verán los hombres satisfecho! ¡Se oponen a ello tan poderosos obstáculos! Mas, desgraciadamente, hay otras heridas que pueden maltratarlas peor que el olvido, y son las que lentamente pueden ir privando a estas lenguas en peligro, de sus rasgos esenciales, de su vocabulario, de cuanto las hace distintas de sus congéneres y las lleva lentamente a la muerte que les desean cuantos no las aman. Digamos, señores, que los pueblos que consienten que se pierda de este modo el propio idioma, son bien desgraciados. No les sigamos nosotros en el camino de su perdición.

(Murguía, 1907: 109)

O que semella claro é que as probas concretas que permiten determinar o xenio celta da lingua galega, diferente do latino (e, o que é máis importante para M. Murguía, do castelán) son o límite da influencia do cardeal portugués. Estas deben ser conxugadas cunha concepción difusionista da evolución das linguas que non comparte un fixista como Saraiva e que lle permiten independizar orixe de xenio da lingua. A iso contribúe tamén, como vimos, a focalización da relación xenio da lingua-Volkgeist, que o obriga a desvencellar orixe latina de Volkgeist celta, pero que lle impide desvencellar deste o xenio.

A través de Francisco de S. Luiz, e parece que só a través del, recibe M. Murguía influencias de A. Ribeiro dos Santos e, sobre todo, dos enciclopedistas franceses. António Ribeiro dos Santos é sinalado por J. Leite e por A. Coelho como iniciador do celtismo lingüístico en Portugal. En efecto, parece ser o primeiro en defender a posibilidade dunha orixe non latina do portugués, pero os argumentos sistemáticos que manexa San Luiz (o máis autorizado dos celtistas, a quen se dignan responder todos os detractores desta corrente) bríndanllos G. Girard e N. Beuzée.

Augusto G. Besada non parece coñecer directamente os celtistas portugueses, senón que se basea directamente en Manuel Murguía (e, secundariamente, en Vereá e Aguiar) para establecer a orixe do galego. E iso, a pesar de que pretende convencernos de que as súas teorías proceden dos lingüistas histórico-comparatistas máis destacados da primeira metade do século XIX, nun intento de asentalas no prestixio da glotoloxía.

Si proceden directamente de fontes portuguesas as teorías de Manuel Curros Enríquez. En concreto, de João Bonança e a súa *Historia da Luzitania e da Iberia*. A presenza na obra deste último de ideas propias do celtismo precomparatista, aínda que non confesada, semella evidente. O republicanismo de João Bonança e de Nobre França seguramente influíu na simpatía de Curros, ideoloxicamente próximo a eles, polas súas teses.

En fin, no celtismo lingüístico galego do século XIX está presente a influencia portuguesa, aínda que non sexa a única fonte, nin a principal, a que debemos acudir para buscar a súa orixe e entender o seu contido. Un contido non homoxéneo: os autores galegos analizados neste traballo non entenden exactamente o mesmo cando se refiren ao galego como un idioma celta, de xeito que, máis ca de teoría, podemos falar de teorías celtistas. Portugal fornece de apoio para sustentar estas visións que se conforman con achegas múltiples procedentes da historia, da filosofía, da opinión pública, da lingüística... e que se procura que sirvan para fraguar sólidos e coherentes alicerces do edificio da nación galega que, da man de M. Murguía, comeza a construírse para os herdeiros do século XX.

Bibliografía

Fontes primarias

- B.E.R.M. (BEAUZÉE, N.) (1765): “Langue” (edición facsimilar en Auroux, S. (1973): L’Encyclopédie. “Grammaire” et “langue” au XVIII^e siècle. Maison Name: 91-172).
- BEAUZÉE, N. (1767): *Grammaire Générale*. Paris, Imprimerie de J. Barbou
- BONANÇA, J. (1891²): *Historia da Luzitania e da Iberia desde os tempos primitivos ao estabelecimento definitivo do dominio romano*. Vol. I. Lisboa, Empresa da Historia da Luzitania e da Iberia.
- BONAPARTE, L. L. (1890-92): “Notas sobre a classificação de alguns dialectos românicos”, en *Revista Lusitana*, Vol. II: 344-346.
- BRAGA, T. (1870): *Historia da litteratura portugueza. (Introdução)*. Porto, Imprensa portugueza-Editora.
- BRAGA, T. (1871): *Historia da poesia portugueza (eschola provençal). Seculo XII a XIV. Trovadores galecio-portugueses*. Porto, Imprensa Portugueza-Editora.
- BRAGA, T. (1875): *Manual de Historia da litteratura portuguesa*. Porto, Livraria Universal de Magalhães & Moniz.
- BRAGA, T. (1877): *Parnaso portuguez moderno*. Lisboa, Francisco Arthur da Silva-Editor.
- BRAGA, T. (1878): *Cancioneiro portuguez da Vaticana. Edição critica*. Lisboa, Imprensa Nacional.
- BRAGA, T. (1885): “Sobre á poesía popular da Galliza”, en PÉREZ BALLESTEROS, J.: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña*. Tomo I. Madrid, Librería de Fernando Fé: VIII-XLV
- BRAGA, T. (1896): *Historia da litteratura portugueza. Introducção. Theoria da Historia da Litteratura portugueza*. Porto, Livraria Chardron.
- BRAGA, T. (1902): *Historia da poesia popular portugueza. As origens*. Lisboa, Manuel Gomes, editor.

- BRAGA, T. (1908): *Visão dos tempos*. Porto, Livreria Chardron, de Bello & Irmão, editores.
- BRAGA, T. (1913): “Adhesiones”, en *Boletín de la Real Academia Gallega* VII.73: 31.
- CASTELAR, E. (1880): “Prólogo”, en CASTRO de MURGUÍA, R. (1880): *Follas novas*. Madrid/A Habana, La Ilustración Gallega y Asturiana/Propaganda Literaria: VII-XXII.
- CATALINA DEL AMO, S. (1865): “Discurso leído por el Ilmo. Sr. D. Severo Catalina del Amo, en el acto de su recepción el día 25 de marzo de 1861”, en s.a., *Discursos leídos en las recepciones públicas que ha celebrado desde 1847 la Real Academia Española*, Tomo tercero. Madrid, Imprenta Nacional: 99-135.
- CAVEDA, J. (1887) [1839¹]: “Discurso preliminar sobre el dialecto asturiano”, en CAVEDA, J./CANELLA SECADES, F.: *Poesias selectas en dialecto asturiano*. Oviedo, Imprenta de Vicente Brid (edición facsimilar: Oviéu, Academia de la Llingua Asturiana, 1987): 7-56
- COELHO, F. A. (1868): *A lingua portuguesa. Phonologia, etymologia, morphologia e syntaxe*. Coimbra, Imprensa da Universidade.
- COELHO, F. A. (1872): *A propósito da Historia da litteratura portuguesa de Theophilo Braga. Carta do auctor*. Porto, Imprensa Portuguesa.
- COELHO, F. A. (1874a): *Questoes da lingua portuguesa. Primeira parte*. Porto / Braga, Livreria Internacional de Ernesto Chardron / Livreria Internacional de Eugenio Chardron.
- COELHO, F. A. (1874b): *Origem das linguas romanicas*. Rio de Janeiro, Typographia cinco de março.
- COELHO, F. A. (1887-89): “Notas e paralelos folkloricos”, en *Revista Lusitana* Vol. I: 166-174, 246-259 e 320-331.
- COELHO, F. A. (1896³): *A lingua portuguesa. Noções de glottologia geral e especial portuguesa*. Porto, Magalhaes & Moniz-Editores.
- COELHO, F. A. (s.d.) (1881): *A lingua portuguesa. Noções de glottologia geral e especial portuguesa*. Porto, Livreria Universal de Magalhaes & Moniz-Editores.
- CONDILLAC, E. B. (1775): *Cours d'étude pour l'instruction du prince de Parme, aujourd'hui S.A.R. L'infant D. Ferdinand duc de Parme, Plaisance*,

- Guastalle, &c. &c. &c. Tome premier. Grammaire.* Parma, Imprimerie Royal (edición facsimilar, Stuttgart-Bad Cannstatt, Frommann-Holzboog, 1986).
- CONDILLAC, E. B. (1999): *Ensayo sobre el origen de los conocimientos humanos*. Madrid, Tecnos.
 - CURROS ENRÍQUEZ, M. (1908): "Teófilo Braga", en BRAGA, T.: 3-14.
 - CURROS ENRÍQUEZ, M. (1914²) [1893¹]: *Obras completas de Curros Enríquez VI. Eduardo Chao. Estudio biográfico-político*. Madrid, Perlado, Páez y Compañía (Sucesores de Hernando)
 - D'OVIDIO, F. (1881): "Appendice. Il dialetto gallego", in MONACI, E./D'OVIDIO, F. : *Manualetti d'introduzione agli studij neolatini per uso degli alunni delle facultá di lettere. II. Portoghese (e gallego)*. Imola, Tip. d'Ignazio Galeati e Figlio: 50-56.
 - DIEZ, F. (1874): *Grammaire des langues romanes*. T I. Paris, Librairie A. Franck (edición facsimilar: Genève/Marseille, Slatkine Reprints/Laffitte Reprints, 1973).
 - FEIJÓO; B. J. (1968) [1727-29]: "Paralelo de las lenguas castellana y francesa", *Teatro crítico universal*. Vol I. Madrid, Espasa-Calpe: 211-231.
 - FRANÇA, N. (1890-91): *A philologia perante a história. Ensaio de critica á sciencia allemã e a varias sciencias*. Porto, Typographia de A.F. Vasconcellos.
 - FRANÇA, N. (1918²): *A philologia perante a história. Ensaio de critica á sciencia allemã e a varias sciencias*. Lisboa, Monteiro & Cia.
 - G. BESADA, A. (1887): *Historia crítica de la literatura gallega. Edad antigua*. Tomo I. La Coruña, La Voz de Galicia.
 - GARRET, J. B. Almeida (1826): "Bosquejo da historia da poesia e lingua portugueza", en *Parnaso Lusitano ou Poesias Selectas dos auctores portuguezes antigos e modernos, illustradas com notas*. T I. Paris, J. P. Aillaud: vii-lxvij.
 - GARRET, J. B. Almeida (1844): "Ilms. Srs", en s.a. (1844): VII-XV.
 - GIRARD, M. L'ABBÉ (1747): "I. Discours", en *Les vrais principes de la langue françoise ou la parole réduite en méthode, conformément aux loix de l'usage*, T. I. Paris, Le Breton: 1-40 (edición facsimilar, Genvève, Librairie Droz S.A., 1982).
 - GRANIER DE CASSAGNAC, A. (1859) : *Antiquité des patois. Antériorité de la langue française sur le latin*. Paris, E. Dentu, Libraire-éditeur, Publication du Journal Le Réveil.

- HERCULANO, A. (1844): “Reflexões ethnographicas, philologicas e historicas a propósito de uma publicação recente sobre a origem celtica da lingua portugueza”, *O panorama*, Vol 3º, Serie 2ª: 391-394.
- HERCULANO, A. (1980) [texto da cuarta edición, e derradeira das revisadas polo autor, de 1874]: *História de Portugal. Desde o começo da monarquia até o fim do reinado de Afonso III*. T I. Livraria Bertrand.
- HERCULANO, A. (1981) [1845-46]: *O pároco de aldeia. O galego (vida, ditos e feitos de Lázaro Tomé)*. Porto, Lello&Irmão-Editores.
- HERCULANO, A. (1982) [texto da terceira edición, e derradeira das revisadas polo autor, de 1868]: *História de Portugal. Desde o começo da monarquia até o fim do reinado de Afonso III*. T III. Livraria Bertrand.
- IGLESIA GONZÁLEZ, A. M. de la (1886): *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. 3 tomos. A Coruña, Latorre y Martínez.
- LEÃO, D. Nunes de (1945) [1606]: *Origem da língua portuguesa*. Lisboa: Pro Domo.
- LEONI, F. E. (1858): *Genio da lingua portuguesa, ou causas racionaes e philologicas de todas as reformas e mesma lingua*. Lisboa, Typ. do Panorama
- LÓPEZ-AYDILLO, E. (ed.) (1914): *Las mejores poesías gallegas*. Madrid, Artística Española
- MARTÍNEZ MARINA, F. (1805): “Ensayo histórico-crítico sobre el origen y progresos de las lengua: señaladamente del romance castellano”, en *Memorias de la Academia de Historia*, Vol VI. Madrid, Impr. Sancha: 1-63.
- MARTINS, J. P. Oliveira (1891): “Carta al comité central regionalista”, en *La Patria Gallega* 5: 9.
- MARTINS, J. P. Oliveira (1994) [1879]: *História da civilização ibérica*. Lisboa, Guimarães Editores.
- MARTINS, J. P. Oliveira (s.d.) [1879]: *História de Portugal*. 2 Vols. Publicações Europa-América.
- MEYER-LÜBKE, W. (1890): *Grammaire des langues romanes. I. Phonétique*. Genève/Marseille, Slatkine Reprints/Laffitte Reprints. (edición facsimilar: Genève/Marseille, Slatkine Reprints/Laffitte Reprints, 1974).
- MICHAËLIS DE VASCONCELLOS, C. (s.d.) [1911-1913]: *Lições de filologia portuguesa*. Lisboa, Dinalivro.

- MOURA, C. Lopes de(1847): “Prefação”, en *Cancioneiro d’el Rei D. Diniz*. Pariz, J. P. Aillaud: v-xxxv.
- MURGUÍA, M. (1858): “Poesía gallega contemporánea”, en HERMIDA C. (1992): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos*. Consello da Cultura Galega: 33-40.
- MURGUÍA, M. (1888): *Galicia*. Barcelona, Establecemento Tipográfico-editorial de Daniel Cortezo y C^a. (edición facsimilar, Editorial La Gran Enciclopedia Vasca, 1980).
- MURGUÍA, M. (1891):”Discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui de 1891”, en *Grial 43*: 83-89.
- MURGUÍA, M. (1901²) [1865¹]: *Historia de Galicia*. Tomos I-V. Coruña, Librería de don Eugenio Carré (edición facsimilar, Editorial La Gran Enciclopedia Vasca, 1980)
- MURGUÍA, M. (1907): “Discurso contestación”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, II.16-17: 96-110.
- MURGUÍA, M. (1943) [1880¹]: “Prólogo”, en SARMIENTO, M.(1943) [1755] 13-24.
- MURGUÍA, M. (1998) [1866]: “La raza céltica y su poesía popular”, en DURÁN, J. A. (ed.) (1998): *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923*. Madrid/Rianxo (A coruña), Real Academia Galega/Fundación Caixa Galicia/Taller de Edicións de J. A. Durán (ed): 203-211.
- PARDO BAZÁN, E. (1985) [1888]: “El Cancionero Popular Gallego”, en *De mi terra*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia: 99-120.
- PIDAL, P. J. (1851): “De la poesía castellana en los siglos XIV y XV”, en *El Cancionero de Juan Alfonso de Baena (siglo XV)*. Madrid, Imprenta de La Publicidad, á cargo de M. Rivadeneyra: XI-LXXIX.
- PINTOS, X. M. (2002) [1853]: *A gaita gallega*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- R.P.B. (1909): “Bibliografía. V. García de Diego. *Elementos de Gramática histórica gallega (fonética-morfología)*”, en *Boletín de la Real Academia Gallega* III.25: 20-23.
- RIBEIRO, J. P. (1860): “Dissertação V. Sobre o Idioma, Estylo, e Orthografia dos nossos Documentos, e Monumentos”, en *Dissertações chronologicas e criticas sobre a historia e jurisprudencia ecclesiastica e civil de Portugal. Publicadas por*

ordem da Academia Real das Sciencias de Lisboa. Tomo I. Lisboa, Na typographia da mesma Academia: 181-198

- RIBERA y ROVIRA (s.d.) (1911): *Portugal y Galicia nación. Identidad étnica, histórica, literaria, filológica y artística.* Barcelona, R. Torbella, impresor.
- S. LUIZ, F. de (1837): “Memoria em que se pretende mostrar, que a Lingua Portugueza não he filha da Latina, nem esta foi em tempo algum a lingua vulgar dos Lusitanos”, en *Memorias da Academia Real das Sciencias de Lisboa.* Tomo XII. Parte I. Lisboa, na Typografia da mesma Academia: 1-43.
- S.a. (1915): “Importante descubrimiento”, en *Boletín de la Real Academia Gallega* VII.84: 320.
- S.a. (ANDRADE, F. Martins de e SEIXAS, J. N.) (1844): Opusculo ácerca da origem da llingua portugueza composto e dedicado ao conselheiro João Baptista d’Almeida Garret por dois socios do Conservatorio Real de Lisboa. Lisboa, Imprensa Nacional.
- S.a. (CAMPOS, F. A. de) (1843): *A lingua portugueza é filha da latina, ou Reputação da memoria em que o senhor patriarcha eleito D. Francisco de S. Luiz nega esta filiação.* Lisboa, Typographia de M. J. Coelho.
- S.a. (LECUSSAN VERDIER, T.) (1823): “Noticia do manuscrito”, en *Fragmentos de hum cancionero inedito que se acha na livraria do Real Collegio dos nobres de Lisboa.* París, Impresso á custa de Charles Stuart, socio da Academia Real de Lisboa: V-VI [só nalgúns exemplares do cancionero].
- S.a. (LECUSSAN VERDIER, T.) (s.d.a) [1824 ou 1825]: “Advertencia”, en *Fragmentos de hum cancionero inedito que se acha na livraria do Real Collegio dos nobres de Lisboa.* París: i-iii.
- S.a. (VARNHAGEN, F. A.) (1849): *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, “O livro das cantigas” do Conde de Barcelos.* Madrid: Imp. de D. Alexandro Gomes Fuentenebro.
- S.a. (1904): *Catálogo de la biblioteca Varnhagen.* Santiago de Chile, Imprenta Moderna.
- SACO Y ARCE, J. A. (1868): *Gramática gallega.* Lugo, Imp. de Soto y Freire.
- SANTOS, A. Ribeiro dos (1836a): “Da origem e progressos da poesia de Portugal. Capítulo III. Dos mais antigos monumentos de poesia portuguesa nos seculos XII e XIII”, en *Jornal da Sociedade de Amigos das Letras* 2: 50-52.

- SANTOS, A. Ribeiro dos (1836b): “Da origem e progressos da poesia de Portugal. (Continuado dos numeros antecedentes). Artigo II. Sobre as cartas em verso de Egas Monis Coelho”, en *Jornal da Sociedade de Amigos das Letras* 4: 97-108.
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito a): *Memorias para a historia das origens e progressos da poesia portugueza*.
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito b): *Da conservaço' e uso da antiquissima lingua geral de Espanha em todo o tempo do senhorio dos romanos*.
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito c): *Conversaço' da primitiva lingua de Hespanha nos tempos da dominaço' romana*
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito d): *Origens celticas da antiga lingua celtica*
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito e): *Origens celticas da antiga povoação e lingua geral de Espanha*.
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito f): *Origens celticas da antiga lingua geral de Espanha e de seus actuaes dialectos*
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito g): *Ensayo para hum vocabulario harmonico da lingua portuguesa e de outras antigas e modernas para ajudar a operação das approximações de huã parte das linguas a huma só matriz*.
- SANTOS, A. Ribeiro dos (inédito h): *Memorias da poesia em Portugal, com uma breve noticia de dous cancioneiros até agora desconhecidos*.
- SANTOS, A. Ribeiro dos (s.d.) [1814?]: “Das origens e progressos da poesia portugueza”, en *Memorias de Litteratura Portugueza publicadas pela Academia Real das Sciencias de Lisboa*. Tomo VIII. Parte II. Lisboa, officina da mesma Academia: 233-251.
- SARALEGUI y MEDINA, L. (ed.) (1886): *Galicia y sus poetas*. Ferrol, Ricardo Pita.
- SARMIENTO, M. (1775): *Memorias para la historia de la poesia, y poetas españoles*. Madrid, D. Joachin Ibarra Impresor de Cámara de S. M. (edición facsimilar: Lugo, Editorial Alvarellos: 1988).
- SARMIENTO, M. (1943) [1880¹]: *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega*. Buenos Aires, López Perú.
- SARMIENTO, M. (inédito): *Origen de la voz gallega 'myxiriqueyro'*.

- SOROMENHO, A. (1867): *Origem da lingua portugueza. These para o curso da cadeira de litteratura moderna no Curso Superior de lettras*. Lisboa, Typ. de Francisco José da Silva.
- SOROMENHO, A. (1874²): *Origem da lingua portugueza*. Rio de Janeiro, Typographia cinco de março.
- VALERA, J. (1947) [1872]: “Las cantigas del Rey Sabio”, en VALERA, J. (1947): *Obras completas. Correspondencia, historia y política, discursos académicos, miscelánea*. Tomo III: 1115-1130.
- VALLADARES NÚÑEZ, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela, El Libredón.
- VALMAR, marqués de (1889): “Introducción”, en ALFONSO EL SABIO: *Cantigas de Santa María*. Vol I. Madrid, Real Academia Española: 5-226 (edición facsimilar: Real Academia Española / Caja de Madrid, 1990).
- VARNHAGEN, F. A. (1850): *Post Scriptum. Notas*. [Caderno engadido a algúns exemplares de S.a. (VARNHAGEN, F. A.) (1849): 339-369].
- VARNHAGEN, F. A. (1872): *Da litteratura dos livros de cavallarias*. Vienna, Filho de Carlos Gerold.
- VASCONCELLOS, C. Michaëlis de (1904a): *Cancioneiro da Ajuda*. Vol. II. Halle, Max Niemeyer (edición facsimilar: Turín, Bottega d’Erasmus, 1966).
- VASCONCELLOS, C. Michaëlis de (1904b): *Cancioneiro da Ajuda*. Vol. I. Halle, Max Niemeyer (edición facsimilar: Turín, Bottega d’Erasmus, 1966).
- VASCONCELLOS, C. Michaëlis de (1910): “Mestres Giraldo e os seus tratados de alveitaria e cetraria”, en *Revista Lusitana* Vol. XIII: 149-432.
- VASCONCELLOS, C. Michaëlis de (1911): “A ortographia nacional”, en *Revista Lusitana*, Vol. XIV: 200-226.
- VASCONCELLOS, C. Michaëlis de (1969a) [1913]: “Literatura antiga portuguesa”, en *Dispersos originais portugueses. I Varia*, Vol. I: 6-22.
- VASCONCELLOS, C. Michaëlis de (1969b): “A propósito de Martim Codax e das suas cantigas de amor”, en *Dispersos originais portugueses. I Varia*, Vol. I: 84-95.
- VASCONCELLOS, C. Michaëlis de (1970) [1899]: “Miscelas etimológicos”, en *Dispersos originais portugueses. II Lingüística*, Vol. II: 7-39.

- VASCONCELLOS, J. Leite de (1887-89a): “*Revista archeologica e historica*”, en *Revista Lusitana* Vol I: 188-189.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1887-89b): “Prologo”, en *Revista Lusitana* Vol. I: 1-2.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1887-89c): “*Revue des patois*”, en *Revista Lusitana* Vol. I: 288.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1887-89d): “*Galicia*”, en *Revista Lusitana* Vol. I: 95-96.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1887-89e): “Pronúncia gallega”, en *Revista Lusitana* Vol. I: 381-382.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1887-89f): “*Historia de la literatura gallega, por Augusto G. Besada*”, en *Revista Lusitana* Vol. I: 183-185.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1887-89g): “*Varia quaedam*”, en *Revista Lusitana* Vol. I: 190-194.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1890-92a): “*Dialectos alemtejanos*”, en *Revista Lusitana* Vol. II: 15-45.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1890-92b): “*Gallegos e ingleses*”, en *Revista Lusitana* Vol. II: 68-73.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1895): “*Curso de lingua portuguesa arcaica. Lição inaugural*”, en *Revista Lusitana* Vol. III: 19-47.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1897): “*Portugal dialectologico*”, en *Mappa dialectologico do continente português precedido de uma classificação summaria das linguas*. Lisboa, Guillard, Aillaud & Cia.: 15-16.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1900): *Estudos de philologia mirandesa*. Vols. I e II. Lisboa, Imprensa Nacional
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1901): *Esquisse d’ une dialectologie portugaise. Thèse pour le Doctorat de l’Université de Paris (Faculté des Lettres)*. Paris/Lisboa, Aillaud.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1902a): “*Linguagem froteiriça de Portugal e Hespanha*”, en *Revista Lusitana* Vol. VII: 133-145.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1902b): “*Estudos de philologia gallega*”, en *Revista Lusitana* Vol. VII: 198-229.

- VASCONCELLOS, J. Leite de (1902c): “*Grammatica historica da lingua portuguesa*, pelo Dr. Antonio Garcia Ribeiro de Vasconcellos”, en *Revista Lusitana* Vol. VII: 149-154.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1903-05a): “Palavras e frases de Melgaço”, en *Revista Lusitana* Vol. VIII: 52-55.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1903-05b): “Aula de philologia portuguesa”, en *Revista lusitana* Vol. VIII: 159
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1905): *Textos archaicos para uso da aula de philologia portuguesa estabelecida na Biblioteca Nacional de Lisboa por portaria do 31 de dezembro de 1903*. Porto, Typographia de A. F. Vasconcellos, Suc.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1908²): *Textos archaicos para uso da aula de philologia portuguesa estabelecida na Bibliotheca Nacional de Lisboa por portaria de 31 de dezembro de 1903*. Lisboa, Livraria Classica Editora de A. M. Teixeira C^{ta}.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1911): *Lições de filologia portuguesa dadas na Bibliotheca Nacional de Lisboa*. Lisboa, Livraria Classica Editora de A. M. Teixeira & Cia.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1923³): *Textos archaicos para uso na aula de filologia portuguesa da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa*. Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1926): *Lições de filologia portuguesa dadas na Bibliotheca Nacional de Lisboa*. Lisboa, Livraria Classica Editora de A. M. Teixeira & Cia.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1928a): “A evolução da linguagem. Dissertação inaugural apresentada á Escola Médico-Cirúrgica do Pôrto”, en VASCONCELLOS, J. Leite de: *Opúsculos. Filologia (parte I)*. Vol I. Coimbra, Imprensa da Universidade: 3-150.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1928b²): “Português medieval. I. Curso de língua portuguesa arcaica. I. Lição inaugural (I)”, en *Opusculos. Filologia (parte I)*. Vol. I. Coimbra, Imprensa da Universidade: 3-150.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1928c): “Curso de filologia portuguesa em Paris”, en *Opusculos. Filologia (parte I)*. Vol. I. Coimbra, Imprensa da Universidade: 577-579.

- VASCONCELLOS, J. Leite de (1929a): “A filologia portuguesa e a reforma do «Curso Superior de Letras de Lisboa»”, en *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: 841-926.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1929b): “Miuçalhas gallegas”, *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: 657-664.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1929c): “Linguagem de Ferreiros”, en *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: 666-669.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1929d): “O dialecto mirandes”, en *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: 680-689.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1929e): “Literatura popular galega”, en *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: 646-652.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1929f): “Português e galego. (A propósito da Historia da Literatura Gallega de A. Besada)”, en *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: 623-625.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1929g): “Mapa dialectológico do continente português”, en *Opúsculos* Vol IV. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra: 792-796.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1938): “Poesia popular gallega”, en *Opúsculos. Etnologia (parte II)*. Vol. VII: Lisboa, Imprensa Nacional de Lisboa: 758.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1977) [1881]: “Á Galliza”, en *Grial* 56: 233-236.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1987a) [1901]: *Esquisse d' une dialectologie portugaise*. Lisboa, Instituto Nacional de Investigação Científica. Centro de Linguística da Universidade de Lisboa.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1987b) [1888]: “Lingua é litteratura gallega”, en HERMIDA, (1987): 490.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (s.d.) (1893?): “Portugal glottologico” en DEUSDADO, M. A. Ferreira (s.d.): *Chorografia de Portugal Illustrada*. Lisboa, Guillard, Aillaud & Cia.
- VÁZQUEZ SENRA, E. (1907): “El gallego no es hijo del latín” en *Boletín de la Real Academia Gallega*, I.9: 203-208.
- VEDIA Y GOOSENS, E. (1845): *Historia y descripción de la ciudad de La Courña*. Coruña: Imprenta y Librería de Don Domingo Puga.

- VELÁZQUEZ de VELASCO, L. J. (1797): *Orígenes de la poesía castellana*. Málaga, Herederos de D. Francisco Martínez de Aguilar.
- VERA Y AGUIAR, J. (1838): *Historia de Galicia*. Primera parte, que comprende los orígenes y estado del os pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista por los romanos. Ferrol: Imprenta de D. Nicasio Taxonera (edición facsimilar: Valladolid, Maxtor D.L., 2001).
- VIANA, A. R. Gonçalves e ABREU, G. de Vasconcellos (1987) [1885]: “Bases da ortografía portuguesa de 1885”, en CASTRO, I. /DUARTE, I./ LEIRIA, I.: 141-151.

Fontes secundarias

- AARSLEFF, H. (1982): “The tradition of Condillac: the problem of the origin of language in the eighteenth century and the debate in Berlin Academy before Herder”, en AARSLEFF, H.: *From Locke to Saussure. Essays on the study of language and intellectual history*. Londres, Athlone: 146-209.
- ABELLÁN, J. L. (1988): *Historia crítica del pensamiento español. La crisis contemporánea (1875-1936)*. Tomo V (I). Madrid, Espasa-Calpe.
- ALONSO MONTERO, J. (1960-61): “José Leite de Vasconcellos en la lingüística gallega” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* VII. 53: 6-9.
- ÁLVAREZ JUNCO, J. (2003⁵): *Mater dolorosa: la idea de España en el siglo XIX*. Madrid, Taurus.
- ÁLVAREZ MARTÍ-AGUILAR, M. (1996): *La antigüedad en la historiografía española del siglo XVIII: el marqués de Valdeflores*. Málaga, Universidad de Málaga.
- AMMON, U. (1989): “Towards a descriptive framework of the status/function (social position) of a language within a country”, en AMMON, U. (ed.): *Status and function of languages and language varieties*. Berlin/New York, Walter de Gruyter:21-106
- ANDERSON, B. (1991): *Imagined communities*. London, Verso.
- AUROUX, S. (1988): “Modeles de l’age classique pour la mobilité linguistique”, en JOLY, A. (ed.): *La linguistique génétique. Histoire et théories*, Presses Universitaires de Lille : 19-42.
- AUROUX, S. (dir.) (1992): *Histoire des idées linguistiques. Le développement de la grammaire occidentale.*, Tomo II. Liège, Mardaga.
- AUROUX, S. (dir.) (2000): *Histoire des idées linguistiques. L’hégémonie du comparatisme*. Tomo III. Sprimont, Mardaga.
- AUROUX, S. e HORDE, T. (1992): “Les grandes compilations et les modèles de mobilité”, en AUROUX, S. (dir.): 538-579.
- AUROUX, S., BERNARD, G. e BOULLE, J. (2000): “Le développement du comparatisme indo-européen”, en AUROUX, S. (dir.): 155-171.
- BAGGIONI, D. (1997): *Langues et nations en Europe*. Paris, Éditions Payot & Rivages.

- BOLÉO, M. de Paiva (1947): “Adolfo Coelho e a filologia portuguesa e alemã no século XIX”, en separata de *Biblos*, 23: 607-691.
- BOU, E. (dir.): *Nou diccionari 62 de la literatura catalana*. Barcelona, Edición 62 (s.v.).
- BURKE, P. (1993): *History and social theory*. Ithaca (N.Y.), Cornell University Press.
- CARBALLO CALERO, R. (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- CARO BAROJA, J. (1992²): *Las falsificaciones de la historia*. Barcelona, Seix Barral.
- CASCÃO, R./VAQUINHAS, I. M. (1993): “Evolução da sociedade em Portugal: a lenta e complexa afirmação de uma civilização burguesa”, en MATTOSO, J. (dir.): 441-447.
- CASTRO, I. (2002): *Galegos e mouros*. Lisboa, Edições Colibri.
- CASTRO, I. / LEIRIA, I. (1987): “As reformas ortográficas: do romantismo à actualidade”, en CASTRO, I. /DUARTE, I./ LEIRIA, I.: 204-218.
- CASTRO, I. /DUARTE, I./ LEIRIA, I. (1987): *A demanda da ortografia portuguesa*. Lisboa, Edições João Sá da Costa.
- CATROGA, F. (1993a): “Os caminhos polémicos da «Geração nova»”, en MATTOSO, J. (dir.): 569-581.
- CATROGA, F. (1993b): “Romantismo, literatura e história”, en MATTOSO, J. (dir.): 545-555.
- CATROGA, F. (1993c): “Nacionalistas e iberistas”, en MATTOSO, J. (dir.): 563-567.
- CINTRA, L. F. Lindley (1963): “Observations sur l’ortographe et la langue de quelques textes non littéraires galiciens-portugais de la seconde moitié du XIIIe siècle”, en STRAKA, G.: *Les anciens textes romans non littéraires. Leur apport à la connaissance de la langue au moyen âge*. Paris, Librairie C. Klincksieck : 188-206.
- COROMINAS, J. e PASCUAL, J. A. (1991): *Diccionario etimológico castellano e hispánico*. Madrid, Gredos.
- CORTÉS, J. D. (1985): *Diccionario biográfico americano*, en HERRERO MEDIAVILLA, V / AGUAYO NAYLE, R. L. (eds.) (1986).

- COSERIU, E. (1981): *Lecciones de lingüística general*. Madrid, Gredos.
- DOBARRO PAZ, X. M. (1980): *Alberto Camino (1820-1861): poeta galego*. Tese de doutoramento inédita. Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- DROIXHE, D. (1978): *La linguistique et l'appel de l'histoire (1600-1800)*. Genève, Librairie Droz S.A.
- DURÁN, J. A. (ed.) (1999): *A loita pola vida (1833-1923). Conflictos e tenruras de Manuel Murguía*. Madrid/Rianxo (A coruña), Real Academia Galega/Fundación Caixa Galicia/Taller de Edicións de J. A. Durán (ed).
- EAGLETON, T. (1994): *Ideology. An introduction*. London & New York, Verso.
- ENGLER, R. (2000): “La géographie linguistique”, en AUROUX, S. (dir.): 239-252.
- FENÁNDEZ REI, F. (1988): “Posición do galego entre as linguas románicas”. *Verba* 15: 79-107.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- FISHMAN, J. A. (1973): *Language and nationalism. Two integrative essays*. Rowley, Massachusetts, Newbury House Publishers.
- FLEURY, R. S. (s.d.): *Francisco Adolfo de Varnhagen. Visconde de Pôrto Seguro “paulista de Sorocaba”: ensaio bibliográfico*. São Paulo, Edições Melhoramentos.
- FORMIGARI, L. (1992): “Le langage et la pensée”, en AUROUX, S. (dir.): 442-465.
- G. BERAMENDI, J. (1999): “Unha imaxe ambivalente e cambiante: os galegos segundo os galeguistas (1840-1950)”, en *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Vol I. Trier, Edicións do Castro/Publicacións do Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier: 3-21.
- GARCÍA DOMÍNGUEZ, R. (2001): *As controversias de Murguía e Brañas con Castelar e Sánchez Moguel*. Santiago de Compostela, Fundación Alfredo Brañas.
- GARCÍA TURNES, B. (2004): *A lingua galega entre 1875 e 1916: situación social e consciencia idiomática*. Pontevedra, Servizo de Publicacións da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra [Memoria de licenciatura defendida na Universidade de Santiago de Compostela en setembro de 1998].

- GELLNER, E. (1988): *Naciones y nacionalismo*. Madrid, Alianza Editorial.
- GUIMARÃES, A. (1935): *Diccionario bio-bibliográfico brasileiro*, en HERRERO MEDIAVILLA, V. e AGUAYO NAYLE, L (eds.) (1992).
- HERMIDA, C. (1987): “Leite de Vasconcellos e o galego. Notas sobre un artigo esquecido” en *Verba* 14: 489-496.
- HERMIDA, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- HERRERO MEDIAVILLA, V. e AGUAYO NAYLE, L. (eds.) (1992): *Archivo biográfico de España, Portugal e Iberoamérica*. München, Saur.
- HERRERO MEDIAVILLA, V. e AGUAYO NAYLE, L. R. (eds.) (1986): *Archivo biográfico de España, Portugal e Iberoamérica*. München, Saur.
- HOBSBAWM, E. J. (1992): *Naciones y nacionalismo desde 1780*. Barcelona, Editorial Crítica.
- HOINKES, U. (1995): “«Distància» i «grau d’elaboració»: nous paràmetres per a una lingüística de varietats?”, en *Estudis de lingüística i filologia oferts a Antoni M. Badia Margarit*, I. Departament de Filologia Catalana (Universitat de Barcel·lona). Publicacions de l’Abadia de Montserrat: 379-393.
- HÜLTENSCHMIDT, E. (2000): “La professionalisation de la recherche allemande”, en AUROUX, S. (dir.): 79-96.
- JOSEPH, J. (1980): “Heinz Kloss. *Die Entwicklung neuer germanischer Kultursprachen seit 1800*. [The development of new Germanic standard languages since 1800.]”, en *Language problems and language planning* 4.2: 160-162.
- JOSEPH, J. (1987): *Eloquence and power. The rise of language standars and standard languages*. London, Frances Pinter.
- JUARISTI, J. (2000): *El bosque originario. Genealogías míticas de los pueblos de Europa*. Madrid, Grupo Santillana de Ediciones, S.A.
- KABATEK, J. (1992): “O príncipe Louis Lucien Bonaparte, precursor da lingüística galega”, en *Cadernos de lingua* 6: 5-26.
- KLOSS, H. (1967): “«Abstand Languages» and «Ausbau Languages»”, en *Anthropological Linguistics* 9.7: 29-41.

- KOERNER, K. (1989): *Practicing linguistic historiography. Selected essays*. Amsterdam/Philadelphia, John Benjamins Publishing Company.
- KUHN, T. S. (1970): *The structure of scientific revolutions*. London/Chicago, The University of Chicago Press.
- LEWOTIN, R. C. (2000): *A doutrina do ADN. A bioloxía como ideoloxía*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- LOPES, O./SARAIVA, A. J. (s.d.): *História da literatura portuguesa*. Porto, Porto Editora.
- LÓPEZ, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX*. Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.
- MAIA, C. de Azevedo (2002): *O galego visto pelos filólogos e linguistas portugueses*. Lisboa, Edições Colibri.
- MÁIZ, R. (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*. Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- MARIÑO PAZ, R. (1995): “Estudio introductorio”, en Sarmiento, Fr. Martín: (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega: 7-102.
- MATTOSO, J. (1980): “Prefácio”, en HERCULANO, A.: VII-LII.
- MATTOSO, J. (dir.) (1993): *História de Portugal. O liberalismo (1807-1890)*. Vol V. Editorial Estampa.
- MEDINA, J. (1977): *Herculano e a geração de 70*. Lisboa, Terra Livre.
- MONTEAGUDO, H. (1995): *Ideas e debates sobre a lingua. Afonso Daniel Rodríguez Castelao e a tradición galeguista*. Tese de doutoramento inédita. Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- MONTEAGUDO, H. (1997): “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego”, en *Cadernos de lingua* 16: 5-33.
- MONTEAGUDO, H. (1999a): *Historia social da lingua galega*. Vigo, Galaxia.
- MONTEAGUDO, H. (1999b): “Nas raíces ideolóxicas do nacionalismo lingüístico: unha visita a Johann Gottfried Herder”, en *Cinguidos por unha arela comun. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Tomo I. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- MONTEAGUDO, H. (2000a): “Ideas de Manuel Murguía sobre o idioma galego”, en *Boletín da Real Academia Galega*, 361.

- MONTEAGUDO, H. (2000b): *Castelao. Defensa e ilustración do idioma galego*. Vigo, Galaxia.
- MONTEAGUDO, H. (2004a): “O ideario lingüístico de Manuel Curros Enríquez”, en *Actas do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu tempo”*. Vol I. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega: 311-342.
- MONTEAGUDO, H. (2004b): “Martín Sarmiento (1695-1772) perante a lingua e a filoloxía portuguesa”, en *Lingüística histórica e historia da lingua portuguesa. Actas do encontro de homenagem a Maria Helena Paiva*. Porto, Faculdade de Letras do Porto: 239-273.
- MONTES GIRALDO, J. J. (1980): “Lengua, dialecto y norma”, en *Thesaurus* 30: 237-257.
- MONTES GIRALDO, J. J. (1986): “Lengua-dialecto una vez más. La persistencia y actualidad de un viejo problema”, en *Thesaurus* 41: 23-41.
- MULJAČIĆ, Z. (1986): “L’enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)”, en *Languages* 83: 53-63.
- MULJAČIĆ, Z. (1995): “A estandarización do galego á luz de procesos análogos noutras linguas «minorizadas» europeas”, en MONTEAGUDO: *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo, Galaxia: 19-51.
- NAVARRO, F. (dir.) (2003): *La enciclopedia*. Madrid, Salvat Editores (s.v.).
- NIEDEREHE, H. J. (1998): “Lenguas y dialectos románicos en la península Ibérica en el Mithridates de Adelung & Vater”, en *Hesperia: Anuario de filología hispánica* 1: 105-124.
- NINYOLES, R. Ll. (1991): *Estructura social e política lingüística*. Vigo, Ir Indo Edicións, S. A.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1992): “Portugal e o galeguismo ata 1936. Algunhas consideracións históricas”, en *Grial* 113: 61-77.
- OTERO PEDRAYO, R. (dir.) (1974): *Gran enciclopedia gallega*. Santiago, Silverio Cañada (s.v.).
- PALMA-FERREIRA, J. (1984): “Prefácio”, en BRAGA (1984) [1909]: *História da literatura portuguesa. Idade Média*. Imprensa Nacional – Casa da Moeda: 5-20.
- POLIAKOV, L. (1971): *Le mythe arien. Essais sur les sources du racisme et des nationalismes*. Paris, Calmann-Lévy.

- PRISTA, L. e ALBINO, C. (1996): *Catálogo da exposição organizada para o XI Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Lisboa, Edições Colibri.
- RAMOS, R. (1994), en MATTOSO, J. (dir.): *História de Portugal. Vol. VI. A segunda fundação (1890-1926)*. Vol VI. Editorial Estampa.
- RICKEN, U. (1986): “Condillac. Sa philosophie sensualiste et sa grammaire”, en CONDILLAC, E. B. (1775): XVIII-L.
- RISCO, V. (1976): *Manuel Murguía*. Vigo, Galaxia.
- ROBINS, R. H. (1992): *Breve historia de la lingüística*. Madrid, Editorial Paraninfo.
- S.a. (1887-1910): *Diccionario enciclopédico hispano-americano de literatura, ciencias y artes*. Barcelona, Montaner y Simón (s.v.).
- S.a. (1980): *Nueva enciclopedia Larousse*. Barcelona, Planeta.
- S.a. (1984): *Diccionario enciclopédico Larousse*. Barcelona, Planeta.
- S.a. (s.d.b): *Grande enciclopédia portuguesa e brasileira*. Lisboa/Rio de Janeiro: Editorial Enciclopédia, Limitada.
- SARAIVA, A. J. e LOPES, O. (s.d.): *História da literatura portuguesa*. Porto, Porto Editora.
- SARMIENTO, R. (1992): “Espagne”, en AUROUX, S. (dir.): 329-337.
- SCHMITTER, P. (2000): “Le savoir romantique”, en AUROUX, S. (dir.): 63-78.
- TAVANI, G. (1987): “Antecedentes históricos: a ortografia da língua portuguesa”, en Castro, I./Duarte, I./Leiria, I. (1987): 201-203.
- TAVANI, G. (1991): *A poesia lírica galego-portuguesa*. Vigo, Galaxia.
- TORRAL, L. Reis (1993): “A instrução pública”, en MATTOSO, J. (dir): 609-651.
- TORRES FEIJÓ, E. J. (1995): *Galiza em Portugal, Portugal na Galiza através das revistas literárias (1900-1936)*. 2 Vols. Tese de doutoramento inédita. Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- TRABANT, J. (1986): “La critique de l’arbitraire du signe chez Condillac et Humboldt”, en BUSSE, W. & TRABANT, J. (ed.): *Les idéologues*. Amsterdam/Filadelfia, John Benjamins Publishing Company: 73-96.
- VÀRVARO, A. (1988): *Historia, problemas y métodos de la lingüística románica*. Barcelona, Sirmio.

- VÁZQUEZ CORREDOIRA, F. (1998): *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo a contrario*. Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.
- VÁZQUEZ CUESTA, P. (1975): *A Espanha ante o «Ultimatum»*. Lisboa, Livros Horizonte
- VÁZQUEZ CUESTA, P. (1992): “O amor sen acougo de Oliveira Martins a España”, en *Grial* 113: 20-60.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega I. Autores*. Vigo, Galaxia.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (2000): *Diccionario da literatura galega III. Obras*. Vigo, Galaxia.
- VILLANUEVA, C. (1994): *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- WEINRICH, U (1954): “Is a structural dialectology possible?”, en *Word* 10: 388-400.

Referencias web

- *Biblioteca Nacional Digital*: <http://bnd.bn.pt/>
- *História da língua portuguesa em linha. Biografias* (Centro Virtual Camões):
<http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biografias/index.html>
- S.a.: “Cavia y Lac, Mariano Francisco de” en *Gran Enciclopedia Aragonesa OnLine*: http://www.encyclopedia-aragonesa.com/voz.asp?voz_id=3488